

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA
18

2016

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 18

2016

ISSN 1698-7861

Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela

Tfno. +34 881 996 152

Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico

paremias@cirp.es

<http://www.cirp.es>

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2016

Autor Varios

Título Cadernos de Fraseoloxía Galega 18, 2016

Periodicidade Anual.

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Imprime:
Grafisant, S.L.

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista Proverbium (The University of Vermont).

Tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de <http://www.cirp.es>, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (<http://www.letrasgalegas.org/>) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 341-345).



CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 18

2016

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)

Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (IES Aquis Celenis de Caldas de Reis)

CONSELLO CIENTÍFICO

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Andrea Expósito Loureiro (IES Mendiño de Redondela)
Xesús Ferro Ruibal (Real Academia Galega)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Beatriz Pérez Traseira
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ottavio Lurati (Universität Basel)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Wolfgang Mieder (University of Vermont)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Vanessa Fernández Pampín (IES Aquis Celenis de Caldas de Reis)
Xesús Ferro Ruibal (Real Academia Galega)
M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, recíbena tódalas universidades de España e Portugal e é de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente a apoian os 187 fraseólogos de 24 países diferentes que xa publicaron nela.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, la reciben todas las universidades de España y Portugal, es de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 187 fraseólogos de 24 países diferentes que ya han publicado en ella.

Cadernos de fraseoloxía Galega, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. It is spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities. This yearbook is accessible for free on the Internet [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia—both Galician and universal—, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 187 from 24 different countries have already contributed.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséographique, traductologique, comparative et didactique. Elle est diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique; elle est envoyée à toutes les Universités d'Espagne et du Portugal et elle est en accès libre sur le lien [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_inil]. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 187 phraséologues de 24 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Die **Cadernos de fraseoloxía Galega** ist eine internationale phraseologische Forschungszeitschrift, die sich mit der Untersuchung der Phraseologie und Paroemiologie jeder Sprache der Welt beschäftigt, und die verschiedene Ansätze verfolgen: strukturell, phraseographisch, translatologisch, komparativ und didaktisch. Sie sind in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und an alle spanischen und portugiesischen Universitäten geliefert; ist die Zeitschrift über das Internet frei zugänglich [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_inil]. Originale Artikeln sind in acht europäischen Sprachen ausgenommen, auch wenn die endgültige Publikation auf Galicisch ist., da diese Jahrbücher geschaffen wurden, um in Galicien die Sammlung und Forschung der galicischen und universellen Phraseologie zu fördern. Sie gehören zu dem Projekt ökologische Linguistik von dem Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologen aus aller Welt unterstützen diese Zeitschrift, in der 187 Experten aus 24 Ländern schon etwas beigetragen haben.

Cadernos de fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке, его получают все университеты Испании и Португалии. Кроме того, можно посмотреть на открытом доступе в сети Интернет [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_inil]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 187 фразеологов из 24 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS	15
CATALÀ GUITART, Dolors e LUNTADILA NLANDU, Inocente: <i>As secuencias fixas en kíkôngò: os frasemas construídos con nomes de partes do corpo</i> / <i>Fixed sequences in Kíkôngò: phrasems involving body part nouns</i>	17
FERRO RUIBAL, Xesús: <i>Maio come o trigo e agosto bebe o viño</i> . <i>A viticultura no refraneiro galego</i> / <i>“Maio come o trigo e agosto bebe o viño”. Viticulture in Galician paroemias</i>	37
FONTANA I TOUS, Joan e UGARTE I BALLESTER, Xus: <i>Mentres máis somos...</i> <i>Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns máis votados na enquisa ‘Els refranys més usals de la llengua catalana’</i> / <i>Mentres máis somos...</i> <i>Some Romance paremiologic notes on the five most-voted sayings in the survey ‘Els refranys més usals de la llengua catalana’</i>	135
GARCÍA BENITO, Ana Belén: <i>Fraseoloxía culinaria. Unidades fraseolóxicas portuguesas con “bacalhau”: locucións e enunciados fraseolóxicos</i> / <i>Culinary phraseology. Portuguese phraseological units with bacalhau (‘cod’): locutions and phraseological statements</i>	151
LASKOWSKI, Marek: <i>‘Alles, was da kreucht und fleucht’: os fraseoloxismos alemáns con elementos únicos, entre sincronía e diacronía</i> / <i>‘Alles, was da kreucht und fleucht’: German phraseologisms with unique elements, between synchrony and diachrony ...</i>	177
RECADÁDIVAS / COMPILATIONS	197
CERVINO FERRÍN, M ^a Victoria: <i>Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 3</i> / <i>Phraseology and paroemiology from Sebil, 3</i>	199
MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo: <i>Hai cousas que parecen lousas</i> . <i>Unha nova achega á fraseoloxía do Cachafeiro (Forcarei)</i> / <i>Hai cousas que parecen lousas</i> . <i>A new approach to the phraseology of Cachafeiro (Forcarei)</i>	211
RECENSIÓNS / REVIEWS	249
BÁRDOSI, Vilmos (2015): <i>Szólások, közmondások eredete. Fraszológiai etimológiai szótár</i> . Por / By Károly Morvay	251
CONCA, Maria; GUIA, Josep (2014): <i>La fraseologia. Principis, mètode i aplicacions</i> . Por / By Patricia Buján	258
CONDE TARRÍO, Germán; MOGORRÓN HUERTA, Pedro; MARTÍ SÁNCHEZ, Manuel; PRIETO GARCÍA-SECO, David (2015): <i>Enfoques actuales para la traducción fraseológica y paremiológica: ámbitos, recursos y modalidades</i> . Por / By Andrea González Pereira	261
GONZÁLEZ REY, M ^a Isabel; BÁRDOSI, Vilmos; DUFAYS, Jean-Louis; SIERRA SORIANO, Ascensión; RUIZ-QUEMOUN, Fernande; SOLANO RODRÍGUEZ, M ^a Ángeles; NICOLAS, Claire (2015): <i>Phraséotext - Le Français Idiomatique</i> . Por / By Julia Sevilla Muñoz	265

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2015): <i>Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica</i> . Por / By María Álvarez de la Granja	267
LOSADA ALDREY, M. Carmen; CID FERNÁNDEZ, Alba; FERNÁNDEZ CARBALLIDO, Xurxo (2016): <i>'Para dar trela'. Manual práctico de fraseoloxía galega</i> . Por / By M ^a Isabel González Rey	272
NOVAS / NEWS	277
1. Libros, revistas ou artigos / <i>Books, Journals or Papers</i>	279
1.1. Actas/ <i>Proceedings</i>	292
1.2. Recensións / <i>Reviews</i>	293
1.3. Recensionantes / <i>Reviewers</i>	294
1.4. Teses	296
1.5. Traballos fin de mestrado (TFM)	296
1.6. Traballos fin de grao (TFG)	297
1.7. Outros traballos académicos	298
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / <i>Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences</i>	298
2.1. Congreso EUROPHRAS: 2016 Tréveris	298
2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2016	298
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2016/ <i>Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2016</i>	299
3. Recursos / <i>Resources</i>	302
3.1. IDIOM Search	302
4. Fraseografía espontánea / <i>Spontaneous Phraseography</i>	303
4.1. Fraseoloxía en Valdoulla.com	303
BALANCE / OUTCOME	305
1. Índices de <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> / <i>Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	307
1.1. Índices alfabéticos de artigos / <i>Alphabetical index of papers</i>	307
1.2. Índice da sección de Recadádivas / <i>Index of Compilations section</i>	312
1.3. Índice alfabético de recensións / <i>Alphabetical index of reviews</i>	313
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores.....	313
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / <i>Alphabetical index of reviews by authors</i>	319
1.4. Índice da sección de Novas / <i>Index of News section</i>	323
1.5. Publicacións recibidas na redacción	325
2. Índice temático dos dezaseis números de <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> / <i>Subject index of the sixteen issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	326

2.1. Índice dos artigos / <i>Index of the papers</i>	326
2.2. Fraseoloxía bilingüe / <i>Bilingual Phraseology</i>	333
2.3. Función e índice da sección de Recadádivas / <i>Function and index of the Recadádivas section</i>	333
3. Procedencia dos 187 autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Origin of the 187 authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	337
PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN/ SUBMISSIONS PROCESS AND CONDITIONS OF COLLABORATION.....	341

Presentación

Cadernos de fraseoloxía Galega estrea un novo número, o número 18, 2016, editado unicamente en liña. Ata o de agora, podíanse consultar os números dixitalmente aos 6 meses de publicárense en papel. Con esta decisión editorial, **Cadernos de fraseoloxía Galega** entra definitivamente no grupo das revistas electrónicas, de acceso libre desde o momento da publicación dos seus novos números, mantendo a mesma estrutura en cinco grandes apartados relacionados con aspectos fraseolóxicos ou paremiolóxicos, neste caso, nas seguintes linguas de traballo: alemán, catalán, galego, kíkôngò e portugués.

A sección de ESTUDOS ofrece cinco traballos que abordan diversas cuestións relacionadas coas distintas áreas da fraseoloxía e da paremioloxía. O traballo de Dolors Català Guitart e Inocente Luntadila Nlandu (*As secuencias fixas en kíkôngò: os frasemas construídos con nomes de partes do corpo*) ofrece un estudo descritivo dalgunhas expresións somáticas do kíkôngò no marco da teoría sentido-texto, en particular a clase das locucións verbais segundo a súa natureza metafórica ou metonímica. Xesús Ferro Ruibal (*‘Maio come o trigo e agosto bebe o viño’. A viticultura no refraneiro galego*) realiza unha compilación e análise da paremioloxía galega da viticultura, ordenando as 383 paremias atopadas e comentando as súas características máis salientables. Dentro da fraseoloxía contrastiva, Joan Fontana i Tous e Xus Ugarte i Ballester (*‘Mentres máis somos...’ Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns máis votados na enquisa “Els refranys més usuals de la llengua catalana”*) presentan os cinco refráns cataláns máis votados, extraídos dunhas enquisas feitas ao abeiro do proxecto “Els refranys més usuals de la llengua catalana” (<http://www.refranysmesusuals.cat/>), e os seus equivalentes en galego, castelán, francés, italiano, portugués, romanés, occitano, friulano e, nalgúns casos, asturiano. O traballo de Ana Belén García Benito (*Fraseoloxía culinaria. Unidades fraseolóxicas portuguesas con “bacalhau”: locucións e enunciados fraseolóxicos*) propón no seu estudio analizar as unidades fraseolóxicas do portugués que teñen “o bacalhau” como compoñente, dada a importancia deste produto na cultura e na sociedade portuguesa. Finalmente, Marek Laskowski (*‘Alles, was da kreucht und fleucht’: os fraseoloxismos alemáns con elementos únicos, entre sincronía e diacronía*) presenta algunhas propiedades dos fraseoloxismos da lingua alemá con compoñentes únicos, coma o que vén citado no título do seu artigo.

A sección de RECADÁDIVAS ofrece dúas novas escolmas de fraseoloxía e paremioloxía galegas; un traballo realizado por M^a Victoria Cerviño Ferrín, en relación coa fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, que reúne 127 expresións, e outro

de Ramón Anxo Martíns Seixo, ligado á fraseoloxía do Cachafeiro (Forcarei), xuntando 542 unidades fraseolóxicas. Entre as dúas escolmas acádanse 669 expresións que se suman ao Tesouro Fraseolóxico Galego (véxanse as cifras na páxina 333-336).

A sección de RECENSIONES valora 6 obras. Vilmos Bárdosi presenta unha obra magna, un dicionario fraseolóxico e etimolóxico do búlgaro. A seguir, a última obra de Maria Conca e Josep Guia revélase como un manual de referencia para introducirse na fraseoloxía. Ao eido da tradución pertencen os traballos incluídos no libro editado, entre outros, por Germán Conde Tarrío. Na fraseodidáctica céntrase o recurso dirixido por M^a Isabel González Rey para o ensino do FLE. Na liña da elaboración de dicionarios, analízase a última achega de Inmaculada Penadés, e, finalmente, na da fraseodidáctica, o manual de fraseoloxía galega realizado por M^a Carmen Losada Aldrey, Alba Cid Fernández e Xurxo Fernández Carballido.

As referencias bibliográficas da sección de NOVAS seguen a visualizar a vitalidade da investigación fraseolóxica no mundo, xa que para este ano 2016 reunimos 181 libros, artigos, comunicacións ou recensións. A todo isto hai que sumar as 13 unidades (5 artigos, 2 recadávivas e 6 recensións) propias deste número. A seguir dáse conta dos Congresos, Seminarios e Xornadas que se celebraron ata este ano 2016 e dos recursos máis recentes. Tamén se informa de novas achegas ao que chamamos “Fraseografía espontánea”.

A sección BALANCE ofrece a referencia completa do que 187 investigadores de 24 países deron á luz nos 18 números de **Cadernos de fraseoloxía Galega** nestes seus 16 anos de existencia. O índice ofrécese por orde alfabética de autores, por temática dos traballos e por procedencia dos autores. Esta revista quere agradecer a acollida internacional cumprindo todos os parámetros de calidade e ofrecendo ata agora unha difusión internacional tanto no seu formato en papel como actualmente en Internet (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini).

Coma sempre, a revista remata coas normas de admisión e de valoración de orixinais.

O Consello de Redacción

Preface

Cadernos de fraseoloxía Galega launches a new number (no 18, 2016) in online format only. Up until now, issues could be consulted digitally 6 months after their print versions had been published. With this editorial decision, **Cadernos de fraseoloxía Galega** enters the online journal realm, offering free access right from the publication of each issue while preserving its traditional structure: a five-section design which accommodates pieces of work dealing with any aspect of phraseological or paremiological research in a wide range of languages: German, Catalan, Galician, Kíkôngò and Portuguese in this particular case.

The PAPERS section presents 5 essays where phraseological and paremiological questions of diverse kind are discussed. The paper by Dolors Català Guitart and Inocente Luntadila Nlandu (*As secuencias fixas en kíkôngò: os frasemas construídos con nomes de partes do corpo*) offers a descriptive study of some somatic expressions in Kíkôngò taking the framework of Meaning-Text Theory as a starting point to focus then on verbal locutions and the metaphoric or metonymic processes from which they are derived. Xesús Ferro Ruibal (*‘Maio come o trigo e agosto bebe o viño’. A viticultura no refraneiro galego*) carries out a compilation and subsequent analysis of viticulture-related Galician paroemiology, listing 383 different paroemias and providing commentaries on their most outstanding traits. Within the field of contrastive phraseology, Joan Fontana i Tous and Xus Ugarte i Ballester (*‘Mentres máis somos...’ Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns máis votados na enquisa “Els refranys més usuals de la llengua catalana”*) present the five Catalan sayings which got higher rates in a survey performed as a part of the so-called “Els refranys més usuals de la llengua catalana” project (<http://www.refranysmesusuals.cat/>), together with their equivalents in Galician, Spanish, French, Italian, Portuguese, Romanian, Occitan, Friulian, and, sometimes, Asturian. In Ana Belén García Benito’s paper, (*Fraseoloxía culinaria. Unidades fraseolóxicas portuguesas con “bacalhau”: locucións e enunciados fraseolóxicos*), we find a study of Portuguese phraseologic units which have *bacalhau* (‘cod’) as their main component, given the importance of this product in Portuguese culture and society. Finally, Marek Laskowski (*‘Alles, was da kreucht und fleucht’: os fraseoloxismos alemáns con elementos únicos, entre sincronía e diacronía*) puts forward some defining features of German phraseologisms with unique components, like the one quoted in the paper title.

The COMPILATIONS section offers two new selections of Galician phraseology and paroemiology: one by M^a Victoria Cerviño Ferrín which includes 127 expressions illustrating phraseology and paremology from Sebil and one by Ramón Anxo Martíns Seixo exploring the phraseology of Cachafeiro (Forcarei), where 542 phraseological units are compiled. The 669 expressions recorded in both selections are added to the *Tesouro Fraseolóxico Galego* (see figures in page 333-336).

The section known as REVIEWS evaluates 6 pieces of work. Vilmos Bárdosi presents a monumental piece of work: a phraseological and etymological dictionary of Bulgarian. Next, Maria Conca and Josep Guia's latest work is presented as a reference manual for those making a first approach to phraseology. Translation is the central topic of the essays included in the volume edited by Germán Conde Tarrío, among others. Around phraseodidactics, revolves the resource directed by M^a Isabel González Rey for the study of FSL. Inmaculada Penadés' contribution is analysed from a dictionary compilation perspective, while the final work under review, the Galician phraseology manual by M^a Carmen Losada Aldrey, Alba Cid Fernández and Xurxo Fernández Carballido takes up phraseodidactics again.

Bibliographical references in the NEWS section continue to highlight the vitality of phraseological research worldwide. For this 2016's issue, we have compiled a list of 181 books, articles, papers, and reviews. To all that, we still have to add the 13 units (5 articles, 2 compilations and 6 reviews) included in this number. Subsequently, all the congresses, seminars and workshops held during 2016, as well as the newest resources, are listed.

The OUTCOME section contains detailed reference to all the contributions made by 187 researchers from 24 different countries to the 18 issues of **Cadernos de fraseoloxía Galega** throughout its 16 years of existence. The index is ordered alphabetically by author, topic, and author nationality. This publication would like to thank the warm international reception by complying with all the quality parameters and offering an international dissemination both in its traditional paper format and its online version (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini) from now on.

As always, this publication concludes by offering practical information on the admission and assessment process.

The editors

Estudos Papers

As secuencias fixas en kikôngò: os frasemas construídos con nomes de partes do corpo¹

Dolors Català Guitart e Inocente Luntadila Nlandu

Universidade Autónoma de Barcelona

Resumo: Os estudos fraseolóxicos suscitan un interese crecente dende os anos 80. neste sentido, a fixación constitúe un elemento esencial na descrición das linguas. Porén, no que concirne ao kikôngò, non existen estudos que tratasen previamente este fenómeno. O obxectivo deste artigo é clasificar e describir brevemente algúns frasemas, en concreto os frasemas somáticos, seguindo o enfoque lexicolóxico da teoría sentido-texto. En primeiro lugar, falaremos de xeito conciso do marco teórico que sustenta este traballo aplicado por primeira vez ao kikôngò, despois examinaremos o campo notional e lexical dos nomes das partes do corpo así como o seu valor simbólico. Finalmente abordaremos a descrición dunha clase de frasemas, as locucións verbais, segundo a súa natureza metafórica ou metonímica..

Palabras clave: fraseoloxía, secuencia fixa, frasema, frasema somático, locución verbal, nome de parte de corpo.

Abstract: Phraseological studies present a great interest since the 80s. Moreover, the frozen expression is an essential aspect in the description of languages, however, as regards the kikôngò, there is no research related to this phenomenon. The objective of this article is to classify and describe briefly some phrasemes including somatic phrasemes, following the lexicological approach of meaning-text theory. First, we briefly discuss the theoretical framework applied for the first time in kikôngò, then we examine the notional field and lexical body parts names and their symbolic role; finally, we discuss the description of a class phrasemes, verbal locutions, according to their metaphorical or metonymic sense.

Key-words: *phraseology, fixed sequence, phraseme, somatic phraseme, verbal locution, body part noun.*

¹ Data de recepción: 12.06.2016. Data de aceptación: 01.09.2016.

Tradución feita por Elena Sánchez Rodicio e Carlos Freire Punzón.

Cette recherche a été financée par le *Ministerio de Economía y Competitividad* espagnol dans le cadre du project R&D FF12013-44185-P *Jerarquía de etiquetas semánticas (español-francés) para los géneros próximos de la definición lexicográfica.*

1. Introducción

Toda lingua se caracteriza por construcións libres, isto é, sometidas soamente a restricións de distribución e de semántica previsibles pero tamén por construcións que presentan certas restricións combinatorias. Estas últimas recibiron diversas denominacións, tales como expresión ou xiro idiomático, expresión figurada, expresión fixa, expresión idiomática, locución, frasema... O kikôngò² non é unha excepción neste fenómeno e polo tanto o seu léxico comprende todos os tipos de secuencias fixas. Sinalemos que o termo que empregamos aquí para referirnos ás unidades fixas é, a semellanza de Mel'čuk, o de frasema, é dicir, de xeito informal, un sintagma que non se pode construír segundo as regras xerais da lingua (Mel'čuk 2013).

Os frasemas pertencen a campos semánticos diferentes como *a morte, as emocións, o comer, o beber* etc. e constrúense baseándose en léxico de diversas orixes como *os nomes das partes do corpo, os animais, os legumes, as cores, as cifras* etc.

Por outra banda, os frasemas fórmanse grazas a diferentes mecanismos sintácticos e semánticos entre os que podemos mencionar a metonimia e a metáfora. Esta última pode ser accesible e corresponder á experiencia común e, polo tanto, estar presente nos diversos sistemas lingüísticos, pero tamén pode ser menos evidente e ter que ver con factores culturais propios. Os nomes das partes do corpo son unha fonte de formas fixas e constitúen un molde produtivo importante. Están presentes na vida cotiá e son o motivo polo que parece pertinente abordalos.

Este artigo centrarase esencialmente nos frasemas *somáticos*, a saber, os frasemas construídos con nomes de partes do corpo, de agora en diante NPC, como 'ntu': *cabeza*, 'ntúlu': *peito*, 'móoko': *mans*, 'nlémbo': *dedo*, 'máalu': *pés* etc. Este tipo de expresións suscitan varias preguntas: cal é o papel simbólico das diferentes partes do corpo en kikôngò? Nos frasemas somáticos, os NPC escóllense ao azar? Que relación semántica hai entre un frasema dado e a parte do corpo empregada? Os frasemas somáticos teñen unha relación transparente, opaca, metafórica ou metonímica, ou diferente con respecto ao seu significado orixinal?

Para tentar responder ás ditas preguntas, comezaremos definindo brevemente o marco teórico que sustenta a nosa investigación, falaremos despois dos nomes das partes do corpo e do seu simbolismo, e por último describiremos sistematicamente un conxunto de locucións verbais que listamos para evidenciar as relacións semánticas entre os nomes de partes do corpo, o verbo e o valor connotativo que transmiten.

² O kikôngò é a lingua bantú falada na África central e na austral. Os falantes do kikôngò viven en catro países situados na costa do océano Atlántico, a saber: Angola, a República Democrática do Congo, a República do Congo e Gabón. O kikôngò é unha lingua prefixada e tonal (cf. NDONGA, Mfuwa, 2011). O kikôngò que se usa neste traballo está na variante kisikôngò, falada en Mbanza Congo, Kwimba e Nzetu, en Angola.

2. Marco teórico

A nosa investigación apóiase nos traballos relacionados coa fixación proposta no seo da teoría sentido-texto. Esta noción baséase no concepto de frasema. Os frasemas, segundo Mel'čuk (2013), son enunciados multilexémicos non libres divididos en frasemas lexicais e frasemas semántico-lexicais. Os primeiros inclúen os tipos de colocacións e locucións, e os últimos incorporan os clixés.

Para definir mellor os diferentes frasemas, Mel'čuk recorreu á noción de pivote semántico. Se o sentido 'X' dun sintagma X se pode dividir en dúas partes 'X1' e 'X2' de xeito que 'X2' é un predicado e 'X1' o seu argumento, 'X' = 'X2(X1)', polo tanto 'X1' é o pivote semántico do sentido 'X'. Por exemplo, na frase *mercar un libro*, *mercar* é o elemento dominante e *libro* é o pivote semántico.

As colocacións, ou frasemas composicionais, son frasemas semirestrinxidos. Un dos compoñentes, a base, escólleo libremente o falante mentres que o outro compoñente, o colocativo, é seleccionado en función do sentido que se quere expresar, como se pode ver no seguinte exemplo: '*Petelo zeye minkunga myomyo mu mbúndu*': *Petelo coñece estes cánticos de memoria*, onde temos a colocación descrita pola función lexical estándar **Bon** que expresa o sentido laudatorio presente en *mbúndu*:

Bon ('zaya': coñecer) = '*mu mbúndu*': *de memoria* ('zaya mu mbúndu': *coñecer perfectamente ben*).

Entre as locucións, os frasemas con distintos graos de non-composicionalidade, distínguense tres subtipos en función da inclusión do sentido dos compoñentes no sentido da locución (Mel'čuk 2013: 134): as locucións fortes, semilocucións e cuasilocucións.

Deste xeito, unha locución forte non inclúe no seu significado total ningún dos sentidos dos seus compoñentes. Como exemplo, o sentido da locución forte '*Petelo budidi ntúlu mu malongi ma bana*', literalmente, '*Petelo golpea o peito pola escolaridade dos nenos*', quere dicir '*Petelo responde pola escolaridade dos nenos*'. Non inclúe nin o sentido '*bula*': *golpear*, nin o de '*ntúlu*': *o peito*.

Unha semilocución inclúe dentro do seu significado o sentido dun dos seus compoñentes, mais sen ser en calidade de pivote, e non inclúe o sentido do outro. Ademais, aparece un sentido engadido que constitúe o pivote semántico da semilocución, como en '*diisu dya Nzambi dimonanga mambu mawonso*', literalmente, '*o ollo de Deus ve tódalas cousas*', ou, dito doutro xeito, '*a omniscencia de Deus*'.

Finalmente, unha cuasilocución comprende no seu significado o sentido de todos os compoñentes mais non como pivote semántico. Deste xeito, inclúe tamén un sentido adicional que ten o papel de pivote semántico, como é o caso do frasema '*Petelo fwidi méeso*', literalmente, *Petelo ten os ollos mortos*, é dicir, *Petelo é cego*.

Por último, están os clixés, frasemas semántico-lexicais que son semanticamente composicionais e están restrinxidos polos seus compoñentes. Comprenden clixés propiamente ditos como '*myula kwa se wuna?*', literalmente, '*cantos anos tes ti?*',

é dicir, ‘*cantos anos tes?*’, aos que se engaden proverbios cun sentido composicional, coma ‘*vo bakidi mwivi, kanga taba dyani*’: *se colles a un ladrón, aprópiate do seu taparrabos*. Pero comprenden tamén clixés restrinxidos pola situación do seu uso, os *pragmatemas*, como por exemplo ‘*nzila nsiku*’, literalmente, *camiño da lei*, que quere dicir *paso prohibido*.

Tamén nos baseamos nalgunhas propostas levadas a cabo por Gaston Gross (2012) no que concirne á clasificación semántica dos predicados. Deste xeito, tanto as locucións verbais que funcionan globalmente como os verbos simples poden pertencer ás clases semánticas de acción, estado e acontecemento e ás súas superclases correspondentes: accións voluntarias e conscientes, accións nin voluntarias nin conscientes; estados físicos, psicolóxicos, aparencia física e estados situacionais; acontecementos fortuítos, organizados, cíclicos, e accións e estados relacionados con acontecementos.

No marco deste traballo ímonos centrar esencialmente nos diferentes tipos de locucións verbais nas que o verbo e un elemento que designa o corpo, ou unha das partes deste, van fixados xuntos.

3. Os nomes de partes do corpo

O campo nocional e lexical do corpo foi obxecto de numerosos estudos, pois tal e como afirma Martins-Baltar (1999: 71): “Il se trouve que le corps est un objet de choix pour la lexicologie, ne serait-ce que parce que chacun est à la fois le sujet et l’objet de son corps propre. [Resulta que o corpo é un obxecto de escolla para a lexicoloxía, aínda que só sexa porque cada un é á vez o suxeito e obxecto do seu propio corpo]”. Por esta razón é a base dun gran número de frasemas. Porén, os frasemas non só constitúen un material moi rico para analizar pola súa importancia numérica, senón que tamén o son pola súa singularidade como conxunto finito cunha estrutura irregular. Póñense de relevo algúns aspectos físicos e reais mediante a metáfora e a metonimia: utilízase a metáfora para transformar algunhas situacións concretas ou aspectos físicos en figuras máis abstractas e a metonimia para a representación do mundo dos sentimentos, dos estados de ánimo.

O conxunto destas características suscitou o interese e a atención dos diferentes investigadores. Citamos, a modo de exemplo, entre os traballos máis recentes concernentes ao francés dos que temos coñecemento, a descrición léxico-semántica das locucións que implican partes do corpo de Dubois-Charlier (2005), as aplicacións didácticas propostas por Català e Mellado (2001; 2004), González Rey (2007), así como os estudos contrastivos de Fekete (2003) e Cruðu (2014)³.

O kikôngò aínda non dispón dos estudos sobre a descrición destas unidades e ese é o motivo polo que estamos interesados neste fenómeno.

Na formación dos frasemas somáticos, o kikôngò recorre a todas as partes do corpo como os órganos sensoriais, os membros, as partes visibles e tamén algúns órganos internos

³ No caso do alemán, sinalamos o estudo sintáctico-semántico de somatismos alemáns de Mellado Blanco (2004).

que garanten as principais funcións vitais. Por cuestións de pudor, as partes íntimas forman raramente parte dos frasemas.

A maioría deles serven para pór de relevo un estado físico como en '*lambula máalu*': N_0 <Nhum> + V + <NPC>: *estirar as pernas* = *morrer* ou psíquico '*kulula n'tima*': N_0 <NPC> + V: *baixar o corazón* = *tranquilizarse*, ou unha interacción entre os homes '*bulana móoko*': N_0 <Nhum> + V + <NPC> + Prép + N_1 <Nhum>: *golpearse as mans* = *chegar ás mans*.

Os nomes de partes do corpo son polisémicos, debido ao desprazamento semántico de referencia producido a partir da representación mental extralingüística. Deste xeito, '*ntú*': *a cabeza* designa unha parte do corpo pero tamén o centro da actividade cerebral. O ollo, '*disu*', é o órgano da vista e, se o consideramos na súa función de ver, pode ser na súa condición de foco da actividade mental tanto a mirada como o instrumento para observar.

Os valores ou funcións semánticas asociadas ás partes do corpo en kikôngò son en xeral parecidos a aqueles atribuídos na maioría das linguas europeas. Dependem de múltiples factores como a posición, a actividade ou o resultado que afecta a esta parte do corpo. Deste xeito, no que concirne á posición, a parte superior privilexiase en comparación coa parte inferior. En consecuencia, '*ntú*': *cabeza*, ao ser a parte do corpo situada no lugar máis alto, constitúe a parte nobre do corpo, aí onde se sitúa o cerebro, é dicir, o centro de decisión. Así pois, a cabeza denota superioridade, os frasemas relacionados con esta parte do corpo implican unha imaxe positiva, mentres que '*nkila*': *rabo*, a parte máis baixa, denota inferioridade e os frasemas con esa palabra proxectan unha imaxe máis ben negativa ou mesmo degradante. Observamos aquí unha diferenza co francés, que opón os *pés* á *cabeza*. A parte do corpo pode facer referencia á función vital que exerce. Por exemplo, o ollo é o órgano da percepción, remite á atención ou á vixilancia, incluso ao mesmo xuízo; o pé alude ao camiñar, o brazo evoca a acción, o traballo ou a forza. A man é extremadamente significativa porque é o símbolo da creación, pero tamén pode facer referencia ao apoio, á mestría, como veremos máis adiante. A boca é a sede da palabra, do que se di, os dentes relaciónanse cun carácter cortante etc. As partes do corpo poden mesmo caracterizar un estado físico. Neste sentido, o ventre pode ser tanto un signo de embarazo, '*nata kivùmu*': N_0 <Nhum: muller> + V + N_1 <Npc>: *levar o ventre* = *estar embarazada*, como expresión dun problema de saúde como a diarrea, o estrinximento, '*luta kivùmu*': N_0 <Npc> + V: *o ventre pasa* = *ter diarrea* etc. Destacamos que en francés non atopamos frasemas equivalentes, aínda que en francés a expresión *porter le ventre haut ou bas* [*levar o ventre alto ou baixo*] é un sinal para saber se a muller espera unha nena ou un neno.

Finalmente, sinalamos que no kikôngò os NPC máis frecuentes nas nosas listas, por orde de importancia numérica, son os seguintes: '*méeso*': *os ollos* con seis locucións, '*mbúndu*': *o corazón*, con cinco locucións, '*móoko*': *as mans* e '*kivùmu*': *o ventre* con catro locucións cada un, '*máalu*': *os pés* e '*ntúlu*': *o peito* con tres locucións cada un, '*méeno*': *os dentes* e '*mátu*': *as orellas*, con dúas locucións cada un. O resto de NPC teñen unha soa locución cada un.

4. Descrición da nomenclatura

Recollemos cento vinte e catro locucións extraídas en parte do noso repertorio de frasemas (Luntadila 2015), da nosa competencia lingüística como locutor nativo, así como das fontes lexicográficas bilingües (cf. bibliografía). Na análise que segue limitámonos a presentar os exemplos máis significativos. Dende un punto de vista metodolóxico, para cada parte do corpo daremos exemplos e analizaremos os graos de fixación para determinar o tipo de locución. Os NPC descríbense en función da súa importancia numérica.

4.1. ‘Méeso’: os ollos

Nos frasemas en kikôngò, construídos con ‘méeso’, o plural ‘méeso’: *os ollos* é máis habitual ca o seu singular ‘*diisu*’: *ollo*. Ademais, pola súa frecuencia nos frasemas, este NPC merece especial atención pois, como xa dixemos antes, non soamente representa a vista e a percepción, senón que tamén simboliza a mirada, o coñecemento etc.

Analicemos os seguintes exemplos:

Zibula méeso⁴: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>$

- (1) ‘*Bansadi bazibwidi méeso mu minsiku mya kisalu*’: *Os traballadores abren os ollos sobre a lei do traballo* = *Os traballadores prestan atención á lei do traballo*.

Nesta expresión, nin o sentido de ‘*zibula*’: *abrir* nin o de ‘*méeso*’: *os ollos* se atopan no sentido do frasma. Trátase, polo tanto, dunha locución forte. ‘*Méeso*’ desencadea a lectura idiomática de *estar atento* para evitar caer nunha trampa ou enganarse.

Kanga méeso: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>$

- (2) ‘*Petelo mwivi kena kansi se dyani kanganga méeso*’: *Petelo é un ladrón pero o seu pai pecha os ollos* = *Petelo é un ladrón pero o seu pai déixao estar*.

Na locución ‘*Kanga méeso*’: *pechar os ollos* ningún dos sentidos dos compoñentes está incluído, polo que estamos ante unha locución forte. A locución significa *deixar estar*; é dicir, aceptar unha mala conduta por parte dunha persoa sen sancionar a persoa que comete a falta. Por conseguinte, esta locución evoca a idea de *tolerar*, *ignorar* ou *pasar por alto*.

Sá méeso: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>$

- (3) ‘*Petelo wusanga méeso mu kimvwama kya Madiya*’: *Petelo pon os ollos sobre a riqueza de Madiya* = *Petelo desexa a riqueza de Madiya*.

A secuencia ‘*sá méeso*’: *poñer os ollos* = *desexar algo* é unha locución forte, xa que o seu sentido non comprende nin o de ‘*sá*’: *poñer* nin o de ‘*méeso*’: *os ollos*. O feito de

⁴ *Abrir os ollos* xa é unha metáfora, igual que *pechar os ollos*, pois o que abrimos e pechamos son as *pálpebras* e non os *ollos*. Esta expresión é unha catacrese.

desexar está formulado mediante os ollos por metonimia, xorde dende o principio como principal defecto a través dos ollos e permite suavizar a denominación.

Tukisila méeso: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>$

- (4) *'Petelo tukisidi méeso ku mwana mu dyambu vangidi uzowa': Petelo abriulle os ollos coma pratos ao neno por facer unha parvada = Petelo manifestoulle a súa desaprobación ao neno por facer unha parvada.*

O frasema *'tukisila méeso'*: *abrir os ollos coma pratos* é unha semilocución pois o sema 'ollos' entra no significado global da locución. Utilizamos esta expresión como referencia ao xesto que consiste en abrir moito os ollos, como manifestación do desacordo ou mesmo da ameaza. A *reprimenda* constitúe o pivote semántico.

Langidila ye méeso: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <Nhum> + Prép + N_2 <NPC>$

- (5) *'Petelo wulangidilanga mwivi ye méeso': Petelo vixia atentamente o ladrón = Petelo ten o ladrón baixo custodia.*

Como conclusión, constatemos que *'langidila ye méeso'*: *vixiar atentamente* é unha cuasilocución na medida en que os semas de todos os compoñentes están presentes no significado global da locución e o pivote semántico é *vixiar*. Esta locución tradúcese por *ter baixo custodia*.

As locucións verbais que acabamos de examinar co nome *'méeso'*: *os ollos* fan referencia a diversas clases semánticas tales como as actividades humanas, a vixilancia e a supervisión. Son de natureza metafórica; as outras clases corresponden a estados psicolóxicos, a sentimentos como a cobiza e a actitudes como o desacordo, na que os ollos teñen un valor metonímico.

4.2. *'Mbúndu'*: corazón⁵

Metaforicamente, o corazón designa o lugar onde se producen os desexos, os sentimentos, as paixóns e os pensamentos secretos. Velaquí algúns exemplos de frasemas con este NCP:

Bwisa mbundu : $N_0 <bebidas> + V + N_1 <NPC>$

- (6) *'Maza mateka mbuta mabwisa mbúndu': A auga extraída polos vellos fai caer o corazón = A auga extraída polos vellos quita a sede.*

Esta locución é opaca, o seu sentido non é a suma dos sentidos de elementos individuais. Podemos coñecer ben o sentido dos elementos lexicais individuais, coma o de *'bwisa'*: *facer caer* ou o de *'mbundu'*: *corazón*, pero non o de *quitar a sede, calmar a sede*. Trátase pois, dunha locución forte na que asociamos metonimicamente *'mbundu'*: *corazón* á sede, xa que na cultura kongo é unha sensación que se sente no corazón.

Titila mbúndu: $N_0 <Npc> + V + N_1 <motif>$

⁵ O corazón en kikôngò pode ser designado por estes dous lexemas sinónimos: *'mbúndu'* e *'n'ima'*. Empréganse indistintamente.

- (7) '*Nyoka tatikidi Petelo buna mbúndu ititila*': *A serpe mordeu a Petelo e por iso lle treme o corazón = A serpe mordeu a Petelo e por iso ten medo.*

Este é outro caso de locución forte, non podemos deducir o seu significado do sentido dos elementos que a forman. '*Titila mbúndu*': N_0 <NPC> + V, literalmente, *tremar o corazón*, significa *ter medo*. '*búndu*': corazón designa metonimicamente a persoa que treme de medo.

Kanga mbúndu : N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

- (8) '*Petelo kenge mbúndu mpe kazolele sadisa dyaka ko*': *Petelo pechou o seu corazón e xa non quere axudar = Petelo fíxose máis duro e xa non quere axudar.*

Trátase dunha locución forte porque o significado de *facerse máis duro* é difícil de determinar mediante cada compoñente da expresión. Esta locución baséase no uso metafórico do termo '*mbúndu*': *corazón* que, neste caso, simboliza a xenerosidade.

Fimpa mbúndu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

- (9) '*Petelo vvidi fimpa mbúndu kadi mandangi kavanga*': *Petelo debe examinar o corazón xa que cometeu inxustizas = Petelo ten que facer un exame de conciencia por cometer inxustizas.*

O significado da locución '*fimpa mbúndu*': *facer un exame de conciencia* só inclúe o significado do verbo '*fimpa*': *examinar; escudriñar*, e o pivote semántico é a *conciencia*. Polo tanto, é unha semilocución. O *corazón* neste caso emprégase metonimicamente.

As locucións verbais que acabamos de presentar construídas co nome '*mbúndu*': *o corazón* pertencen á clase dos estados, nas diferentes modalidades, como os estados físicos (estado de sensación: sede) ou estados psicolóxicos (estado interior: medo, estado moral: xenerosidade).

4.3. '*Kivùmu*': o ventre

O ventre é un símbolo feminino que evoca a fecundidade e o embarazo, como se observa nos seguintes exemplos:

Katula kivùmu: N_0 <muller> + V + N_1 <NPC>

- (10) '*Mu dyambu dya mpasi, Madiya kakatudidi kiyùmui*': *Debido á miseria, Madiya quitou o ventre = Debido á miseria, Madiya abortou.*

A secuencia '*katula kivùmu*': *quitar o ventre* é unha cuasilocución e significa *abortar*. Cada un dos seus elementos utilízase coa súa acepción metafórica: o verbo *quitar*, por unha banda, significa *perder* e, pola outra, o emprego metonímico de *ventre* que designa o embarazo; o *aborto* é o pivote semántico entre ambos os dous.

Kaka kivùmu : N_0 <NPC> + V

- (11) '*Kiyùmu kakidi mu dyambu madya ma Petelo kamena mambote ko*': *O ventre de Petelo está obstruído porque a súa alimentación non é boa = Petelo está*

estrinxido porque non ten unha boa alimentación.

'Kaka kivùmu': *obstruír o ventre* significa *estar estrinxido*. Trátase dunha cuasilocución, pois o sentido da locución comprende tanto o sentido de 'kaka': *obstruír* como o de 'kivùmu': *ventre*, con *estrinximento* como pivote semántico. Esta é unha metáfora que asocia o estrinximento co ventre.

As locucións construídas con este NPC refírense normalmente ás clases semánticas relativas a estados (embarazo, enfermidade etc.).

4.4. 'Móoko': *as mans*

A man asóciase frecuentemente ao contacto, o saúdo simboliza a liberdade, a autoridade, o poder, a acción. Nos frasesmos do kikôngò, atopamos máis a miúdo o plural 'móoko' que o singular 'koko'. Móoko tradúcese indistintamente por *mans* ou *brazos*.

Vàana móoko : N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC> + Prép + N_2 <Nhum>

(12) 'Petelo vene móoko kwa Mpolo muna ntungulu a nzo': *Petelo deulle as mans a Mpolo para a construción da casa* = *Petelo axudou a Mpolo a construír a súa casa*.

Nesta locución nin 'vàana': *dar* nin 'móoko': *mans* nos permiten comprender ao momento o sentido do enunciado. É unha locución forte que significa *axudar, apoiar, contribuír, participar*. 'Móoko': *mans*, emprégase metaforicamente co sentido de axuda, xa que é de certa maneira a man o que proporciona a axuda. Hai que destacar que en francés existe unha locución parecida pero na que a parte do corpo está en singular: *donner la main à quelqu'un* [*darlle a man a alguén*]. Tamén ten o sentido de axudar a alguén, de proporcionarlle axuda.

Zinga móoko : N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(13) 'Petelo wuyibanga bantu kansi se dyani wuzinganga móoko': *Petelo estafa a xente pero o seu pai crúzase de brazos* = *Petelo estafa a xente pero ao seu pai dálle igual*.

'Zinga móoko' é unha locución forte, de feito a suma dos sentidos de 'zinga': *cruzarse* e de 'móoko': *os brazos* non permiten descifrar o sentido figurado que é *dar igual, non actuar* ou *non reaccionar ante acontecementos*. Con todo, podemos dicir que a imaxe de *cruzarse de brazos* está clara culturalmente e implica a intención de non actuar.

Baka mu móoko : N_0 <Nhum> + V + N_1 <Nhum> + Prép + N_2 <NPC>

(14) 'Petelo bakidi mwivi mu móoko': *Petelo colleu o ladrón pola man* = *Petelo colleu o ladrón en flagrante delito*.

A secuencia 'baka mu móoko': *coller pola man* tamén é un caso de locución forte. O sentido total da locución non engloba o significado dos seus compoñentes, senón que significa *coller en flagrante delito*, dito doutro xeito, *pillar en pleno acto*. 'Móoko': *as mans* simbolizan a acción, xa que en caso de que o necesitemos podémolas utilizar

para atrapar o ladrón. Hai que destacar que a idea de coller a alguén en flagrante delito tamén se expresa con esta parte do corpo en español e en francés. Así pois, diríamos en español: *coger a alguien con las manos en la masa* [*coller alguén coas mans na masa*] e en francés *prendre quelqu'un la main dans le sac* [*pillar alguén coa man no saco*].

As locucións que inclúen ‘móoko: mans’ teñen que ver coa clase semántica das accións.

4.5. ‘Méeno’: os dentes

Os frasemas en kikôngò recorreron a este NPC para referirse aos obxectos afiados ou cortantes. As locucións fórmanse preferiblemente co plural do NPC ‘méeno’ que co singular ‘diinu’.

Baka méeno: N_0 <instrumentos> + V + N_1 <NPC>

(15) ‘Mbele yibakidi méeno’: *O coitelo colleu os dentes = O coitelo afiouse.*

‘Baka méeno’, literalmente *coller os dentes = afiarse*, é unha locución forte xa que o sentido total non é o resultado da combinación do sentido dos constituíntes lexicais. ‘Méeno’: *os dentes* aluden ao aspecto cortante dun obxecto, razón pola cal o suxeito desta locución verbal só pode ser un instrumento.

Fwa méeno : N_0 <instrumentos> + V + N_1 <NPC>

(16) ‘Mbele yifwidi méeno’: *O coitelo ten dentes mortos = O coitelo está desafiado.*

A locución verbal ‘fwa méeno’, literalmente *morrer os dentes*, non inclúe o sentido de ningún dos seus compoñentes; trátase dunha locución forte e o seu equivalente de tradución é *desafiarse*. O seu sentido non é composicional. Como acontecía na locución anterior ‘méeno’: *os dentes*, alude ao aspecto cortante. ‘Fwa méeno’ é unha metáfora que evoca o deterioro do carácter cortante dun obxecto. Por analogía, asociamos os dentes mortos á idea de estar desafiado.

Constatemos que os frasemas construídos con ‘méeno’: *os dentes* pertencen á clase semántica dos estados.

4.6. ‘Máalu’: os pés

As locucións que presentamos a continuación adoitan formarse co NPC plural ‘máalu’ con máis frecuencia que co singular ‘kúulu’, como no seguinte exemplo:

Sá máalu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(17) ‘Ntangu yifwene, lusa máalu’: *Xa é hora, fai os pés! = Xa é hora, bule!*

‘Sá máalu’: *facen os pés* significa apresurarse. Trátase dunha locución forte na medida en que ningún dos seus compoñentes está incluído. ‘Máalu’: *os pés* designa mediante metonimia o desprazamento, porque os usamos para movernos.

Fwa máalu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(18) ‘Mu dyambu dya kimbevo, Petelo fwidi máalu’: *Por mor da enfermidade, Petelo*

ten os pés mortos = Por mor da enfermidade, Petelo está parálitico.

A secuencia '*fwa máalu*': *estar parálitico* inclúe o sentido de '*fwa*': *morir* pero tamén o de '*máalu*': *os pés* para acabar facendo referencia á *parálise* como pivote semántico, polo que estamos ante unha cuasilocución. Esta locución designa o fallo dos pés que ten como consecuencia a parálise da súa función motriz.

O nome '*máalu*': *os pés* forma locucións pertencentes á clase semántica das accións e á dos estados, concretamente aos estados físicos (estado de saúde: enfermidade).

4.7. '*Ntúlu*': o peito

No referente ao NPC '*ntúlu*': *o peito*, observemos os seguintes exemplos:

Sumpika va ntúlu : N₀ <muller> + V + N₁ <criatura> + Prép + N₂ <NPC>

(19) '*Madiya sumpikidi mwana va ntúlu*': *Madiya puxo o bebé sobre o peito = Madiya dálle o peito á criatura.*

Destacamos que a secuencia '*sumpika mwana va ntúlu*': *poñer o bebé sobre o peito* é unha locución forte xa que é difícil adiviñar o sentido do frasesma *dar o peito* a partir dos seus compoñentes. Mediante a metonimia, '*ntúlu*': *o peito* fai referencia aos seos que serven para aleitar a criatura.

Bela ntúlu: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(20) '*Tùuka kavutukidi ku mputu, Petelo ntúlu kabelanga*': *Dende que volveu de Europa, Petelo está enfermo do peito = Dende que volveu de Europa, Petelo sofre pneumonía.*

Na locución '*bela ntúlu*': *estar enfermo do peito*, o verbo '*bela*': *sufrir* e '*ntúlu*': *o peito* conservan o seu sentido xunto co sentido adicional de enfermidade como o seu pivote semántico. Trátase polo tanto dunha cuasilocución. '*Ntúlu*' simboliza por metonimia as enfermidades pulmonares, como ocorre coa pneumonía, xa que este tipo de enfermidades se desenvolven no peito.

As locucións formadas con este NPC pertencen á clase semántica das actividades humanas e aos estados de saúde.

4.8. '*Mátu*': as orellas

En francés atopamos frasesmos construídos con esta parte do corpo tanto en singular coma en plural, mentres que en kikôngò estes frasesmos se constrúen principalmente co plural '*mátu*'. Vexamos algúns exemplos:

Zibula mátu: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(21) '*Petelo zibwidi mátu mu wa nsangu za mbote*': *Petelo abre as orellas para escoitar o evanxeo = Petelo préstalle atención ao evanxeo.*

Na locución ‘*zibula matu*’: *abrir as orellas* a combinación dos sentidos de ‘*zibula*’: *abrir* e ‘*mátu*’: *as orellas* non nos mostra o sentido de *escoitar atentamente*. Trátase dunha locución forte constituída a partir dunha metáfora.

Fwa mátu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <Npc>

(22) ‘*Petelo mátu mafwa*’: *Petelo ten as orellas mortas* = *Petelo é xordo*.

A locución ‘*fwa mátu*’ comprende o sentido de ‘*fwa*’: *morrer* e de ‘*mátu*’: *as orellas*, ademais do sentido adicional *xordeira* como pivote semántico. É unha cuasilocución que ten como equivalente *ser/ estar xordo*.

Os frasemas construídos con este NPC pertencen ao campo semántico das actividades humanas (vixilancia, atención) e ao dos estados (enfermidade, diversidade funcional).

4.9. ‘*Nima*’: *as costas*

Consideremos a seguinte locución construída co NPC ‘*nima*’, *as costas*:

Fwa nima: N_0 <Nhum>+ V + N_1 <NPC>

(23) ‘*Yu ufwidi nima, kalendi wuta ko*’: *O que ten as costas mortas non pode procrear*
= *O que é estéril non pode procrear*.

Non podemos deducir o seu significado, *ser estéril*, do sentido dos compoñentes, polo que se trata dunha locución forte. ‘*Nima*’: *as costas* e ‘*fwa*’: *morrer* utilízanse de xeito metafórico.

Este NPC forma locucións do campo semántico dos estados físicos (enfermidade).

4.10. ‘*Nkila*’: *o rabo*

Como sinalamos no punto 3, pola súa posición, o rabo denota a última parte do corpo, a extremidade, e como tal denota o fracaso ou o feito de quedar atrás, de ser o último ou de depender de alguén como podemos ver no seguinte exemplo:

Baka nkila : N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(24) ‘*Petelo bakidi nkila mu dyambu katanganga malongi ko*’: *Petelo colleu o rabo porque non repasou a lección* = *Petelo suspendeu porque non repasou a lección*.

É imposible determinar o sentido da locución *baka nkila* a partir do sentido das unidades que a compoñen. Coñecer o sentido de ‘*baka:coller*’ e de ‘*nkila*’ *rabo*, non permite comprender o sentido idiomático de *fracasar* nesta locución. Trátase polo tanto dunha locución forte. ‘*Nkila*’: *o rabo* asóciase coa idea de fracaso pola súa situación física no corpo.

Por outra banda, esta locución remite á clase de acontecementos fortuítos.

4.11. ‘*Ntú*’: *a cabeza*

Ao contrario que o rabo, a cabeza é a parte alta do corpo e, xa que logo, ten un valor de superioridade. Observemos a seguinte secuencia:

Kala ntú: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(25) '*Bana ba Nzambi bafwete kala ntú mu bima byawonso*': Os nenos de Deus deben estar á cabeza en todo = Os nenos de Deus deben ter superioridade en todo.

A interpretación de '*kala ntú*': *estar á cabeza* non se deduce a partir dos compoñentes, senón que se debe entender globalmente como toda locución forte. Significa *ter superioridade* ou *ser superior*. '*Ntú*': *a cabeza* ten unha lectura idiomática de supremacía por ser a parte superior do corpo.

Deste xeito, esta locución pertence ao campo semántico dos estados psicolóxicos.

4.12. '*Mbómbo*': o nariz

Examinemos un exemplo de locución formada co NPC '*mbómbo*': *o nariz*.

Bakila mu mbómbo : N_0 <Nhum> + V + N_1 <Nhum> + Prép + N_2 <NPC>

(26) '*Petelo tele luvunu yidina Mpolo wumbakidi mu mbómbo*': *Petelo contou mentiras e por iso Mpolo colleuno polo nariz* = *Petelo contou mentiras e por iso Mpolo tomoulle a palabra*.

'*Bakila mu mbómbo*': *coller polo nariz* é unha locución forte xa que o seu sentido non integra o sentido dos seus constituíntes no seu conxunto. A locución significa *tomarlle a alguén a palabra*, é dicir, confrontar un individuo a palabras ditas sen coidado nin intención.

Esta locución pertence á clase semántica das accións relacionadas cos acontecementos.

4.13. '*Luse*': a cara

A seguir analizaremos unha locución formada co NPC '*luse*': *a cara*.

Fila luse: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC> + Prép + N_2 <Nhum>

(27) '*Nkele wufilanga luse kwa mbuta*': *O pequeno víralle a cara ao vello* = *O pequeno enfróntase ao vello*.

'*Fila luse*' é unha locución forte porque o seu sentido xeral non implica o de '*fila*': *virar* nin o de '*luse*': *cara*. O seu sentido é opaco e significa *enfrentar*; *medirse con*.

Este frasema fai referencia ao campo semántico das accións relacionadas cos acontecementos.

4.14. '*Kosi*': a caluga

No referente ás locucións fortes co NPC '*kosi*': *a caluga*, destacamos o seguinte exemplo:

Wa va kosi: N_0 <Nhum> + V Prép + N_1 <NPC>

- (28) *'Petelo kena mwana mbote ko, va kosi kawilanga': Petelo non é un neno bo, escoita pola caluga = Petelo non é un neno bo, non quere escoitar nada / pon cara de non escoitar.*

Trátase dunha semilocución porque o sentido global integra o de 'wa': *escoitar*, pero o pivote semántico é o *rexeitamento*. O frasema francés equivalente de 'wa va kosi': *escoitar pola caluga* sería *faire la sourde oreille (facen oídos xordos)*. 'Kosi': *a caluga* utilízase ironicamente porque é imposible escoitar algo pola caluga. É importante destacar que en francés non hai un gran coñecemento de frasemas construídos co termo *caluga*.

Este NPC forma parte do campo semántico das accións relacionadas cos acontecementos.

4.15. 'Nlémbo': o dedo

Para este NPC seleccionamos o seguinte exemplo:

Songidila nlémbo: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <Npc> + Prép + N_2 <Nhum>$

- (29) *'Petelo salidi uzowa idina Mpolo wunsongele nlémbo': Petelo fixo unha trasnada e por iso Mpolo sinalouno co dedo = Petelo fixo unha trasnada e por iso Mpolo condenouno.*

Na locución 'songidila nlémbo': *sinalar co dedo*, o sentido do verbo 'songidila': *sinalar* está implícito. Porén, non o está o do segundo elemento 'nlémbo': *o dedo*. O pivote semántico entre ambos os dous é a reprobación; estamos pois ante unha semilocución. 'Nlémbo': *o dedo* utilízase metonimicamente para sinalar unha persoa cuxa actitude é reprobable. Na lingua clásica francesa, esta locución tamén tiña o significado de '*désigner à la réprobation*' [*ser desaprobado*] (Rey; Chantreau 1997: 325), pero no francés actual perdeu esta acepción.

Indiquemos que este NPC se refire a accións relacionadas cos acontecementos.

4.16. 'Nwà': a boca

Este NPC adoita relacionarse co acto da fala. Consideremos o seguinte exemplo:

Kanga nwà: $N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>$

- (30) *'Lukanga nwà, dyambu dyodyo kadilutadidiko': Pecher a boca, isto non é problema seu = Cale, isto non é problema seu.*

'Kanga nwà': *pechar a boca* significa *calar; permanecer en silencio*. É unha locución forte porque non comprende o sentido de 'kanga': *pechar* nin o de 'nwà': *a boca*. Por analoxía, este NPC fai referencia á palabra. Este NPC emprégase metaforicamente e o frasema tamén pertence ao campo semántico das accións relacionadas cos acontecementos.

5. A modo de conclusión

Os frasemas, como feito lingüístico universal, existen sen lugar a dúbida en kikôngò. Interesámonos polos frasemas somáticos en kikôngò, principalmente polas locucións

verbais como secuencias fixas particularmente abundantes, e clasificamos e describimos as secuencias máis significativas da nosa lista. Esperamos que estes exemplos, malia non ser exhaustivos, permitisen ilustrar as nosas observacións.

En primeiro lugar, observamos que os NPC cunha dimensión vital ocupan un lugar de maior importancia e son os máis utilizados, como *'mbúndu': o corazón*, *'méeso': os ollos*, *'móoko': as mans*, *'máalu': os pés*, *'méeno': os dentes*, *'ntúlu': o peito*, *'kiyumu': o ventre*, *'mátu': as orellas*, *'ntú': a cabeza*, *'nwà': a boca*. Outros, pola contra, teñen un papel secundario e son menos comúns, como é o caso de *'nkila': o rabo*, *'mbómbo': o nariz*, *'nlémbo': o dedo*, *'ludimi': a lingua*, *'kosi': a caluga*, *'dibundi': a meixela* e *'nsingu': o pescozo*. Outros nin sequera chegan a formar parte dun frasema verbal, como *'mbunzu': a fronte*, *'ndia': o intestino*, *'mika': o pelo*, *'lukutu': o estómago*, *'kisingini': o talón*, *'kibefo': o queixo*, *'nkonsongolo kulu': o nocello*, *'bu kyadisu': as pupilas*, *'kito': a coxa* etc.

Tamén sinalamos que os NPC que son dobres como *'méeso': os ollos*, *'máalu': os pés*, *'mátu': as orellas*, *'bibobo': os beizos*, *'mayeno': os peitos*, *'matako': as nádegas* ou *'móoko': as mans* se utilizan xeralmente en plural.

Con todo, os verbos máis frecuentes nas nosas listas de formación de frasemas somáticos son os seguintes: *'fwa'*⁶: *morren*; *'zibula': abrir* e *'kanga': pechar*.

Tamén nos decatamos de que existen algunhas restricións de selección nos argumentos dalgúns predicados (*'sumpika va ntúlu'* e *'katula kiyumu'* só aceptan mulleres como suxeito N₀, mentres que *'fwa méeno'* e *'baka méeno'* só aceptan instrumentos como suxeito).

Nas nosas listas comprobamos que o campo das locucións fortes, o máis opaco, ten a maior cantidade de frasemas somáticos, mentres que o número de semi ou cuasilocucións é moi reducido.

A maioría dos frasemas citados serven, en xeral, para indicar, por exemplo, un estado físico ou moral, unha calidade, un comportamento ou unha actividade humana. Algúns frasemas expresan un saber máis ou menos universal, como *saber de memoria* (en francés, *connaître par coeur*, literalmente *coñecer de corazón*), *abrir* ou *pechar os ollos*, mentres que outros teñen a súa orixe nunha representación cultural, como *'kalula n'tima': caer o corazón = relaxarse*, *'wa va kosi': escoitar pola caluga = facer oídos xordos*, *'bakila mu mbómbo': coller polo nariz = tomarlle a alguén a palabra* etc.

Resulta necesario destacar que a escolla do NPC non é aleatoria, senón que responde a tres criterios, a saber: a función vital, a percepción do NPC e a súa situación. A función vital que exerce o NPC é o criterio principal na formación dun frasema. O segundo criterio é a percepción que a sociedade ten dun NPC. Algúns NPC percíbense como positivos, outros como negativos, pero esta é unha percepción puramente cultural. Por

⁶ O verbo *'fwa'*, asociado a un NPC, expresa a función léxica **Nocer**, mentres que os verbos *'zibula'* e *'kanga'* son **Oper** con sentido metafórico.

último, a situación física dunha parte do corpo forma tamén un elemento importante; as partes altas teñen prioridade sobre as baixas.

A natureza dos frasemas adoita caracterizarse por unha dobre estrutura semántica sentido composicional fronte a sentido non composicional. Finalmente, os frasemas somáticos poden ter natureza metafórica ou metonímica.

Estas observacións sumarias deberían ser respaldadas por un exame máis profundo a partir dunha nomenclatura máis ampla así como por un estudo contrastivo. Así mesmo, a creación dun dicionario fraseolóxico permitiría paliar a falta actual deste tipo de dicionarios en kikôngò.

6. Referencias bibliográficas

- BENTLEY, William Holman (1895): *Appendix to the Dictionary and Grammar of the Kongo language. As spoken at the San Salvador, the Ancient Capital of the Old Kongo Empire, West Africa*. London: Baptist Missionary Society, Kegan Paul, Trench, Trübner & CO., LTD.
- BLANCO MELLADO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán: un estudio léxico-semántico*. Frankfurt: Peter Lang.
- BUTAYE, René (1909): *Dictionnaire Kikôngò-Français, Français-Kikôngò*. Roulers: Jules Meester.
- CATALÀ, Dolors; MELLADO, Matías (1999): “Une clé d’accès au sens: la métaphore”, en SIERRA AYALA, Lina; BARRUECO, Sebastián; HERNÁNDEZ, Esther (eds.): *Lenguas para fines específicos VI. Investigación y enseñanza*. Alcalá: Universidad de Alcalá; 371-377.
- CATALÀ, Dolors; MELLADO, Matías (2001): “Les expressions figées: applications pédagogiques”, en MAYNOU, Neus; TOST, Manuel A. (eds.): *Repères et applications en didactique des langues*. Barcelona: ICE Universitat Autònoma de Barcelona; 211- 222.
- CATALÀ, Dolors; MELLADO, Matías (2004): “Les expressions figées: processus d’acquisition”, en MOURÓN FIGUEROA, Cristina; MORALEJO GÁRATE, Teresa (coords.): *Studies in Contrastive Linguistics, Proceedings of the 4th International Contrastive Linguistics Conference*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela; 95-103.
- COBE, Francisco Narciso (2010): *Novo dicionário Português Kikôngò*. Luanda: Mayamba Editora.
- CORTÈS, Colette (1999): “Phraséologie et corps humain. Étude comparative de la représentation du corps humain dans les expressions phraséologiques en français et en allemand”, en CORTÈS, Colette (ed.): *Cahiers du C.I.E.L. Sémiotique, langage du corps et cognition*, 1998-1999. Paris: Centre Interlangue d’Études en Lexicologie; 85-109.
- CRUDU, Mihai (2014): “L’odorat dans la phraséologie française et roumaine”, en ZAFIU Rodica; DRAGOMIRESCU Adina; NICOLAE Alexandru (eds.): *Limba română*:

- diacronie și sincronie în studiul limbii române*, II. Bucarest: Editura Universității din București; 273-282.
- DA SILVA MAIA, António (1994): *Dicionário complementar Português-Kimbundu-Kikôngò. (Línguas do centre de Angola)*. Luanda: Editorial Nzila.
- DEREAU, Léon (1957): *Lexique kikôngò-français, français-kikôngò, d'après le dictionnaire de K. E. LAMAN*. Namur: A. Wesmael-Charlier.
- DUBOIS-CHARLIER, Françoise (2005): “À propos de certaines locutions en français”, en *Linx* 53 [en liña]; 55-70. [<http://linx.revues.org/259>; DOI: 10.4000/linx] [22.3.2016].
- FEKETE, Gabriella (2003): *Les phrasèmes concernant les parties du corps en français et en hongrois (Le cas de structures avec ‘avoir’ et de leurs équivalents en hongrois)*. Tesiña do D. E. A. de Ciencias da Linguaxe. [http://www.ddl.ish-lyon.cnrs.fr/fulltext/Fekete/Fekete_2003.pdf] [07.12.2016].
- GONZALEZ REY, Isabel (2007): *La didactique du français idiomatique*. Cortil-Wodon: EME Editions.
- GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français - noms composés et autres locutions*. Paris: Éditions Ophrys.
- GROSS, Gaston (2012): *Manuel d'analyse linguistique. Approche sémantico-syntaxique du lexique*. Villeneuve d'Ascq: Presses universitaires du Septentrion.
- LAMAN, Karl Edward (1936): *Dictionnaire Kikôngò-Français avec une étude phonétique décrivant les dialectes les plus importants de la langue dite kikôngò*, vol. I e II. Bruxelles: Institut Royal Colonial Belge.
- LUNTADILA NLANDU, Inocente (2015): *Nominalisations en kîsikôngò (H16): les substantifs prédicatifs et les verbes-supports sá, tá, sála et vânga (= faire)*. Tese de doutoramento. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- MARTINS-BALTAR, Michel (1999): “Le champ lexical ‘le corps dans la langue’: Un objet privilégié pour l’onomasiologie et pour la rhétorique”, en CORTÈS, Colette (ed.): *Cahiers du C.I.E.L. Sémiotique, langage du corps et cognition*, 1998-1999. Paris: Centre Interlangue d’Études en Lexicologie; 71-84.
- MARTINS-BALTAR, Michel; CALBRIS, Geneviève (1997): *Le corps dans la langue. Esquisse d'un dictionnaire onomasiologique. Notions et expressions dans le champ de la “dent” et de “manger”*. Tübingen: M. Niemeyer.
- MEJRI, Salah (1997): *Le figement lexical. Descriptions linguistiques et structuration sémantique*. Túnez: Publications de la Faculté des Lettres de la Manouba.
- MEL’ČUK, Igor (2013): “Tout ce que nous voulions savoir sur les phrasèmes, mais...”, en *Cahiers de lexicologie. Revue internationale de lexicologie et lexicographie* 102; 129-149.
- MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán: un estudio léxico-semántico*. Frankfurt: Peter Lang.
- NDONGA, Mfuwa (2011): “Le kikôngò”, en BONVINI, Emile et al. (dirs.): *Dictionnaire des langues*. Paris: PUF (Presses Universitaires de France); 167-175.
- REY, Alain; CHANTREAU, Sophie (1997): *Dictionnaire d'expressions et locutions*. Paris: Le Robert.

7. Glosario temático

Neste glosario están recollidos todos os frasetas do kikôngò utilizados no artigo, coas traducións empregadas no texto e acompañadas algunhas delas de expresións sinonímicas.

1. *Fwa méeso*: morrer os ollos = ser cego
2. *Kanga méeso*: pechar os ollos = permitir, deixar estar
3. *Langidila ye méeso*: vixiar de preto, vixiar atentamente = ter no punto de mira, ter baixo custodia
4. *Sá méeso*: poñer os ollos = desexar
5. *Tukisila méeso*: abrir os ollos de par en par, como pratos = manifestar desaprobación
6. *Zibula méeso*: abrir os ollos = prestar atención
7. *Bwisa mbúndu*: facer caer o corazón = quitar a sede, calmar a sede
8. *Fimpa mbúndu*: examinar o corazón = facer un exame de conciencia
9. *Kanga mbúndu*: pechar o corazón = fortalecerse, facerse máis duro
10. *Titila mbúndu*: tremer o corazón = ter medo
11. *Zaya mu mbúndu*: coñecer de corazón = coñecer perfectamente
12. *Kaka kivùmu*: obstruír o ventre = estar estrinxido
13. *Katula kivùmu*: quitar o ventre = abortar
14. *Luta kivùmu*: pasar o ventre = ter diarrea
15. *Nata kivùmu*: levar o ventre = estar embarazada
16. *Baka mu móoko*: coller pola man = pillar en plena acción, en flagrante delito
17. *Bulana móoko*: golpearse as mans = chegar ás mans
18. *Vàana móoko*: dar as mans = axudar
19. *Zinga móoko*: cruzar os brazos = dar igual, mostrar indiferenza
20. *Baka méeno*: coller os dentes = afiarse
21. *Fwa méeno*: morrer os dentes = desafiarse
22. *Fwa máalu*: morrer os pés = estar paralítico
23. *Sá máalu*: facer os pés = apurar
24. *Bela ntúlu*: estar enfermo do peito = ter pneumonía
25. *Bula ntúlu*: golpear o peito = responder por algo

26. *Sumpika va ntúlu*: poñer sobre o peito = dar o peito
27. *Fwa mátu*: morrer as orellas = estar xordo
28. *Zibula mátu*: abrir as orellas = escoitar con atención
29. *Fwa nima*: morrer as costas = ser estéril
30. *Baka nkila*: coller o rabo = fracasar
31. *Kala ntú*: ser a cabeza = ter superioridade
32. *Bakila mu mbómbó*: coller polo nariz = tomar a palabra
33. *Fila luse*: virar a cara = enfrontar
34. *Wa va kosi*: escoitar pola caluga = non escoitar, facer oídos xordos
35. *Songidila nlémbo*: sinalar co dedo = indicar reprobación, condenar
36. *Kanga nwà*: pechar a boca = calar
37. *Kulula n'tima*: baixar o corazón = relaxarse, tranquilizarse

Maio come o trigo e agosto bebe o viño. A viticultura no refraneiro galego¹

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
xferro@cirp.es

Resumo: Compilación e análise da paremioloxía galega da viticultura excluindo a vinificación e os valores metafóricos das paremias. Preséntanse 383 paremias ordenadas segundo o ritmo agrícola, agrúpanse xerarquicamente tanto as variantes coma os informantes de cada paremia e coméntanse os seus aspectos máis salientables dende o punto de vista da técnica vitícola, do significado paremiolóxico e, se procede, tamén da significación histórica e dos valores estilísticos.

Palabras clave: paremioloxía galega, viticultura.

Abstract: Compilation and analysis of Galician paroemiology on viticulture, excluding the winemaking process and the metaphorical value of paroemias. 383 paremias are presented, ordered by the agricultural cycle. Both variants and informers of each paremia are grouped hierarchically and the more outgoing features are commented from the point of view of the viticultural technique, the paremiological meaning and, if appropriate, regarding its historic importance and stylistic value.

Keywords: Galician paroemiology, viticulture.

1. ¿É posible facer un refraneiro do viño en Galicia?

Escacharía a rir hai dous mil anos en Amasía (Ponto; no N. da actual Turquía) un xeógrafo e historiador se puidese le-lo título deste artigo. ¿Un refraneiro da viticultura en Galicia? Mataríase de risa Estrabón (64 aC - 19 dC), que na súa *Xeografía* (ESTRABÓN: 3, 3, 7) describiu os costumes dos montañeses do Noroeste de Iberia (denominación que por forza tiña que incluí-los galaicos): el dicía que “comen carne de carneiro, viven durante dous terzos do ano de landras que secan e machacan e despois moen para faceren pan e

¹ Data de recepción: 29.01.2016. Data de aceptación: 17.04.2016.

Vaia este artigo na memoria do meu pai, Xesús Ferro Batallán, que coñecía o currículo de tódalas súas cepas e, antes de almorzar, ía falar con elas e a cada unha dicíalle palabras de felicitación ou de esperanza, segundo merecese ou precisase. Cando el morreu, unha bióloga díxome que hai experiencias que parecen indicar que as plantas son sensibles ás palabras de quen as coida.

conservalo moito tempo. Tamén beben zythos [algo probablemente parecido á cervexa]: están escasos de viño e o pouco que conseguen esgótano axiña nas festas familiares. No lugar de aceite empregan manteiga"². Esta descrición en caricatura era unha maneira de dicir que os galaicos eran bárbaros, porque non coñecían a esencia da alimentación grecolatina: trigo, aceite e viño.

1.1. Primeiras imaxes de acios de uvas en Galicia

	  ↑ Arracadas castrexas de ouro que parecen reproducir acios de uvas apareceron en Ciadela (Sobrado dos Monxes (á esquerda) e no Irixo (á dereita). Museo de Lugo. Museo de Pontevedra. ← Estela funeraria descuberta en marzo de 1953 na confluencia das rúas Pontevedra e O Areal en Vigo. Obsérvase a falta de proporción das figuras, as figuras planas. A muller co cántaro na cabeza. Os soportais. A ruptura da columna central para expresar que o home colle a muller. A importancia do sol, a lúa e as estrelas. Toda a estética é galaica, aínda que o texto (en boa parte perdido) está en latín. Museo Quiñones de León. Vigo.
--	--

Pero a análise da afirmación de que os galaicos do tempo del practicamente descoñecían o uso do viño, do trigo e do aceite permitiu detectar intereses de estratexia política na pluma dos historiadores antigos (BERMEJO 1983, 1985, 1986, 1987, 1994, 1999) que se contradín, polo menos no asunto do viño, cos datos iconográficos case da mesma época. Aquí, como é lóxico, non vou entrar nese debate³.

² Na mesma *Xeografía* (3,4,16) explica a ausencia das vides, oliveiras e figueiras ó frío característico das costas septentrionais.

³ Ademais das citadas obras de BERMEJO, o lector interesado poderá ler tamén con proveito SUÁREZ PIÑEIRO (2005) e VÁZQUEZ BERTOMEU (2005).



<https://enofilicos.com/2012/04/06/un-paseo-por-la-historia-vitivinicola-de-galicia/>

Se os restos de ánforas vinarias que os arqueólogos atopan nos castros de Galicia poden se-la confirmación dese “pouco viño que conseguían”, o certo é que tamén aparecen certas cavidades na pedra que parecen restos de antigos lagares. Véxase información gráfica en enofilicos.com.

Mais o importante é que os novos estudos paleobotánicos indican que a *vitis vinifera* xa existía en Galicia antes da chegada dos romanos a este territorio (AIRA RODRÍGUEZ et alii 1989). Quizais iso explique que en Vigo, unha vila que non saía nos mapas romanos, aparecense lápidas romanas que teñen acios de uvas a pesar de que son do principio da presenza romana, porque o deseño é indíxena e rompe tódolos canons estéticos que na época tiña Roma: en dúas delas (unha de Ciadela en Sobrado dos Monxes e a outra de Vigo) reproducense acios de uva, dentro dunha estética que aínda non coñecía o canon da proporción das figuras propia do mundo grecolatino. E, se cadra, tamén son proba o que parecen acios de uva de arracadas castrexas que adornaban as orellas das mulleres máis elegantes: unha delas tamén da Ciadella (Sobrado) e a outra, máis rica, de Vigo.

1.2. Primeira parra documentada en Galicia

Pero ¿cal é a primeira parra da historia en Galicia? Pois coido que nola dá Gregorio de Tours (538-594), que na súa obra *De miraculis sancti Martini episcopi* cita unha viña no pórtico da basílica de san Martiño en Galicia. Vexamos algún detalle desa parra. No libro *De Miraculis Sancti Martini* di así:

<i>Erat enim eo tempore Miro rex in civitate illa, in qua decessor eius basilicam sancti Martini aedificaverat, sicut in libro primo hujus operis exposuimus</i> ⁴ . <i>Ante hujus aedis porticum, vitium camera extensa per traduces, dependentibus uvis, quasi picta vernabat.</i> (GREGORIUS: <i>De miraculis</i> IV,7. MIGNE: <i>Patrologia Latina</i> LXXI: 994 a-b) ⁵	<i>Estaba daquela o rei Miro nesa cidade, na que o seu antecesor construíra a basílica de San Martiño, tal e como xa contei no primeiro libro desta obra. Diante do pórtico dese edificio había uns metros de parra que estendía os seus labores e que xa maduraba coas uvas que colgaban case pintadas.</i>
--	--

A noticia aparece completada cun incidente: o rei Miro pasa por baixo desa parra e advértelles ós acompañantes que non toquen os acios de uvas (*Cavete ne contingatis unum ex his botrionibus*), porque están consagrados ó santo (*Omnia enim quae in hoc habentur atrio ipsi sacrata sunt*): é dicir, era a parra do santo. E conta que un criado do rei, que era mimo, ás agachadas catou unhas uvas e a man quedoulle pegada á parra e, cando se decatou de que non a daba despegado, púxose a berrar, porque non lle servían de nada as súas artes máxicas. O rei de primeiras quíxolle corta-la man, en castigo, pero despois, tal como llo pedían todos, entrou na basílica a rezar polo criado e tanto rezou que, pasado certo tempo, entrou o criado que se dera liberado por milagre do santo.

Velaí, polo que me parece, a primeira viña (probablemente parra) da nosa historia: do tempo do rei Miro (570-583), século VI. ¿E onde estaba a basílica desa nosa primeira parra? Migne, seguindo ó P. Mariana (MARIANA 1619: 9) localízaa en Ourense (MIGNE: LXXI: 924, n. 1), porque no séc. XVII era (e segue sendo hoxe) sé episcopal e porque a catedral de Ourense é a única que está dedicada a san Martiño.

Santos titulares das catedrais galaicas no reino suevo								
Britonia	Lugo	León	Astorga	Braga	Porto	Ourense	Tui	Iria ³
María ⁴	Salvador > María	María	María	María	María	Martiño	María	María

Isto significa que, polo que me parece, a primeira parra documentada en Galicia estaba en Ourense diante da basílica sueva dedicada a San Martiño, que uns din que hoxe está ensumida dentro da actual catedral do século XII e outros que dentro da igrexa de Santa María Nai.

⁴ *Liber primus*, Caput undecimum (MIGNE,8123-924). []

⁵ http://www.documentacatholicaomnia.eu/04z/z_0538-0594__Gregorius_Turonensis_Episcopus__De_Miraculis_Sancti_Martini_Episcopi_MLT.pdf.html

⁶ Por suposto, Compostela (dedicada a Santiago) é resultado do traslado da sé de Iria que empeza coa descuberta da tumba (820-830) e que se formaliza co traslado oficial da sé episcopal iriense (1095).

⁷ Aínda que hoxe existe unha basílica prerrománica en San Martiño de Mondoñedo (Foz) cómpre lembrar que é do século IX, cando nesa época, fuxindo dos árabes, confluíron ali os cristiáns que viñan fuxindo da persecución árabe dende Dumio (Braga) e tamén os celtas que xa chegaran no século V fuxindo da invasión anglosaxona, e dos que se supón que primeiramente estiveran en Santa María de Bretoña, na Pastoriza.

2. Exordio mínimo á viticultura en Galicia

2.1. Algúns datos previos de zonas vinícolas

Os documentos de mosteiros como Celanova (ano 889, 927 e 1146) ou Samos (1170) e tamén os das catedrais de Santiago (1025, 1129, 1133 e 1152) e de Ourense (1173) xa documentan non só o cultivo da vide senón tamén que o viño era en moitos casos un obxecto comercial e fiscal.

Filgueira (1987: 136-137) lembrounos que alá por 1135 o autor do Códice Calixtino (posiblemente o francés Aymeric Picaud) testemuña que Galicia non tiña os mellores viños e mesmo dá unha explicación mítica: disque o Apóstolo botara unha praga para que Galicia non dese máis viño de alí en diante e que o fixera por unha curiosísima razón:

Alii rursum aiunt quod apostolus Gallecie telluri maledixit, ne vinum amplius afferret, eo quod matrona quedam, nomine Compostella, ut aiunt, vino ebria, somno gtavata, Dominum basilicam visitantem sibi dormienti in eiusdem matrone gremio non manifestavit. Predixerat enim illi apostolus, sicut dicunt, ut sibi nunciaret dominicum adventum.(Codex Calixtinus. Libr. I, cap. 17; f. 76 r.). Tradución de Xosé Lopez Díaz: “Ademais, hai quen di que o Apóstolo botoulle unha praga á terra de Galicia para que non producise máis viño, porque disque unha matrona chamada Compostela, borracha e esgotada polo sono, non o avisou cando el estaba durmindo no seu colo de que o Señor estaba visitando a basílica, pois o Apóstolo avisáraa de antemán, polo que din, de que lle anunciara a chegada do Señor” (p. 239).

Coincidindo co dato que ofrecera Gregorio de Tours, Ourense parece ter tamén a primeira cita literaria dun bo viño galego e Allariz a dun *viño forte*.⁸

No Cancioneiro da Biblioteca Nacional (CBN 109 v; 490, 10-12) Afonso X menta o *bon viño* de Ourense:

⁸ Na literatura medieval xa en galego hai unha mención de Allariz nunha locución comparativa que usa Estevam da Guarda (CBN 1315, 281v; 38-39) aludindo a que nesa vila apreciaban o viño forte (*mais hé tan certo e apr[e]cado / com'ê vinho forte em Alhariz*), pero non di **viño de Allariz* senón que en Allariz apreciaban o *viño forte* e, como o poema está incompleto, aínda non queda claro se a expresión é recta ou irónica. Estevam da Guarda di que a integridade fiscal de Don Josep (xudeu e cobrador de impostos) é tan certa e apreciada coma o viño forte en Allariz. A isto Rodrigues Lapa comenta: “Curiosa esta referencia ao excelente vinho galego da região do Ribeiro, tido como um vinho de qualidade constante e altamente apreciada, como ainda hoje. Talvez corresse sobre isso qualquer anexo popular. É o que parece deduzir-se desta composição” (RODRIGUES LAPA 1970: 204-205). Pero Ruivinho Brazão di o seguinte: “*Tudo leva a crer no valor proverbial da expressão. Qual é porém o seu exacto sentido no contexto? Don Josep* [‘xudeu e cobrador de impostos’] *é acusado por Estevan da Guarda de favoritismo na aplicação da talha* [‘impostos’], *ao que ele responde que, nesse domínio, nao intervém graças nen amores; que nao favoreceu a Don Foan* [‘outro xudeu’] *e que tudo quanto possui o manifestou e o fez ‘certo e sabudo’*. E aqui surge a ironia de Don Estevan da Guarda: *no que toca aos bens de Don Josep, nao há dívida que tudo é [a] tan certo e apreçado com’ o vinho forte en Alhariz*. Numa terra de tão bom vinho como é Allariz, quem escutaria ou iria crer num pregoeiro de um vinho carrascão? Assim, a Estevan da Guarda mereceria o mesmo crédito o manifesto de Don Josep. Ouviamos, ainda recentemente, em Parada (Bragança) e com algum afinidade, esta expressão proverbial de elogio à rapariga. É tão certinha como um fio de prumo!” (RUIVINHO 1993: 264-265).

*Assi com'eu beberia bon vynho d'Ourens
assy quera bon son d'O Cunctipotens
pera meestre Johan*

Durante séculos e ata tempos recentes Ourense (en toda a extensión da palabra) foi o epicentro da viticultura galega, aínda que a documentación medieval tamén constata o cultivo da vide na parte luguesa dos vales do Miño e do Sil; nas terras do Ulla; no Morrazo e no Salnés; na bisbarra das cidades de Betanzos, A Coruña, Pontevedra e Vigo e mesmo en boa parte da costa cantábrica de Lugo; naturalmente tamén no Bierzo e no Baixo Miño que en tempos foron parte de Galicia (VÁZQUEZ BERTOMEU (2005: 159). (DOMÍNGUEZ (2009: 132-137).⁹

Ben concretos son os datos do século XVI que encontrou o propio Filgueira Valverde (1947: 603): contra 1536 un funcionario dos Condes de Lemos, de apelido Olea¹⁰, anotou nas páxinas en branco dunha *Geographia* de Ptolomeo¹¹ informacións como estas:

Ay en Gallizia mucha tierra de bino e muy bueno: el Ribero de Avia, Orense, Lemos, Monterrey, Valdiorras, Quiroga, las Marinas, en todas estas tierras no saben los hidalgos, clerigos y labradores buscar cuberos para arcar cubas, sino que todos los saben echar y se precian dello, como si fuesen cuberos, y cada uno con sus criados y amigos arca sus cubas, e las aprieta, e tienen sus ingenios de hierro para ello, cada uno en su bodega" (OLEA-2: 1536, 330)¹².

Neste parágrafo xa se perfila o actual predominio da viticultura na metade meridional e máis cálida de Galicia e nas marxes dos ríos Sil e Miño; mesmo se citan varias das actuais denominacións de orixe coma O Ribeiro, Monterrei, Valdeorras e maila Ribeira Sacra (concepto comercial actual que o manuscrito separa en Lemos e Quiroga¹³).

⁹ DOMÍNGUEZ (2009: 134) ofrece unha estatística comparativa das catro provincias polas hectáreas dedicadas a viñedo entre os anos 1858-2000.

¹⁰ Natural de Villalpando (Zamora), veu a Galicia para traballar ó servizo do Conde de Altamira e despois pasou a traballar ó servizo do Conde de Lemos. Foi neste segundo emprego no que fixo as célebres anotacións manuscritas no libro de Ptolomeo.

¹¹ Os tales *Vocablos Gallegos Escuros* están escritos tralo verso do mapa 38 e tralo recto do 39 dun exemplar das *Geographicae Enarrationis Libri Octo* de Claudio Ptolomeo, editadas en Lyon en 1535. Filgueira Valverde foi quen nos seus anos de catedrático en Lugo descubriu este manuscrito e quen o deu a coñecer en 1947 (OLEA-1: 1947).

¹² Este manuscrito, que contén 150 voces da bisbarra de Lemos e outras noticias que o Bacharel Olea contra 1536 constitúe o primeiro traballo lexicográfico sobre o galego. En 1992 o propio Filgueira reeditouno, incorporándoo ó *Sétimo Adral* (1992: 34-48). Hai unha edición póstuma de Pensado Tomé (publicada por D. Messner) que é algo máis precisa nalgúns pormenores paleográficos pero que, sobre todo, aproveita para os comentarios lingüísticos os enormes avances da lexicografía galega posteriores a 1947, dos que en parte o propio Pensado Tomé é artífice (OLEA-2).

¹³ Hoxe os concellos adheridos á Denominación de Orixe Ribeira Sacra son, do lado lugués, Portomarín, Paradela, O Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil, Taboada, Chantada, Sober e Carballedo. E do lado ourensán: A Peroxa, A Pobra de Trives, Manzaneda, A Teixeira, Castro Caldelas, Parada do Sil, San Xoán de Río, Nogueira de Ramuín. Teñen a maior superficie de cultivo por orde decrecente os concellos de Quiroga, Pantón, Sober, O Saviñao e Chantada, aínda que a maior fragmentación (número de adegas) está en Sober, Chantada, Pantón e O Saviñao [<http://ribeirasacra.org/info.php?sec=7&idioma=gl>] [12/04/2016].

Aínda menta o viño das Mariñas (que podían se-las Mariñas de Betanzos¹⁴ e, daquela, tamén podían se-las Mariñas de Lugo¹⁵). Separa o viño de Ourense e, verbo disto, cómpre lembrar que na parte media do Miño houbo ata tempos recentes dous Ribeiros: o Ribeiro do Miño (de Ourense a Ribadavia) e o Ribeiro do Avia (de Ribadavia a Pazos de Arenteiro), aínda que no resto de Galicia e de España sempre se tivo o viño de Ribadavia polo verdadeiro *ribeiro* (REGUERA: 1840-1858 s.v. *ribeiro*). Sorprende que Olea non mente ningún viño pontevedrés, que hoxe está englobado na denominación Rías Baixas, pero os historiadores detectan que esa época foi mala para o viño e que os mosteiros pontevedreses autorizaban arrinca-las cepas e poñen-las terras a cereal: así o fixo o de Lérez a partir de 1561. Tamén se observa que a viticultura é explotación familiar.

Para esa mesma época o historiador Juega Puig ofrécenos unha visión máis equilibrada, por manexar moita outra documentación desa época:

Las regiones vitícolas por excelencia eran y continúan siendo, con la excepción de Ourense, por sus viñedos anegados por la expansión urbana, las situadas en el curso medio del Miño (ribeiros de Ourense y Ribadavia) y las centradas en torno a Chantada y Monforte de Lemos. El cultivo de la vid continuaba por el curso bajo a ambos lados de la frontera galaico-portuguesa, aunque perdiendo intensidad (Terra de San Martiño, Salvaterra, Monção, Tui...) y extendiéndose por las regiones costeras, en especial en el Salnés. Los vinos orensanos y avienses, en especial los blancos, eran los más valorados, a juzgar por las altas cotizaciones que alcanzaban; los del Baixo Miño, por la misma razón, deben considerarse de calidad mediana, como acontece con los del Val Miñor (A Ramallosa). El escalón inferior está ocupado por el vino de la tierra, las cosechas que se desenvuelven en torno a las villas y ciudades, en especial, las situadas en la costa, pero también en el rural compostelano (Val do Ulla y Mahía). Encontramos plantaciones de viñas suburbanas en Vigo, Redondela, Pontevedra, Padrón, A Coruña, As Mariñas de Betanzos e inmediaciones de Viveiro... Los centros urbanos demandan un vino barato y próximo. (JUEGA 2014: 362).

O mesmo historiador ofrece un interesante cadro en marabedís de prezos do azume¹⁶ que tiñan por esta época diferentes viños en Muros, segundo a ordenanza municipal:

¹⁴ O viño de Betanzos chegou a ter clientes na segunda metade do século XV na Bretaña francesa e mesmo algúns en Inglaterra e Irlanda (FERREIRA: 1988: 186).

¹⁵ Documéntase cultivo da vide no século XVI na Mariña luguesa en Viveiro e tamén en Mondoñedo.

¹⁶ Aproximadamente dous litros.

¹⁷ *Puerto* supoño que é Porto (Portugal) dado que se cita outro viño portugués (Monção) e tamén viño de Andalucía, aínda que en Galicia hai catro parroquias que se chaman *Porto* (nos concellos de Cabanas, Camariñas, Rubiá e Salvaterra de Miño), dous concellos (Porto do Son e Portomarín) e numerosos outros lugares. *Ullán* ou *ullao* parece orixinalmente "da Ulla", "da comarca do río Ulla" pero tamén se chamaba *illán* ou *illao* en tempos de Sarmiento (mediados do XVIII) ou máis xenericamente *viño da terra*, é dicir, de calquera terra non especializada en viño de calidade. Sarmiento falando do *illán* confesa que "Ni sé el origen ni por qué se llama así" (CatálogoVF 1745-1755).

	1558	1564	1570
Blanco de Ribadavia	22	26	22
Blanco de Andalucía	18	22	18
Blanco de Puerto y A Ramallosa	18	20	18
Tinto de Monção, Salvaterra y San Martiño	14	18	14
Ullán ¹⁷	12	13	12

Ese viño da terra ou viño ullán (tamén chamado illán e illao) corresponde á produción de cepas de baixa calidade e esixencias que a fins do século XV concellos como A Coruña, Santiago, Padrón, Muros, Noia e Pontevedra estimulaban que se cultivasen na súa contorna rural inmediato, poñendo mesmo dificultades á entrada de viño de fóra deses concellos. Pero cen anos despois a escaseza e baixa calidade do produto levou a autorizar que se arrincasen as cepas e que as terras se puxesen a producir cereal: documentouse isto en Noia, en Mondoñedo, en Ribadeo pero tamén en Léréz (Pontevedra). Betanzos resistía esta tendencia e seguían o seu exemplo Pontedeume e A Guarda.

Mentres o sur e o levante español exportaban viño cara a Italia e outros países, Galicia exportaba viño (maiormente do Ribeiro), a través do porto de Ribadeo, a todo o Cantábrico (maiormente ó País Vasco) pero tamén á Bretaña francesa, a Inglaterra e a Irlanda. Cando o cosmógrafo portugués Pedro Texeira elaborou por encargo do rei Felipe IV en 1634 un atlas iluminado de toda a costa peninsular, dende Hondarribia ata Roses (Girona), ofrece 19 láminas de Galicia e nos comentarios di de Ribadeo o seguinte:

Acuden muchos navíos con mercancías a este puerto y a cargar en él maderas y vinos que a esta villa de Ribadeo traen de la de Rivadavia (TEXEIRA 2002: 325).

Os arrieiros que levaban viño de Ribadavia a embarcar en Ribadeo regresaban cargados con madeira das carballeiras de Ribadeo para as doelas das pipas e bocois e tamén con ferro do País Vasco para os aros. Importante industria de toneleiros habíaa en Pontevedra:

El comercio de la madera, centrado en la desembocadura del Eo, es seguido a través de las demandas de los toneleros pontevedreses, que llegan a establecer en Ribadeo una base de mercadeo de los vinos orensanos (JUEGA 2014: 25).

Se o viño de Ribadavia chegaba ó estranxeiro (Cervantes citao en Italia) e se Pontevedra (daquela a cidade máis grande de Galicia) consumía viño de Amandi, tamén está estudada a proxección doutros viños galegos noutras direccións. Espero as actas dun interesante curso da UNED (2011) titulado *O Duque de Lancaster: Inglaterra e o comercio do Ribeiro* [<http://www.fruga-galiza.org/agv/2011/07/10/o-duque-de-lancaster-inglaterra-e-o-comercio-do-ribeiro-resumo-e-conclusions/>].

Todas estas referencias, aínda que mínimas, a viños de diferentes terras de Galicia eran indispensables para este traballo que só pretende contextualiza-los refráns galegos da viticultura.

2.2. A misteriosa cepa albariña

Albariña é a cepa que produce o viño galego que hoxe ten máis predicamento no mundo. Parece que a primeira mención da cepa albariña é en Santa Baia de Tui en 1541 (IGLESIAS ALMEIDA-MÉNDEZ CRUCES 1997: 80) cen anos antes do xeógrafo Texeira¹⁸ e que pouco despois se detecta en Darbo, en Léréz e que se vai estendendo por todo O Salnés e O Baixo Miño, co que a actual provincia de Pontevedra se acabou convertendo na gran competidora do Ribeiro. Pero sorprende que, sendo unha cepa de nome tan sonoro e con cinco séculos de presenza en Galicia, non apareza no refraneiro nin no cantigueiro popular. Documenta o seu cultivo, como veremos Antonio Casares en 1843; e a primeira mención literaria faina Rosalía de Castro en 1880 (CASTRO, R. 1880: 220)

*Ou, miña parra de albariñas uvas,
que a túa sombra me dá*

O TILG [<http://ilg.usc.es/TILG/>] só documenta 4 citas no séc. XIX, e máis da metade das citas son posteriores á autonomía de Galicia (1981)¹⁹. Todo isto parece indicar novidade máis ca antigüidade.

Aínda que *viño albariño* é unha denominación varietal, non xeográfica, axudou moito a transforma-la viticultura galega do occidente galego, pois foi o albariño o primeiro que nos tempos modernos tivo unha cata anual (1953), un Parador Nacional do Albariño (1965) e un Capítulo Serenísimo (1969) que funcionou case como un Consello Regulador. Cambados é a vila do albariño, aínda que albariños de calidade críanse hoxe en moitas outras partes do suroeste de Galicia, en Ourense e mesmo se introduciu o cultivo desta cepa nalgúns países de América.

2.3. Castes de vides antes das tres pestes do século XIX

Confeso que me gustan os libros incitadores. A lectura do libro *A Rosa do viño* do historiador Xavier Castro, especialmente o capítulo “Viño e cuestións identitarias” (CASTRO 2010: 207-243), fíxome descubrir e interesarme por un traballo de 1843 do catedrático de Química Antonio Casares Rodríguez (Monforte 1812 – Santiago 1888), que, na primeira metade do século XIX analizara tecnicamente a viticultura galega. O

¹⁸ É unha afirmación que se repite, atribuíndolle a súa difusión unhas veces ós frades do Císter e outras veces ós de Cluny, chamándolle algúns *viño do Císter* ó viño albariño (CASTRO 2010: 230). O certo é que os documentos monásticos medievais están ategados de aforamentos e mesmo de compras de terra afastadas do propio mosteiro para plantar e coidar viñedos (VÁZQUEZ BERTOMEU 2005: 161). Tamén se di que esta insistencia empresarial na viticultura se debía a que os frades precisaban viño para as misas do mosteiro e das igrexas dos seus prioratos pero esa cantidade é tan insignificante que non xustifica tantas compras e aforamentos de viñedos, que por forza teñen que deberse ó valor comercial do viño, que, este si, podía contribuír á economía xeral do mosteiro. Debo ó historiador Pegerto Saavedra, experto en libros de contas dos cistercienses, a noticia de que os frades bebían viño tinto e que o branco só o usaban para misar, cociñar e vender.

¹⁹ A dici-la verdade, tamén sorprende o propio nome, xa que o apelido *Alvarinho* (sempre con uve) concéntrase en zonas nas que a viticultura é irrelevante: Cospeito, As Somozas, Xermade, Vilalba, Moeche, Abadín, As Pontes de García Rodríguez, Neda, Guitiriz, Fene, Narón, Rábade, A Capela, Monfero, Cabanas... (e tamén en Fornelos de Montes, A Lama, Pazos de Borbén etc.).

reconto que o químico Casares fixo en 1843 das máis importantes variedades de cepa que se cultivaban en Galicia resulta hoxe unha noticia case arqueolóxica, porque é unha descrición técnica anterior ás tres pestes que asolaron a viticultura no século XIX e porque describe prácticas boas e malas da viticultura galega de hai case 170 anos que hoxe son unha rémora e tamén un estímulo.

Citarei varias veces ese traballo de Casares porque está máis preto ca nós da viticultura que codifican os nosos refráns, aínda que os refráns pouco falan das variedades de cepa. O viño era branco ou tinto, sen máis.

VIDES DE GALICIA DE ANTES DAS TRES PESTES DO XIX sg. Antonio Casares 1843; 10-15			
Uva branca	NOME DA VIDE	ZONA DE CULTIVO	CARACTERÍSTICAS
	Comprao	Ribeira de Amandi	É o que utilizan para o tostado.
	Verdello ou parpal	O Ribeiro	Unha variedade diferente que chama <i>verdejo</i> é a que utilizan para o <i>tostado</i> .
	Treixadura	O Ribeiro, A Ulla, O Salnés e outras	Uva de garda e dá bo viño.
	Terrantés	O Ribeiro, A Ulla, O Salnés	Sabor doce.
	Albariño	O Salnés, A Ulla, O Ribeiro	
	Oubiña	O Salnés	
Uva tinta	Albarelo (Uva negra, uva galega, brancellao)	O Ribeiro, Amandi, Lemos, Quiroga, Valdeorras, Monterrei	A variedade máis abundante en Galicia por ser de longa vida tanto a cepa coma o viño que producía, aínda que tarda en madurar e por iso precisaba sitios cálidos
	Castelá, Ullao	Lemos, A Ulla	Producía moito pero estragábase a uva se viña un outono con choiva e tamén o viño era malo de conservar.
	Mouratón	Valdeorras	Aprezada porque daba cor a outros viños.
	Brencellao	Lemos	Pouco apreciada daba viño frouxo e de pouca cor.
	Caíño arnoés, caíño rubio	O Ribeiro	Algo áspero pero moi apreciado porque daba cor e conservábase ben
	Carnaz, Dozal, Cachiño	O Ribeiro	Uva para comer pero da viño frouxo
	Nobal	Ribeira do Miño	
	Tinta femia	A Ulla, O Ribeiro, O Salnés	
	Espadeiro	O Salnés e nalguna zona do Ribeiro	
Outras	Pica el polo, Revoleiro, Moza fresca, Nápar, Columbrazo, Miñón, Serradela etc. Son castes que teñen pouca extensión ou non tivo ocasión de analizar.		

A descrición que fai Casares atende ás características das distintas partes da cepa, da súa folla, da feitura dos acios e das uvas, e da súa área de difusión. Non esquece sinalar que baixo case un mesmo nome (*brencellao* de Lemos e *brancellao* do Ribeiro) temos especies moi distintas. Estamos ante o precedente do que hoxe será a viticultura científica

(da que falarei algo en 2.6), que ten a súa parte teórico-experimental na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)²⁰ situada en San Clodio (cunha estación experimental en Ribadumia) e que felizmente ten o seu complemento na práctica vitícola e comercial de non poucas Adeegas que hoxe aplican con rigor a ciencia á produción e á comercialización. Isto é tan novo que podemos dicir que a viticultura vive en Galicia un período de esplendor.

Veremos que o refraneiro fala dunha viticultura antiga, en parte felizmente superada, pero nalgunhas paremias salta a sorpresa da observación de valor perenne.

2.4. Axofrado contra as tres pestes (oidium, mildeu, filoxera)

Sorpréndeme que dos moitos temas sen refrán un deles é o do axofrado (só encontrei dous: 87 e 248). Probablemente porque é un problema recente (de metade do século XIX para acá) e iso constitúe tamén un indicio para saber de que época son os refráns ou, se se quere, canto tempo precisaba un refrán para formarse e para entrar en circulación naquela sociedade que carecía dos actuais medios de comunicación.

Na historia recente da viticultura galega houbo tres episodios graves que provocaron a morte masiva de cepas. Seguirei nisto a síntese do historiador Xavier Castro (CASTRO 2010: 209-212). O oidium é un fungo que parasita as follas. Chegou dos Estados Unidos a través de Portugal contra 1850. Primeiro atacou as vides de Trives, despois as de Monterrei e en 1852 xa se espallara pola provincia de Pontevedra. O axofrado anticriptogámico iniciouse en Trives en 1861 e en 1870 xa en toda Galicia. Din os entendidos que se salvaron moitas cepas pero que xa nada volveu ser igual.

O mildeu (do inglés *mildew* “balor”) apareceu en 1885: é un fungo que se desenvolve no interior das follas pero tamén no bacelo e na uva. Este andazo tivo especial virulencia na provincia de Pontevedra e estendeuse axiña. Pero neste caso empezouse a combater xa en 1886 sulfatando cunha mestura chamada *caldo bordelés* (sulfato de cobre e cal). O tempo demostrou que o remedio era eficaz se se sulfataba varias veces, segundo a situación da cepa e das follas o ía pedindo. Isto introduciu unha novidade na viticultura, porque o labrego se tivo que afacer a estar visitando en certos meses as súas cepas acotío para ver cando lle *piden a man de sulfato*. O resultado non só é un aumento dos gastos de produción senón que na economía simbiótica típica de Galicia, certas grandes empresas notaban uns aumentos do absentismo laboral cando as cepas pedían a inaprazable man de sulfato.


O terceiro andazo e o máis perigoso foi a filoxera. A filoxera é un insecto hemíptero, procedente de América do Norte, que primeiro ataca as follas e despois as raíces das cepas. O perigo está en que se reproduce a tal velocidade que en pouco tempo dá matado o viñado de toda unha comarca. Curiosamente apareceu antes en Francia e Centroeuropa entre 1860 e 1880, pero a Galicia disque chegou dende Portugal (1882 Vilardevós e Verín) e en pouco tempo arrasou os viñedos de Valdeorras. En 1887 arrasaba os viñedos dos arredores da cidade de Ourense pero tiña pouca incidencia en Ribadavia. En cambio, esta

²⁰ http://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion_e_formacion/centros_de_investigacion/evega/.

peste entrou tamén de Portugal a Salvaterra de Miño (1899) e axiña devastou O Salnés e en 1906 estaba nos arredores de Pontevedra. Aquí parece que o vento dominante do oeste mareiro e o feito de te-lo viño en parras parece que frearon o avance do insecto. Pero onde entrou o remedio químico (sulfuro de carbono) resultou ineficaz. Houbo que arrinca-las cepas enfermas. E o Estado non declarou a *calamidad pública* ata 1884 e ata 1888 non deu unha Real Orden para autorizar viveiros de cepas americanas (inmunes á filoxera) que servisen de patrón para enxertar nelas bacelos de cepas do país e poder recuperar algo do que un día Galicia tivera (CASTRO 2010: 209-212).

2.5. A viticultura galega no cambio de milenio

Se no tempo de Cervantes o viño de Ribadavia (hoxe máis coñecido como viño do Ribeiro) era dos de máis sona e de máis prezo da Península Ibérica, nos últimos séculos a produción fôrase reducindo ó autoconsumo. Pero nos últimos cincuenta anos, maiormente dende a entrada de España na Unión Europea (1986), o campo de Galicia especializouse: simplificando bastante, podemos dicir que a metade norte (Coruña e Lugo) especializouse na gandería sen viticultura e a metade sur (Ourense e Pontevedra) na viticultura sen gandería.



As cinco denominacións de orixe dos viños de Galicia.

Obsérvase a desaparición dos viños setentrionais: (As Mariñas de Betanzos e As Mariñas de Lugo) e a concentración da produción vinícola na metade meridional de Galicia [<https://gl.wikipedia.org/wiki/Vi%C3%B1o>].

Nos dous sectores (gandeiro e vitícola) moitas familias ou cooperativas ou empresas aplicaron unha estrita planificación científica e económica. No sector vitícola unha severa

racionalización confluíu co mellor da tradición: xa ninguén acorda o transporte de viño en pelellos do que aínda falan algúns refráns; tamén desapareceu o uso de botas de viño²¹.

No último terzo do século XX o mercado aprendeunos a lección de que a cantidade produce excedentes pero que a calidade abre as portas do mundo. Na miña idea foi importante a información sólida, transparente e incitadora das boas prácticas que en 1979 divulgou o libro de Xosé Posada (POSADA 1979). Catro anos despois interviron algúns viñateiros innovadores e técnicos que orientaron con palabras, escritos e feitos²². En 1985 España ingresa na Comunidade Económica Europea e a disciplina de mercado faise inapelable²³. Xavier Castro sintetiza ben este proceso no que non faltou o alento emocional dalgúns intelectuais que animaban a crer en Galicia crendo nas cepas autóctonas (CASTRO 2010: 220-229). O longo esforzo de introducir unha radical mellora das técnicas e dos procesos vitivinícolas fixo que Galicia volvese incorpora-los seus viños á vangarda internacional, con 10.433 ha dedicadas a este cultivo en 2014, agrupadas en cinco Denominacións de Orixe (Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra)²⁴, recuperáronse as uvas autóctonas tintas (*brancellao, espadeiro, loureiro, sousón, mencia, caiño*) e brancas (*albariño, caiño, treixadura, loureiro, torrontés, godello*).

É ben sintomático que a recuperación da calidade trouxese a primeiro plano cepas de nome inequivocamente galego e deixase na sombra cepas de nomes foráneos. O albariño acadou sona de ser un dos mellores brancos do mundo.

Pero tamén é salientable o aumento da produción: no 2014 producíronse 49.352.217 quilos de uva (que deron 34.990.846 litros de viño), no 2015 foron 63,5 millóns de quilos de uva²⁵. Os 16.171 viticultores asociados nas cinco denominacións representan unha das maiores empresas de Galicia²⁶, estimando que a facturación supera os 150.000.000 €. O viño a granel só se dedica ó autoconsumo, mentres que as cinco denominacións introduciron marcas comerciais que consolidaron o seu prestixio en Europa, América e Asia.

É importante constatar que en Galicia, aínda que sempre se falou dos prestixiosos viños de Ribadavia ou do Ribeiro, dos de Lemos ou Quiroga (Ribeira Sacra), dos de Valdeorras, sempre houbo un viño de menor calidade destinado ó autoconsumo: en

²¹ Con todo véxase o que direi comentando o refrán 204.

²² Foi importante o pronunciamento en 1983 da Asociación de Científicos e Tecnólogos de Alimentos nas Xornadas Técnicas para a Mellora dos Viños Galegos coordinadas por J.L.Hernández Mañas, J. A Iglesias, José Posada e M. Posada (CASTRO 2010: 223), no ronsel dun libro que tivo moita circulación (POSADA 1979).

²³ No ámbito estatal é de aplicación a Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e no europeo, desde 2008, é de aplicación unha nova regulación contida nos regulamentos do Consello R(CE) 479/2008 e R(CE) 491/2009 e no Regulamento da Comisión R(CE) 607/2009. Véxase, por poñer un caso, o Regulamento da denominación de orixe Valdeorras e do seu Consello Regulador: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20091130/Anuncio4098A_gl.html (DOG 30.11.2009).

²⁴ A cronoloxía do nacemento dos Consellos Reguladores das D.O. é esta: O Ribeiro (1957), Valdeorras (1957), Rías Baixas (1988), Monterrei (1994), Ribeira Sacra (1996). (DOMÍNGUEZ (2009: 137).

²⁵ http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/01GALICIA_tcm7-352414.pdf.

²⁶ Descargo estes datos do *Faro de Vigo* (30.8.2015; Suplemento *Estela*, p.2) que cita como fonte a información oficial da Xunta de Galicia.

séculos diferentes chamouse *viño da terra* ou *viño ullao*; máis recentemente *viño do país* ou *viño da casa*.

No século XIV Galicia exportaba bacelos e, trala ruptura do mercado inglés, exportou traballadores dos que a tradición oral asegura que fixeron no Douro socalcos semellantes ós que había na Ribeira Sacra e que tamén lles aprenderon a elabora-lo doce coñecido *vinho do Porto*, tan sorprendentemente semellante ó *viño tostado*²⁷ tradicional de Ourense.

Hoxe, no 2015, a viticultura galega mantén os seus tres tipos distribuídos por zonas e microclimas: *cepa baixa*, *espaller en liña* e tamén *parra*. A *cepa baixa* ou *cepa rasa* dáse na zona suroriental por ser máis cálida. O *espaller* é máis frecuente na zona suroccidental e máis próxima ó mar. Na zona occidental e septentrional a *parra* é a forma máis cara²⁸ pero máis eficaz de aproveitar ó máximo a insolación. A *parra*, que crea espazos de sombra no eirado das casas e que mesmo cubre camiños (e cubriu e rúas urbanas), é un elemento tan característico de Galicia que algúns galegos levárono ás súas casas noutros lugares de España e de América. É como un salón exterior, no que non só se mazaba o liño ou aínda se debullan as fabas senón tamén onde se reciben as visitas no verán; tamén é un espazo de intimidade nos momentos axeitados (CASTRO 2009).

Pero dos tres sistemas merece destacarse, polo esforzo humano que acumula, o cultivo en socalcos característico sobre todo da Ribeira Sacra, con pendentes de inclinación extrema e que teñen consideración de *viticultura heroica*.

Para falar do número, nomes e características técnicas das distintas cepas hoxe cultivadas en Galicia é imprescindible consulta-la obra colectiva e actualizada que coordinou Díaz Losada (DÍAZ 2011). Pero, como queda dito, é xusto recoñece-lo labor pioneiro dos anteriores, dende os frades medievais, pasando por Antonio Casares, a tódolos técnicos que puxeron a luz da razón científica ó servizo da viticultura galega. Mesmo así aínda estamos –ou así mo parece– no estado que en 1992 dicía P. Rézeau que estaban os franceses: non temos un estudo dos nomes das cepas á altura da sona internacional dos viños que producen (RÉZEAU 1992; 1998).

Os refráns que vou reproducir e, nalgún caso, anotar responden á agricultura tradicional. Neles poderase ver, unha vez máis, que a linguaxe da cultura tradicional vehicula verdadeira ciencia pero faino nun formato estilizado que facilita a memorización: o refraneiro é un manual científico para sabios e analfabetos porque a concisión, a rima, o ritmo e as imaxes son un recurso didáctico de eficacia universal. Esa é a súa excelsa función social.

2.6. Unha palabriña sobre san Martiño de Dumio no refraneiro

O culto de san Martiño de Tours (316-397), o militar *pannonio*²⁹ que partiu a capa cun pobre, foi moi difundido na Gallaecia por outro Martiño, tamén *pannonio* de orixe (510-

²⁷ Véxanse as normas do tostado do Ribeiro. <http://ribeiro.es/nuestros-vinos/vinos/proceso-elaboracion-tostado/>

²⁸ Porque vai montada sobre padias de granito e vigas de carballo ou castiñeiro trenzadas con aramio e barrotes de pino.

²⁹ Martiño de Tours naceu en Sabaria (hoxe Szombathely), pertencente daquela á provincia romana de Pannonia

579), que morreu en Braga. Este segundo san Martiño traballou moito por difundir-lo culto do seu compatriota Martiño de Tours e por extirparlles ós galaicos os elementos relixiosos pre-cristiáns (culto ás pedras, ás árbores, ás fontes etc.). Expresamente loitou por retirar do uso os nomes pagáns dos días (*luns, martes, mércores* etc., dedicados a homenaxealos deuses Lúa, Marte, Mercurio, Xove, Venus, Saturno e o Sol³⁰) e propuxo deixa-lo *sábado* e o *domingo* e usar, en cambio, *feria II* (luns), *feria III* (martes), *feria IV* (mércores), *feria V* (xoves), *feria VI* (venres), *sábado* (do hebreo *shabbat* ‘descanso’) e *dominicus* (‘día do Señor’). Nisto tivo éxito total na lingua portuguesa e parcial na galega: da supervivencia da denominación por *feiras* no galego de fin do século XX hai precisa información no Atlas Lingüístico Galego e en FERNÁNDEZ REI (2002: 162-168). Para unha lectura latina do seu *De correctione rusticorum* véxase [https://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lspost06/MartinusBraga/mar_rust.html]. Para unha lectura galega e valoración crítica véxase LÓPEZ PEREIRA (1996 e 1997).

É moi verosímil que da predicación de Martiño de Dumio proceda tamén a eliminación dos deuses pagáns implícitos nos nomes dos meses (Xano, Febrea, Marte, Afrodita, Maia, Xuno) ou os de políticos romanos (Xulio César e Augusto): porque o feito é que o refraneiro (e o uso popular aínda parcialmente vivo) adoita denominar meses e días con nomes dos santos ou santas que neles se celebran, como se ve no seguinte cadro:

Deus romano	Mes romano	MES	SANTO que designa o mes no refraneiro
Ianus	Ianuarius	Xaneiro	Antón (17)
Febrea	Februarius	Febreiro	Candeloria (2), Brais (3)
Mars	Martius	Marzo	Xosé (19)
Apru (Afrodita)	Aprilis	Abril	Marcos (25)
Maia	Maius	Maio	Santa Cruz (3)
Iuno	Iunius	Xuño	Antón (13), Xoán (24)
Quintilis > Iulius Caesar	Iulius	Xullo	Mariña (18), Santiago (25), Ana (26)
Sextilis > Augustus	Augustus	Agosto	María ou Nosa Señora (15), Roque (16), Lourenzo, (O Queimado) (10), Bertomeu (O Esfolado) (24)
	September	Setembro	Remedios (9), Mateo (21), Miguel (29)
	October	Outubro	Lucas (18)
	November	Novembro	Martiño (11), Santos (1)
	December	Decembro	Nadal (25)

e hoxe pertencente a Hungría, preto da fronteira con Austria. Martiño de Dume era tamén da Pannonia (que equivale en boa parte á actual Hungría pero que en diferentes épocas tivo tamén partes do que hoxe son Eslovaquia, Austria, Eslovenia, Croacia, Serbia e Bosnia-Herzegovina).

³⁰ Para os romanos tanto a Lúa coma o Sol eran astros pero tamén divindades, tiñan templos a ceo aberto e tamén as súas festas: coma tal, o 28 de agosto había 24 carreiras de carros no circo e a *spina* estaba presidida por unha imaxe da deusa Lúa, á que lle engadían epítetos como *Regia*, *Augusta*, *Aeterna* ou *Lucifera* (DAREMBERG ET SAGLIO s.v. Luna).

Cómpre dicir que no mundo rural galego (creador e usuario do noso refraneiro) o uso de denomina-los meses polo nome dun santo ou santa (que neles se celebra) é aínda tanto ou máis usual có uso dos nomes romanos. O lector urbano, en cambio, ten un uso moito menor destes nomes de santos e por iso en cada caso deberá volver ó cadro anterior e tamén eu lle situarei no calendario os refráns afectados.

3. Refraneiro galego da viticultura

3.1. Límites e criterios deste traballo

Como o título indica, este traballo é refraneiro da viticultura: polo tanto exclúo aquí non só o refraneiro da vinificación (proceso de elaboración e conservación do viño) senón tamén o dos usos do viño (uso, abuso e referente).

Utilizo só refráns vivos, de tradición oral ben documentada, como se verá, e por veces, en varios lugares do dominio lingüístico galego.

Tratándose dunha recadádiva paremiolóxica, exclúo unidades que figuran en diferentes colectáneas pero que, se ben se mira, non son paremias. Tales como as fórmulas

1. ***Gábate, cesta, que vas prá vendima.*** Diselle ó presumido (42701).

2. ***Moita borra, moita borra, e os bocois vacíos.*** (VAZSACO) (16514).

Exclúo, tamén, aquelas unidades que ben se poden cualificar de lemas publicitarios coma este: *O mencia de Adegas San José, ¡que bo viño é!* (23911:212).

Finalmente, exclúo un reducido grupo de refráns deste campo semántico, porque, sendo gravemente ofensivos á dignidade das mulleres, coido que non podemos cualificalos como cultura nin como cultura popular, de xeito que nada se perde con que vaian desaparecendo da memoria colectiva.

Na edición dos refráns, de tantas fontes diferentes, e para facilita-la lectura a moita xente diferente, permítome unifica-la ortografía sempre e cando non oculte a forma léxica ou gramatical da fonte: e así axeito á convención ortográfica actual grafías como *d'o*, *n'a*, *hastra en do*, *na*, *astra* (naturalmente inclúe os *hoje* ou *engerta* de Marcial Valladares, que escribo *hoxe*, *enxerta*). Pero non modifico variantes dialectais (*vendimia*, *vendima*, *vindima*) nin *resteba* por *restreba*; *xiada* por *xeada*, e, sobre todo manteño as variantes que veñen esixidas por unha rima (*reculle* cando rima con *octubre*). Caso diferente é o dalgúns refráns non ben logrados, que conteñen formas anómalas como *a mel miña* que debía ser *o mel meu*: neste caso, e tratándose dun corpus no que hai moita variedade, debo reproducir esa anomalía, porque rima con *vendima*. Caso máis difícil é o das *brevas*: recentemente a norma académica mudounas a *béveras* aumentando unha sílaba e rompendo a métrica dalgúns refráns; non vexo outra solución que antepoñerlles un asterisco, que avisa da súa non aceptabilidade.

Nalgúns casos un refrán aparece seguido dunha breve explicación do colector. Incorporo estas explicacións, sempre valiosas, pero non as marco graficamente, porque se detectan

por iren antes da referencia numérica e tamén por conteren algún detalle ortográfico ou morfolóxico anterior ás *Normas* do galego (2003).

A métrica dos refráns galegos e maila correcta lectura de calquera texto galego esixe facer sempre as preceptivas elisións de vogais finais átonas, que a grafía actual non reproduce (dando falsa aparencia da existencia de hiatos entre palabras): lembremos que a ortografía medieval (como se viu en 1.1.), a do século XIX e maila de principios do XX aínda marcaba, coma noutras linguas románicas, esas elisións: *Pan d'hoje, carne d'onte e viño d'antano, manteñen ò home sano.* (VALLA7:31). *Pan d'hoxe, carne d'onte e viño d'antano, manteñen o home sano.* (CARU:21.12.1888).

3.2. Fontes desta reflexión paremiolóxica

As fontes de información son maioritariamente as que conforman o Tesouro Fraseolóxico Galego (en construción no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades³¹).

3.3. Obxecto desta reflexión paremiolóxica

A reflexión paremiolóxica que ofrezco pretende homenaxear cantos amantes da terra souberon recuperar valiosas especies case perdidas, mellorar técnicas e entrar en mercados internacionais. A restauración exitosa dun antigo proceso económico require enxeño e traballo perfectamente parangonables á creación artística dunha epopea pero parécese máis a un éxito científico porque require, ademais, a sinerxia de equipos de traballo interdisciplinares nos que o éxito, cando chega, é sempre mérito colectivo. A viticultura galega, para coloca-los seus viños entre os mellores do mundo, tivo que seleccionar e recuperar patróns e superar moitos obstáculos climáticos e edafolóxicos que podemos simbolizar nesa viticultura da Ribeira Sacra en socalcos que salva pendentes vertixinosas (con razón chamada viticultura heroica), porque ten pendentes do 80%.

Un exemplo é o caso de Fidel Pérez Durán, da parroquia de Doade (Sober), que ideou un carril elevador de uva³² partindo da súa experiencia de emigrante en Alemaña e que o inaugurou o 8.5.1999: di que lle custou millón e medio de pesetas e que a xente dicía “Fidel está tolo”. Pero o mestre José Manuel López Santos asegura que el, partindo de algo que viu no Valle de los Caídos, xa deseñara e instalara o seu propio carril en 1995, catro anos antes, no seu viñedo Pena Escura, no lugar do Coio Branco, parroquia de Amandi (Sober)³³. Fose quen fose o primeiro, a tecnoloxía creada no concello de Sober está sendo incorporada gratuitamente por case tódolos viñateiros innovadores.

A linguaxe figurada do refraneiro expresa a delicadeza do proceso vitivinícola con esta imaxe: *Ó neno e ó viño, moito cariño*. O éxito só se produce con atención intelixente, constante e xenerosa e se, ademais, a sorte acompaña.

³¹ Agradezo tamén ó profesor Xosé María Gómez Clemente que compartise comigo 15 variantes que tamén existen nun *Refraneiro* inédito de Vicente Risco e do que el prepara a edición: a esas 15 variantes une 2 formas que eu descoñecía (247 e 262).

³² <https://www.youtube.com/watch?v=c6ttBvLcz-U> [4.11.2015].

³³ <http://blog.vinosacra.es/2013/09/23/carril-elevador-de-uva-en-ribeira-sacra/> [4.11.2015].

3. ***Cuida ben a viña, si queres que despois che dea unha boa parviña.*** (VAZSACO1:61,424).

O lector debe saber que *parva* é o tentempé que ata mediados do século XX se lles levaba por cortesía á sacristía ós curas o día da festa, porque a misa cantada se celebraba ás doce da mañá e daquela o sacerdote que misaba tiña que estar en xexún dende as doce da noite anterior e os outros curas tiñan que vir das parroquias limítrofes a pé ou a cabalo. O substantivo galego *parva* é a implicación da denominación latina do almorzo: *parva collatio*. Por analoxía tamén se lle chamaba *parva* á comida e bebida que a media mañá se lles levaba á veiga ós veciños que axudaban nos traballos agrícolas que requirían axuda veciñal recíproca. *Unha boa parviña*, polo tanto, é unha forma delicada de dicir *unha gran colleita*.

4. ***Meu pai ten unha viña: non a cava nin a renda e tampouco a vendima.*** (VAZSACO1:694,8495).

Se os viñadores galegos poden ver aquí espellados unha parte dos seus saberes, os paremiólogos poderán encontrar asuntos de non menor interese científico.

3.4. A que viticultura se refire o corpus paremiolóxico: autoconsumo e policultivo

O corpus paremiolóxico que aquí se vai reproducir, aínda que, na súa maior parte, pode aplicarse á viticultura moderna e empresarial, nace da experiencia e das preocupacións da época autárquica (viñedos de dimensión familiar destinados ó autoconsumo) e corresponde con este tipo de mal chamada empresa, como se verá na insistencia en que a viña sexa visible dende a casa, en que non estea ó pé dun camiño para evita-los roubos de uva e en ter algunha cautela cos veciños:

5. ***O bon viño fai o mal veciño.*** Porque “el buen vino hace mala cabeza” (R. Marín) (VAZSACO1:469,12097).

Outro refrán revela que a empresa familiar -por chamarlle como lle chama o Estado- non é unha empresa que produza un produto para o mercado: un refrán di expresamente que a viticultura debe reducirse ó autoconsumo; é dicir, o viñateiro debe producir só o que vaia beber.

6. ***Viñas, cantas bebas; terras, cantas vexas.*** (RODGO3:420). (VIÑO:378). (34401:85).

E outro refrán completa o anterior dicindo que a produción non debe ser de monocultivo, senón de policultivo: o labrego galego debe producir só e tódolos alimentos que precisa para sobrevivir. Dous refráns dino con claridade:

7. ***O viño na cuba non fai o traballo.*** (32715:69).

8. ***O viño na cuba non sementa o millo.*** (32715:69).

É dicir, o feito de ter xa o viño depurándose e madurando na cuba non remata o traballo. O remate do traballo vitícola é simplemente o paso a outro traballo agrícola complementario. Este refrán expresa moi ben que a viticultura tradicional galega, coma toda a agricultura tradicional, oriéntase primordialmente ó autoconsumo. Mentres *viño na cuba* (final simbólico do proceso produtor) implicaría nunha Adega Comercial iniciar xa o proceso

comercializador, na adega doméstica significa que os esforzos da familia teñen que estar xa orientándose a outras tarefas agrícolas paralelas e necesarias; alguén ten que estar xa apañando e debullando as fabas, normalmente traballo das mulleres. Máis en diante falarei de que na parte oriental de Galicia e no Bierzo se recomenda podar trala vendima, cando as cepas aínda teñen folla (**125).

9. ***O viño no lagar e as fabas no fabal.*** (VAZSACO:76,1825). (VIÑO:453).

Ter viño na cuba é unha regalía que costa un ano de traballo, pero a fiscalmente chamada empresa familiar, para poder subsistir, debe realizar moitos outros traballos especializados e facelos cun calendario laboral no que non hai vacacións e, habendo gando, tampouco permite o descanso de fin de semana.

O refraneiro é a visión dunha experiencia multiseccular, a visión do pasado.

Pero, aínda que moitas destas parecias nos falan da produción vinícola dunha época diferente e superada, unha boa parte dos consellos de viticultura e de vinificación manteñen a súa validez na viticultura actual que busca consolidar un espazo propio no mercado internacional refinando a calidade ecolóxica de todo o proceso.

3.5. Viticultura. Escolla do lugar e do tipo de terra

O químico Antonio Casares fixo en 1843 unha análise dos chans e das cepas de Galicia. Empezou observando que:

[...] los celebrados vinos de Valdeorras y Quiroga vegetan en tierra procedente de la desagregación de las pizarras: las que se cultivan en las márgenes del Avia, Miño, Ulla i parte del Sil crecen en la que resulta de la desagregación del granito i gneis, rocas feldespáticas; las viñas de Lemos, Monterrei, Salnés i Martiñas viven en terrenos margosos o de aluvión (CASARES 1843: 5).

Considera que esa diferenza inflúe pouco (quizais algo máis a maior cantidade de hidróclorato de potasio que observa no Ribeiro e Amandi) pero el atribúe máis importancia á cantidade de sol, que explica a diferenza entre os viños da Ulla, Mariñas e Salnés comparados ós de Valdeorras, Amandi e Ribeiro. Mesmo sinala a diferenza entre o viño de Amandi das viñas da ladeira N. do Sil (expostas ó SE) e as da ladeira S, expostas ó NO lembrando aquel verso das *Xeórxicas* de Virxilio:

Neve tibi ad solem vergant vineta cadentem (Georgicae 2, 298)³⁴.

Fala deses sabios socalcos de pedra que non só protexen as cepas das escorrentías que deixarían as raíces ó descuberto, senón que fan que ningunha cepa faga sombra a outra. E lamenta que nos vales non se orienten as fileiras de Este a Oeste e alternando as cepas de xeito que unhas non fagan sombra ás outras. A uva, maiormente na maduración, precisa unha temperatura superior sempre a 20° para te-la cantidade de azucre indispensable para unha boa fermentación posterior.

³⁴ ... e que as túas viñas non se orienten ó solpor”.

Casares atribuíu a esa orientación a maior calidade dos viños das ribeiras do Miño, Sil e mesmo do Avia.

Vexamos agora como o refraneiro di con outras palabras o mesmo có sabio químico Casares. Di que a viticultura debe empezar por dúas escollas decisivas: o tipo de terra e a caste de cepa que se vai plantar.

O primeiro de todo é que a terra capte o sol, que sexa sollosa:

10. ***Se queres coller bo viño pranta a viña cara ó solliño.*** (ALVAG:29). (VIÑO:476). (MOREI1:95). (CONDE:178).

11. ***Se queres coller viño bo, procura que á viña lle dea o sol*** (23911:216). (23911:216).

O colector (ALVAG) comenta: "Si quieres coger buen vino, planta la viña frente al sol del mediodía". E Rivas Quintas di: "A boa postura, a que mellor lle vai á uva, é ò mediodía, que madura ben e colle grados" (RIVAS 2010: 109).

A realidade é que este refrán dá razón da maior parte das viñas galegas. Galicia é terra de montaña e poucas chairas, é dicir, de moitos lugares sollosos e de moitos lugares avésios, pero tódalas viñas están orientadas ó sol. Algúns dos máis reputados viñedos plantáronse hai agora uns trinta anos, despois de estudar con rigor cal era o lugar de Galicia con máis horas de sol.

A segunda condición facilita a viticultura: terra para viñado non ten por que ser terra especialmente rica, como esixen os produtos de horta e cereais; é xeitosa unha terra seca:

12. ***A mellor terra, pra legumes e cereales; a mediana, pra viñas e olivares*** (23911:1:68).

13. ***A viña en seco, a horta con rego.*** (GOLPE:6).

A terra para viñado debe tirar a seca e non ser un fondón, porque terá pouco sol. Son, polo tanto, bos para plantar cepas os lugares altos e ventilados, aínda que foren areosos, e son desaxeitados os fondóns que tenden a ser húmidos.

Será boa terra mesmo a que padeza xeadas, porque estas no inverno matan a bichería que poida haber nela.

14. ***Nin viña no baixo nin trigo no cascallo.*** (RODGO3:420) (VAZSACO1:70,1659). (VIÑO:360). (44907).

15. ***Nin viña no baixo, nin trigo no cascaxo.*** (CARRA4:160708). (GOLPE:14).

16. ***A viña, onde haxa xiada; a terra, onde haxa auga.*** (VAZSACO1:220,5276). (34401:85), (RODGO3:420). (VIÑO:340). (CONDE:178).

Como se ve, o refraneiro parece indicar que *viña* e *terra* son conceptos agrícolas diferentes: a terra é para cereais e legumes. A proximidade dun río non é boa, como di o refrán:

17. ***A par do río non merques viñas nin caserío.*** (RODGO3:288).

Este refrán merece unha reflexión. En Galicia (coma en todas partes) moitos dos viñedos históricos están nas ladeiras dos ríos Miño, Sil, Ulla, Umia etc. Máis aínda, os galegos traballaron durante moitos séculos para construíren socalcos, que nalgúns casos acadan espectaculares dimensións, como son os da Ribeira Sacra no Sil, onde aproveitan sabiamente as zonas de maior insolación e maior abrigo. Por outra banda, entre nós corre o refrán *O Miño é o pai do viño*, como se di dos viños do Rhin ou da Ribera del Duero. Sospeito que, dependendo da orientación do curso fluvial, poderanse xerar brétemas permanentes e nocivas para o viñado, porque a humidade é inimiga da cepa. Algúns viñateiros (Manuel Rodríguez Estévez e Rafael Rodríguez Álvarez) sospeitan que a tradición de ter cepas a ras do chan é característica de terras secas que dan *viño máis gordo* ('con máis alcohol', de 13-14º) mentres que as cepas altas emparradas buscan illa-los gomos da humidade do chan de terras húmidas, que dan *viño delgado, frouxo* ('con menos alcohol'). Engaden: "A cepa que está ó pé da terra é mellor viño; saca máis a sede".

A todo isto súmaselle que un río ordinariamente oculta as dimensións verdadeiras da súa canle, do seu territorio natural, e só as fai visibles nas grandes enchentes que arrasan sen piedade cultivos e mesmo casas. Tamén a iso debe aludir este refrán.

Escoller un lugar ruín para plantar unha viña ten consecuencias: se o lugar é ruín por inadecuado, vendimárase nun día, é dicir, o froito será escaso:

18. ***Quen en ruín lugar pon a viña, saca el *solo nun día a vendima.*** (VAZSAC01:78,1895). (RODGO2:551).
19. ***O que en ruín lugar pon a viña ó lombo saca a vindima.*** (44908). (RODGO3:420). (VIÑO:365). (CONDE:179). ***O que en ruín lugar pon a viña ó lombo fai a vindima.*** Porque non dá, escusa carro, que todo lle cabe nun cesto e sería vergoña xunguir pra tan pouco. (RIVAS: 32).

Estes refráns son xenericamente certos. Pero é tamén certo que o home, intelixente e teimudo, acaba encontrando remedio para todo, non sendo para a morte. Hai lugares nos que é difícil imaxinar que poida existir agricultura, por seren lugares costeiros con pendentes próximas ó 80% e, mesmo aí, acabouse creando unha *viticultura heroica*: na Ribeira Sacra, escalonando a terra en socalcos, lograron superficies suficientes e cunha intensa insolación. Neste caso o problema suplementario era, na vendima, saca-las uvas costa arriba en *culeiros* (cestos especialmente deseñados para ese transporte vertixinoso). Pero aqueles heroes fixérono durante séculos e recentemente inventaron uns carrís elevadores, como queda dito na epígrafe 2.3.

Un refrán relaciona a terra para viñado coa altura. Terras moi fondas e húmidas non son boas para viñado. Pero terras moi altas, nas que nin os allos se dan, tampouco.

20. ***Onde allos ha, viño haberá.*** (CARRA4:14.04.1908). (CARRA4:20.08.1908). (CARU:15.12.1888). (MURGUIA2). (SAC01:225). (VIÑO:445). (RISCO-18). Aínda que este refrán ten seis informantes (todos ilustrados), probablemente é unha adaptación do castelán (onde a forma *ha* é regular). Del danse dúas explicacións: 1. Porque excitan la

sed. (Núñez). (SACO2:338). 2. Donde se dan ajos, podrá cogerse vino, ó tierra que dá ajos podrá dar vino. (ALVAG:23). As dúas explicacións poden competir na seguinte variante:

21. ***Onde hai allo fresco haberá viño vello.*** (MAREVA:45).

Como se ve, a primeira explicación refírese ós allos como comida (e, nese caso, non entraría nesta epígrafe); pero a segunda refírese ó tipo de terra.

Por razóns moi diferentes, o refraneiro galego dá outro consello para escoller terra para viñas: que a viña non estea á beira dun camiño. Se atendémo-la frecuencia con que este consello aparece nos refráns do TFG (indicio de como aparecen no uso), este é o consello máis repetido.

22. ***Nin casa á beira do río nin viña ó pe do camiño.*** (RODGO1:512). (VIÑO:359). (23911:167). "É perigoso". (15412). (31910). (44307). (44359). (RIVAS: 32).

A un lector non galego pódelle resultar sorprendente que un camiño condicione a estrutura vitícola. Ben mirado, non ten que ver coa viticultura senón coa socioloxía ou, máis ben, co reparto da propiedade en Galicia, tan distinto doutras partes de Europa: en Galicia hai minifundio, as viñas son -ou eran ata hai uns corenta anos- viñas pequenas destinadas só ó autoconsumo e polo tanto o "roubo" duns acios de uva representan aquí proporcionalmente algo máis significativo có que representan nun viñado que se mide en hectáreas. Velaí por que é emblemático o episodio da parra da basílica de san Martiño.

23. ***O meu veciño ten unha viña: el a cava, el a bima, el a vendima.*** (RODGO3:420). (VIÑO:364). (VAZSACO1:5,4). ***O meu veciño ten unha viña: il a cava, il a bima e il a vendima.*** O coidado da viña é unha das faternas principais do labrego alí onde existe, xa que se trata da economía familiar, non sómente do que bebe, senón do que come, xa que é do que pode faguer algún diñeiríño co que completa-los escasos recursos familiares (RIVAS:59).

24. ***Cepa ben coidada, colleita ben doada.*** (RIVAS:59).

Máis aínda: ter casa e viña parece se-lo indicio claro de veciñanza, de ser de algures, de non ser un moinante vagabundo:

25. ***Quen non ten casa nin viña en calquera parte se aveciña.*** (23911:215). (43815:164).³⁵ "Nós aquí en Barbeirón (Sobrado de Trives) tiñamos vacas e viñas pero os canteiros para face-las casas e os muros viñan de Pontevedra. Tiñan moita habilidade: eran solos prás paredes. E traballaban case pola mantinzenza". (36011).

26. ***O que non ten casa nin viña, en calquer parte se aveciña.*** (SACO2:321). (SACO1:226). (ALVAG:24). (TABOA2). (VAZSACO1:729,19460). (RISCO-18). (MORE1:136). ***O que non ten casa nin viña en calquera parte se aveciña.*** (43920). (VIÑO:366). ***O que non ten casa nin viña, en calqueira parte s'aveciña.*** (CARU:19.12.1888).

³⁵ Pero outro refrán advirte que este valor non é tan importante como para casar con muller de pouco xuízo. E en Tuiriz corre esta variante: *Nin por casa nin por viña non tomes muller ximia.* (VAZSACO1:582,15404).

27. ***O que non ten casa nin viña, en calquer rueiro se aveciña.*** 998ms: *o que non ten casa nin ten viña.* (VAZSACO1:729,19461). ***O que non ten casa nin ten viña en calquera rueiro se aveciña.*** (40005:18,279).
28. ***O que non ten casa nin viña nin leira, aveciñase onde queira.*** (RODGO1:512). (VIÑO:367).
29. ***Quen de pedra fai fariña, non compra leira nin viña.*** Alude ós canteiros, que en tempos era unha profesión ambulante pero non moi enriquecedora (SACO2:334). Con todo, é posible que o refrán exprese que, por ser oficio que require moita dedicación, o canteiro nunca tería tempo para a agricultura. "Os canteiros de Pontevedra, malamente podían ter viñas, porque botaban toda a vida por aquí". (36011).

Por outra banda, en Galicia quen traballa a terra (neste caso a viña) é o seu dono, porque en 1926 culminou con éxito unha loita antiforal que durara séculos: a propiedade da terra en Galicia é nisto a antítese da que domina en boa parte do sur de España. Nestas circunstancias, en Galicia, se a viña propia entesta coa doutros veciños e, sobre todo, se entesta cun camiño, sempre se poden estar producindo pequenos furtos, non tanto pola mala veciñanza canto porque o dereito consuetudinario galego considera de libre acceso os froitos que estean sobre o camiño e formúlao con outro refrán: *A castaña que está no camiño é do veciño*. En Galicia ningún propietario pode impedir que os viandantes collan coa súa man os froitos privados que penden sobre o camiño. Por iso aparece en diversas recadádivas este refrán:

30. ***Nunca plantes a viña ó pé do camiño; cada un que pasa, colle un *acimo.*** (33309:147).
31. ***A viña ó pé do camiño ten mal veciño.*** (21112:23). (21112:29). (RODGO3:420). (34401:85). (VAZSACO1:220,5275). (RIVAS: 32).
32. ***A viña ó pé do camiño ten mal veciño.*** Pois está espоста a que a peteire o gando ou a xente (MORE1:90).

Que o problema non é proporcionalmente pequeno revélao o feito de que outro refrán di que a proximidade dunha viña a un camiño é un risco comparable ó da proximidade a un río, do que xa falei:

33. ***Viña ó pé do camiño é como casa á beira do río.*** (45703) (RODGO3:161).

De todo isto parece deriva-lo corolario de que a independencia da familia (quere dicir tamén da empresa familiar) esixe unha relación de independencia plena fronte ós veciños, da que unicamente se exceptúan aqueles traballos que, coma segas e mallas, por requiriren máis persoas e durante menos tempo, acaban sendo de recíproca colaboración. Pero a viticultura familiar non entra niso e por iso outros refráns din:

34. ***Na casa do veciño nin comas pan nin bebas viño.*** (VAZSACO1:419:10633).
35. ***Ó amigo do teu viño non o queiras de veciño.*** (RODGO1:151).
36. ***Os coidados do veciño hanse sentir con cuncas de viño.*** (MORE1:142). (VIÑO:105). (RODGO3:406). (VAZSACO1: 826,22420).

37. ***O viño do veciño, ese si que é bo viño.*** (23911:298).

38. ***Se non tes pan nin viño, non convides ó veciño.*** (23911:234).

O último consello que dá o refraneiro para escolle-la terra na que plantar unha viña é tela sempre á vista. Isto eximirá de andar polos camiños á espreita de que a poidan roubar. E nisto reaparece o criterio sociolóxico da cautela para ter unha boa veciñanza:

39. ***En setembro colle o viño e non durmas no camiño.*** (43815:152). (FRAGUAS-GEG: 28,164). (11806).

40. ***Non teñas viña nun rincón nin casa nun cantón.*** (RODGO3:420). (VAZSACO1: 220,5279) (VIÑO:361).

41. ***O que non traballa a súa viña, non vendima.*** (VAZSACO1: 816,22093).

42. ***Coida ben a viña e terás vendima.*** (RODGO3:420). (VIÑO:350). (VAZSACO: 839,22850)

Velaí unha boa mostra da estrutura da pequena propiedade vinícola en Galicia. E aínda precisa máis o refraneiro deste pobo propietario de minifundios: a cantidade ou medida ideal de viña é a que o propio viñateiro coide, aínda que nisto o refraneiro recolle dúas opcións:

43. ***Casas, cantas mores; viñas, cantas por ti podes.*** (RODGO1:512). (VIÑO:347).

44. ***Casas, cantas queipas, viñas, cantas queiras.*** (RODGO1:512). (VIÑO:348).

Neste contexto, no que pode haber unha veciñanza hostil, é no que se entenden cabalmente certos refráns:

45. ***Viña, pereira e fabal malos son de gardar.*** (RODGO3:420). (34401:85).

46. ***Viña, pereira e nabal maos son de gardar.*** (VIÑO:377).

47. ***Nena, viña, pereira e fabal son malos de gardar.*** (RODGO3:18). (MOREI2:50). ***Nena, viña, pereira e nabal, son malos de gardar*** (23911:246). ***Viña e nena, peral e fabal, malos son de gardar.*** (VAZSACO1: 85,2067).

48. ***Nin arca sen chave nin viña sen quen a garde.*** (RODGO1:213). (VIÑO:355).

49. ***Nin casa á beira do río nin viña ó pé do camiño.*** (RODGO1:512). (VIÑO:359). (15412). (23911:167). (31910). (43815:162). (44237:55). (44307). ***Nin casas ó pé do río, nin viña ó pé do camiño.*** (44359).

50. ***Nin viña ao pé do camiño nin mal veciño.*** (VIÑO:358).

51. ***Nin viña ó pé do camiño nin casa á beira do río.*** (RODGO3:420). (VAZSACO1:220,5278).

52. ***Nin viña ó pé do camiño nin ó pé dun mal veciño.*** Polo perigo de ser roubada ou escangallada pola xente ou polo gando. (MOREI1:141). ***Nin viña ó pé do camiño nin mal veciño.*** (44907).

53. **Viña, antre viñas; e casa, antre veciñas.** (VIÑO:376). (23911:171). (VIÑO:376). (23911:171). (39012). (RODGO3:420).

54. **Viña ó pé do camiño é como casa á beira do río.** Viña ó pé do camiño é como casa á beira do río. (45703).

Todo isto ten dous corolarios. O primeiro que a comunidade de viñas e a comunidade de casas constitúe unha recíproca defensa. O segundo é que, como o mellor acio é o da viña do veciño, concluímos que, como *O medo garda a viña*, o medo é unha alerta beneficiosa.

55. **Máis garda a viña o medo que o viñadeiro.** (RODGO3:420). (VAZSACO1: 839,22851). **Máis garda a viña o medo que o viñateiro.** (VIÑO:354).

56. **A viña gárdaa o medo máis ben que o viñadeiro.** (RODGO3:420). (VIÑO:338). (34401:85).

57. **O medo guarda a viña.** É mellor ser demasiado precavido que demasiado confiado. (38319:110). **O medo garda a viña** SACO1:225). (SACO2:320). (TABOA2). (CARU:15.12.1888). (NORI5). (RAJO). (RISCO-18). (RODGO2:607). (VIÑO:362). (15216). (16710:8). (18708). (23911:167). (23911:359). (44357). (45703). (43815:162). (XERAIS2:473). **O medo garda a viña a Pedro.** (VAZSACO1:543,14089).

58. **O medo garda a viña.** Expresión que reflicte o principio pedagóxico e da xustiza, que basea a súa eficacia no castigo. Non son os muros nin os gardas os que impiden a acción do ladrón ou o capricho prohibido do mozo, senón o medo ó castigo que lles agarda. (QUINTA1:7.8.1995).

59. **O medo garda a viña.** Variante dalgunha importancia. (41740). Dise así xeneralmente, pro o refrán complotado é:... **e non o que o vendimia.** (25003).

60. **O medo garda a viña e non quen a vendimia.** (CARRA4:20.08.1908). **O medo garda a viña e non quen a vindima.** (VALLA7:374). (ALVAG:22). Ben di o refrán por Ribadeo: **O medo garda a viña e non o que a vendima.** (RIVAS: 61; 68). Corresponde co cast. "El miedo guarda la viña". (RODGO2:607). (VAZSACO1:543,14090). (VIÑO:363). (MOREI1:44). (13702:128). (40204:74). (44907). (XERAIS2:473).

61. **O medo garda a viña e o dono come as uvas.** Refírese a que alguén non fai unha cousa porque ten medo. (41202:341). (41202:341).

62. **O medo garda a viña, i-o farelo, a fariña.** (VAZSACO1: 543,14091).

Hai con todo unhas variantes irónicas de intención humorística:

63. **O medo garda a viña, i-o zorro, a galiña.** (VAZSACO1: 543,14092).

64. **O medo garda a viña, i-os paxaros, a nabiña.** (VAZSACO1: 543,14093).

65. **O medo garda a viña, o fol a fariña i-o zorro a galiña.** (VAZSACO1: 543,14094).

Pero non todo é desconfianza fronte ós veciños. Na agricultura tradicional de Galicia os traballos que requiren certa rapidez, fanse (ou facíanse ata hai pouco) en réxime de

axuda recíproca e gratuíta: hoxe imos todos traballar para ti e mañá vides todos traballar para min. Tamén isto chega ó viño e a asuntos de máis valor, como di este refrán:

66. ***Co bo veciño casará a túa filla e venderás o teu viño.*** (RODGO3:406). Pois así estende a súa fama e o seu intrínseco. (MOREI1:37). (MOREI2:37). Aconsella facer tratos con boas persoas, señalan amigos ou veciños. (MOREI1:141).
67. ***Co bon amigo, collerás o teu trigo e venderás o teu viño.*** (FRAGUAS-GEG: 2,53).
68. ***Co bo veciño venderás o teu viño e collerás o teu trigo.*** (RODGO3:406). (VIÑO:28). (VAZSACO1: 826,22412).

3.6. Viticultura. Escolma de cepas para plantar

Antonio Casares lamentaba en 1843 que os botánicos dedicasen máis esforzos a encontrar unha especie nova que “en observar las que son objeto de cultivo i forman la base principal de ciertos ramos de agricultura”, mentres Rojas Clemente xa describiu 119 castes cultivadas en Andalucía e Boutelou, as de Ocaña. El soña unha catalogación e análise exhaustiva das vides galegas pero tense que limitar ás que coñece e empeza por advertir que non adianta moito levar cepas do sur cálido de Galicia ás terras frescas e húmidas da Ulla ou das Mariñas (coma tal o *albarello*). Recomenda para aí as variedades que florezan máis tarde (para que se libren das choivas frías da primavera) e as que maduren máis cedo (para poder vendimalas antes dos fríos do outono) (CASARES 1843: 8-9).

Os patróns para plantar chámanse no refraneiro *cepas*, *vides*, *vidras* e por sinécdoque, tamén *viñas*. As cepas galegas máis sonadas son estas: como uva branca, *albariño*, *godello*, *loureiro*, *sousón*, *torrontés* e *treixadura*. Como uva tinta, *brancellao*, *espadeiro*, *garnacha* e *mencla*. O caíño ten variedade *branca* e *tinta*.

Non é este o lugar de analizar estes nomes, sonoros e sorprendentes. Por exemplo, o *caíño* é unha variedade delicada, por ser sensible ós fungos e tardar en madurar (a vendima do caíño vaise frecuentemente á primeira quincena de outubro): pode, polo tanto, perderse con que veña a choiva e, de seu, xa non dá acios grandes. Algúns viñateiros de Moraña, onde era dominante, expresaban esta dificultade dicindo que a uva caíña só daba viño un de cada tres anos e arredor de 1930 arrincaron masivamente esta cepa. Probablemente de aí lle vén o nome de cepa *caíña*, é dicir, “miserenta” (FERNÁNDEZ 2015: 73-74). Pero o viño caíño recibe de moitos viñateiros o título de *rei do viño* e hoxe está retornando o seu cultivo maiormente no Rosal e no Salnés.

En realidade, unha análise rigorosa feita por expertos da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) permitiu identificar 67 especies diferentes: *agudelo*, *albarín branco*, *albarín tinto*, *albariño*, *albilla*, *aramón*, *branca de Monterrei*, *brancellao*, *brancellao branco*, *brujidera*, *caíño branco*, *caíño bravo*, *caíño longo*, *caíño tinto*, *carrasquín*, *castañal*, *catalán*, *corbillón*, *couxo*, *dona Branca*, *ferrón*, *garnacha*, *garnacha tintureira*, *garrido fino*, *godello*, *gold*, *gran negro*, *híbrido*, *Italia*, *lado*, *loureira*, *malvasía*, *mandón*, *mencla*, *merenzao*, *moscatel*, *moscatel de bago miúdo*, *moscatel de bago miúdo tinto*, *moscatel de Hamburgo*, *mouratón*, *náparo*, *negrón de Aldán*, *palomino*, *pan e carne*,

pedral, picapoll negro, pirixileira, planta fina, promisión, ratiño, silveiriña, sousón, tempranillo, tinta da zorra, tinta femia, torrontés, torrontés, traminer, treixadura, treixadura francesa, verdello e outras cinco que se designan co nome técnico *EVEGA* (DÍAZ 2011: 45-379).

A estas denominacións hai que engadi-las sinonimias: por exemplo o *ferrón* chámase *espadeiro* no Condado e *negrón* no Ribeiro. Favà cita a uva denominada en galego *pé de pomba* (FAVÀ 2000: 45, n.57) e lamenta que o DRAE non recolla certas denominacións castelás populares de uvas, coma o *botón de gallo* (2000: 31) que, se cadra, é a que en galego se denomina popularmente *collón de galo* ("variedad de uva blanca de granos grandes" en Novefontes; GARGO: 1985; s.v. collón) e que quizais é a mesma que Eladio Rodríguez (s.v. collón) denomina *collón de gato* ("clase de uva blanca que se cultiva en Galicia"); e citando a Posada di tamén que o que algúns en Galicia chaman *palomino* non é cepa autóctona senón que é o *xerez*.

A máis sonada internacionalmente é a cepa *albariña*, que dá un viño que se ten por especialmente axeitado para acompañar marisco e peixe, e que ten un concurso anual con máis sesenta anos. Pero aínda que tódalas variedades teñen presenza na literatura, no refraneiro só vexo citas do *caíño*, do *brancellao* e, unha vez, do *pazao*. Estas son as que implicitamente o refraneiro recomenda plantar e cultivar:

69. ***O brancellao e o caíño son os pais do viño.*** (RODGO1:388). (VIÑO:72). ***O brancellau e o caíño son os pais do viño.*** (FRANCO:199).
70. ***Caíño, rei do viño.*** (VAZSACO: ms15,44:Meis).
71. ***O caíño é o pai do viño.*** (15601).
72. ***Pai do viño é o caíño; e o brancellau é irmau.*** (21007:1334) (VAZSACO3:286,1090).
73. ***Brancellao e caíño, os pais son do viño.*** (GOLPE:7). ***Brancellao e caíño, pais son do viño.*** (43920).
74. ***Brancellao e caíño, os pais son do viño.*** (ALVAG:11). (CARRA4:12.02.1908)³⁶. ***Brancellao e caíño os pais son do viño.*** (TABOA2,Pontevedra). ***Brancellao e caíño, os pais son do viño.*** (GOLPE:7).
75. ***Brancellau e caíño é a nai do viño.*** Jaime Solá dá esta segunda variante (*nai* fronte a *pai*) e explica así:

Caíño es el vino que se produce de una uva chiquitita, nada dulce, muy poco propicia para regalo de los golosos. Brancellau es el vino de una uva más sabrosa, más jugosa y más pastosa. Juntas ambas dan un vino de cuerpo y de fuerza, muy rico y muy periquitero –que esto de que el vino del Avia no se sube a la cabeza es un buen decir de los catadores, que a veces no rima con toda la extensión de sus cuerpos tumbados, cuando no al pie de las cubas, al borde de los caminos. (SOLÁ: 1916, 2).

³⁶ Corrixo unha evidente errata (*cariño* por *caíño*) que contén esta referencia.

76. **En outono (o viño) caíño e todo.** (VAZSACO; 148,3488). Anotado en Bermés, parroquia de Lalín. A falta de puntuación impide saber se *e* é conxunción ou verbo.
77. **Algo lle falta ó viño, se non ten a agulla do caíño.** (43920). (18401:184). (RODGO1:119). (VIÑO:7).
78. **Brancellao, Pazao e Caíño fan o bon viño do Miño.** (AGUIRRE:44). O colector escribe *Pozao i Cariño* que son obvias erratas de imprenta. Eladio Rodríguez define o *Caíño pazau o pazao* como “uva tinta de granos muy gruesos, que es menos agri dulce que el *caíño* y se cultiva también en el Ribeiro de Avia”. *Pazao* fai relación ó substantivo común *pazo* ou a algúns dos topónimos *Pazo* ou *Pazos* que hai no Ribeiro.
79. **O moscatel non vai ó pichel.** (RIVAS:98). *Pichel* era un tipo de vaso para beber, moi típico de Santiago (por iso lles chaman *picheiros*). O moscatel é un tipo de uva foránea de mesa, que se comía e non se utilizaba para facer viño.

Sorpréndeme que ese viño de tanta calidade leve o nome de caíño, porque lembra a palabra *caíneza* que significa ‘miseria’, pero podería ter que ver con caíño, que designa o dente canino e que podería estar na razón da agulla dese prezado viño.

80. **A agulla do bo viño, a calquera quenta o fuciño.** (23911:216). (23911:205).

A cepa caíña é moi delicada e moi sensible ás condicións atmosféricas, polo que é moi frecuente que logre o froito un ano si e dous non. Isto fixo que, contra 1930, os paisanos a arrincasen en diversas zonas da provincia de Pontevedra, en beneficio doutra máis resistente (o catalán)³⁷, que é un híbrido de produción directa e que aínda hoxe é estimado para a elaboración de augardente tradicional; e quedan, maiormente na provincia da Coruña (maiormente Betanzos) cepas do chamado *viño romano*³⁸. Ningunha destas variedades acadou presenza no refraneiro, que sempre se refire xenericamente á boa cepa:

81. **Da boa cepa, o bon viño.** (VAZSACO1:61,1426). Partindo deste principio de sentido común, derivan refráns xenéricos, que equiparan a cepa á nai da moza coa que un home debe casar; só se perciben variacións dialectais (*nai / mai; vide / vidra*), léxicas (*viña / cepa*) mentres que o verbo é sempre *prantar* fóra duns poucos casos do actualmente normativo *plantar*.
82. **Da boa nai busca a filla e da boa cepa pranta viña.** (CARRA4:12.03.1908). (RODGO3:12). (CAJARA:89). (VIÑO:37). (MOREI2:44). (CONDE:180). **Da boa mai busca a filla e de boa cepa pranta a viña.** (VAZSACO1: 381,9478).
83. **De boa nai busca a filla; e da boa cepa prant’a viña.** (CARU:17.11.1888). (GOLPE:10).
84. **De boa nai busca a boa filla e de boa cepa planta a viña.** (CARRA4:28.03.1908). (VAZSACO1:381,9479).
85. **De boa nai busca a filla; de boa cepa planta a viña.** (23911:170). (23911:252).

³⁷ <http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/08/07/anos-70-catalan-general-mejor/857201.html>

³⁸ <https://blancoexitimo.wordpress.com/2011/12/03/vino-romano-o-el-vino-con-sabor-a-fresa/>

86. *Da boa nai busca a filla, e da boa cepa pranta a vide.* (SACO1:219). (SACO2:311). (RISCO:18). (ALVAG:13). *De boa nai busca a filla e de boa cepa pranta a vide.* (VALLA7:400). (VAZSACO1: 381,9480). (13702:126).
87. *De boa nai busca a filla, e de boa cepa pranta a vide.* (CASAS1:31).
88. *Da boa nai busca a filla e da boa cepa pranta a vidra* (IGLE: 209). *Da boa nai busca a filla e de boa cepa pranta a vidra.* (VAZSACO1: 381,9478).

3.7. Viticultura. Os tres tipos básicos

Antonio Casares sinalaba a mediados do século XIX que en xeral os viñateiros galegos repiten a técnica que herdaron dos seus pais, observando tamén o que ven que lle dá resultado a un veciño cando innova. Casares sinala como tipos básicos, a viticultura que hoxe chamamos heroica (da Ribeira Sacra, p. ex.), a cepa rasa, o espaller e o emparrado.

Encontra a *cepa rasa* (tronco de 3-6 cuartas, deixando medra-las varas) nos vales de Lemos, Quiroga, Valdeorras, Monterrei, Amandi e, sorprendentemente, O Salnés. O *espaller* (tronco máis alto e atando os brazos a un *galleiro* (estaca ramificada da altura dun home) ou a un varal sostido por postes (cordón) encóntrao en Quiroga, Valdeorras e Monterrei. O sistema de *parra* encóntrao nas ribeiras do Miño, Avia, Ulla e Salnés (Casares: 16).

3.8. Viticultura. Un prontuario de urxencia para empezar

O inverno trae a parada vexetativa da cepa. A cepa remata de acumular reservas, retráese a circulación do zume que extrae do solo a través das raíces e prodúcese unha parada vexetativa. É ben sabido que a cepa quere as súas abundantes horas de sol, non quere xeadas nin pedrazo pero quere a súa necesaria cantidade de humidade e esa humidade quere no inverno cando agroma o froito e tamén antes de empezar a pintar.

89. *Dixo a cepa cando falou: ‘Poda no xaneiro, vendima no sombreiro; poda en marzo, vendima no reghazo; quen non bima non vendima; cávame en abril e sáchame en maio, que xa che pagharei o teu traballo; quen non sulfata i-azufra, cubas nin tinalla escusa’.* O informante explica que en xaneiro a xeadada tolle as cepas. (36507:463). Debo anotar que esta é unha das dúas paremias que coñezo que mencionen a intervención do sulfato nas viñas. O feito de que apareza no final do refrán e que a rima sexa menos perfecta parece indicar que é unha ampliación moderna da paremia inicial.
90. *Dixo a cepa: ‘Poda no xaneiro, vendima no sombreiro; poda no marzo, vendima no regazo; cava no abril e renda en maio, que xa che pagarei o teu traballo’.* (36507:463).

Velaí varios exemplos de como o refraneiro humaniza a viña e faina falar e prometer boa vendima, se o labrego a sabe tratar ben. Moitos labregos non saben que esta é unha figura retórica que os entendidos chaman prosopopea pero crérona como artistas e úsana como artistas.

Da cava, labor delicado, hai un estraño refrán que non sei interpretar:

91. ***Home grande ponte na viña que, anque non caves, fas cuadrilla.*** (VAZSACO1:437,11204). ***Home grande, ponte na viña, se non cava fai cuadrilla.*** (21007:23A). ***Home grande, tente na viña; anque non caves fas cuadrilla.*** (21007:702).
92. ***Home pequeno tenta na viña.*** (CARU:23.11.1888). ***Home pequeno tente na viña que, aínda que non caves, fas cuadrilla.*** (ALVAG:17). (VIÑO:353). (CARRA4:13.05.1908). (SACO1:222). (RISCO-18). (43920). ***Home pequeno, tente na viña, que, anque non caves, fas cuadrilla.*** (SACO2:346).

3.9. Viticultura. Primeiros traballos do ciclo anual. A gabia

O ciclo da produción de viño ten dous ámbitos: a atención á cepa (viticultura) e a atención ó viño (vinificación). A atención á cepa é anterior pero só na teoría, porque, cando xa están en marcha os traballos da vinificación, deben reiniciarse os traballos de atención á cepa para un ciclo anual seguinte.

O primeiro traballo é a gabia. Consiste en abrir buratos dun metro cadrado para cada cepa que se vaia plantar e deixalos a airear unhas semanas e nos que, antes de planta-lo bacelo, botouse toxo vivo con terra solta enriba (RIVAS: 109)³⁹ ou esterco. E por riba desa terra solta plántanse cepas novas ou baceiros. Este traballo, segundo aconsella o refraneiro, debe facerse entre outubro e novembro, curiosamente cando se empeza a proba-lo viño tinto.

93. ***En outubro a terra esterca e cubre.*** (CONDE:177).
94. ***Polos Santos, gabea as cepas.*** (BOUZA3:59) (CASAS1:23).
95. ***Planta a viña en Santos e terá un ano de adianto.*** (43815:153).

Esta plantación anticipada busca aproveita-la humidade do inverno e é propia de zonas algo cálidas; nas frías é máis común plantar na primavera para evitar que as xeadas queimen os baceiros.

3.10. Viticultura. Idade da viña

Relacionado co anterior está unha consideración moi presente na experiencia do refraneiro. Como se irá vendo, sacar adiante unha boa cepa -e non digamos unha boa viña- require moita atención e cariño ás cepas. Algúns viñateiros fálánlles ás cepas tódolos días, tocándoas e lembrándolle-lo seu historial e as esperanzas que nelas teñen; e están convencidos de que elas á súa maneira responden a ese agarimo. Disque hai experimentos feitos de forma sistemática (falándolles e sen lles falar) e que indican que algunha sensibilidade hai nas plantas ó cariño con que as tratamos.

³⁹ Elixio Rivas di: "O viñado, o mesmo cás searas, son de primeiras monte britado a terrón, onde achairada unha mínima banda na fragosidade, se chantan *escallos* de videira, *baceiros*, que axiña enraízan. Pronto a mesma plantación, o conxunto, pasou a denominarse *bacelo*; bacelo é unha plantación nova de vides de cepa. A boa postura, a que mellor lle vai á uva, é ó mediodía, que madura ben e colle grados" (RIVAS:109).

Consecuencia do anterior é que a mellor viña é a vella e diso o refraneiro ten por toda Galicia exemplos coincidentes: a viña ideal é a que se recibiu en herdanza e, a ser posible, a que plantou o avó.

96. ***Casa labrada e viña herdada.*** (39011) (43310).⁴⁰(VIÑO:345).
97. ***Casa, labrada; e viña, mercada ou herdada.*** (RODGO1:512).
98. ***Casa, de pai; viña, de avó; e oliveira, de bisavó***⁴¹. (RODGO1:512). (VIÑO:344). (MOREI1:111) Este informante engade esta explicación: "Pola produción, pois a oliveira produce moito máis se foi prantada xa polo bisabó".
99. ***O vello pon a viña, o mozo a vendima.*** (RIVAS:80). Rivas Quintas explica porque sempre os pais miran tanto ou máis polos fillos que por eles mesmos e engade que no caso da viña "é pequena a agarda, que ós tres anos xa está dando froito; o refrán debe de ser máis ben copia do referente ó castiñeiro, cuia vida é multisecular pero que polo mesmo tarda cincuenta anos en dar unha colleita que xa represente algo. Entón claro, o que planta, que terá 20 ou máis anos, o que fai é plantar pra fillos e netos e longa xaramea, pero non pra sí. ¡Beneméritos devanceiros que nos deixaron hai centas de anos tales soutos!".
100. ***O vello pranta a viña e o vello a vindima.*** (RODGO3:420). ***O vello pranta a viña i o vello a vindima.*** (VIÑO:368). ***O vello planta a viña e o vello a vendima.*** A viña axiña dá froito; non é coma as nogueiras ou as oliveiras. (34401:85).

Pero tamén hai outro refrán que di

101. ***Para viña vella, amo novo.*** (RODGO3:420). (VIÑO:370).
102. ***A viña vella quer amo novo.*** (VAZSACO1: 437,11204).(VIÑO:341). ***A viña vella quere amo novo.*** (RODGO3:420). (34401:85). Boto en falta unha explicación convincente pero posiblemente sexa que, os primeiros anos dunha cepa, requiren mans especialmente expertas para encamiñala ben.

Poida que á luz deste haxa que interpretar estoutro refrán estraño:

103. ***A viña e o poldro, que os críen outros.*** (RODGO3:420). (VIÑO:339). ***A viña e o poldro, que o críen outros.*** (VAZSACO1: 839,22847).

De non ser así, a viña ideal é a que un plante, porque será quen mellor a coide e sempre terá unha dimensión proporcional á capacidade que o plantador ten de coidala con xeito.

104. ***Casa, a que morares; terras, as que vires; viñas, as que prantares.*** (RODGO1:512). (VIÑO:343). ***Casa, a que morares; terras, as que vires; viñas, as que plantares.*** (LOPTA1:62).
105. ***Casa, a que vivas; terras, as que labres; viñas, as que prantes.*** (RODGO1:512). ***Casa, a que vivas; terras, as que labres; viñas, as que plantes.*** (23911:227).

⁴⁰ 31919 di *viña herbada* pero pode ser unha errata da transmisión gráfica.

⁴¹ O texto di *abó, bisabó*, grafías habituais no tempo de Eladio Rodríguez.

106. *Casa, na que vivas; viñas, das que bebas; rendas, as que poidas; terras, as que vexas.* (VIÑO:346).

107. *Casa, na que vivas; viña, da que bebas; rendas, as que poidas; terras, as que vexas.* (RODGO1:512).

Os anteriores refráns, verdadeiros tratados de economía campesiña galega, permítenos entender correctamente o seguinte:

108. *Casa, viña e poldro, fúgano outros.* (RODGO1:512) (VIÑO:349).

Non se trata, polo tanto, de menosprezar ese traballo de construción e cría senón, pola contra, de valorar debidamente a consolidación que implica estar xa feito por xeracións anteriores.

En calquera caso,

109. *A viña, o que non a ten, non a vendima.* (VAZSACO1:789,21156).

3.11. Viticultura. Xaneiro

Rivas Quintas fai unha fina observación que explica moi ben non só todo o material paremiolóxico que segue senón de qué tipo é a actividade produtiva que estamos comentando. Di así:

O labrego é un 'home do tempo'. O viticultor é un labrego, aunque especializado, e polo tanto está sempre pendente do ceo, porque o tempo estacional, temperado polo atmosférico, é o que dá a pauta nos distintos traballos que no viñado se levan a ramo. É a Natureza quen manda e o acerto depende de ouservala, entendela e seguila. Daí que sexa tan abondoso o refraneiro do tempo, as cábalas feitas con máis ou menos tento (RIVAS:59).

O primeiro que nos lembra o refraneiro ten que ver coa boa administración do que se acumulou do traballo agrícola do ano anterior:

110. *Ano novo e viño novo non manteñen.* (CARRA4:26.01.1908). (DRAG1:178). (RODGO1:178). (VIÑO:15). (VAZSACO1:49,1116).

O refraneiro, que non sinala nada especial para o mes de decembro, tampouco di grandes cousas de xaneiro. Neste mes non lle veñen mal as choivas ás cepas.

111. *Chuvias en xaneiro, enchen cuba, tinalla e graneiro.* (VAZSACO1:88,2146). Evoca o refrán *A choiva de xaneiro fai o palleiro* (VAZSACO1:86,2100).

112. *Se chove por san Antón abade, pon as cubas no fumeiro e, se non chove, ponas no canteiro.* (43920). Boto en falta unha explicación convincente.

113. *Se trona en xaneiro sube as cubas ó fumeiro.* (11806) (VIÑO:270). (35401). *Se trona no xaneiro sube as cubas ó fumeiro.* (VAZSACO1:95,229). Aínda que, como veremos, con moita frecuencia o refraneiro chama viño xa ós acios e algunha vez ás cepas, neste caso

coido que se refire ó viño do ano anterior que está xa na adega, porque a cepa neste mes está, como queda dito, no seu letargo biolóxico e en nada lle poden afectar os tronos.

114. ***Para vendimar co sombreiro, téis que podar no xaneiro.*** (11806). (39011). (43220). (43310). (43815:150). (44307). (44357). Algúns pensan que cómpre podar cedo para recolle-lo viño cedo; pero vendimar no sombreiro e non nun cesto (que é o habitual) parece indicar escasa vendima: polo tanto este refrán parece cualificar de prematura a poda de xaneiro.

115. ***Poda de xaneiro, vendima no sombreiro.*** (RIVAS:59).

116. ***Para a sardiña, brasa de carozo ou viña.*** (DIAZ). Este refrán lembra unha derradeira utilidade dos restos da poda das viñas.

3.12. Viticultura. Febreiro

117. ***En chegando o san Brais pon pan e viño na alforxa, que día non faltará.*** (VIÑO:183). (11806). ***Ende chegando o san Bras, pon pan e viño na alforxa, que o día non faltará.*** (RODGO1:389). Os días xa van medrando e os arrieiros (antigos transportistas con bois ou mulas) teñen máis horas de luz para se desprazaren.

118. ***Febreiro uvas dá, si non as dou, xa as dará.*** (000106). (18706) ***Febreiro uvas dá, si n'as dou, xa as dará*** (VAZSACO1:104,2474).

119. ***Se chove o dezasete de febreiro pon as cubas ó fumeiro.*** (43920). Descoñezo cal pode se-la explicación deste refrán pero quizais teña que ver co seguinte.

120. ***Auga de febreiro derrama o viño.*** (CONDE:186). Explica que o exceso de choiva en febreiro afoga as cepas.

3.13. Viticultura. Marzo

Marzo é xa un mes forte na viticultura, porque a terra acorda do seu sono. En marzo empeza a primavera e a cepa reinicia o movemento interior do zume, que levará en diferentes momentos a que aparezan os botóns, as follas, que se produza a esfarna (floración e polinización). Na primavera a terra xa dá os primeiros indicios do que poderá se-lo froito, é dicir, de como será a anada, aínda que os viñateiros saben que, como mínimo, ata san Pedro (29 de xuño) o viño ten medo.

3.13.1. Uva que nace en marzo

O refraneiro dá a entender que as uvas que agroman en marzo son prematuras, porque detrás veñen meses de meteoroloxía complicada e moitas poden malograrse. Lémbrese que un refrán agrícola moi común é que *Inverno quente trae o demo no ventre*.

121. ***O viño que nace no marzo lévao a vella no regazo.*** (27003:130). ***O viño que nace no marzo lévaio a vella no regarzo.*** "Regarzo" é o regazo, o colo. (21007:1327).

122. ***O viño de marzo lévao a vella no regazo.*** (SOBREIRA:472).

123. ***O viño de marzo lévao a vella no regazo, i-o de abril enche o barril.*** (VAZSACO: Chantada).

124. *O viño de marzo, lévao a vella no regazo, o viño de maio, pouco e malo, o d'abril, moito e xentil.* (SACO2:343).

¿Que significa *levar no regazo o viño* (é dicir, a uva)? Significa que vai ser pouco, porque esa uva nace algo antes de tempo, prematura, e aínda a poden leva-las xeadas que probablemente acabarán vindo semanas máis tarde. Pero aínda pode haber situacións peores, porque *no regazo* noutros refráns oponse a *no sombreiro*, que, por lóxica, aínda significa menos cantidade de viño. Lembremos que outro refrán di *Inverno quente trae o demo no ventre*.

3.13.2. A poda e a rodriga ou ata

A cepa precisa reduci-la extensión das varas que criou no ano anterior, porque se esgotaría. E por iso hai que podala tódolos anos.

Coma no apartado anterior, algúns refráns simplemente indican que na viticultura hai que atinar co tempo axeitado para os traballos e o viñateiro non se debe precipitar. En Barbeirón (Sobrado de Trives) din que *Os vellos camiños fixoos un burro coa cadea arrastro*, porque, como os burros nunca soben ós montes en vertical senón en relanzo buscando a menor pendente, a cadea arrastro ía deixando o perfil do novo camiño para os enxeñeiros (36011). Do mesmo xeito este informante di que

125. *A poda inventouna un burro.* A explicación é que, como tiña fame, comía as follas e deixaba a parte de atrás das cepas que é a mellor para que aparezan novos gomos e a cepa non se envicie. (36011).

Pero Elixio Rivas di que a poda nas froiteiras é coma unha intervención cirúrxica prá que cómpre saber e ter experiencia. Cada videira, coma cada árbore froiteira é un caso particular, que o podador ten que saber solucionar de por si. É polo que di o refrán:

126. *Cáveme quen queira, pódeme quen seipa; bímeme calquera, cóideme quen xeito teña. Cáveme quen quixer e pódeme quen souber.* (RIVAS: 68).

No primeiro no que hai certo consenso é en podar coa lúa no mingunte, porque din que, se se podan as vides na forza da lúa (chea ou nova), o zume da cepa está arriba e a cepa sangra de máis e empobrécese (RIVAS:68).

O prof. Antonio Casares dicía en 1843 que “la poda se hace generalmente en los meses de Enero i Febrero, raras veces despues de la vendimia” (CASARES 1843:16). Esta é a doutrina que se recolleu en Lourenzá e no Bierzo:

127. *Se queres ter a viña moza, poda coa folla.* Despois da vendima e antes de lle cae-la folla, ó final do outono; recollido en Tiagonce (Lourenzá) (RIVAS:68). *Si *quieres a viña vella tornala moza, poda na folla.* Este refrán do Bierzo di que unha maneira de remozar cepas vellas é podalas cando aínda lles queda un pouco de folla. (60023:82).

Coherente con isto é o que vin en xaneiro de 2016 en Valdepeñas: a case totalidade das viñas estaban xa podadas.

Aínda que en zonas do interior a poda se fai en xaneiro coa lúa en abalo (en Pesqueiras, O Saviñao) ou na lúa vella (no Coutiño, Parada do Sil) (RIVAS:68), o refraneiro parece dicir que antes de marzo toda poda é prematura, porque nunca faltan as xeadas e, se se fixo a poda, hai cabezas da cepa que secan. Por iso, e de maneira gráfica, o refraneiro di que podar en xaneiro é vendimar no sombreiro ou nunha pandeireta e ridiculízao chamándolle *vendimar coa chaqueta*.

128. ***Poda en xaneiro, vendima no sombreiro.*** (ALVAG:49). (CARRA31:121). (CARRA34:13). (RODGO3:161). (VAZSACO1:731,19517) (11806). (44918:463). (34401:85).

129. ***O que poda no xaneiro, vendimará no sombreiro.*** No recogerá cosecha. (TABOA2).

130. ***Quen poda en xaneiro, vendima no sombreiro.*** (15601).

Vendimar no sombreiro ou, como os refráns da epígrafe anterior, *no regazo* é vendimar moi pouca cantidade, porque o normal é vendimar botando as uvas en cestos, en plural. Hai outro refrán que expresa esta mesma idea pero dunha maneira máis literaria:

131. ***O que poda coa chaqueta leva as uvas nunha pandeireta.*** Velai unha graciosa metonimia: *podar coa chaqueta* quere dicir podar en tempo moi frío, cando fóra da casa cómpre andar abrigado coa chaqueta: polo tanto, significa podar en xaneiro. Metonimia, porque *chaqueta* representa aquí “a época en que vai frío”: tanto *chaqueta* como *época en que vai frío* pertencen ao mesmo dominio conceptual, hai entre ambas unha relación de contigüidade (algo así como efecto, *poñer chaqueta*, pola causa, época de frío)⁴². Polo tanto estamos ante unha metonimia. *Leva-las uvas nunha *pandereta* quere dicir que non vendimará en cestos, senón nunha pandeireta, é dicir, collerá poucas uvas. Este refrán insiste, polo tanto, na importancia dunha poda correcta, concepto que inclúe facela no tempo axeitado: e ese tempo non é cando vai aínda moito frío, como se verá nos refráns seguintes. (21007:1228).

En Galicia a doutrina común é a contraria: marzo é o mes de podar.

132. ***O que poda por marzo vindima no regazo.*** (000110). ***O que poda por marzo, vindima no regazo.*** (VALLA7:585). (ALVAG:49). ***O que poda por marzo, vendima no regazo*** (23911:172). (45605). (99845605: “vindima”).

133. ***Poda en marzo, vendima no regazo.*** (CARRA34:14). (34401:85). (RODGO3:161). (11806). (CARRA31:126). ***Poda en marzo, vendimia no regazo.*** (GOLPE:16). ***Poda en marzo: vindima no regazo.*** (VIÑO:457).

134. ***Vindima no regazo aquel que poda en marzo.*** (VIÑO:480).

135. ***Quen en marzo non poda a súa viña, perde a vendima.*** (44914). ***Quen en marzo non poda a viña, perde a vendimia.*** (Jacinto del Prado) (VAZSACO1:731,19522). ***Quen en marzo non pode a súa viña perde a vendima.*** (VIÑO:470). ***Quen no marzal non poda a súa***

⁴² Eu non excluíría que *podar coa chaqueta* tivese algunha connotación de “acción propia de señoritos”, porque ata tempos recentes a chaqueta era unha peza de roupa propiamente urbana. De ser así, *podar coa chaqueta* implicaría realizar unha acción propia de quen descoñece todo dese traballo no que se mete.

viña perde a vendima. (43815:151). **O que en marzo non poda a súa viña, perde a vendima.** (RODGO3:161) (VAZSACO1:731,19510). (11806). (21007:1146). (21112:21). (34401:84). **O que en marzo non poda a súa viña, perde a vendimia** (23911:168). (23911:140). **O que en marzo non poda a súa viña, perde a vindima.** (VIÑO:448). (TABOA2). **O que en marzal non poda a súa viña, perde a vendima.** (21112:21). **O que en marzo non poda a viña, perde a vendima.** (RIVAS:59).

136. **A viña de bo amo pódase en marzo; a do ruín, pódase en abril.** (RIVAS:68) ⁴³. **A viña de bo amo pódase en marzo.** (34401:85). (RODGO3:420) ⁴⁴. **Coida de podar en marzo, que o que poda en abril é ruín.** (CONDE:182).

Ora ben, a poda é cousa delicada que debe facer unha man entendida. En primeiro lugar, a poda require atención específica a cada cepa: non se trata de demoucar ás tolas, por tamaño, senón por onde indica a vitalidade particular de cada cepa. Escribía Casares:

[...] *a las cepas dispuestas en emparrado, ó en galleyros se les dejan dos ó tres varas, á veces una sola, segun la fortaleza de la planta: á las rasas una vara ó dos i algunos pulgares de dos ó tres yemas, que llaman cotonos: en el valle de Monterrey solo dejan pulgares* (CASARES 1843:16).

Todo isto require calma: a poda é, polo tanto, unha operación que require atención e tempo.

137. **Viña que non se poda *despacio dará poucos e ruíns acios.** (34401:85). (RODGO3:420). (VIÑO:481).

138. **Se podas as vides curtas, terás vendima larga.** (RODGO3:161). (34401:85). (MOREI1:152). **Si podas as viñas curtas terás vindima larga.** (VIÑO:473).

139. **Vara e cotón viño a montón.** (SOBREIRA-M:128). (SOBREIRA-P:267) *Podar de cotón* é poda-las cepas deixando varas pequenas: é un tipo de poda tradicional (GARCÍA DE LA TORRE (1962-1981), (DÍAZ 2011: 23)⁴⁵. Deixar vara grande fai que a cepa se encha de acios pero acaba coa cepa; esgótaa, porque, como di Manuel Rodríguez (36011): “deixando que a *sabia vaia adiante, chúpalle do ámago á cepa, chúpalle a sabia toda á cepa; e seca a vara atrás. Cotón é o gomo ou cabeza que queda na cepa, cando se poda e moitos viñateiros déixanlle dous cotóns. A poda debe deixar só dous ollos e o morto (o morto é o primeiro ollo despois da poda anterior): deste xeito, a *sabia chega só ós dous ollos. Canto máis atrás estea a vara, máis chupa e máis dá”(36012).

A poda require, en consecuencia, unha man experta. Por iso algúns refráns danlle a palabra ás propias cepas e elas din o seguinte:

⁴³ D. Elixio Rivas dá a entender que este refrán é das Rías Baixas.

⁴⁴ Resultame estraña a versión dun informante (11806): *A viña do bo amo, pódase en maio, a viña do ruín pódase en abril*. Sospeito que *maio* é un erro de transcripción por *marzo*.

⁴⁵ <http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/publicacions/Viticultura/files/assets/basic-html/pa ge23.html>

- 140.-**"Pódeme quen seipa e áteme quen queira" -díxolle a viña ó labrego.** (RODGO3:161). (34401:85). (VIÑO:460). **"Pódeme quen saiba e áteme calquera" -díxolle a viña ó labrador.** (40006:22,352). **"Pódeme quen seiba, e áteme que queira" -dixo á viña ao labrador.** (GOLPE:16). **Pódeme quen seipa e áteme quen queira, díxolle a viña ó labrego.** (RIVAS:68). **"Pódeme quen sepa, e áteme calquera" -dixo a viña ó labrador.** (ALVAG:26).
- 141.**O que non sabe podar non sei para qué vai á viña.** (RODGO3:161). (VIÑO:450). (MOREI1:152) (34401:84). **O que non sabe podar, non sei qué diaño vai faguer ó viñal.** (RIVAS:68).

Destes dous refráns dedúcese que a poda é unha operación que require máis coñecementos técnicos cá ata, aínda que haxa un pouco de hipérbole en que calquera pode atar, porque a dirección en que se ata a punta da cepa podada e a tensión da atadura teñen tamén as súas normas. Pero as hipérboles forman parte do sistema literario das paremias e, polo tanto, non pode ser tomada ó pé da letra. Sempre me sorprende como os viñateiros plantan vimbieiras nas estremas e ó pé dun rego de auga, como as coidan, con que arte preparan os vimbios para atar e tamén a rapidez con que, cando podan, realizan arredor da cepa un nó que a asegura contra a forza do vento dándolle unha orientación que favoreza a maior captación de sol pero deixándolle a folganza exacta para o previsible engorde. Dado que o atado tradicional se fai con vimbios, enténdese que a natureza (ou o refraneiro) establece tamén unha sincronía entre a fartura de vimbios e a fartura de viño:

- 142.**Ano de vimbios, ano de viño.** (23911:177).

Pero debemos estar atentos a que o refrán é un xénero literario, non un teorema matemático e, polo tanto, estes paralelismos indican tendencias, non certezas.

Marzo é o mes de corta-los vimbios con que se atan as cepas e con que se fan os banastos de apaña-la uva. Así di o refrán:

- 143.**Se queres ter bo banastro, corta os vimbios no mes de marzo.** (RIVAS:74).

Casares consérvanos tres nomes: *a ata* (voz común), *a entorta* (propia de Lemos, Quiroga e Salnés) e *a arxona* (propia de varios puntos da ribeira do Miño). Faise con vimbios ou con xuncos secos, asegurando a cepa ó emparrado ou, se é rasa ou espaller, asegúrase a un dos paus que se espetan preto dela. Casares di que en Lemos e nas Mariñas cando as cepas estaban fortes e robustas, non as ataban; pero que en xeral en Galicia os viñateiros gastan bastante diñeiro en manter en bo estado as varas (xeralmente de castaño) ás que se vai atar a cepa.

- 144.**O que co demo ata a viña, co demo a vendima.** (33903).

- 145.**Pra que sea bon o viño, hai que atalo de novo.** (VAZSACO1:78,1882).

Elixio Rivas define a *rodriga* como "a laboura de espetarlle estacas de madeira ás cepas, atando cotos, bicadas e vidras e guiando os sarmentos pra máis e mellor produción. Atanse con vimbios ou vimios, con rafia ou xuncos (O Ribeiro). Non sei qué haberá de

certo no dito: *Ano de vimio, ano de viño*, pero o certo é que sen vimio non se arrenxaría o viñador no seu traballo" (RIVAS:74).

3.13.3. A cava, escavona, bima, renda e montea

Escribía Casares estas interesantes noticias:

En toda Galicia se da á las viñas en Mayo ó Abril una labor llamada caba: valiéndose para esta i las demas de igual clase de la azada ó del ligón: una segunda, conocida en el Rivero como vimia, i en los demás puntos como renda, se practica en los meses de Junio y Julio. En el valle del Salnés dan generalmente tres labores á las viñas, i algunos propietarios cuatro, distribuidas en los meses de Marzo, Mayo, Agosto i Noviembre. En las Mariñas tres labores, una en Febrero, que denominan escabona, otra en Mayo, caba: y la última en Junio ó Julio, montea. En los valles de Monterrei, Quiroga i Valdeorras dan tan sólo una caba á las viñas en el mes de Mayo, práctica que desgraciadamente han adoptado en estos últimos años algunos propietarios indolentes, que creen aumentar de este modo sus utilidades, disminuyendo los gastos del cultivo (CASARES 1843: 17).

146. *O que co demo cava a viña, o demo lla vendima.* Quen con xornaleiros lacazáns a cava, non encontrará colleita. (21007:1116). (VAZSACO1:288,7081).

147. *O que co demo cava a viña, o demo lla vendimia.* (VAZSACO1:288,7081). (CARU:27.12.1888). *Quen cava co demo a viña, co demo a vendima.* (RODGO1:529). (RODGO2:34). (BOUZA3:77). (FRAGUAS-GEG: 8,244). *Quen co demo cava na viña, co demo a vendimia* (23911:160). *Quen co demo cava a viña, co demo a vindima.* (SACO1:229). (SACO2:325). (ALVAG27). (VAZSACO1:289,7089). (VIÑO:371).

Como se ve, marzo é o mes de grandes traballos: cómpre cava-las viñas e podalas. Algúns refráns engaden ás tarefas deste mes a poda e maila ata das cepas pero veremos que outros refráns distribúen as tarefas de maneira diferente, reservando algunhas para máis adiante:

148. *Por marzo a cava, por marzo a poda, por marzo vólvese a viña toda.* (11806). (RODGO2:597).

149. *En marzo podar e cavar, se queres colleitar.* (21007:1146).

150. *Si non das á viña a renda, a primeira non a perda.* (VIÑO:475). *Si non das á viña a renda, a primeira non a perda.* A primeira cava chámase simplemente *cava* e a segunda chámase *renda* ou *bima*. Este refrán insiste en que, en caso de necesidade, podería falta-la segunda cava, pero nunca a primeira. "Si no das á la viña, la segunda cava, que la primera no la pierda". (ALVAG:29).

151. *Sementa cedo e poda tardío e collerás pan e viño.* (RODGO3:324).

152. *Poda tarde e sementa temperán: collerás uvas e gran.* (34401:85). *Poda tardeiro e sega temperau: collerás uvas e grau.* (VIÑO:391). (MOREI1:152). *Poda tardeiro e sementa temperán, collerás uva e gran.* (VAZSACO1:731,19521) (RODGO3:161)

153. *Túa viña alabada: en marzo a poda, en maio a cava.*

Como se ve, este refrán garda a cava para maio. Pero a maioría insisten en que, de non podar en marzo, pérdese a vendima; dito así, en negativo, o aviso do refraneiro é máis insistente.

3.13.4. A meteoroloxía de marzo: tronos e sol

A meteoroloxía empeza a da-los primeiros indicios de como pode se-la anada. O característico de marzo é a meteoroloxía forte e cambiante (*pola mañán, cariña de rosa; pola tarde, cara de can*) ou ó revés (*Marzo marceiro: pola mañán, cara de can; e pola tarde, falangueiro*). Os tronos de marzo traen vento tan forte, que algúns refráns recomendan ata-los palheiros para que non os leve; pero os labregos din que son no seu tempo, porque, aínda que traian moito vento e mesmo pedrazo, as viñas aínda non agromaron e porque, se tal acontece, adoita dar paso a un abril chuvioso e a un maio pardo, que é o ideal para toda a agricultura e por iso se di que abril e maio son as chaves do ano. Un marzo así tamén é bo para a viticultura.

154. *Cando os primeiros tronos son en marzo, apreta os aros da cuba con un mazo.* (VAZSACO1:107,2554). (23911:173)

155. *Os tronos de marzo apretan a cuba cun mazo.* As tormentas deste mes son precursoras dunha boa anada de viño. (VAZSACO1:116,2752).

Nestas dúas variantes hai unha exquisitez estilística. Sorprende como do normal *Se na natureza pasa isto, ti fai aquilo*, que é o que convén, o refraneiro pasa a unha variante diferente *a natureza fai aquilo que convén*. É dicir, a forma *Se trona en marzo, ti apreta os aros da cuba* convértese en *Os tronos apretan os aros da cuba*. Pero o máis exquisito é que os labregos galegos, sen iren nunca a unha aula de estilística, crearon isto, repíteno cando vén ó caso e mantéñeno vivo. Baixo unha capa pobre hai un bo artista. Porque a arte vai dentro.

Pero sigamos. Marzo tronado é un bo precursor se alterna con horas de sol:

156. *Cando hai auga e sol en marzo aparella as cubas e o mazo.* (TABOA2). (RODGO2:596). (VIÑO:257). (11806).

157. *Cando trona en marzo, aparella as cubas e o mazo.* (RODGO3:390). (VAZSACO1:22255).

158. *Cando trona en marzo, prepara cubas e arcos.* (60023:23).

159. *Se no marzo ves tronar, prepara cubas e lagar.* (23911:178) (23911:140) (35401). *Se no marzo ves tronar, porpara cubas e lagar.* (VIÑO:269). *Se no marzo ves tronar, arromba cubas e lagar.* (11806). *Si en marzo oies tronar, pon as cubas a remollar.* (Baralla). *Si en marzo trona, pon as cubas a remollo.* (As dúas variantes recollidas en Baralla) (VAZSACO1:2762). Poñer a remollo as cubas é algo que se fai en agosto e setembro, para que as doelas inchen e deste xeito aumente a estanquidade dos recipientes.

160. *Auga e sol en marzo, aparella as cubas e o mazo.* (23911:141).

Contrario parece se-lo prognóstico destoutro refrán:

161. *Auga e sol, para as froitas, lagarto; para as viñas, pulgón.* (RODGO1:280). *Auga e sol: pra as froitas, lagarto, pra as viñas, pulgón.* (VIÑO:415). *Auga e sol, prás viñas é pulgón.* (23911:181).

3.14.1 Tronadas en xeral

Aínda que non especifica o mes, hai un refrán xenérico con sete variantes que, falando dos efectos das tronadas, considéraas beneficiosas na viticultura; pero debe anotarse que está recollido no concello lugués de Pantón e mais nos pontevedreses das Neves, Pontearreas e Salceda de Caselas. Polo tanto, son tronadas ó sur.

162. *Treboada no Miño: pan e viño.* (VIÑO:478). (43920). (RIVAS:59) *Treboadas do Miño, pan e viño.* (23911:176). *Tronadas ó Miño, fartura de pan e viño.* (44914). *Tronadas ó Miño, moito pan e moito viño.* (44914). *Tronos ó Miño, moito pan e moito viño.* (VAZSACO:2033. Recollido en Loureiro, Cotobade). *Tronos para o Miño, moito pan e moito viño.* (FRAGUAS-GEG: 26,122). *Tronou no Miño ano de pan e ano de viño.* (43403). Dado que o Miño atravesa Galicia de NE a SO, para podermos valorar este refrán, cómprenos anotar que as diferentes variantes citadas proceden do concello lugués de Pantón (o Miño cáelle ó oeste), e nos pontevedreses de Cotobade (o Miño cáelle lonxe ó SE) e As Neves, Pontearreas e Salceda de Caselas (O Miño régaos polo S.): polo tanto *Miño* aquí parece estar só para rimar con *viño* e, nese caso, o que parece dicir este refrán é que as tronadas de marzo (de marzo) adoitan ser boas para o cereal e para as vides.

3.14.2. Nevadas

163. *Cando a neve pasa ó outro lado do Miño, é bon ano de pan e viño.* (VAZSACO:2033). Anotouse este refrán en Redemuíños (Quintela de Leirado), concello ourensán, e o río Miño quedalle ó noroeste: é dicir, neva na ladeira sur. Non se especifica a que mes do ano se refiren estas nevaradas.

3.15. Viticultura. Abril

3.15.1. Viticultura. Meteoroloxía de abril

A primeira vista, o refraneiro ofrece dúas paremias contraditorias:

164. *Abril frío, moito pan e pouco viño.* (RISCO-18). (FILGU-G36). (RODGO1:21). (GOLPE:5). (VIÑO:406). (11806). (23911:142). (34001). (34501). (34505:155). (36701). (39012). Calendario 'O mintireiro verdadeiro' 1969. (TABOA2). *Abril frío, muto pan e pouco viño.* (39455:356). Obsérvase a firma *muto*, típica da Terra das Frieiras.

Contrario parece se-lo prognóstico destoutro refrán:

165. *Abril frío, pan e viño.* (CARRA32:127). (CARRA34:14). (VIÑO:407). (GEG1:76). (CARRA4:12.01.1908).

A primeira vista un refrán di que, se abril é frío haberá pouco viño, mentres que o outro prognostica o contrario, porque nos refráns meteorolóxicos con verbo elidido estamos

afeitos a sobreentender *produce, trae, é, resulta*. Pero a contradición é só aparente, porque temos unha terceira variante na que o verbo non está elidido (*quere, é dicir, precisa*) e todo se fai transparente, desaparecendo a suposta incoherencia:

166. ***Abril frío quer compango, viño e pantrigo.*** (VIÑO:139). ***Abril frío quere compango, viño e pantrigo.*** (RODGO1:21). (11806). (23911:143).

En definitiva, as dúas interpretacións son certas. É certo que este abril que mata co frío a xente e fai ronca-los porcos, tamén é moi bo para o desenvolvemento das vides e o medrío do cereal (din que enche o celeiro), por iso se di que abril frío trae pan e viño. A segunda interpretación pensa en como combater eficazmente ese frío: con compango, pan trigo e con viño; iso si, con pan abondo e viño pouco, que hai que traballar. Neste segundo uso, abril non trae senón que esixe viño e pantrigo.

Pero hai máis. Algúns refráns din que o inverno non acaba ata que pasa abril pero o ritmo vital das plantas xa está nun momento delicado. Isto exprésao o refraneiro cunha delicada metáfora:

167. ***Marquete, Crucete e Miguelete son os tres arrieiros que levan o viño.*** (43210). A tradición vitícola de Galicia marcou como especialmente perigosos para as cepas as xeadas en días estratéxicos: o 25 de abril (San Marcos: *Marquete*), o 3 de maio (Santa Cruz: *Crucete*) e mailo 8 de maio (Aparición de san Miguel: *Miguelete*) e denomínaos *os tres arrieiros que levan o viño*. Farei tres observacións a este refrán. Primeira, o verbo *levar* aparece aquí usado no mal sentido de “destruír, queimar”. Segunda, o sufixo *-ete* aplicado a un santo é algo irreverente porque ese sufixo aplicado a persoas xa indica a consideración de “persoa algo insensata que fai trasnadas”: é dicir, o refrán dálles a estes tres santos a consideración de “santos que fan trasnadas”. E, terceira, levan ese nome as xeadas neses días exactos pero tamén se consideran responsabilidade deses santos se acontecen nos dous ou tres días anteriores ou posteriores: isto é habitual no uso popular de calquera data que figure en calquera refrán. Como se ve, estamos nunha quincena moi delicada para as uvas: tan delicado coma os primeiros meses dun meniño acabado de nacer.

168. ***Pasou o Miguelete e, en cuanto non veña o Miguelete, o viño está en *peligro.*** (35509:375). Este interesante refrán, recollido no concello ourensán do Pereiro de Aguiar, crea un xogo enigmático (*pasou o Miguelete... veña o Miguelete*). En realidade fala do mesmo santo (san Miguel) que ten dúas festas diferentes: a do 8 de maio e a do 29 de setembro. A do 8 de maio conmemora a súa antiquísima festa da aparición no Monte Gárgano, e a máis estendida (29 de setembro) lembra a dedicación da basílica de san Miguel na Vía Salaria en Roma. A primeira aínda se celebra en Pontedeume; a segunda é a máis común nas 149 parroquias de Galicia que teñen o san Miguel como titular. Ben, pois o que o refrán quere dicir é que os dous *Migueletes* (personificación do principio de maio e do final de setembro) simbolizan a vida das uvas. Velaí un refrán que é tamén unha exquisitez⁴⁶.

⁴⁶ A estrutura estilística deste refrán lembra á doutro refrán que di que *San Marcos enxoita o que son Mateo*

3.15.2. Nota sobre a Pascua

A Pascua é unha festa móbil que, dende o Concilio de Nicea do 325 quedou fixada no primeiro domingo despois da lúa chea tralo equinoccio de primavera. Isto fai que varíe entre o 22 de marzo e o 25 de abril. Algúns refráns un pouco cabalísticos atribúenlle certa importancia ó tempo que faga o domingo de Ramos e mailo domingo de Pascua. Parece difícil que isto teña verdadeiro impacto nas plantas pero en Ourense recolléronse estas variantes:

169. *Ramos mollados e Pascoas enxoitas, ano de pan, de viño e de troitas ~ de froitas.* (RISCO:18). (33903). *Ramos mollados, Pascuas enxoitas; ano de viño, de pan e de froita.* (31607:466).

3.15.3. Traballos de abril

170. *En abril, abona forte, poda curto e ara fondo, xa verás como tes viño e pan abondo.* (11806). *Abona forte, poda corto e ara fondo, xa verás como tes pan e viño abondo.* (23911:167). (43310). (39011). (31910). (44307). (44237:55). *Abona forte, poda corto e ara fondo, e verás cómo tes viño e pan abondo.* Recollido na Braña (Mondoñedo) (RIVAS:68). *Esterca forte, poda curto, labra fondo e xa verás como tes viño e pan dabondo.* (43815:160).
171. *Poda curto e ara fondo, terás pan e viño dabondo.* (43920). (MOREI1:152). (RODGO3:161). (VAZSACO1:731,19515). (VIÑO:456). (34401:85). (TABOA2).
172. *Poda tarde e *sempra cediño; comerás pan e beberás viño.* (VAZSACO1:731,19518).

Con todo, hai un refrán que aconsella podar en maio. Pero debe anotarse que está recollido no concello coruñés da Capela, terra máis setentrional, e hai que lembrar que o viño das Mariñas (de Betanzos) tamén tivo a súa importancia, porque estando á beira do mar tivo facilidades para a exportación.

173. *A viña do bo amo, pódase en maio.* (11806). *A viña do bo amo, pódase e maio, a viña do ruín pódase en abril.* (11806). Resulta algo raro, porque moitos refráns falan ben da uva que nace en abril e de que o viño que nace en maio é pouco e malo. Pero o refraneiro contén experiencias vitícolas de lugares de climatoloxía algo diferente: neste caso, os refráns proceden do concello coruñés da Capela onde a evolución da vide é máis serodia do que é no sur de Galicia e, polo tanto, tamén a viticultura vai máis atrás no tempo.

3.15.4. Viño que nace en abril

A uva producirá o viño e aquí, coma en moitos outros casos, o refraneiro fala do viño para designa-la uva que o produce: é o que se chama metonimia, que designa a causa polo seu efecto. Se, como queda visto, a uva que nacía en marzo se vendimaba no regazo, agora percibimos mellor que o refraneiro consideraba a uva nacida en marzo como

molla. Tendo en conta que san Marcos é o 25 de abril e que san Mateo é o 21 de setembro, o refrán está indicando que globalmente a fin de abril empeza o tempo seco e que a final de setembro volven as choivas.

algo prematura. Á uva que nace en abril ponlle outros atributos: arde nun candil (terá a cantidade suficiente de alcohol) e ademais enche as cubas (dará viño abundante). Incluso un refrán xa considera serodía a uva que naza en maio (viño pouco e malo), porque vindo tarde tamén tarda en madurar. Polo tanto, a experiencia vinícola do refraneiro galego apréndenos que abril é o mes ideal para que a cepa rebente e naza a uva.

174. *Viño de abril arde no candil; viño de maio pouco e malo.* (TABOA2).

175. *Viño de abril, moito e xenil; viño de maio, pouco e malo.* A palabra *xenil* en Carballedo significa 'de xenio, que ten vigor, vigorosa'. (21007:1710) (VAZSACO).

176. *Viño de abril, moito e xentil; o de marzo vai pouco ó cabazo; o de maio, pouco e malo.* (VAZSACO1:128,3014).

177. *Viño de abril, un gran xentil; viño de maio, pouco e malo.* (VAZSACO1:128,3015).

178. *Viño de abril, pouco e candil; viño de maio, pouco e malo.* *Candil* quiere dicir que ten forza, que ten alcohol, que *arde no candil*. (21007:1711)⁴⁷. Os lectores que non teñan experiencia propia de vivir sen electricidade, deben saber que antes a iluminación era con candís: unha mecha de trapo, impregnada en aceite, mantiña unha luciña transportable na man (o candil). Mesmo nas igrexas a iluminación era con lámpadas de aceite e parece que a catedral de Santiago facíao en tempos con aceite de balea que para ela pescaban os muxiáns. É sabido que unha lámpada tamén alumeaba impregnada en alcohol (e de aí o refrán de que o viño arde nun candil), pero o alcohol é máis volátil e dura menos na lámpada có aceite.

179. *Viño de abril enche a cuba e o barril.* (21007:1709). *Viño de abril enche a cuba i-o barril.* 99820032: "d'abril". (VAZSACO1:128,3015).

180. *Viño de abril non vai ó funil.* (TABOA2).

Obsérvese como o adxectivo *xenil* (derivado de xenio e que alude ó vigor ou grao alcohólico), por ser un adxectivo moi minoritario ou xa desaparecido do uso fóra de Carballedo (Lugo), se converte en xentil, adxectivo que parece máis transparente, aínda que non diga o mesmo e así aparece na maior parte dos refráns, é dicir, no uso da maioría dos falantes. Pero a calidade do informante (Nicanor Rielo Carballo) impídenos consideralo un despiste. Polo tanto, é unha desas rarezas léxicas que se encontran nos refráns e que non sempre conseguen que un dicionario as salve.

3.15.5. As desexadas mil choivas de abril

Un dos refráns máis sabidos polos galegos é o de *Abril, augas mil*. Con todo, na Galicia urbana (é dicir, a que non ten práctica agrícola) é frecuente que interpreten este refrán, atribuíndolle a cualidade de se-lo mes máis chuvioso do ano, cousa que é estatisticamente falsa e que o refrán completo non di. O refrán na súa forma plena non di que abril sexa o máis chuvioso senón o mes no é que máis necesaria a choiva: e non un diluvio senón choivas mil que en lei dereita equivale a 33 chuveiras por día.

⁴⁷ Coido que neste caso a primeira vez que se utiliza a palabra *pouco* é unha errata do colector.

O refrán, como xa expliquei noutro lugar (FERRO 2004), forma parte dun conto no que un rei ordena crea-la obra de arte máis marabillosa do mundo e encoméndalla a un ourive, que, pasado certo tempo, lle presenta unha escultura de ouro que representa un carro de bois. Compracido co resultado, o rei expón para que os súbditos veñan vela e valorala; e todos din que é a cousa máis marabillosa do mundo. Finalmente chega un labrego que mira e remira a escultura, dálle á cabeza e dille ó seu rei. "Élle cousa ben linda pero, mire, *'Xaneiro, xiadeiro; febreiro, unha raza de sol e outra de bulleiro; marzo, ventoso; abril, augas mil; maio, pardo; e sanxoán claro válenlle mais cós bois e o carro'*. A lección que o labrego lle daba ó rei é que, cando cada mes trae o tempo que cómpre, a terra dá froito para todos e iso para un país ten máis valor ca unha escultura de ouro por linda que sexa. Polo tanto as mil augas de abril non son unha afirmación estatística senón a expresión dun desexo dos labregos europeos (*April showers bring May flowers*). Manuel González estudou posteriormente e con detalle a distribución e matices deste conto por Galicia adiante (GONZÁLEZ 2012).

3.15.6. Vento de abril

181. *Seca de abril e lama de agosto leva o viño e deixa o magosto.* (VAZSACO1:127,3000).

182. *O vento de abril e a lama de agosto matan o viño aunque sea no mosto.* (ALVAG:49). (11806). (VIÑO:452).

A seca adoita vir co vento e, por iso, tamén é malo o moito vento neste mes. De todas formas é curioso como o refraneiro di que un abril seco e un agosto húmido son prexudiciais para as uvas (leva o viño) pero son condicións óptimas para as castañas (deixa o magosto). Resulta estraño, porque outro refrán moi popular di que *A castaña en agosto quer arder e en setembro beber*. Posiblemente a choiva en agosto force un pouco as datas (fin de agosto) para poder rimar con mosto. É sabido que o mosto é o primeiro zume da uva, antes da fermentación. Se o refraneiro desexa un abril chuvioso, enténdese que o pida tamén para as cepas. Neste caso non o di expresamente pero dío pola contra: o que é malo é un abril seco e ventoso.

183. *O vento d'abril e a lama d'agosto matan o viño aunque sea no mosto.* (ALVAG:49). (VIÑO:452).

184. *O vento de abril e a lama de agosto, matan o viño e mailo mosto.* (11806).

A necesidade das augas de abril, tamén para o viño, son as que explican que cando neste mes non chove, acaba sendo ano de pouco viño. Así o di este refrán agachando a súa verdade nunha formulación que parece unha adiviña:

185. *Bebín auga porque non houbo auga, que, si auga houbera, viño bebera.* (VIÑO:237). *Bebín auga porque non houbo auga; que, se auga houbera, viño bebera, se a tempo chovera.* (RODGO1:280).

Este refrán parece unha adiviña pero o último elemento contén a resposta.

Lembremos aquel que queda atrás e que xa anticipaba que eran bos precursores os tronos de marzo: *Os tronos de marzo apretan a cuba cun mazo* (VAZSACO1:116,2752).

3.15.7. Enxertía

186. ***Polo San Matías empezan as enxertías, e dá o sol polas umbrías.*** (RIVAS:80): *enxertía* é un deverbais de *enxertar*, de acción, consecuencia, o mesmo ca *enxerta*.

Aínda que o vello refrán dicía *Por san Matías empezan as enxertías* (data antiga 24 de febreiro⁴⁸), abril é o momento de enxerta-las cepas, segundo recolle un único refrán anotado no Bierzo: *Injerta en abril, y a los tres años cogerás uvas mil.* (60023:47). Tamén coincide un libro portugués de 1881 que di que *As cepas se devem enxertar na Primavera, quasi pelo meio do mes de Abril, que he quando tem passado a primeira força da seve* (C.I. 3: 209).

187. ***Se queres ter bo viño, enxerta de boa cepa.*** (VALLA7:585) (RIVAS:80). ***Si queres ter bo viño enxerta de boa cepa.*** (VIÑO:477). (000110). (GOLPE:20) (23911:167). (45605). ***Si queres ter bon viño, inxerta de boa cepa.*** (VAZSACO1:82,1985) ***Se queres ter bo viño, inxerta de boa cepa.*** (MOREI1:152).

188. ***Se queres ter bo viño inxértalle boa cepa.*** (RISCO-18).

189. ***De boa nai busca á filla; e de boa cepa enxerta a viña.*** (RIVAS:80).

3.15.8. Economía de abril

190. ***En abril merca e garda viño.*** (11806). (GEG1:76) (24402:1386). Quizais porque en abril o viticultor xa ten os primeiros indicios do viño que pode chegar a recoller no outono e así pode calcular como administrar mellor o que ten en función das previsións do que vai ter.

3.16. Viticultura. Maio. A esfarna

Atrás queda anotado un refrán recollido no concello coruñés da Capela, terra máis setentrional, que recomenda podar en maio. É cousa local, porque maio, na Galicia máis vitícola, xa é o delicado tempo da esfarna ou floración das cepas. As cepas botan as flores e iníciase o proceso de fecundación, é dicir, da conversión da flor en froito (tamén chamado a purga da viña ou a purga das cepas). Normalmente entre abril e maio vese que é o tempo da esfarna e dise que as viñas están na esfarna. É tempo moi delicado, porque cada cepa xoga neses días a cantidade e a calidade de froito que vai empezar a criar. Tempo tamén decisivo e por iso xa no século XVIII anotaba o P. Sobreira este refrán:

191. ***Na esfarna vai a vendima.*** (SOBREIRA:471). (SOBREIRA-M:127)⁴⁹.

⁴⁸ As reformas feitas tralo Concilio Vaticano II (1971-1975) puxeron orde no calendario litúrxico, dado que antes uns santos celebrábanse na data de nacemento e outros na data da morte. Puxéronse todos na data da morte (nacemento para a eternidade) e isto desprazou, entre outros a san Matías do 24.2 ó 14.5, co que perde sentido o vello refrán *Polo san Matías comezan as enxertías*, porque, mediado maio, xa sería tarde para empezar a face-los enxertos. Peor sería aínda o caso de san Tomé que pasou do 21.12 ó 3 de xullo co que o vello refrán *Polo san Tomé dálle ó porco polo pé* xa perde todo o sentido, dado que a mata do porco polo método tradicional (antes de que existisen os frigoríficos eléctricos) require día seco e tempo frío.

⁴⁹ Na copia manuscrita de Murguía di *esfarna*, que considero errata, dado que non hai constancia da existencia desa variante nin en dicionarios nin en cópores.

As uviñas que nazan aínda van correr moitos perigos ata chegaren ó lagar, pero as que non superen o tempo da esfarna, nunca se lograrán.

Maio é un mes delicado e o refrán dío de dúas maneiras aparentemente simples pero realmente moi elaboradas:

192. *Maio fai o trigo e agosto o viño.* (11806). (RODGO2:564). (VAZSACO1:513,13323). (FRAGUAS-GEG: 20,52). (23911:145).

193. *Maio come o trigo e agosto bebe o viño.* (RODGO2:564). Sería difícil de interpretar se non tivésemo-la variante anterior. ¡E haberá quen diga que a xente da aldea non sabe de estilística!

Obviamente se as uvas teñen que estar xa na purga, compréndese ben que o viño que poida nacer aínda en maio vén con atraso e non terá tempo de lograrse. Por iso di o refrán que

194. *O viño que nace en maio é pouco e malo.* (27003:130). (31901).

195. *O viño de maio é pouco e malo; e o de abril, moito e viril.* (VAZSACO1:128,3015).

E, unha vez máis, unha nota de estilística rural: nacen uvas pero os literatos da aldea din que nace o viño, a causa polo efecto; figura literaria.

3.16.1. Uvas en perigo

E, por se o dito no refrán anterior fose pouco, véxanse estas prosopopeas da aldea que merecen estar nas cátedras de literatura:

196. *Marquete, Crucete e Miguelete son os tres arrieiros que levan o viño.* (43210). Xa visto e comentado na entrada ***158.

197. *Día de santa Cruz vai ver a túa viña se reluz.* O sentido é o mesmo do anterior: incita a comprobar se a viña pasou ese segundo día fatídico. (CARRA34:16). (CARRA4:7.04.1908) (VAZSACO1:175,4149). *O día da Santa Cruz vai ver se a túa viña reluz.* (RODGO3:313).

198. *Vai a ver se a túa viña reluz o día da Santa Cruz.* (RODGO3:420). (VIÑO:375). (34401:85). (11806).

199. *Pola santa Cruz a viña reluz.* (33903).

200. *Pola santa Cruz o viño ve a luz* (23911:148).

201. *Viño de maio, pouco e malo.* (RODGO3:421). (ALVAG:54). (VAZSACO1:138,3222) (RISCO-18). (23911:145). (11806). (TABOA4:137). (VIÑO:130).

202. *O viño de maio é pouco e malo i-o de abril, moito e viril. O viño de maio é pouco e malo i-o de abril, moito e xentil.* (VAZSACO: Chantada).

Polos refráns paralelos vistos en marzo e abril e polos que poñen a continuación este viño de maio debe referirse ás uvas que nacen serodías neste mes de maio e que, polo tanto, non lles vai dar tempo a medraren e maduraren con xeito.

203. ***O viño que nace en maio é pouco e malo.*** (27003:130). ***O viño que nace en maio, pouco e malo.*** (31901).

204. ***Din que o viño que nace en maio, que o bebe o gaio.*** Por aparecer demasiado tarde, os seus días están contados. A calor pronto o agosta. *Gaio* é un paxaro que abunda en zonas de ribeira. (21007:496).

3.16.2. ¿Calor en maio?

Aínda que axiña (xuño) as uvas e as espigas van reclamar calor, neste mes de maio vénlles ben o frío, como di o refrán seguinte:

205. ***Maio friento e san Xoán quente, pan graiudo e viño valente.*** (23911:144).

3.16.3. Unha rega na semana da Ascensión

Hai un magnífico refrán que recolleu Marcial Valladares e que explica Rivas Quintas. É este:

206. ***Chuvia na semana da Ascensión cría nos trigos mourón, pro é un regalo san Pedro co seu xerro, san Cristovo co seu covo, santa Mariña coa súa regazadiña, Santiago co seu canado, San Lourenzo co seu caldeiro penzo, Nosa Señora coa súa ola e San Miguel co seu tonel.*** É dicir, a partir deste momento ó viño cómprenlle choivas breves e moi espalladas: unha por mes. Porque san Pedro (20.6), san Cristovo (10.7), santa Mariña (18.7), Santiago (25.7), san Lourenzo (10.8), Nosa Señora (15.8) e así aparecerá san Miguel (29.9) co seu tonel. E hai unha gradación da capacidade dos recipientes amentados: *xerro, covo, canado, caldeiro, ola e tonel*.

3.16.4. A bima ou segunda cava

Xa está dito que a poda das cepas se debe facer en marzo pero, aínda que se cavase en marzo, o protocolo dos viticultores galegos recomenda unha segunda cava, que denomina bima.

207. ***Poda a viña en marzo e cávaa en maio.*** (VIÑO:455).

208. ***A sacha de san Bernardiño, a que máis agradece o viño.*** (FERRO 1992:164). (CONDE:184)

209. ***“Cávame tarde, bímame cedo e pagareiche o que che debo” - díxolle a viña ó labrego.*** (RODGO1:529). (FRANCO:265). (VIÑO:422). (18401:184).

210. ***O que non bima non vendima.*** (SACO1:226). (SACO2:343). (ALVAG:24). (RISCO-18). (FRANCO:185). (VIÑO:449). (VAZSACO1:74,1781). (MOREI1:152). (RODGO1:356). (34401:85).

211. ***O que non bima non vendima, o que non cría non pía.*** (SOBREIRA:472).

212. ***Cava o viño en marzo e cávala en maio.*** (11806).

213. ***O que bima e bima ben na vendima haio conocer.*** (VIÑO:446). (MOREI1:152).

214. ***O que cava e bima ben, fará boa vendima.*** (RODGO1:529). (MOREI1:152). (VIÑO:447). (34401:85).

215. *Quen bima e bima ben na vendima hao coñecer.* (RODGO1:356).

216. *Dádeme unha, dádeme tres, mais sen a de maio non me deixés.* Fala a viña e refírese ás sucesivas cavas. (VIÑO:429).

Aínda que isto pertence á vinificación, en maio aconséllase unha segunda trasfega do viño.

3.17. Viticultura. Xuño

Contra o final deste mes empeza o verán no que se vai produci-lo pleno desenvolvemento vexetativo. O zume bruto da cepa vaise transformar en zume elaborado pola acción do sol na clorofila das follas (fotosíntese). É, polo tanto, unha estación moi delicada.

As condicións óptimas para a agricultura do pan e do viño son que maio sexa frío ou mesmo húmido pero que xuño sexa seco e quente. Chegamos a xuño e esa xenerosa factoría que é a terra-naí empeza a entrega-los seus froitos: en xuño entrega o trigo⁵⁰, en xullo entregará o centeo e en novembro poderase cata-lo viño.

O refrán básico de xuño e de novembro é que:

217. *San Xoán trae o fol cheo de pan e san Martiño bota de viño.* (23911:174).

Parece razoable que aquí fol e bota designen un recipiente portátil de coiro: o fol para transportar fariña e a bota para levar pouco máis dun litro de viño. Con todo, debo lembrar que aínda no século XVII unha bota era unha pipa, é dicir, un recipiente de madeira para transportar viño ou sardiñas arencadas, de xeito que unha bota (ou pipa) levaba 500 litros de viño ou 1.650 ducias de sardiñas arencadas (19.800).

Resúltame inevitable comentar que o viñateiro usa aquí tres figuras retóricas. Unha vez máis aparece en acción a figura da prosopopea relixiosa: xuño é o mes no que se sega o trigo e personifícase no seu santo sobranceiro (Xoán)⁵¹; novembro é o mes no que se cata o viño novo e tamén se personifica no santo máis identificador (Martiño). Como se ve, os labregos usan con toda naturalidade, sen sabelo, tres figuras retóricas: a metáfora (o mes -e non a planta nin a natureza- é quen produce o froito), a prosopopea (o santo que simboliza ese mes -non o viñateiro - entrega ese froito) e a metonimia (pan e viño son resultado posterior da sabia manipulación do cereal e das uvas que entrega a terra: tómasse aquí a causa polo efecto).

Os códigos que permiten codificar e decodificar esta retórica sabia non a aprendeu o viñateiro en libros senón no uso dos maiores. E, aínda que a algúns lles poida parecer

⁵⁰ En cambio, o centeo, que se sementou en outubro, ségase a últimos de xullo. Véxase o exemplo de Becerreá [http://www.lavozdeg Galicia.es/lugo/2011/07/10/0003_201107L10C9991.htm] [8.8.2015].

⁵¹ Aínda así, cómpre lembrar que a liturxia católica, tan amante das imaxes e dos ritos, fai que nalgúñas parroquias de Galicia sexa tradicional que o día do patrón ou patroa, na procesión que se fai trala *misa grande*, o santo ou santa leve na man un produto agrícola real. Na procesión do Santiaguíño do Burgo (en Pontevedra) que se fai o 25 de xullo, adornan o santo cuns acios de uvas que traen sempre do lugar da Santiña e con eles, obviamente aínda verdes, van en procesión. E tamén en Cambados se fai con San Xusto e San Pastor o 6 de agosto no monte da Pastora: ós dous santos colócaselles cadanseu acio de uvas (tamén aínda non maduras). Así tamén na miña parroquia natal de San Pedro de Rebón (Moraña) o santo vai en procesión o 29 de xuño cun pé de *millo de cedo* ou *temperán* na man e, se é posible, con candeas.

unha aprendizaxe imperfecta por ser inconsciente e por non estar formulada de maneira clara e distinta, contén realmente tódalas claves de comprensión e de uso. Porque é o agricultor quen mellor sabe que o cereal aínda non é pan e que a uva aínda non é viño. Ninguén coma el sabe que, para que o gran que dá a terra sexa realmente pan comestible, terá que moelo para convertelo en fariña e que despois terá que amasalo, poñelo a levedar e despois cocelo. Ninguén coma el sabe que a uva non é o viño: terá que prensala e despois proceder a un delicado e lentísimo proceso de fermentación e trasfegas. Pero é precisamente el quen lembra, usa e transmite esta paremia estilisticamente complexa.

Moitos viñateiros sorprenderíanse se soubesen que eles usan metáforas, prosopopeas e metonimias (como se sorprendeu aquel que un día descubriu que levaba toda a vida falando en prosa sen sabelo). Estes códigos non lles chegaron en fórmulas senón encriptados nas paremias; pero esta técnica é perfecta a xulgar polo seu exacto funcionamento e polo seu uso recreador.

A estilística da lingua é unha das máis admirables creacións humanas.

3.17.1. Maio frío e xuño quente ideal para viño e cereal

218. *Maio frito e san Xoán quente, pan graiudo e viño valente.* (23911:144).

Pero xuño é un mes moi delicado: un informante de Oímbra (35003:469) lémbra-nos que en xuño aínda a cepa anda na flor e, cando a esfarna aínda está sen rematar, tanto a choiva coma o frío poden mata-la flor e aborta-lo proceso vital da cepa para ese ano.

3.17.2. A choiva, as brétemas e o frío son un perigo para as uvas en xuño

Un dos temas fortes da paremioloxía vitícola é o medo a que chova en xuño. O viño é un produto tipicamente mediterráneo e dende agora (mes de xuño) a choiva é un perigo para as uvas, maiormente en Galicia onde, por veces, empalma varias semanas seguidas de auga, tollendo o medrío da uva que agora precisa fundamentalmente sol e calor. O refraneiro é radical: asegura que en xuño a humidade tolle, seca, mata ou leva o viño.

219. *Chegado a mediados de maio, aínda que a auga corra tras do arado; en chegando a san Xoán, tolle o viño e tolle o pan.* Por maio non importa tanto que chova (aínda que corra a auga tras do arado) pero en xuño a choiva é perigosa para o cereal e para as uvas (13702:111).

220. *A chuvia de san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (MARTIRO). (18911:469). (41750:469). *A chuvia de san *Juan tolle o viño e non dá pan.* (43603:469). *A chuvia de san Xoán quita o viño e non dá pan.* (16209:469).

221. *A auga de san Xuan quita o viño e non dá pan.* (20546:469). *Auga de san Xuan quita o viño e non dá pan.* (22820:469). *A auga en san Xoán quita viño e non dá pan.* (13201:250) (00099). *A auga en san *Juan quita viño e non dá pan.* (22987:469). *A *augha en san *Juan quita viño e non dá pan.* (16110:469).

222. *Auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (23911:145). *A auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan* (33309:18) (33309:146) (GARGO1:159). *A auga de san *Juan tolle*

o viño e leva o pan (10410:469). (30502:469). *A ághoa de san *Juan tolle o viño e non dá pan.* (13042:469). *A *aghua en san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (15323:469) (43254:469)⁵². *A augha no san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (31607:469). (35003:469).

223. *Cae auga en san *Juan, tolle o viño e non dá pan.* (38807:469).

224. *Cando chove no san Xoán, tolle o viño e non dá pan.* (44285:469).

225. *Se chove en san Xoán, tolle o viño e non dá pan.* (10216:469). (14106:469)⁵³.

226. *Se chove en san Xoán, leva o viño e tolle o pan.* (44237:50).

227. *O ballón de san Xoán, quita viño e non dá pan.* (21814). (21818). (FRANCO:831). (60023:64). *O ballón de san *Juan quita o viño e non dá o pan.* (60017:469). *O ballón de san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (21829).

228. *En san *Juan a chuvia seca o viño e non dá pan.* (20301). *En san Xoán a auga seca o viño e non dá pan.* (20302). *En san *Juan a chuvia tolle o viño e non dá pan; a mediados de maio, anque a aghua corra atrás do arado.* (13714:469).

229. *A auga en san Xoán mata o viño e non fai pan.* (21807). (21816). (21824). (21822). (21829). (42429:470)⁵⁴. *A auga de san *Juan quita viño e non fai pan.* (23402:469). *A auga de san *Juan quita u viño e non dá pan.* (60018:469).

230. *A augha en san *Juan mata o viño e non dá pan.* (14702:469).

231. *O san Xoán mollado nín viño nín nada, nín pan para o ano.* (11806).

232. *A frieira de san Xoán, quita o viño e non dá pan.* (39455:361). (RIVAS:59).

233. *En san Xoán aínda a xiada leva o viño e non deixa o pan.* (30405:470).

234. *Invernadas de san Xoán, tinxen o viño e non o pan.* (21828)⁵⁵.

Velaí unha exacta observación. A uva, nese mes delicado que é xuño, pode quedar tolleita, estéril ou mesmo secar por choiva inoportuna ou mesmo por frío, nun mes no que ela pide sol.

E o labrego expresa iso con tres figuras retóricas que debemos observar: unha fina antítese: *a auga seca a uva*; unha fina metonimia (causa polo efecto): *a auga seca o viño*; e unha fina prosopopea (darlle carácter humano á uva): *a uva ten medo*. O mesmo é o que fai viñateiro cando detectada a sincronía entre dous fenómenos naturais: *Mora madura, repinta a uva*, converte esa sincronía en simulada causalidade: *As moras maduras*

⁵² Esta fonte di *A ághoa*...

⁵³ Unha variante truncada di *En san *Juan tolle o viño e non dá pan.* (41821:469).

⁵⁴ A fonte di... *en san Juan*.

⁵⁵ Este refrán resúltame algo enigmático porque, chegándome por vía escrita, non estou seguro de que sexa *tinxe* e non *tanxe*. Tínxilo viño podería entenderse como que lle cambia a cor á uva e, neste caso, non para madurar senón para apodrecer. En calquera caso, vendo o refrán que precede a este, non entendo por que razón non fai algo equivalente co cereal.

repintan as uvas. Son estas finezas as que nos obrigan a descubriarnos ante a estilística labrega que fai arte de maneira instintiva sen esperar que alguén lles faga unha recensión.

Pero non só son perigosas a choiva, a burrafa (choiva que cae mansa e continua) ou as orballadas (choivas suaves e intermitentes); tamén o son as brétemas e tamén as meras ou mereiras: elas tamén tollen, quitan, levan, é dicir, esterilizan. Eladio Rodríguez explica que a mera é unha "Niebla espesa, húmeda y rastrera, que suele causar daños a las plantas y cereales, cuando tienen los brotes tiernos o están en flor" e que se distingue da brétima en que "es generalmente más húmeda, más espesa y anda más a ras de tierra y por eso se la considera más dañina" (RODGO2: 614 s.c. *mera*).

235. *A chuvia en san Xoán tolle o viño e non dá pan*. (17015). *Chuvia en San *Juan tolle viño e non dá pan*. (VALLA7:157). *Chuvia en S. Xoán tolle o viño e non dá pan*. (CARRA4:12.03.1908). (CASAS1:15). (13702:126). (44307). (45520). *Chuvia en san Xoán tolle viño e non dá pan*. (18705). Se chove polo San Xoán redúcense as colleitas de viño e cereais. (32503). (41743).

236. *A chuvia por san Xoán tolle o viño e non dá pan*. (CRESPO:1,325). *Chuvia por san Xoán tolle o viño e leva o pan*. (RODGO1:733).

237. *Choivas de san Xoán, tollen viño e non dan pan*. (11806). *A chuvia de san Xuan tolle o viño e non dá pan*. (41006:469).⁵⁶

238. *A burrafa de san Xoán tolle o viño e non dá pan*. (GARGO1:159).

239. *A mera de san Xoán tolle o viño e non dá pan*. (11806). (GARGO1:159). (GARGO6:121). *A meriña de san Xoán, tolle o viño e non dá pan*. (FRAGUAS-GEG: 30,233).

240. *As meras de san Xoán quitan viño e non dan pan*. (11806). (25601:16).

241. *A mera de san *Juan leva o viño e non deixa o pan*. (VAZSACO3:257,218) *A orballada de san *Juan leva o viño e non deixa o pan*. La lluvia continúa en el mes de S. Juan (junio) echa a perder la cosecha, tanto del centeno, como del vino. (VAZSACO). *A mera de san Xoán leva o viño e non deixa o pan*. (21002). *As meras de san *Juan levan o viño e non deixan o pan*. (37102:470). *A mereira de san Xuan leva o viño e non deixa o pan*. (25601:16). *A mera de san Xoán leva o viño e non fai pan*. (99821017): (21007:85). *A mera no san Xoán leva o viño e mailo pan*. (RODGO2:614).

242. *A mera de san *Juan nin dá viño nin dá pan*. (24708:470).

243. **Neblina de san Xoán, tolle o viño e non dá pan*. (23911:145).

Como se ve, a choiva continuada (e mesmo as simples meras) no mes de xuño dana as cepas tollendo os acios, é dicir, freando o seu medrío e producindo unha regresión biolóxica: iso é o que significa o verbo tollere, que un refrán denomina literalmente seca. O refraneiro expresa esta crise biolóxica coa metonimia de falar do efecto (*tolle o viño*;

⁵⁶ Unha variante di que *tosta o viño* (41006:470) pero debe ser unha errata porque *tostar* podería significar "estragar algo" pero sempre sería por efecto dunha calor excesiva, que non é o que pode causa-la choiva.

seca o viño; leva o viño) querendo sinala-la causa (*tolle o acio, seca o acio; mata o acio*). Obviamente *toller* é menos grave que *secar* ou *levar*, que neste caso designan a total destrución do *acio*.

O refraneiro di que as choivas continuadas neste mes afectan negativamente á vide pero tamén o cereal (*viño e pan*). Pero, cando o refraneiro fala de san Xoán ¿fala de todo o mes de xuño ou fala da última semana, na que cae a festa (24 de xuño)?

Eu supoño que fala desa última semana, porque trigo e centeo xa están medrados e é precisamente no mes de xuño cando acadan a plena maduración e sería un estrago segalos mollados (nos campos casteláns xa segan no mes de san Xoán, aínda que entre nós o mes da sega ou da seitura é xullo). En cambio, a uva aínda está medrando, porque empeza a pintar no mes seguinte (*Por Santiago comenza na viña a pinta-lo bago. Na santa Mariña pinta o bago na viña*).

A choiva, que neste mes é boa para os produtos hortícolas, quita *viño* e quita *pan* e iso faina perigosa nunha economía rural na que *pan* e *viño* son esenciais para anda-lo camiño.

3.17.3. O perigo das tormentas de xuño: a auga seca o viño e o viño ten medo

A agricultura é a arte da incerteza. A produción de *viño* é desigual e a viticultura, por atenta e precisa que sexa, sempre loita contra factores naturais (maiormente atmosféricos) que poden fana-lo proceso de maneira repentina, inesperada e irremediable. Este carácter aleatorio exprésano á súa maneira dous refráns:

244. *O viño e o pan sempre se dan: uns anos ben, outros mal e outros menos mal.* (RODGO3:421).

245. *Pan e viño, un ano, teu; e outro, do teu veciño.* (RODGO3:77). (VAZSACO1:76,1851) (VIÑO:106). Referido a que as colleitas non son sempre iguais. (MOREI1:142). Alude a las desigualdades de las cosechas. (VAZSACO1:76,1851). As diferenzas entre veciños só parecen explicables ou pola diferente orientación do terreo (e consecuentemente diferente insolación), diferente calidade das cepas, ou diferente atención ás cepas pero a evidencia é que aínda hai factores incontrolables que inflúen de feito na calidade e cantidade do *viño* recollido.

246. *Ano bisesto, nin cuba nin cesto.* (23911:181).

Dende o neolítico, cando empeza a agricultura, agricultores e mariñeiros foron os meteorólogos. Ninguén coma eles puxo tanta atención na sucesión dos fenómenos atmosféricos. Ninguén antes ca eles constatou que existían tempadas húmidas e tempadas secas, tempadas frías e tempadas cálidas, así é que eles souberon crear unha agricultura acompañada a esas secuencias e acabaron formulándoa en refráns que, debidamente peneirados, se converteron no punto de partida da posterior ciencia meteorolóxica.

A experiencia acumulada polos labregos advirte de que a choiva, que neste mes é boa para os produtos hortícolas, é, en cambio, nociva para a uva e o cereal: quita *viño* e quita *pan* e iso faina perigosa nunha economía rural na que *pan* e *viño* son esenciais para anda-lo camiño, é dicir, para traballar e vivir. O refraneiro insiste en que ata últimos de

xuño hai perigo de que se malogre todo o traballo do ano; o refraneiro personalízao (o viño ten medo) e exprésao cun paradoxo (a auga seca o viño):

247. *En San *Juan a chuvia seca o viño e non dá pan.* (20301).

248. *As tormentas de san Xoán tollen o viño e levan o pan. As tormentas de san Xoán tollen o viño e non dan pan.* (43815:156).

249. *As tormentas por san Xoán tollen o viño e levan o pan.* (RODGO3:378).

250. *Se chove en san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (102164:69). (14106:469). *Se chove en san Xoán, leva o viño e tolle o pan.* (44237:50).

Por todas estas razóns, na memoria colectiva queda a certeza de que:

251. *Ata san Pedro o viño ten medo.* (11806). "Hasta..." (CARRA34:16). (CARRA4:13.05.1908)." Hastra..." (CARRA32:128).

252. *Deica san Pedro o viño ten medo.* Hasta finales de junio hay peligros de que se malogre la cosecha. (ANONI9:3919). (FILGU-G39). Variante: *En san Pedro o viño ten medo.* (23911:145).

253. **Hasta o san Pedro, o viño ten medo.* (23911:173). (23911:186). **Hasta san Pedro o viño ten medo.* Por el mayor peligro de que se malogre la cosecha. (VAZSACO1:178,4222). **Hastra San Pedro o viño ten medo.* (VIÑO:441). (GOLPE:13).

Neste delicado mes de xuño o cereal e mailas uvas pódense botar a perder: xogan todo o seu proceso vital. Esta sorte parella quizais é o que expresan estes refráns:

254. *En San Xoán vale tanto o viño como o pan.* (45302). *En San Xoán, queixo, viño e pan.* (11806). *En San Xohán, tanto viño como pan.* (VIÑO:184). *En San *Juan, tanto viño como pan.* (14403:470). *En san Xoán, tanto queixo como pan / En san Xoán, tanto viño como pan.* (CARRA34:15). *Polo san Xoán, tanto viño como pan.* (RODGO3:315).

255. *En San Xoán a auga seca o viño e non dá pan.* (20302). *En san Xan a augha quita viño e non dá pan.* (22217:469).

3.17.4. O axofrado

Lémbrese o que queda dito en 2.4.

256. *De san Antón a san Pedro enxofra sin medo.* Este é o segundo refrán que cita o axofrado, práctica que ten uns 150 anos de existencia. Parece lóxico que se refira ó santo de Lisboa de xuño (13.6). Como san Pedro é o 29, marca un período de 15 días (FERRO: 1992, 135). *De san Antón a san Pedro azufra sen medo.* (CONDE:187). *Na semana de santo Antón primeira ma de enxofra pon.* (RIVAS:59).

3.18. Viticultura. Xullo. Pintan as uvas e as moras

Xullo, tamén se coñece como mes de santa Mariña (18.7) ou simplemente Santa Mariña e tamén como mes de Santiago (25.7) ou simplemente Santiago. Tamén aparece san Boaventura (15.7.)

257. ***Por San Boaventura sol pide a videira, que non chuvia.*** (FERRO 1992:170) (CONDE:188).

En xullo a uva xa está formada, fai a espurga e xa é resistente (aguanta ben -din os viñateiros). Por esa razón din, humanizando a uva, que o viño xa non ten medo (nova metonimia e nova prosopopea) cando deu pasado o san Pedro (29 de xuño).

258. ***Ó pasa-lo san Pedro xa o viño non ten medo.*** O viño xa aguanta ben, xa fai a espurga e está a uva formada. (21004).

En xullo a uva empeza a coller algo de color e o refraneiro, sempre amante de marca-las sincronías da natureza, di que madura durante todo o verán ó compás da mora:

259. ***Polo Santiago comenza a viña a pinta-lo bago.*** (43815:152). ***Polo Santiago comeza na viña a pinta-lo bago.*** (RODGO3:314) (34401:85). A palabra *bago* (da uva) está considerada unha palabra primitiva (TOVAR: 1968) que deriva do latín VACCA que era o nome hispano do viño.

260. ***En santa Mariña pintase bago na viña.*** (RISCO-18). ***Na santa Mariña pinta o vago na viña.*** (TABOA4:135). (RISCO-18).

261. ***Pola santa Mariña a uva pinta na viña.*** (34501). (34505:157). (39455:361).

Como se ve estes refráns sincronizan o inicio da coloración da uva (*pinta a uva*) co final de xullo pero hai outros refráns que o sincronizan coa maduración das moras. Pero en Barbeirón (Sobrado de Trives) din os veciños que as moras madúranlles en agosto, polo San Salvador (6.8).

262. ***Cando a mora madura, xa pinta a uva.*** (SACO1:218). (SACO2:342). (CARRA34:18). (CARRA4:19.02.1908). (ALVAG:37). (CARU:15.11.1888). (RISCO-18). (GOLPE:29). (TABOA2). (RODGO2:645). (31901). ***Cando a amora madura, xa pinta a uva.*** (VIÑO:382).

263. ***Mora madura pinta a uva.*** (44359). A sincronía no inicio da maduración da mora e da uva exprésase nunha fórmula metonímica.

264. ***Mora madura, pintor na uva.*** A palabra *pintor* designa a cor tinta ou morada que colle a uva cando empeza a madurar. É unha palabra de uso moi estendido, aínda que este valor non figure nos dicionarios. (21007:793).

265. ***Amora madura, picar a uva.*** (VIÑO:380). Vistas as variantes anteriores, este refrán parece ser tamén dos que marcan sincronías naturais e por iso sospeito que *picar* pode ser errata por *pintar*.

266. ***Por Santa Ana, mora madura pinta na uva.*** (RIVAS:86).

267. ***Cando comenzan as uvas a pintar, comenzan as mozas a fiar.*** (RODGO3:400). (VIÑO:383). (GILBER:123).

268. ***Cando comezan as uvas a madurar, comezan as mozas a fiar.*** (RODGO2:350). (MOREI2:31). (GILBER:123). (34401:85). (34401:118). (34401:140). ***Cando comezan as uvas a madurar, comezan as mulleres a fiar.*** (RIVAS:60). Este refrán, que nos fala de cando a familia labrega tiña que ser case autárquica e non só producía os alimentos senón que

tamén producía a propia roupa, a actividade feminina centrábase fundamentalmente no interior da casa (fillos, comida, roupa e limpeza) e iso incluía fabrica-lo fío (a partir do liño ou da la) e o pano para a roupa: para iso non só había que plantalo, telo en auga, secalo, mazalo, tascalo e espadelalo: estes últimos eran traballos previos de verán. Os fiadeiros⁵⁷ eran maiormente cousa dos días de inverno pero o conxunto do proceso tamén incluía o tempo de verán: o traballo da muller rural era incansable.

269. *Desque pintan as uvas, connosco está o outono.* (RODGO2:99).

Un informante de Barbeirón (Sobrado de Trives) dime que o tempo anda cambiado: que a herba se adiantou e o viño atrasou; que antes a herba empezábana a meter polo san Pedro (29.6) e acababan a mediados de agosto pero que agora empezan a mete-la herba xa en maio; e que, pola contra, antes empezaban a vendima entre o 4-5 de setembro e que agora teñen que esperar a primeiros de outubro. A herba adiantou e o viño atrasou.

Un refrán recomenda non andarlle remexendo a terra ás cepas:

270. *Pola santa Mariña non capes a porca nin rendes a viña.* (25707:470). Non é hora de cava-la viña

Pero a viña hai que tela sempre controlada: aínda que xullo é o mes da sega do cereal (é o tempo de colle-la fouciña), a viña quere a visita constante do viñateiro. Nestas semanas xa dá indicios fiables da produción que pode haber.

271. *O día de santa Mariña non te esquezas de deixar o sacho e coller a fouciña, nin de mirar a viña.* (VAZSAC01:180,4288).

Aínda que xullo é o mes da sega do cereal (é o tempo de colle-la fouciña), a viña quere a visita constante do viñateiro. Nestas semanas ela dá xa indicios fiables da produción que pode haber.

272. *Pola santa Mariña visita a túa viña.* (37102:470). ***Pola santa Mariña, vai ás túas viñas*** (23911:146).

273. *Día de santa Mariña vai ve-la túa viña e tal a ves tal a vendimia.* (CARRA4:7.04.1908). ***Día de Santa Mariña, vai á túa viña, como a atoparás, vendimarás.*** (11806). (000109).

⁵⁷ Di Eladio Rodríguez (RODGO2) definindo a voz *fiadeiro*: “Esta costumbre gallega, tan típica de nuestra población rural y tan arraigada en ella, que viene a ser una especie de velada en la cual se hila y además se bromea, se *palica*, se canta, se cuentan cuentos y se relatan leyendas de nuestro abandonado folklore, se dedican algunos momentos a juegos de prendas, y hasta se baila al final, pues a la reunión acuden las mozas lo mismo que las viejas, y como es natural no faltan tampoco los mozos del *RUEIRO* y de los lugares próximos provistos de instrumentos músicos adecuados, a cuyo compás danza la juventud unos breves instantes al terminar la tarea. Es, pues, el *FIADEIRO*, un lugar de trabajo y de diversión. En diferentes ocasiones se ha intentado suprimir esta tradicional costumbre. En visitas episcopales hechas allá por el siglo XVIII a las parroquias aldeanas se ordenaba a los párrocos que prohibiesen los *FIADEIROS*, bajo la pena de excomunión y multas en metálico a los contraventores. Las justicias y los tribunales ordinarios dictaron por su parte duras y severas medidas para que la prohibición se hiciese efectiva en todo el Reino; pero la fuerza de la costumbre pudo más que todas las conminaciones y amenazas, y los *FIADEIROS* y *FIADAS* siguieron y siguen celebrándose, si bien en estos últimos tiempos van perdiendo su carácter típico, debido más que nada a las modernas industrias textiles, que hacen ya casi inútiles la *ROCA* y el *FUSO* para hilar”.

- (VIÑO:431). *Día de Santa Mariña vai ver a tua viña, e tal a ves tal a vindima.* (ALVAG:41). *O día de santa Mariña vai á túa viña, que, como a atoparás, así a vendimarás.* (34401:85). (RODGO3:314).
274. *O día de santa Mariña vai á viña, que, com'atoparás, vendimiarás.* (CARU:11.12.888). *O día de santa Mariña vai á viña, que, como a toparás, vendimarás.* (CARRA34:16) (CARRA32:129). *O día de santa Mariña, vai á viña, que, como atoparás, así vendimarás.* (CARRA4:6.08.1908).
275. *O día de Santa Mariña vai ve-la viña, así como a atopas así a vendimas.* (GARGO1:161). *O día de Santa Mariña, vai ve-la túa viña e, como a encontrarás, vendimarás.* (11806).
276. *Por santa Mariña vai ve-la túa viña segundo a vexas así a vendimas.* (43815:149). *Pola Santa Mariña tal como vexas a viña, tal a vendima.* (20545:74). *Pola Santa Mariña vai ás túas viñas e, cal as cates, tal as vendimas.* (CARRA32:129). (CARRA34:16). (GOLPE:17). (RODGO3:314). (39011). *!... vendimias.* (23911:179). *Pola Santa Mariña vai ás túas viñas e tal as cates, tal as vendimas.* (RISCO-18). *Pola Santa Mariña vai á túa viña, tal como a cates, tal a *vendimias.* (ANONI9:3921) *Pola santa Mariña vai á túa viña, tal como a cates, tal a vendimas.* (FILGU-G39). *Pola Santa Mariña vai ve-la túa viña que, como a atoparás, así vendimarás.* (11806). *Pola Santa Mariña, vai ver a túa viña, según a encontraras, así a vendimaras.* (31901). *Pola santa Mariña vai ver a túa viña e, cal a cates, tal a vendimas.* (RODGO3:420).... *tal a vindimas.* (VIÑO:369). *Pola santa Mariña vai ver a viña e, *según a encontraras, así a deixaras.* (RISCO-18).
277. *Pola Santa Mariña, vai ollar a túa viña; según a traballares, a encontrares.* (CASAS1:17). Este refrán presenta na rima un elemento novo e con el resalta que a boa anada non é só resultado dunha climatoloxía aleatoria senón, sobre todo, da calidade do traballo realizado polo viñateiro na viña. E, cando a calidade do traballo é baixa, recibe o alcume de *viña de Guimaráns*, que se define pola súa nula rendibilidade, como di o seguinte refrán.
278. *A viña de Guimaráns, trabállana cen homes e vendimiana dous cas.* (MOREI1:27). (VAZSACO1:868, 514). *A viña de Guimeráns trabállana cen homes e vindimiana dous cans.* (VIÑO:336). (ALVAG:10). (CARRA4:4.02.1908). Tanto *Guimaráns* como *Guimeráns* poderían ser lugares (topónimos) ou persoas (antropónimos). No primeiro caso sorprende a rima imperfecta (*Guimaráns ~ cas*) que, como topónimo só podería ser lugar dos concellos coruñeses de Ames, A Baña, Padrón, Vedra ou do pontevedrés das Neves; e como apelido só se rexistra nos concellos pontevedreses de Campo Lameiro, Cuntis e A Estrada. A variante *Guimeráns* podería ser lugar dos concellos pontevedreses da Cañiza ou de Meis e como apelido só se rexistra nos concellos pontevedreses de Marín, Cangas, Bueu, Vigo, Redondela, Pontevedra, Moaña e Pontearas. Ante este predominio toponímico e antroponímico pontevedrés, sorprende que os informantes sexan pontevedreses (ALVAG + VIÑO), coruñeses (CARRA) e lugueses (MOREI + VAZSACO1) e que ademais a forma *Guimaráns* non sexa propia de Lugo (fonte de MOREI) e de aí a rima imperfecta. Nesta situación reparo en que o repertorio máis antigo (1904) é de Emilio Álvarez Giménez (ALVAG) que foi

profesor no Instituto de Pontevedra dende 1857, que morreu nesa cidade en 1911 e que foi avó do colector da clave VIÑO. Todo nos leva a Pontevedra onde temos nas proximidades lugares con ese topónimo e persoas con ese apelido. Algúns deles son coñecidos por produciren hoxe viños de sona; outros, non. Ademais, a rima parece esixir que a forma orixinal do refrán teña a forma *Guimeráns*. Pero VAZSACO1: 868,514 ofrécenos paralelos casteláns: *La viña del cerro cávanla ciento y vendímiala un perro* (Correas). *La viña de Boadilla un perro la vendimia* (R. Marín). *La viña del cerro árala un galgo y vendímiala un perro* (R. Marín): como se ve, aquí tanto *cerro* como *Boadilla* refírense a lugares así que é verosímil que nestes paralelos galegos *Guimeráns* – *Guimaráns* tamén se refiran a un topónimo e non a un antropónimo. Ora ben, así como *cerro* e *Boadilla* parecen topónimos xenéricos para lograr unha rima, así sospeito que *Guimeráns* – *Guimaráns* deben de ser topónimos xenéricos que simplemente facilita a rima con *cans* sen máis precisións. É dicir, esta paremia debe de te-la función de designar calquera viña que dea excesivo traballo e mínimo froito. Calquera viña de tan escasa rendibilidade podería ser designada en galego *viña de Guimaráns*.

279.***En Santiago sal a ver a túa viña; tal a ves, tal a verás e tal a vendimiarás.*** VAZSACO1:140,3262). ***En Santiago vai mira-la túa viña; tal a ves, tal a verás e tal a vendimarás.*** (VAZSACO1:140,3262). ***Por Santiago comenza na viña a pinta-lo bago.*** (44237:50).

280.***Por santa Ana, a uva pintada.*** Santa Ana celébrase o 26 de xullo. (VAZSACO1:824,22365).

281.***Por Santiago e santa Ana pintan as uvas.*** (V AZSACO1:824,22367).

282.***Por Santiago e Santana pintan as uvas, e pola Nosa Señora xa as hai maduras.*** (VAZSACO1:824,22366).

Parece un pouco precipitado que en xullo o viñateiro diga que a produción final será o que el agora ve nas cepas, cando o certo é que a uva non está segura ata que a fins de setembro entra no lagar. Se un lector radicalmente urbano tomase estes indicios ó pé da letra, estaría facendo algo que o viñateiro nunca fai e debo poñer aquí unhas liñas, porque isto ten que ver coa esencia das paremias.

O refrán nunca fala en linguaxe matemática. O refrán fala as verdades en linguaxe figurada, é dicir, con figuras retóricas. Unha das figuras preferidas é a hipérbole, a esaxeración (“as uvas que vexas en xullo esas serán as que vendimes”). Pero o labrego, que ordena o seu traballo en función da cadencia natural da vitalidade das plantas e codifica esa cadencia en refráns como recurso mnemotécnico, sabe que o azar meteorolóxico ten unha potencia superior á do ritmo vital das plantas; e sabe tamén que contra ese azar meteorolóxico el pouco ou nada pode.

Isto significa que o labrego é fiel seguidor da ciencia almacenada nas paremias pero nunca toma os refráns ó pé da letra, porque sabe que os refráns non son axiomas matemáticos. As hipérboles das paremias axúdanlle a lembra-la planificación do traballo pero non pasan de ser referencia.

Neste caso, sabe que en agosto e en setembro aínda poden pasar moitas cousas que fagan mingua-la cantidade de uva aproveitable para prensar no lagar.

3.19. Viticultura. Agosto

Agosto é o mes da maduración e as visitas ás cepas xa son case diarias. A maduración implica que a uva precisa sol e teme a choiva. Con frecuencia o viñateiro *esfolla* algo a cepa, para que o sol chegue ós acios⁵⁸. E, aínda que moitos viñateiros din que unha *rega* (choiva maina e puntual) engorda a uva, a choiva insistente resulta perniciosa neste mes de agosto que é a antítese de abril, como establecían aqueles refráns xa vistos: *O vento d'abril e a lama d'agosto matan o viño anque sea no mosto.* (ALVAG:49). *O vento de abril e a lama de agosto, matan o viño e mailo mosto.* (11806). *O vento de abril i-a lama de Agosto matan o viño anque sea no mosto.* (VIÑO:452). Pola contra, unha máxima de J. de Prado di: *Da uva que moito madura sal viño pardo con embocadura.* (PRADO7: set65) (VAZSACO1:58,1354).

283. *As uvas non son uvas astra*⁵⁹ *que están maduras.* (RODGO3:400). (34401:85). (10406). *As uvas non son uvas astra que están maduras.* (VAZSACO1:824,22352). (VIÑO:381).

284. *Agosto, madura, setembro vendima as uvas.* (23911:147).

285. *Agosto madura; e setembro vindima a uva; outubro, bagazo fervendo na cuba; samartiño e nadal (se é pra min) deixalo dormir; e, cando xa a xeadada queimou a horta, colle o xarro e ábrelle a porta.* (MAREVA:24). Este refrán é o que máis explicita que, se é posible, os magostos deben facerse con viño vello.

286. *Agosto madura e setembro vendima.* (VAZSACO1:142,3314) (VIÑO:411). *Agosto madura e setembro vindima as uvas.* (VIÑO:411). *Agosto madura e setembro vendima as uvas.* (GEG1:141). (11806). (34401:85). (RODGO1:85). (11806). Non podemos ler estes refráns sen caermos na conta de que nestes refráns o viñateiro di que agosto é quen realiza a acción bioquímica de madurar e que setembro é quen leva a cabo a vendima: é dicir, atribúe accións vitais (madurar) ou accións humanas (vendimar) a puros conceptos astronómicos (agosto, setembro). Se na maduración podería ter certa lóxica, na vendima, non, porque é acción exclusivamente unha acción humana. Este atribuír intencionadamente cualidades humanas a realidades non humanas é unha ruptura da lóxica que forma parte da vontade de estilo na fala popular. No fondo está o concepto de que a natureza vive como vivimos nós; de que todo é humano.

287. *Cando sai sol, sinal de viño.* (VAZSACO1:58,1354). *Cando vai sol, *señal de viño.* ((VAZSACO1:58,1354).

⁵⁸ Como di Rivas Quintas: "Coidados hai que ter dil case todo o ano: cavar, estercar, podar, atar, enxofrar non sei cantas veces. Incluso esfollar algo, que as follas non lle tapen o sol à uva, porque é o que lle dá forza, azucres e logo grados" (RIVAS 109).

⁵⁹ No orixinal *hastra*.

288. **Ó seu tempo maduran as uvas.** (RODGO3:365). (VAZSACO1:808,21847). (23911:179). (23911:181). **Ó seu tempo veñen as uvas e as mazás maduras.** (23911:180). (RODGO3:365). **Ó seu tempo veñen as uvas i-as mazás maduras.** (VAZSACO1:75,1817). (TABOA2).
289. **Por Santiago e Santana pintan as uvas, e pola Nosa Señora xa as hai maduras.** (VAZSACO1:824,22366). A Nosa Señora (da Asunción) celébrase o 15 de agosto e algunhas uvas xa están maduras, aínda que a maioría, non.
290. **A sardiña por agosto pide o viño do mosto.** (GONPE:35).
291. **Agosto, viño mosto.** (44914). **En Agosto, viño mosto.** CARU:21.11.1888). (RODGO1:86).. (VIÑO:434). (CARRA32:129). (CARRA34:16). (DRAG1:85).
292. **En agosto hai mosto e-en san Martiño, viño.** (VAZSACO1:143,3349).
293. **Entre O Queimado e O Espelexado perde o viño o grao.** (27003:127). Alude ó delicados que son para a correcta maduración das uvas os días que corren entre San Lourenzo (aragonés que viviu no séc. III e que se celebra o 10 de agosto) e que morreu queimado nunha grella e por iso tamén se lle chama simplemente *O Queimado*. E tamén alude a San Bertomeu, apóstolo (que se celebra o 24 de agosto) que morreu despois de que lle arrincasen a pel a tiras: por iso se lle chama tamén *O Esfolado* ou, como aquí, *O Espelexado*. Dobre nota de estilo, designando un período delicado para a vide (quincena central de agosto) cos santos que coa súa festa delimitan ese período e, ademais, designando eses santos polo alcume que expresa a forma en que deron a súa vida para confesaren a súa fe (*martirio*).
294. **O vinte e un de agosto a uva fai mosto.** (39455:356). (34501). 34505:157). Todas estas fontes escriben *vindeún*. Indo xa ó contido do refrán, cómpre dicir que, obviamente, esta precisión nos días é simbólica pero si que indica que son días nos que o viñateiro xoga o traballo do ano dunha maneira especial.
295. **O mes de Agostiño é quen fai o bó viño; á forza de rexas calores e de choiva, un chisquiño.** (MAREVA:24). **O mes de Agostiño fai o bo viño.** (FRANCO:55). É sabido que a metade dos meses romanos tiñan un denominador numeral (*december*; *november*; *october*; *september*; *sextilis*; *quintilis*) pero que na época imperial dedicaron o mes quinto á memoria do asasinado Xulio César (polo que *quintilis* pasou a chamarse *mensis Iulii* “*mes de xullo*”) e dedicaron tamén o mes sexto á memoria do emperador Augusto (polo que *sextilis* pasou a chamarse *mensis Augusti* “*mes de Agosto*”)⁶⁰. Curiosamente a festa de san Agostiño cadra neste mes, polo que non sabemos se o *Agostiño* deste refrán se refire ó emperador Augusto (63 aC – 14 dC) ou a san Agostiño de Hipona (354-430) que se celebra o 28 de agosto.

⁶⁰ Obviamente os numerais implícitos nos nomes dos meses revélannos que con toda probabilidade o primitivo ano romano empezaba en marzo e remataba en febreiro. De feito aínda en época republicana era en marzo cando tomaban posesión os novos cargos políticos: é dicir, empezaba o ano político.

A maduración é esencial para que haxa viño. É unha das claves do proceso vitícola. Lembremos aqueles refráns cheos de estilo que quedan anotados en maio: *Maio fai o trigo e agosto o viño. Maio come o trigo e agosto bebe o viño.*

En anos de verán moi cálido, xa se podería facer mosto con algunhas uvas pero sería unha operación economicamente ruín, porque quen tal fixer, renunciaría á maior parte do valor que lle poden acabar dando as uvas. Por iso un refrán advirte que:

296. **Polo agosto vale máis viña que mosto.** (RODGO1:86). (11806).

297. **Por agosto vale máis viño que mosto.** (VIÑO:464).

Outro pide que se atenda a intensidade da color da uva, como indicio de verdadeira maduración:

298. **O viño e a uva canto máis pinta máis madura.** (21112:33). (24402:1386).

Farei un inciso porque este refrán me lembra un comentario de Antonio Casares que en 1843 describía unha certa picaresca da viticultura galega do seu tempo:

En el día la mayor parte del vino que se consume es tinto, i los compradores dan comunmente la preferencia al mas cargado de color; i he aquí la causa principal de su alteracion, pues el cosechero cuida solo de esta propiedad del vino, i da poca importancia á la fortaleza, buen gusto i fragancia, que debían ser las cualidades apetecidas; de aquí la preferencia que dan los propietarios á los vidueños⁶¹ mui esquilmeños, que por lo regular son los menos á propósito para producir buenos vinos, por que en este género de cultivo lo que se gana en cantidad, se pierde en calidad: i de aquí tambien la adición de moras, bayas de Sauco ó Campeche con el fin de aumentar la cantidad de materia colorante. (CASARES 1843:18).

Volvendo ó tema da maduración das uvas, outros refráns recomendan expresamente esperar a que se complete a maduración:

299. **Quen vende a fariña e o queixo na encella, ou viño en mosto, e o trigo en agosto, a súa ganancia dá a outro.** “Encella” é o molde no que se fan os queixos.

300. **Quen vende o trigo na eira e a la na ovella e o pan en agosto e o viño en mosto dá proveito a moitos.** (RODGO3:409).

E, unha vez máis, o refraneiro anota unha sincronía natural: a que acompasa a maduración das uvas co visible traballo das formigas.

301. **Cando a formiga traballa, viño na parra.** (CARRA34:18). (CARRA4:19.02.1908). (ALVAG:36). (VIÑO:416). Este refrán, polo que me parece, fala do traballo normal das formigas; non dese traballo nervioso, cando van en procesión, en liña recta e formando unha fila, porque ese tipo de traballo de emerxencia tense por indicio de que vai chover. **Cando a formiga traballa, viño na parra.** Porque será bo o tempo para a colleita. (RIVAS: 58).

⁶¹ “VIDUEÑO: “Casta o variedad de vid” (DRAE). *Esquilmeño* non aparece no DRAE pero, derivando de *esquilar*, debe significar “que chupa con exceso el jugo de la tierra” (DRAE).

302. *Se non chove en agosto, terás bos nabos, bo viño e bo magosto.* (33903).

En agosto faise a malla do centeo. *Bo magosto* -no refrán anterior- quere dicir, boa anada de castañas. E, cando se facía á man, estaba ben codificado o traballo que debían face-los homes en dúas ringleiras (bate-lo cereal cos mallos ou manles para que soltase o gran) e, ó remataren, berraban ¡*Mulleres, á eira!* e elas con vasoiras de xesta (coañadeiras) limpaban os lixos que houbese por riba do centeo e, a seguir, poñendo os angazos do revés para que fixesen de rodos, reunían o gran e recollíano para levalo á hucha. Un refrán dá unha versión máis ampla que nos indica un detalle esencial: nese momento os homes pasaban a descansar un pouco do esforzo e tiña que haber un viño fresco agachado á sombra, normalmente baixo unha meda de feixes de centeo (coeira):

303. *Mulleres á eira e viño en coeira.* (RODGO2:661). (MOREI2:27).

304. *Na noite de san Xoán andan os tolos a pedir pan e na noite do ceboliño andan os vellos a pedi-lo viño.* Os alumnos do Colexio "Mosteiro de Caaveiro" da Capela recolleron este refrán. O ceboliño (*Allium schoenoprasum*) quere chan mol e húmido e, aínda que me parece cultivo de primavera e verán, quen vén de rega-lo ceboliño de noite xa quere un viño, para secar e entrar en calor.

3.20. Viticultura. Setembro das uvas, mel, figos e castañas

O outono, que empeza o 23 de setembro é o mes no que a cepa acada o seu clímax. O froito (acio de uvas) acada a súa plena maduración, o froito recóllese e a cepa inicia o seu período de acumulación de reservas antes da parada vexetativa.

Setembro é na maior parte de Galicia o mes da vendima, aínda que por veces nalgúns partes da Ribeira Sacra o clima permite adiantala á última semana de agosto. Por iso setembro é tamén coñecido como setembríño das uvas maduras, San Migueliño das uvas maduras (GAITE97:60), o mes da vendima ou simplemente a vendima⁶².

305. *Ou tarde ou cedo, a cepa sempre dá uvas polo setembro.* (La Noche).

A viticultura chega ó final da súa primeira fase para entrar axiña no delicado proceso da vinificación. Pero todo o traballo do ano pende aínda dun fío porque hai que vendimar uva ben seca e ben madura e hai que contar con xente que bote unha man para facelo nos días exactos. No 2015 a principios de agosto todo indicaba que ía ser unha anada histórica en Galicia, cun aumento de 15 millóns de litros, pero nas primeiras semanas de setembro apareceron unhas inesperadas chuvias intensas e frías que fixeron baixa-la produción un 20% en relación ó ano anterior e temíase que puidese aparece-la botrite nas uvas.

⁶² Isto permítenos entender un refrán que di *Raiña é a galiña que pon na vendima* (27003:150), porque é ben sabido que as galiñas regulan o seu ciclo pola luz solar e, segundo as horas de luz diúrna vai mingando (setembro, outubro, novembro, decembro), elas van baixando o número de ovos que poñen (e mesmo deixan de poñer) e só recuperan o ciclo cando no ano seguinte os días van medrando. Canto máis ó sur en Galicia, máis tempo seguen poñendo. En Barbeirón (Sobrado de Trives) din que pola vendima (primeiros de outubro) aínda poñen a cantidade normal.

306. *A xeadada de setembro seca o millo e podrece o viño.* (23911:148).

Por iso, chegado o momento oportuno (o que a Biblia chama o *kairós*), os viñateiros vendiman dende que sae o sol ata que se pon.

4. A vendima

- ROMERO MASIÁ, Ana e POSE MESURA, Xosé Manuel (1988): *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Padroado do Museu Arqueolóxico Provincial. Monografías urxentes do Museu 3,1987. 166 páxs.
- RUIVINHO BRAZÃO, José (1993): *Os provérbios nos cancioneiros medievais galego-portugueses. Estudo paremiológico e recolha de textos*. Lisboa: Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa. Disertação de mestrado em literatura portuguesa. (Orixinal mecanografado).
- SARMIENTO, Martín (1754 - 1758): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Edición de J. L. Pensado Tomé. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- SUÁREZ PIÑEIRO, Ana María (2005): "El vino en la antigüedad romana y su introducción en el Noroeste peninsular" en GARCÍA TATO, Isidro e SUÁREZ PIÑEIRO, Ana María (eds.): *Actas de la Cultura del Vino. Primer Congreso Peninsular. O Barco de Valdeorras, 10 al 12 de mayo de 2002*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"; 43-64.
- TEXEIRA, Pedro (1634; 2002): *El Atlas del Rey Planeta. La descripción de España y de las costas y puertos de de sus reinos*. (Edición facsimilar comentada por Fernando María e Felipe Pereda); Madrid: 2002. De Galicia ofrece 19 láminas.
- TOVAR, Antonio (1968): *Latín de Hispania: aspectos léxicos de la romanización: Discurso leído el día 31 de marzo de 1968 en su recepción pública por el Excmo. Sr. Don Antonio Tovar Llorente y contestación del Excmo. Sr. Don Pedro Laín Entralgo*. Madrid: Real Academia Española.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (2005): "Fuentes para el estudio de la vid y el vino en la Galicia bajomedieval" en GARCÍA TATO, Isidro e SUÁREZ PIÑEIRO, Ana María (eds.): *Actas de la Cultura del Vino. Primer Congreso Peninsular. O Barco de Valdeorras, 10 al 12 de mayo de 2002*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"; 157-182.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1986): "Dieta real y dieta imaginaria" en *Mitología y mitos de la Hispania Prerromana, II*. Akal Universitaria, Serie Interdisciplinar. J. C. Bermejo Barrera director de la serie. Madrid: Ediciones Akal; 231-239.
- VÁZQUEZ VERA, Paula (2011): "Historia do viño. O viño en Galicia" no blog *AC. O Colado do vento*. [<http://coladodovento.blogspot.com.es/2011/04/historia-do-vino-o-vino-en-galicia.html>] [20.12.2014].

Mentres máis somos... Apuntamentos paremiolóxicos romances co gallo dos cinco refráns máis votados na enquisa “Els refranys més usuais de la llengua catalana”¹

Joan Fontana i Tous
Universitat de Barcelona
joan_fontana@ub.edu

Xus Ugarte i Ballester
Universitat de Vic – Universitat Central de Catalunya
x.ugarte@uvic.cat

Resumo: O proxecto “Els refranys més usuais de la llengua catalana” (<http://www.refranysmesusuais.cat/>) conseguiu recoller, entre o mes de xaneiro do 2014 e o mesmo mes do 2015, 884 enquisas representativas dos territorios catalanfalantes. Despois de ter examinados os datos e unha vez elaborada unha clasificación xeral, propoñémonos contextualizar no ámbito romance os cinco refráns cataláns máis votados. Procuraremos os seus equivalentes romances e, cando sexamos quen de os atopar, comentaremos algún aspecto que nos pareza destacable. Aínda que no noso artigo a principal lingua de equivalencia sexa o galego, tamén teremos en conta boa parte das linguas romances, como o castelán, o francés, o italiano, o portugués, o romanés, o occitano, o friulano e, se cadra en menor medida, o asturiano. Finalmente, incluiremos as equivalencias en inglés das paremias máis populares.

Palabras clave: refráns cataláns, enquisa dixital, paremioloxía comparada, paremioloxía románica.

Abstract: The project “Els refranys més usuais de la llengua catalana” (<http://www.refranysmesusuais.cat/>) (The most common proverbs in the Catalan language) succeeded in collecting, between January 2014 and January 2015, eight hundred eighty-four (884) surveys from Catalan-speaking territories. Having examined the data and established a general ranking, our purpose is to contextualize within the scope of Romance languages the top five rated Catalan proverbs. Once we have the Romance equivalents, we will comment on the outstanding aspects of these proverbs. Although Galician is the

¹ Data de recepción: 30.11.2016. Data de aceptación: 15.03.2017.

Agradecemos a José Enrique Gargallo, Víctor Pàmies e Malores Villanueva a lectura atenta deste artigo así como os seus sempre xentís consellos. Á derradeira, ademais, debemos a non menos xentil corrección gramatical do noso galego.

main language of our article, we will take into account most Romance languages, such as Spanish, French, Italian, Portuguese, Romanian, Occitan, Friulian and perhaps to a lesser extent, Asturian. Finally, we will include the English equivalents of the most popular proverbs.

Keywords: Catalan proverbs, digital survey, comparative paremiology, Romance paremiology.

1. A enquisa "Els refranys més usals de la llengua catalana"

O proxecto "Els refranys més usals de la llengua catalana", coordinado dende as universidades de Barcelona (Joan Fontana, José Enrique Gargallo e Víctor Pàmies) e Vic – Central de Catalunya (Xus Ugarte), pretende aproveitar as novas tecnoloxías a fin de estudar os refráns cataláns². Neste sentido, enquisas electrónicas como o *Top ten de refranys catalans*³ (2010), que desenvolveu un dos coordinadores do proxecto, o paremiólogo Víctor Pàmies⁴, serviron de base para a enquisa do noso estudo (aberta do 15 de xaneiro do 2014 ata o mesmo día do 2015), que se baseaba nun documento Excel dispoñible na páxina [www.refranysmesusals.cat]. Este documento⁵ constaba de dúas partes: na primeira, pedíanse algúns datos persoais como o nome, os apelidos, o enderezo electrónico de contacto, a data e o lugar de nacemento, o lugar de residencia, así como as linguas materna e paterna, as cales, cómpre dicilo, non tiñan que coincidir necesariamente co catalán, xa que a única condición para participar na enquisa era a de ser quen de falar catalán sen importar a orixe xeográfica ou familiar. Na segunda parte, aparecía o corpus da enquisa propiamente dita: 497 refráns divididos en quince temas. Para cada refrán, propúñase aos participantes que especificasen na columna *Codi* (á esquerda da paremia) se non o coñecían (cun *N*), se o coñecían (cun *S*), ou se, ademais de sabelo, tamén o empregaban (cun *U*). Por outra parte, pareceunos pertinente aclarar se o participante empregaba e/ou coñecía o refrán tal como figuraba na enquisa ou se usaba algunha variante; por iso, habilitouse a cela *Variants* (á dereita da paremia). Amais, ao final de cada un dos quince temas, constaba unha cela denominada *Més*, na que o enquisado podía apuntar todos os refráns que botase en falta en cada apartado.

2. Os cinco refráns máis votados da enquisa

Cando se pechou a recepción de enquisas, o proxecto conseguira 884 contribucións procedentes dos diversos territorios catalanfalantes⁶, e tamén doutras persoas nadas e/ou residentes noutras terras e que, porén, falaban catalán. O resultado foi unha base de 440.000 datos (é dicir, todas as respostas da columna *Codi*) que tamén inclúe as 12.804 variantes de refráns que os participantes propuxeron, así como os 3.618 refráns engadidos na cela *Més* e que, polo tanto, non constaban na escolma inicial. Unha vez analizados os resultados, os cinco refráns máis votados foron os seguintes:

² Para máis información, véxase Pàmies (2017).

³ Véxase a páxina web: [http://vpamies.dites.cat/p/top-ten-dels-refranys-catalans.html].

⁴ Para unha listaxe completa da morea de estudos electrónicos no ámbito paremiolóxico desenvolvidos polo autor, véxase Puigmalet (2012: 367-371).

⁵ Para máis detalles, véxase Fontana, Gargallo, Pàmies e Ugarte (2017).

⁶ *Ibidem*.

- (1) *Més val sol que mal acompanyat* (1.665 sobre 1.768)⁷
- (2) *Feta la llei, feta la trampa* (1.660 sobre 1.768)
- (3) *Hi ha més dies que llonganisses* (1.659 sobre 1.768)
- (4) *Com més serem, més riurem* (1.658 sobre 1.768)
- (5) *Qui paga, mana* (1.658 sobre 1.768)⁸

Dende unha perspectiva antropolóxica e social, os resultados dos refráns máis votados poderíannos levar a múltiples lecturas; sen esquecer que a enquisa a respondeu un 0,01% dos catalanfalantes, apuntamos algunhas tendencias que, lonxe de sinalalas como contraditorias, coidamos que manifestan a complexidade da sociedade e a idiosincrasia de cada un dos seus compoñentes. Neste sentido, as paremias máis populares amosan, en primeiro lugar, prudencia coas compañías, ata o punto de afastalas ben lonxe se non resultan proveitosas (*Més val sol que mal acompanyat*); no caso contrario, vemos como o espírito hospitalario e festivo se atopa moi presente (*Com més serem, més riurem*). Por outro lado, a paciencia e o feito de tomarse a vida cunha certa filosofía estarían na base dos que empregan *Hi ha més dies que llonganisses*, un dito co que se aconsella non precipitarse, xa que, cando se perde unha oportunidade, pode ser que non apareza ningunha outra máis adiante. O desencanto pola marcha da xustiza (*Feta la llei, feta la trampa*) expresa unha fatalidade inevitable que vencella o escepticismo á picaresca e que fraterniza coa quinta paremia máis votada, *Qui paga, mana*; ambos os refráns condensan todo un tratado de política popular, é dicir, unha visión (que, por desgraza, non parece en vías de extinción) dos ricos e, polo tanto, tamén poderosos, por parte da cidadanía.

Para rematarmos, gustaríanos apuntar un dato que, nun primeiro momento, abraiou ós coordinadores do proxecto: ningún refrán meteorolóxico ou do calendario se atopaba entre os máis votados. A razón é que se trata de fórmulas que, aínda que todos coñezamos (*A l'abril aigües mil*; *Pel maig cada dia un raig*, ou *Per Nadal cada ovella al seu corral*), xa non representan unha referencia fundamental nun tipo de sociedade agropecuaria e perderon a importancia que daquela tiñan na vida cotiá, tamén debido ao éxodo masivo das zonas rurais á cidade. De feito, o que daquela marcaba a pauta do traballo agrícola, hoxe converteuse nunha simple curiosidade pintoresca. Así pois, da clasificación dos refráns máis votados, só o número seis, *La primavera la sang altera*, e o dezasete, *A l'estiu tota cuca viu*, se refiren a épocas do ano, aínda que nun sentido translaticio e claramente desvinculado do mundo agrícola onde naceron.

⁷ Asignamos cero puntos se o enquisado non sabe o refrán; un punto se o coñece, e dous puntos se, amais de coñecelo, tamén o emprega. Deste xeito, a puntuación máxima de cada paremia sería 1768 (é dicir, dous puntos en cada enquisa).

⁸ O empate técnico entre os refráns 4 e 5 resólvese a favor de *Com més serem, més riurem*, dado que esta paremia recibiu máis U na columna de *Codi*; así pois, o refrán *Qui paga, mana* resulta máis coñecido pero menos empregado na fala cotiá.

2.1. *Més val sol que mal acompanyat*

Velaquí o refrán máis popular da nosa enquisa; non en balde, obtivo 1.655 puntos dun máximo de 1.768. En efecto, as marcas de uso e a propia experiencia lingüística demostránnos que se trata dunha paremia moi empregada en galego, castelán, catalán, italiano e inglés, entre outras linguas; a iso axuda o feito de que o seu significado sexa moi doado de entender, xa que esta paremia, contrariamente a outras das que falaremos máis adiante, ten plena validez en sentido literal. O refrán significa que é mellor a soidade que unha mala compañía. Nas respostas das enquisas, propuxéronnos variantes e equivalentes abondos: introducido por *Val més* ou *Més val*; *Anar* (ou *Estar*) *sol*; *A soles*; *Tot sol*. Unha variedade, en definitiva, que non fai senón indicarnos a vitalidade dunha paremia que xa atopamos no *Tirant lo Blanc* (I, CIX): "Si yo preñch aquest per marit e si no me hix tal com yo volria, hauria ésser homeyera de la mia persona, que seria forçada de fer actes de gran desesperació perquè a mi és semblant que més val star sola que ab mala companyia".

No refraneiro catalán, Farnés (1999: VIII, 150, núm. S1263) ofrécenos a variante *Més val anar sol que mal acompanyat*, e Conca (1988: 161) formúlala así: *Val més estar sol que mal acompanyat*. Un equivalente aínda máis gráfico e pintoresco chéganos da man deste refrán que ten como protagonista unha besta moi habitual nas aldeas non hai tantas décadas: *Bou sol se llepa com vol⁹* (Farnés 1993: II, 350, núm. B1523). Mais, deixando o boi á súa vontade, iniciamos agora un percorrido polas linguas románicas¹⁰, de oeste a leste, que nos vai axudar a decatarnos da literalidade das equivalencias:

GAL: *Máis vale soilo* [sic] *que mal acompañado* (Ferro 1995: 173, núm. 2455) e *Vale máis solo que mal acompañado* (Taboada 2000: 162).

PORT: *Mais vale só que mal acompanhado* (Machado 2011⁴: 299), coa variante *Mais vale andar só que mal acompanhado* (Machado 2011⁴: 295).

ESP: *Más vale estar solo que mal acompañado* (Oliver 1983: 121, núm. 1499). Se facemos unha incursión no segundo acto de *La Celestina* (1499), atoparemos a un Calisto impaciente e tolo de amor que se queixa a Pármeno da pouca eficacia, ó seu entender, das xestións dos criados para aceleraren contactos con Celestina: *Valiera más solo que mal acompañado*¹¹ (Rojas 1997: 136).

OC: *Vau miés souleso que marrido coumpagno* (Blanchet 2002: 6). Como calquera refrán pode ter o seu contrario, velaquí a antiparemia *Vaut meù petàe en cunpagnàie que de crvae tot seùl* (Chévrier, Chenin e Le Quellec 2007: 268, núm. 182; 151, núm. 176), procedente das variantes de Poitou e de La Vendée.

⁹ Cómpre lembrar que o refrán castelán *El buey suelto bien se lame* aparece no *Quijote* (II, 22). Para máis detalles, véxase Fontana (2014: 180-181).

¹⁰ As abreviaturas das linguas empregadas son as seguintes: GAL (galego), PORT (portugués), ESP (castelán), OC (occitano), FR (francés), IT (italiano), FRI (friulano), ROM (romanés) e ING (inglés).

¹¹ Unha nota ó pé remite ó refrán *Más vale solo que mal acompañado*, en Correas, Gonzalo (ed. Miguel Mir). *Vocabulario de refranes y frases proverbiales que juntó el maestro*, Madrid: RAE, 1906, p. 452.

FR: *Il vaut mieux être seul que mal accompagné* (Montreynaud, Pierron e Suzzoni 1993: 61, núm. 1205; Dournon 1986: 316).

IT: *Meglio soli che male accompagnati* (Arthaber 1929: 646, núm. 1288¹²; Schwamenthal e Straniero 1991: 303, núm. 3322).

FRI: *Miei sôl che in triste compagne e Miôr sôl che mâl compagnâz*¹³ (Ostermann 1995: 129).

ROM: *Mai bine singur în casă, decît în rea adunare*¹⁴ ['Mellor solo na casa, que en mala compañía'] (Flonta 1992: 44, núm. 247) e *Dacă te știi vrednic, nu sta c-un nemernic* ['Se te sabes digno, non esteas cun canalla'] (Calciu e Samharadze 2005²: 851, s. v. *solo*).

E para rematarmos cun equivalente non románico, velaquí o inglés *Better be alone than in bad company* (Fergusson 1983: 161, núm. 6).

2.2. *Feta la llei, feta la trampa*

La historia grande del Cid dice que tuvo principio este refrán^[15] en el rey don Alfonso que ganó a Toledo, porque pretendía la reina que se usase el rezado romano en España, como en Francia, y se dejase el mozárabe de San Isidoro; resistióse el Clero, y remitióse el caso a la batalla de dos caballeros, y venció el de la parte del mozárabe; con todo esto, porfió la reina, y volvióse a remitir a juicio de fuego: que echasen dos misales en una gran hoguera, y echados, saltó fuera el romano, como echado vencido fuera de la estacada. Quedó el mozárabe en medio, sano, haciéndole plaza el fuego; con todo, insistieron los reyes y mandaron usar el romano a disgusto de todos, dijeron: «Allá van leyes do quieren reyes» (Gonzalo Correas ápod Iribarren 1974⁴: 570).

A orixe do refrán *Allá van leyes do quieren reyes*¹⁶ (citado no *Quijote*: II, 37) parécenos moi axeitada para subliñar o feito que, por desgraza, *Inventa lege, inventa fraude*¹⁷ (Peris 2001: 95, núm. 1422), ou ben *Every law has a loophole* (Fergusson 1983: 104, núm. 12); é dicir, agora en galego: *Cando a lei se ía facendo, a faramalla^[18] ía facendo* (Conde 2001: 421, núm. 1.106). De aquí a crer que *Les lois sont faites pour être violées*

¹² O autor ofrécenos o equivalente en latín (*Malo solari quam perverso sociari*), francés (*Mieux vaut seul, que mal accompagné*), castelán (*Más vale solo que mal acompañado*), alemán (*Besser allein als in böser Gemein*) e inglés (*Better alone than in bad company*).

¹³ Oriana Serafini (nativa de Remanzás, Udine) ofrécenos a seguinte variante oral: *Miôr bessôl che mal compagnâz*.

¹⁴ A peculiaridade lingüística do romanés aconséllanos engadir sistematicamente, a carón do refrán, a súa tradución.

¹⁵ Refírese ó refrán *Allá van leyes do quieren reyes*, que aparece ó final do fragmento.

¹⁶ Para máis información, véxase Fontana (2014: 79-81).

¹⁷ Fonte latina citada por autores como Etxabe (2001: 200) ou Schwamenthal e Straniero (1991: 241, núm. 2616).

¹⁸ Segundo o *Diccionario galego-castelán* (1951) de Leandro Carré Alvarellos (consultado a través da páxina web [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>]): "Enredo, chisme, intriga".

(Camps e Botet 2006: 128) soamente hai un paso. Ademais, moitas veces, como no caso do anterior exemplo, *La loi est souvent violée par celui même qui l'a faite* (Conde 2001: 421, núm. 1.106). Sexa como sexa, a paremia vai moi en consonancia coa preocupación pola corrupción e co descrédito que actualmente vive a política.

A paremia catalá, que subliña como as disposicións legais sempre teñen algún defecto que permite transgredilas impunemente, presenta unha clara estrutura bimembre en paralelo: "*Feta la + Substantivo feminino, feta la + Substantivo feminino*", que tamén atopamos en castelán, *Hecha la ley, hecha la trampa* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 701, núm. 61.348; Etxabe 2001: 200), e en galego, neste caso, coa posibilidade de cambiar o substantivo do segundo hemistiquio (*trampa*) por *malicia*: *Feita a lei, feita a trampa (malicia)* (Conde 2001: 421, núm. 1.106). Aínda que noutras linguas romances mantense a fórmula "Participio + Artigo + Substantivo" en ambos os hemistiquios, o participio da segunda parte (*cuidada, inventada, pensata, trovato* e *pensade / pensât*) non coincide co da primeira (*feita, fatta* e *fate*):

PORT: *Feita a lei, cuidada a malícia* (Machado 2011⁴: 245).

ESP: *Hecha la ley, inventada la malicia* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 415, núm. 36.424).

FR: *Dès que la loi est faite, on cherche la manière de la violer*¹⁹ (Conde 2001: 421, núm. 1.106).

IT: *Fatta la legge, pensata la malizia*²⁰ e *Fatta la legge trovato l'inganno* (Schwamenthal e Straniero 1991: 241, núm. 2616).

FRI: *Fate la lez, pensade la malizie* e *Fate la lez, pensât l'ingjan* (Ostermann 1995: 328).

Cómpre engadir que, ás veces, no ámbito hispánico, se pode atopar, no lugar da estrutura participial, a seguinte formulación cun pronome relativo no inicio, moi habitual na formación paremiolóxica:

GAL: *Quen fixo a lei, fixo a trampa* (Ferro 1995: 356, núm. 6253; Conde 2001: 421, núm. 1.106).

AST: *Quien fexo la llei fexo la trampa* (Sánchez e Cañedo 2012: 138, núm. 2329).

ESP: *Quien hizo la ley hizo la trampa* e *El que hizo la ley hizo la trampa* (Refranero multilingüe²¹).

Finalmente, o romanés prefere unha versión dinámica na que os pícaros perseguen a lei que os precede e que nos lembra unha paremia en castelán que tamén recolleemos:

¹⁹ O que en friulano, segundo Ostermann (1995: 328), soaría así: *No je mai fate lez [/] che pensât nol séi l'ingjan*.

²⁰ Refrán localizado na Toscana pola fonte consultada.

²¹ Aloxado na páxina web do Centro Virtual Cervantes e de consulta en liña a través do seguinte enlace: [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx>].

ESP: *Tras la ley va la trampa* (fonte oral²²).

ROM: *Legea înainte, şireşii după ea*²³ ['A lei diante, os pícaros detrás dela'] (Cuceu 2008: 180, núm. 3663).

Permitímonos pechar este apartado cun dos versos máis inspirados da *Commedia* dantesca que, segundo a nosa humilde opinión, debería figurar no frontispicio de calquera xulgado público: *Le leggi son, ma chi pon mano ad esse?* (*Purgatorio*: XVI, v. 97).

2.3. *Hi ha més dies que llonganisses*

Esta paremia quere subliñar que sempre nos queda tempo abondo, que non cómpre precipitar os acontecementos nin facer nada ás présas. Porén, esta é unha interpretación de épocas recentes, xa que outras glosas máis antigas aluden á necesidade de aforrar a comida durante a carestía. Polo tanto, é preciso encher a despensa porque o ano vai durar moitos días e a *llonganissa*, aínda que o seu nome nos suxira algo *longo*²⁴, énos moi curta. Neste sentido, o significado aparece moi claro nunha sociedade na que moi poucos eran quen de poder atar os cans con longaínzas e que, ata non hai tanto, miraba este produto cárnico coma inalcanzables *delicatessen*. Hoxe, coa industrialización, as longaínzas multiplicáronse tanto que non fai falla esperar á matanza do cocho, e, quen quere, pode compralas (en moi diversas calidades) e comelas cada día do ano se o desexa e a saúde llo permite.

Os participantes na enquisa propuxéronnos algunhas variantes da paremia. Ademais de combinar *llonganisses*, *llangonisses*²⁵ e *botifarra*²⁶, coñecen versións máis longas do refrán: *Hi ha més dies que llonganisses, més setmanes que botifarres i més anys que capellans*²⁷, documentada en Carles Ros, no 1736, e na maioría dos repertorios xerais posteriores como os de Farnés (1994: III, 654, núm. D844) e Parés (1999: 61, núm. 89), que a documentan na variante *Hi ha més dies que llonganisses*, á cal Parés engade variantes como: *Hi ha més anys que capellans i més dies que llonganisses* ou *Hi ha més dies que llonganisses i més setmanes que botifarres*.

Na mesma tónica, tanto dende o punto de vista do espírito como do léxico, o galego, o portugués e o castelán ofrécennos os seguintes equivalentes case literais:

GAL: *Hai máis días que longaínzas* (Ferro 1995: 266, núm. 4421).

²² O refrán atópase, por exemplo, nunha noticia do xornal *Gara* do dous de maio do 2008: [<http://gara.naiz.eus/paperezkoa/20080502/75705/es/De-Ley-trampa-trampa-chapuza-chapuza-fracaso>].

²³ Para máis exemplos da curiosa relación entre a lei e os humanos nas paremias romancesas, véxase Fontana (2014: 80).

²⁴ Segundo o DECAT (1985: V, 250, s. v. *llonganissa*), a etimoloxía viría "del ll. vg. LŪCANICIA, derivat del ll. LŪCANICA 'botifarra o llonganissa', així dita perquè en feien a Lucània".

²⁵ Variante que se recolle no DCVB.

²⁶ Segundo o DIEC (s. v. *botifarra*): "Embotit elaborat farcint un budell amb carn trinxada, generalment de porc, espècies i sal".

²⁷ A paremia atópase en Parés (1999: 61, núm. 89) coa glosa: "No cal tenir pressa. Consell per als impacients". Así mesmo, destacamos unha variante vexetariana da nosa enquisa: *Haver-hi més dies que xirivies*.

PORT: *Mais dias há que lingüiças*²⁸ e *Há mais dias que lingüiças*²⁹. Por outra parte, Machado (2011⁴: 263) explica que imos ter máis ocasións para facermos o que queríamos coa metáfora mariñeira *Há mais marés que marinheiros*, moi concorde ó espírito navegante dos lusitanos.

ESP: *Más días hai que longanizas*³⁰. Segundo o *Diccionario de autoridades* (2013 [1726- 1739]) (Tomo III- 1732, s.v. *días*), cunha glosa coincidente cos significados que citabamos máis arriba:

Refr. que enseña la economía, que las provisiones del gasto quotidiano se deben reservar y no apurar en poco tiempo, para evitar así la falta o el gasto. Se dice tambien para explicar que no es conveniente la apresuración en los negocios, venciendo más las dificultades el tiempo y el sosiego, que la velocidad apresurada, o el empeño en la brevedad.

Ademais, o *Diccionario de autoridades* intercala a paremia latina *Nondum omnium dierum Sol occidit*, é dicir, que non cómpre preocuparse mentres o sol continúa a saír todos os días. Agora, se viaxamos ata o Hexágono, veremos que o símbolo alimentario se substitúe pola neutralidade de días e semanas, o que tamén nos vai aparecer na Península Itálica:

OC: *I a mai de jorns que de setmanes*³¹ (Perbosc 1996 [1982]: 4).

FR: *Il y a plus de jours que de semaines* (Camps e Botet 2006: 130) e *Il y a encore des jours après aujourd'hui* (Dournon 1986: 167).

IT: *Ci sono più giorni che salsicce* (Boggione e Massobrio 2004: 249, núm. V.4.5.11.13.S.I.) e *Vi son più di che lucaniche*³² (2004: 249, núm. V.4.5.11.13.S.).

Polo que respecta ó friulano e ó romanés, aínda que a mensaxe sexa a mesma, prescínlese da carne e as paremias collen un aire máis filosófico:

FRI: *Al è plui timp che vite*³³ ['Hai máis tempo que vida'].

²⁸ Esta paremia atópase na páxina web: [<http://quemdisse.com.br/frase.asp?f=mais-dias-ha-que-linguicas&a=proverbio-portugues&frase=78270>].

²⁹ Neste caso tomamos como referencia: [<http://www.citador.pt/proverbios.php?op=7&theme=lingui%E7a&firstrec=0>].

³⁰ Non podemos evitar a tentación de transcribir a saborosa anécdota que recolle Iribarren (1974⁴: 587): "En una comedia moderna, creo recordar que de *Tono*, se hace un chiste a propósito de esta frase. Al final de uno de los actos, uno de los personajes sufre un síncope. «¡Hay que llamar al doctor Díaz, inmediatamente!», propone alguien. Entonces, una de las mujeres toma la lista de teléfonos (la de Madrid) y trata, a toda prisa, de buscar el teléfono del doctor. «Díaz, Díaz, Díaz, Díaz...». Y sigue revisando los abonados de este apellido tan común, hasta que al fin, desesperada, exclama: «¡Hay más Díaz que longanizas!».

³¹ Perbosc engade un segundo hemistiquio explicativo: *Los bons jorns nepòrtan los maissants*.

³² O dicionario TRECCANI (s. v. *lucaniga*) explícanos: "Voce settentr., diffusa in tutto il Veneto e in Lombardia, sinon. di *salsiccia* in genere, e nome locale di alcuni tipi di salsicce tradizionali di quelle regioni, per lo più a forma di lungo e sottile cilindro, senza le caratteristiche strozzature". A orixe etimolóxica de *lucanica* relaciónase coa zona da Lucania.

³³ Variante oral certificada por Oriana Serafini (Remanzàs, Udine).

ROM: *Că doar n-au intrat zilele în sac* ['Que só non entraron os días no saco'] (Calciu, Duhăneanu e Munteanu 1979: 322, s. v. *doar*).

2.4. *Com més serem, més riurem*

Esta paremia ocupa o cuarto lugar da clasificación xeral e trátase do refrán con maior puntuación en Cataluña. Segundo o DCVB (s. v. *riure*), "es diu en convidar algú a agregar-se a una colla". Atopámonos diante dunha paremia do máis actual e popular que, non en balde, ten 17.600 entradas no buscador Google³⁴, a maioría provenientes de citacións dos medios de comunicación e tamén de incitacións ó "gregarismo", é dicir, invitacións a unha "calçotada" municipal, a unha carreira para todas as idades, a unha posta en común para preparar a festa maior da aldea... Todas elas pronunciadas coa inocente certeza de que na alegría sempre hai consenso.

Os participantes na enquisa propuxéronnos variantes como *Quants més serem, més riurem*, de pronunciación menos doada que a variante que comeza con *Com*; ou tamén algunha outra con cambio do tempo ou/e da persoa do verbo, que se adapta á situación comunicativa: *Com més són, més riuen*.

Aínda que atopamos *Cuántos más seamos / seremos, más nos reiremos*³⁵ en diversas fontes de Internet cuxos autores non pertencían a territorios de fala catalá, e, polo tanto, non se trataría de catalanismos recentes, cremos que *Cuántos más, mejor* sería o modismo que se empregaría con máis naturalidade en castelán³⁶. Cómpre engadir que esta última forma non a atopamos en ningún refraneiro. Porén, a forma *Cuántos más... más* (coa concordancia de xénero e número e a variación de *menos* por *más*) resulta unha expresión habitual nesta lingua. Así pois, as variantes románicas de *Com més serem, més riurem* (Parés 1999: 566, núm. 1351), que fomos quen de atopar, son as seguintes:

GAL: *Cantos máis, mellor* (fonte oral³⁷) e *Mentres máis somos máis valemos* (Ferro 1995: 149, núm. 1958). O galego obvia o criterio lúdico para darlle máis transcendencia e valor ó aumento da concorrencia. Cómpre destacar que son poucos os ditos galegos que loen a abundancia, xa que o refraneiro prefire relativizar as cantidades ou ben o que é pouco pero bo³⁸.

ESP: *Cuántos más, mejor* (proposta dos autores).

³⁴ Consulta realizada o 2 de agosto do 2016.

³⁵ A guisa de exemplo: [<http://iesaugustobriga.juntaextremadura.net/memoria/Dichos.htm>] (Navalmoral de la Mata, Cáceres) ou [<http://msartesplasticas.blogspot.com.es/2013/12/cuanto-mas-seremos-mas-nos-reiremos.html>] (Ocaña, Toledo).

³⁶ Sorpréndenos que o *Refranero multilingüe* do Centro Virtual Cervantes [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/ficha.aspx?Par=58752&Lng=10>] dea como equivalentes da nosa paremia o portugués *Éramos trinta, pariu nossa avó*, o galego *Éramos poucos e pariu miña avoa* ou o castelán *Eramos pocos, y parió la abuela*, tres refráns que subliñan o feito que as desgrazas nunca chegan soas (que é precisamente a versión proposta para o italiano: *Le disgrazie non vengono mai sole*), cando, polo contrario, *Com més serem, més riurem* invita alegremente a aumentar o grupo.

³⁷ Opción recollida, e unanimemente escollida, en todas as persoas consultadas.

³⁸ Véxanse, por exemplo, os tres refráns seguintes: *Tanto ten o máis como ten o menos* (Ferro 1995: 149, núm. 1969), *Tódoos anos choveu o mesmo, canado máis, canado menos* (Ferro 1995: 149, núm. 1970) e *O pouco agrada e o moito enfada* (Ferro 1995: 149, núm. 1962).

OC: *Au mai siam, au mai risèm* (provenzal do Ródano) e *Au mai siam, au mai riam* (provenzal marítimo) (blog *Aquò d'Aquí*)³⁹. Paremias que coinciden case literalmente coa catalá.

ROM: *Cu cât mai mulți, cu atât mai bine* ['Cantos máis, tanto mellor'] (fonte oral⁴⁰) e *Cu cât suntem mai mulți, cu atât e mai vesel/bine* ['Cantos máis somos, tanto máis alegre/ben'] (Milio 1999: 269, núm. 2265).

Polo que respecta ó francés, este introduce un adxectivo temerario para os risoños:

FR: *Plus on est de fous plus on rit*⁴¹ (Dournon 1986: 140).

Os dous exemplos italianos substitúen a risa polo pracer da compañía (como tamén os refráns friulano e inglés) e da comida⁴², respectivamente:

IT: *Più siamo e meglio stiamo* (Boggione e Massobrio 2004: 271, núm. VI.1.1.8.b) e *Più si è a tavola, più mangi* (2004: 271, núm. VI.1.1.8.c).

FRI: *Plui o sin e miôr al è*⁴³ ['Máis somos e mellor é'].

ING: *The more, the merrier*; este proverbio contén unha segunda parte a xeito de antiparemia: *The fewer, the better fare* (Fergusson 1983: 117, núm. 75). Na orixe, *fare* referíase ós alimentos; en consecuencia, con poucos comensais, a cantidade asignada por persoa era máis abundante. Actualmente, *The fewer, the better* emprégase máis comunmente para expresar as bondades de estarmos "en petit comité".

2.5. *Qui paga, mana*

*Pagant, Sant Pere canta*⁴⁴ (DCVB: s. v. *pagar*), ou, se o queredes de xeito menos prosaico, a coñecida fábula de La Fontaine *Le Loup et l'Agneau* comeza co refrán *La raison du plus fort est toujours la meilleure*⁴⁵, que nos lembra unha paremia escolmada por Mistral (1979: II, 199, s. v. *lèi*): *Acò 's la lèi di chin, lou plus fort es lou mèstre*. Se a iso lle sumamos a coñecida sentencia do *Satyricon* de Petronio, *Sola pecunia regnat*, non debería estrañarnos que a fonte bibliográfica do refrán catalán⁴⁶, Farnés (1997: VI, 767, núm. P376), o relacione con dúas paremias castelás do tipo *El rey es mi gallo* ou *No te hagas mandador donde no fueres Señor*. A mesma construción do refrán orixinal atopámola en diversas linguas:

GAL: *Quen paga manda* (fonte oral⁴⁷).

³⁹ [http://www.aquodaqui.info/glossary/au-mai_gw25.html] [consultado o 2 de agosto do 2016].

⁴⁰ Basta procurar o refrán en Google para decatarse dos miles de resultados que o lexitiman.

⁴¹ A título anecdótico, Privat (1998: 95) apúntanos que este refrán, no francés do Québec, trúfase co anglicismo *fun*: "Plus on est de fous, plus on a de *fun*".

⁴² O tema dos alimentos imolo reencontrar no exemplo do inglés, aínda que cun sentido máis materialista.

⁴³ Paremia sacada dunha entrevista publicada en *La Patrie dal Friul* (<http://www.lapatriedalfriul.org/?p=12262>).

⁴⁴ Para máis detalles sobre esta paremia catalá, véxase Pàmies e Palou (2012: 132-134).

⁴⁵ Refrán que, por exemplo, atopamos no volume de Dournon (1986: 139).

⁴⁶ O refrán atópase tamén, por exemplo, no DCVB (s. v. *pagar*).

⁴⁷ Aínda que esta paremia non figure nos principais refraneiros galegos, todas as persoas consultadas coñécena e emprégana. Ademais, por citar unha fonte escrita, non é difícil atopala nalgún xornal: "Eis o poder dos consumidores responsables: quen paga manda. Se queremos, podemos!" (<http://www.farodevigo.es/>

ESP: *Quien paga manda* (fonte oral⁴⁸).

IT: *Chi paga comanda* (fonte oral⁴⁹).

ROM: *Cine plătește comandă* ['Quen paga manda'] (Calciu e Samharadze 2005²: 679, s. v. *pagar*).

Vexamos agora as prerrogativas das que gozan as persoas que teñen diñeiro nalgúns refráns que comezan así mesmo (*Quen ten cartos / diñeiro / din*):

GAL: *Quen ten din ten don* (Ferro 1995: 242, núm. 3927; Conde 2001: 179, núm. 409).

ESP: *Quien dinero tiene, alcanza lo que quiere* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 202, núm. 18.414) e *Quien dinero tiene, logra cuanto apetece* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 203, núm. 18.424).

IT: *Chi ha denari ha ciò che vuole* (Schwamenthal e Straniero 1991: 104, núm. 1141).

FRI: *Cui ch'al à bêt al à reson* e *Cui ch'al à bêt al à dut* (Ostermann 1995: 237).

Por outro lado, a seguinte serie de refráns deixa clara a omnipotencia da *pecunia*:

GAL: *O diñeiro pódeo todo* (Ferro 1995: 242, núm. 3918) e *O diñeiro manda* (Ferro 1995: 241, núm. 3916; Conde 2001: 179, núm. 410).

PORT: *Tudo pode o dinheiro* (Machado 2011⁴: 614).

ESP: *Todo lo alcanza el dinero* (Martínez Kleiser 1995 [1953]: 203, núm. 18.455).

FR: *L'argent peut (fait)^[50] tout* (Conde 2001: 179, núm. 410) e *Monnaie fait tout* (Montreynaud, Pierron e Suzzoni 1993: 68, núm. 1402).

IT: *Con i soldi si fa tutto* (Schwamenthal e Straniero 1991: 177, núm. 1921) e *Coi quattrini si fa tutto* (Arthaber 1929: 575, núm. 1144).

ING: *Money talks* (Fergusson 1983: 189, núm. 117).

E rematamos de xeito musical, pero sen esquecer o poder que ostenta a persoa que alugou (é dicir, pagou) o músico:

PORT: *Quem paga a conta, encomenda a música* (*Refranero multilingüe*⁵¹).

ING: *He who pays the piper calls the tune*⁵² (Flavell e Flavell 1993: 188).

cartas/2013/07/24/dia-da-patria-galega-quen/850599.html]).

⁴⁸ No *Refranero multilingüe* ([<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59451&Lng=0>]), coa seguinte glosa: "Detenta el poder quien dispone de los medios económicos necesarios".

⁴⁹ A fonte oral pódese acompañar de catro contextos que demostran o uso habitual desta paremia; véxase o *Refranero multilingüe* ([<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59451&Lng=8>]).

⁵⁰ Soamente coa variante *fait*, en Arthaber (1929: 575, núm. 1144).

⁵¹ Véxase o sinónimo do refrán *Quem paga a conta é que diz a hora de levantar a mesa* no seguinte enlace: [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59451&Lng=6>].

⁵² Refrán que non sorprende atopar tamén en escocés: *They wha pay the piper hae a richt tae ca'the tune*

3. Conclusións

Con algunhas excepcións ou variantes, a mostra evidencia a estreita correspondencia paremiolóxica que existe entre as diversas linguas románicas; non en balde, o refrán máis votado, *Més val sol que mal acompanyat*, atópase en toda a Romania, motivo polo que poderíamos cualificar a nosa paremia, segundo a denominación creada por Gargallo (2006: 303, nota 6), de *paremiotipo* (grupo de refráns que presenta a mesma estrutura profunda máis alá da súa expresión lingüística concreta⁵³). No caso do segundo refrán, *Feta la llei, feta la trampa*, destacamos dúas formulacións: unha baseada na construción participial no inicio de ambos os hemistiquios (*Feita a lei, cuidada a malícia*, en portugués) e outra introducida por un pronome relativo co verbo conxugado no lugar do participio (*Quen fixo a lei, fixo a trampa*, en galego). O terceiro refrán da lista, *Hi ha més dies que llonganisses*, atopámolo tamén en galego, portugués, castelán e italiano; noutras linguas pérdese a referencia porcina e os días vencéllanse ás semanas (caso do occitano e do francés), a un saco onde aínda non entraron todas as xornadas (no romanés) ou ben, de xeito máis filosófico, non son os días concretos senón un tempo abstracto o que se compara coa vida (no friulano). A continuación, *Com més serem, més riurem*, só coincide co occitano, xa que no refraneiro románico ponse en relación o feito de ser máis xente co de estar mellor, sen, porén, alusión ó acto de rir característico do refrán catalán. No quinto lugar, aínda que recorra a fontes orais en diversos casos (galego, castelán e italiano), a paremia *Qui paga, mana* resulta ben coñecida e, ás veces, amósase de xeito moi proteico, como no famoso verso quevediano, *Poderoso caballero es don Dinero*⁵⁴, que poderíamos tomar a guisa de hiperónimo. Finalmente, e dentro da fraternidade romance demostrada nas paremias analizadas, cómpre destacar o papel do romanés, que, nalgúns casos (véxase 2.2. e 2.3.), atopa solucións propias que se desmarcan da tónica panrománica.

4. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, Xosé Afonso; BASTARDAS, Maria-Reina; FONTANA, Joan; GARGALLO, José Enrique; TORRES, Antonio (2016): "Géoparémiologie romane: le projet ParemioRom", en *Géolinguistique* 16; 67-90.
- Aquò d'aquí* [http://www.aquodaqui.info/glossary/au-mai_gw25.html]. [02.08.2016].
- ARTHABER, Augusto (1929): *Dizionario comparato di proverbi e modi proverbiali*. Milano: Ulrico Hoepli.
- BLANCHET, Philippe (2002): *Dictionnaire fondamental français-provençal*. París: Ed. Jean-Paul Gisserot.
- BOGGIONE, Valter; MASSOBRIO, Lorenzo (2004): *Dizionario dei proverbi. I proverbi italiani organizzati per temi. 30.000 detti raccolti nelle regioni italiane e tramandati dalle fonti letterarie*. Torino: UTET.

(MacGregor 1986: 57).

⁵³ Para máis detalles, pódese consultar o citado artigo de Gargallo (2006) e, máis recentemente, Álvarez, Bastardas, Fontana, Gargallo e Torres (2016: 67-90).

⁵⁴ Escolmado, por exemplo, por Martínez Kleiser (1995 [1953]: 202, núm. 18.407).

- CALCIU, Alexandru; DUHĂNEANU, Constantin; MUNTEANU, Dan (1979): *Dicționar român-spaniol*. București: Editura Științifică și Enciclopedică.
- CALCIU, Alexandru; SAMHARADZE, Zaira (2005²): *Dicționar spaniol-român*. București: Univers Enciclopedic.
- CAMPS, Cristià; BOTET, Renat (2006): *Diccionari català-francès d'expressions, locucions i refranys*. Canet: Trabucaire.
- CENTRO VIRTUAL CERVANTES (2005-): *Refranero Multilingüe* [de consulta en liña: <http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx>] [02.05.2017].
- CHÉVRIER, Jean-Jacques; CHENIN, Guillaume; LE QUELLEC, Jean-Loïc (2007): *2189 Proverbes et Dictons en Poitou-Charentes-Vendée*. La Crèche: Editions Geste.
- COMBET, Louis; SEVILLA, Julia (1995): "Proverbes, expressions proverbiales, sentences et lieux communs sentencieux de la langue française d'aujourd'hui, avec leur correspondance espagnole", *Parmia* 4; 7-95.
- CONCA, Maria (1988): *Els refranys catalans*. València: Tres i Quatre.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*. Vigo: Galaxia.
- CUCEU, Ion (2008): *Dicționarul proverbelor românești*. București-Chișinău: Litera Internațional.
- DCVB = ALCOVER, Antoni M. e Francesc de B. MOLL (1930-1962): *Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Editorial Moll [10 vols]. Tamén de consulta en liña: [<http://dcvb.iecat.net/>] [02.05.2017].
- DECat = COROMINES, J. (1980-1991): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*. Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa de Pensions «La Caixa» [9 vol.].
- DIEC = INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS (2007²): *Diccionari de la Llengua Catalana*. Barcelona: Edicions 62 / Enciclopèdia Catalana. Tamén de consulta en liña: [<http://dlc.iec.cat/>] [02.05.2017].
- DE NINO, Antonio (1994): *Proverbi abruzzesi*. Cerchio (Aq): Adelmo Polla Editore.
- DOURNON, Jean-Yves (1986): *Le dictionnaire des proverbes et dictons de France*. París: Hachette.
- ETXABE, Regino (2001): *Gran diccionario de refranes*. Barcelona: Larousse.
- FARNÉS, Sebastià (1992-1999): *Paremiologia catalana comparada* (edición a cargo de Vidal Alcover, Jaume; Sunyer, Magí; Savall, Josep Lluís; coa colaboración de Pujol, Josep M.) [8 vols.]. Barcelona: Columna.
- FERGUSON, Rosalind (1983): *Dictionary of proverbs*. Londres: Penguin.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- FLAVELL, Linda; FLAVELL, Roger (1993): *Dictionary of Proverbs and their Origins*. Londres: Kyle Cathie Limited.
- FLONTA, Teodor (1992): *Dicționar Englez-Spaniol-Portughez-Român de proverbe echivalente*. București: Teora.
- FONTANA, Joan (2014): "Algo va de Stan a Pedro. Parèmies populares a les traduccions romaneses integrals del Quijote". Tese de doutoramento. Universitat de Barcelona. Tamén de consulta en liña: [<http://diposit.ub.edu/dspace/handle/2445/57803>].

- FONTANA, Joan; GARGALLO, José Enrique; PÀMIES, Víctor; UGARTE, Xus (2017): "A refranys em convides! Gènesi, desenvolupament i primers resultats de l'enquesta digital «Els refranys més usals de la llengua catalana»", en *Actes del XVIIè Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes* (a cura de Manuel Pérez Saldanya i Rafael Roca i Ricart). (València, 7-10 de xullo de 2015) [<http://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000251/00000001.pdf>].
- GARGALLO GIL, José Enrique (2006): "Quan surt la ratlla de Sant Martí.... Refranes romances del arco iris, meteorología y cultura popular", en *Quaderni di Semantica: rivista internazionale di semantica teorica e applicata* 27; 301-320.
- IRIBARREN, José María (1974⁴): *El porqué de los dichos (sentido, origen y anécdota de los dichos, modismos y frases proverbiales de España con otras muchas curiosidades)*. Madrid: Aguilar.
- MACGREGOR, Forbes (1986): *Scots Proverbs and Rhymes*. Edimburg: Gordon Wright Publishing.
- MACHADO, José Pedro (2011⁴): *O grande livro dos provérbios*. Alfragide: Casa das letras.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1995 [1953]): *Refranero general ideológico español*. Madrid: Real Academia Española.
- MILIO, Mariana (1999): *Dicționar de proverbe, maxime și zicători englez-român*. București: Editura Elis.
- MISTRAL, Frederic (1979 [1878-1886]): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français* [2 vols.]. Édition du centenaire sous la direction de Tuby, Victor. Genève / Paris: Slatkine / Édition de l'Unicorne.
- MONTREYNAUD, Florence; PIERRON, Agnès; SUZZONI, François (1993): *Dictionnaire de proverbes et dictons*. Paris: Le Robert.
- OLIVER, Juan Manuel (1983): *Refranero español*. Madrid: Sena.
- OSTERMANN, Valentino (1995): *Proverbi friulani raccolti dalla viva voce del popolo*. Udine: Del Bianco editore.
- PÀMIES, Víctor (2015): "Paremiologia i internet", en *Anuari de Filologia. Estudis de Lingüística* 5; 127-140.
- PÀMIES, Víctor; PALOU, Jordi (2012²): *Els 100 refranys més populars*. Valls: Cossetània.
- PARÉS, Anna (1999): *Tots els refranys catalans*. Barcelona: Edicions 62.
- PERBOSC, Antonin (1996 [1982]): *Proverbes et dictons du Pays d'Oc*. Paris: Rivages.
- PERIS, Antoni (2001): *Diccionari de locucions i frases llatines*. Barcelona: Enciclopèdia catalana.
- PRIVAT, Maryse (1998): "Proverbes québécois et proverbes français", en *Parmia* 7; 91-96.
- PUIGMALET, Joan (2012): recensió de "Víctor Pàmies (2005-2012): vpamies.dites.cat /// refranyer.dites.cat /// biblioteca.dites.cat /// diccitionari.blogspot.com /// didactica.dites.cat /// tematic.dites.cat /// [polsim. ditos. cat](http://polsim.ditos.cat) /// [frasesfetes.dites. cat](http://frasesfetes.dites.cat) /// enciclopedia.dites.cat /// etimologies.dites.cat /// conferencies.dites.cat /// topica.dites.cat /// ulls.dites.cat /// cap.dites.cat.", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14; 367-371.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2013): *Diccionario de autoridades* (facsimile). Madrid: RAE.

ROJAS, Fernando de (1997): *La Celestina*. Madrid: Cátedra.

SÁNCHEZ VICENTE, Xuan Xosé; CAÑEDO VALLE, Xesús (2012): *Refraneru asturianu*. Uviéu: Trabe.

SCHWAMMENTHAL, Riccardo; STRANIERO, Michele L. (1991): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.

TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): "Refraneiro galego", en *Cadernos de Fraseoloxía galega* 2; 50-195.

TRECCANI = ISTITUTO DELLA ENCICLOPEDIA ITALIANA: *Vocabolario*. Tamén de consulta en liña: [<http://www.treccani.it/vocabolario/>].

Fraseoloxía culinaria. Unidades fraseolóxicas portuguesas con *bacalhau*: locucións e enunciados fraseolóxicos¹

Ana Belén García Benito
Universidade de Extremadura
agbenito@unex.es

Resumo: O presente traballo circunscribíase ao eido da fraseoloxía portuguesa e nel analízanse as unidades fraseolóxicas do portugués que teñen o *bacalhau* como compoñente, xa que a importancia deste produto na cultura e na sociedade portuguesa ten un claro reflexo na lingua e, máis en concreto, na fraseoloxía, polo que existe un bo número de unidades fraseolóxicas no portugués con este alimento como compoñente. Partindo dunha aproximación sincrónica, establécese o corpus de unidades fraseolóxicas do portugués que conteñen o compoñente *bacalhau*. Despois, recorrendo necesariamente á perspectiva histórica, realízase a análise das unidades abordando: a) a produtividade da voz *bacalhau* á hora de formar parte das unidades fraseolóxicas; b) os procesos histórico-culturais que provocaron a fixación destas unidades; c) os mecanismos semánticos que motivaron a súa creación e a súa capacidade para expandirse metaforicamente. Por último, conclúese que o bacallau penetrou de tal xeito no imaxinario popular portugués que a súa presenza non se limita á gastronomía, senón que se atopa tamén presente na toponimia, na antroponimia, nas tradicións, na música, na literatura, no cine, etc., transversalidade que xustifica tamén a súa presenza na lingua e na fraseoloxía.

Palabras clave: fraseoloxía, lingua portuguesa, culinaria, bacallau.

Abstract: In this paper we study Portuguese phraseology, analyzing the phraseological units that have the word “bacalhau”, codfish, as a component because of the great importance of this product in the Portuguese culture, society as well as in the language. Starting off with a synchronous approach, a corpus of phraseological units is settled down with the word “bacalhau”. Later resorting, necessarily, to the historical perspective the analysis of the units is made based on : a) the productivity of the voice “bacalhau” at the time of comprising phraseological units; b) the historical-cultural issues that caused the fixation of these units; c) the semantic mechanisms that motivated their creation and its capacity to expand metaphorically. Finally, we conclude that codfish has penetrated in such a form and manner in the popular Portuguese imaginary that its presence is not only in gastronomy, but

¹ Data de recepción: 18.11.2016. Data de aprobación: 01.03.2017.

Tradución do texto orixinal en castelán feita por Alba María Soneira Sánchez e Andrea Expósito Loureiro.

also in toponymy, anthroponymy, traditions, music, literature, cinema and so on. This transversality explains its presence in language and in phraseology.

Keywords: phraseology, Portuguese language, cooking, codfish.

1. Introducción

A importancia dos alimentos e das bebidas –fundamentalmente os de carácter básico– na creación de unidades fraseolóxicas (UFS) é innegable. Como exemplo, abonda mencionar no español *ser un pan sin sal, más bueno que el pan, de toma pan y moja, con su pan se lo coma, contigo pan y cebolla, ser el pan nuestro de cada día, ganarse el pan, hacer un pan como unas hostias, ser pan comido, nacer con un pan bajo el brazo, ¡y un jamón!, mandar a freír morcillas, ¡que te den morcilla!, poner toda la carne en el asador, atar los perros con longanizas, meterse en harina, estar hasta en la sopa, ser miel sobre hojuelas, olerse la tostada, dársela con queso, perder aceite, descubrir el pastel, estar en su salsa*, etc. Ou no portugués *a pão e água, a pão e laranjas, comer o pão que o diabo amassou, ganhar o pão, dar do pão e do pau, já comer pão com côdea, tirar o pão à boca, cair como sopa no mel, dar mel pelos beiços, não há mel sem fel, pôr toda a carne no espeto, fazer a papinha, achar a papa feita, comer papas com um fuso, molhado como uma sopa, ou sim ou sopas!, dar bilha de leite por bilha de azeite, beber com o leite, jogar o leite da formiga*, por mencionar algunhas de entre as moitas existentes.

Estas, como todas as restantes UFS, están directamente vinculadas á cultura, ás ideas e ao modo de vida dunha determinada sociedade, de aí a necesidade de coñecer o universo cultural e a visión do mundo dos falantes tanto para comprendelas como para saber utilizar de forma correcta as UFS dunha lingua. O coñecemento cultural perfírase como esencial para a interpretación destas unidades. Palmer (2000: 135) sinala que tras a lóxica proposicional aparece sempre imaxinería e iso é xusto o que sucede coas UFS. Porén, os falantes están tan familiarizados co uso no seu discurso destas expresións convencionais e tan arraigadas, que son capaces de utilizalas sen activar todo o que orixina a imaxinería concreta que encerran. Nesa mesma liña, para Dobrovol'skij e Piirainen (2005), a imaxinería mental é o elemento inseparable de cada unidade, posto que a imaxe é a estrutura específica e conceptual que se encontra entre a estrutura léxica e o significado actual da unidade. A dita estrutura, pertencente ao plano do contido, está cargada de información específica de carácter cultural. Facer visible toda esa información é o obxectivo principal deste traballo, posto que coa nosa análise pretendemos revelar o proceso polo cal as comunidades e os individuos que operan en condicións normais van construíndo as súas visións do mundo mediante a integración de experiencias. Para iso, centraremos o noso estudo en culinarismos fraseolóxicos pertencentes ao portugués, pois, de acordo con Codita (2014: 313), neles reflíctese a importancia que determinados produtos –en especial os considerados básicos– tiveron na sociedade humana, mostrando o modo de vida dos pobos e influíndo nas estruturas socioculturais e económicas destes. UFS como as antes mencionadas –pensemos, por exemplo, nas que teñen o pan como referente– son moi numerosas en moitas linguas europeas e poñen de manifesto a relevancia que teñen os compoñentes gastronómicos na súa formación.

Por outra banda, tendo en conta que a maior parte dos estudos sobre fraseoloxía culinaria se centra especialmente no campo semántico da bebida (Wotjak 2010: 115) e dos produtos básicos no caso da comida, decidimos circunscribir o noso traballo ás UFS do portugués co bacallau como compoñente, pois a importancia deste produto na cultura e na sociedade portuguesa ten un claro reflexo na lingua –e en concreto na fraseoloxía–, polo que existe un bo número de UFS con este produto como compoñente –sen dúbida, cunha presenza ben maior no portugués que noutras linguas como o español ou o italiano, cuxos países se atopan xunto con Portugal entre os principais consumidores mundiais de bacallau–.

Intentaremos establecer o corpus de UFS en portugués que conteñen o compoñente *bacalhau*, partindo dunha aproximación sincrónica que deberá recorrer á perspectiva histórica na análise.

Analizarase a realidade idiomática das UFS abordando: a) a produtividade do termo *bacalhau* á hora de formar parte de UFS; b) os procesos histórico-culturais que deron lugar á fixación destas unidades, prestando especial atención aos casos de variación; c) os mecanismos semánticos que motivaron a creación de UFS coa voz *bacalhau* en portugués, así como a súa capacidade para expandirse metaforicamente.

2. O bacallau como marcador de identidade

Esta poderosa “alquimia” nacional, uma prova de um Portugal genial que, tal como antes, pode também hoje demonstrar que sabe navegar nos novos mares da economia, revelando que o seu passado é uma profunda fonte de riqueza e que nos cabe a todos, de 1001 maneiras, garantir que o Mundo não se esqueça de que o bacalhau é português. (Coelho 2007: 85)

Con estas palabras, Carlos Coelho presenta o bacallau na súa obra *Portugal Genial*, unha mirada optimista sobre 82 xenialidades portuguesas, pertencentes ás máis diversas áreas: xeografía, literatura, historia, música, deporte, economía, arquitectura, ciencia, etc., “National Equities” que, ao igual que o bacallau, están consideradas patrimonio nacional e constitúen “fortísimos alicerces para a sustentación de un inadiável edificio de prosperidade nacional” (2007: 13).

Do mesmo xeito, o bacallau tamén forma parte da lista “Mil Motivos para Orgulho Nacional”², elaborada polo *Diário de Notícias* para conmemorar a edición número mil da súa revista *Notícias Magazine*. Nesta lista, as entradas dedicadas ao produto que nos ocupa son dúas: as *1001 receitas de bacalhau*, co número 72, e os *pastéis de bacalhau*, entrada número 100. Así, o bacallau pasa a formar parte dun conxunto de mil produtos, institucións, persoas, marcas, empresas, organismos, etc., xenuinamente portugueses e dos que Portugal debe sentirse orgulloso.

O status único que posúe o bacallau na cociña e na cultura portuguesa está, a día de hoxe, fóra de dúbida, posto que “é ao mesmo tempo um alimento muito frequente no seu

² [http://www.dn.pt/DNMultimedia/DOCS+PDFS/Mil_coisas_de_Portugal.htmlm].

receituário e um símbolo da própria identidade portuguesa” (Sobral; Rodrigues 2013: 619). As razóns e os procesos que, ao longo da historia, conduciron a esta situación responden a dinámicas de natureza diversa: relixiosa, económica, política e ideolóxica, en combinación cun gusto específico polo produto por parte dos portugueses. Non obstante, convén non esquecer que este produto non se pesca en Portugal, se ben o proceso de transformación do bacallau³ se considera lexitimamente portugués e conta co recoñecemento internacional. En efecto, descuberto polos *vikings* e máis tarde polos españois –vascos, en concreto–, foron os portugueses e as súas técnicas de transformación do bacallau os principais responsables dunha das revolucións gastronómicas máis importantes da historia. Fontes históricas testemuñan o uso do bacallau en Portugal xa nos séculos XIII e XIV, en virtude das relacións políticas e económicas cos reinos de Dinamarca. As noticias sobre a pesca do bacallau realizada polos portugueses no Atlántico Norte, en Terra Nova e no Canadá remóntanse ao século XV.

Porén, resulta curioso que o bacallau comezase sendo un alimento pouco apreciado, destinado aos máis pobres, aos escravos e aos marxinados. Só co paso do tempo acabaría transformándose no produto apreciado por todos que é na actualidade. Esta xeneralización ten un claro reflexo na cultura portuguesa, especialmente na popular.

Por outra banda, tanto a relixión como a política instrumentalizaron o produto ao máximo. No caso da relixión, o consumo de bacallau asociouse a determinadas festividades –Nadal, Semana Santa⁴– e aos mariñeiros, e na abstinencia obrigatoria dos venres, o bacallau era o alimento alternativo á carne, sempre considerado como un recurso de pobres, pois, como sinalan Consiglieri e Abel (1999: 18): “No século XVIII os reais estômagos não o deviam ingerir, pois se tratava de «matabicho» de vadios, escravos...”. No Aninovo, día de Reis, Entroido, Coresma e Semana Santa, Nadal, etc., o bacallau era, e segue sendo, habitual en Portugal, demostrando ter un papel central na cultura relixiosa portuguesa. A política, á súa vez, utilizou o bacallau para crear climas favorables ou desfavorables a diversas actuacións, ben durante o período monárquico, ben durante o republicano (Nobre 2012). As sucesivas políticas de importación, os prezos, as normativas para regular o comercio, etc., foron con frecuencia obxecto de políticas interesadas, e deron lugar á firma de acordos internacionais, á elaboración de lexislación específica... Así mesmo, o bacallau serviu de alimento tanto para os exércitos como para os pobos colonizados, e mesmo estivo na orixe dalgunhas guerras⁵.

Co tempo, o status do bacallau foise modificando de maneira considerable e deixou de ser aquel alimento de carácter marcadamente popular, para converterse no prato sofisticado e susceptible de elaboradísimas creacións gastronómicas que é na actualidade. Un produto

³ *Escala*: abrir o peixe; *Salga*; *Cura*; *Secagem* (*Visão*, 11 de decembro de 2014, páx. 67).

⁴ A tradición portuguesa do bacallau na *ceia* do día 24 de decembro ten as súas raíces na Idade Media, co calendario cristián, pois era obrigado o xaxún nas principais festas católicas: Nadal e Semana Santa. Como non se podía comer carne e o bacallau era o peixe máis barato, converteuse na alternativa máis económica. A carne quedaba reservada para a comida do día 25 de decembro.

⁵ As coñecidas como “guerras do bacallau”, en 1532, entre ingleses e alemáns da Liga Hanseática, polos dereitos de pesca en Islandia, ou os enfrontamentos entre españois e ingleses en 1585.

moi saudable, segundo a opinión de médicos e especialistas en nutrición⁶, considerado hoxe en día fundamental na gastronomía portuguesa, con Portugal como o seu primeiro consumidor mundial. En definitiva, o bacallau transformouse nun alimento apreciado e eloxiado por todos ao longo da historia: artistas como Rafael Bordalo Pinheiro, grandes da literatura como Eça de Queirós ou Aquilino Ribeiro, líderes políticos como Salazar⁷ ou Mário Soares, etc.

Podemos afirmar, polo tanto, sen temor a esaxerar, que o bacallau é na actualidade un marcador explícito da identidade portuguesa, pasando de simple produto alimenticio a prato nacional, a símbolo da portugalidade.

A vida dos portugueses e a súa cultura están marcadas polo consumo do bacallau. Estea onde estea, o portugués considera o bacallau como algo que o vencella ás súas orixes, á súa terra natal ou a determinados momentos familiares (Nobre 2012).

Do mesmo xeito, Sobral e Rodrigues (2013: 633) destacan “o estatuto icónico único do bacalhau”, dado que ningún outro alimento penetrou do mesmo modo no imaxinario popular portugués. De feito, a súa presenza non só se limita á gastronomía –con máis de mil receitas e xeitos de cociñalo–, cuxas denominacións constitúen por si mesmas unha interesante materia de estudo e que, con certeza, contribuíron de modo determinante a popularizar o produto. Consiglieri e Abel (1999) recollen unha gran cantidade destas denominacións. Algunhas perpetúan o nome do seu creador, como o *bacalhau à Brás* (dono dunha tasca no Bairro Alto, en Lisboa), o *bacalhau à Gomes de Sá*, ou *bacalhau da Narcisa* (cociñeira de Braga), *bacalhau à João Buraco*, *à Tia Rosa*, *à Timoteo*, *à Senhora Ana*... O caudal de receitas con nomes de localidades permite realizar unha viaxe por toda a xeografía portuguesa: *bacalhau à Alentejana*, *bacalhau à Algarvia*, *à Beira Alta*, *à Coimbra*, *à Minhota*, *à moda da Guarda*, *à moda da Régua*, *à moda de Viana do Castelo*, *à moda de Resende*... Outras revelan orixes fidalgas: *bacalhau à Conde da Guarda*, *à Fidalga*, *à Aristocrata*...; certo exotismo: *bacalhau à Africanista*, *à Preta*, *bacalhau de Fantasia*, *bacalhau Exótico*... Un nutrido grupo refírese a profesións: *à Alfaiate*, *à Fragateiro*, *à Marinheiro*, *à Pescador*... Outras identifican estados da alma: *bacalhau à Bon Vivant*, *à Bonne Femme*, *à Mamã*, *bacalhau Pensado na Cama*... Hainas internacionais: *à Espanhola*, *à Provençal*, *à Biscainha*, *à Cádiz*, *à Costa Azul*, *à Saragoça*, *à Sevilhana*, *à Húngara*, *à Peruana*, *à Americana*, *à Antilhana*⁸. Algunhas relacionan o bacallau coa relixión: *bacalhau*

⁶ O aceite de fígado de bacallau, rico en vitaminas A e D, estivo considerado en Portugal, practicamente ata os anos 80, como o remedio para toda clase de problemas de saúde, e administrábaselles aos nenos como suplemento alimenticio (Nobre 2012). Na actualidade, o bacallau forma parte da lista dos considerados polos expertos “superalimentos”, grazas ao baixo contido en graxa da súa carne, que, ao secar, se converte nun concentrado de proteínas (Sobral; Rodrigues 2013: 621).

⁷ Entre as anécdotas máis populares sobre a figura de Salazar, encóntrase, con carácter claramente satírico, a receita do coñecido como *bacalhau à Salazar*, realizado a base de bacallau con patacas, pero sen aceite, porque “se o peixe fosse gordo, não precisava, e se fosse magro, não merecia” (Consiglieri; Abel 1999: 14).

⁸ Consiglieri e Abel (1999: 41) chaman a atención sobre a falsidade da orixe internacional de gran parte destas receitas, argumentando que tales elaboracións non existen na gastronomía dos países indicados, senón que foron inventadas polos propios portugueses para darlle ao bacallau maior dimensión e carácter internacional. Segundo estes autores, a imaxinación dos portugueses recreou esas receitas para que o bacallau se vise como un produto de prestixio, sen que sexa posible encontrar nelas ningún ingrediente que puidese

à Abade, à Benedictina, à Frade, à Madre Paula, à Convento de Odivelas, à Diácono; coa política ou con políticos: *bacalhau à Salazar*, à Batalha Reis; co mundo inmaterial: *bacalhau à Bruxa*, *Espiritual*. Outras son simple froito da creatividade e inventiva, como o *bacalhau à Escondidinha*, *com Capote*, *de Segredo* ou *Surpresa*. En definitiva, as denominacións constitúen un conxunto case tan exuberante como as propias receitas, e na actualidade incluso existen hamburguesas de *bacalhau*.

Atópase tamén moi presente o bacallau na toponimia, xa que dá nome a rúas, prazas e parques por todo o país: *Rua dos Bacalhoeiros*, en Lisboa, *Muro dos Bacalhoeiros*, no Porto, *Jardim do Bacalhau*, en cidades como Beja, Chaves ou Évora, por exemplo, ou a *Quinta do Bacalhau*, en Lisboa, as aldeas *Bacalhau Novo* e *Bacalhau Velho*, en Benfica do Ribatejo, Almeirim, a aldea *Poço do Bacalhau*, en Fajã Grande, na Ilha das Flores, Açores, etc.

Na antroponimia aparece como apelido: Ana Bacalhau, cantante do grupo musical Deolinda ou a escritora Marisa Bacalhau son algúns exemplos.

Na cultura popular encóntrase en festas e romarías como *A benção do bacalhau* –ritual ao cortalo–, *O enterro do bacalhau* –o sábado de Pascua para celebrar a fin das privacións, unha especie de representación teatral que consiste nun cortexo fúnebre co bacallau como reo, o xuíz, os avogados e as testemuñas (allo, cebola e pirixel)–, a *Benção dos Bacalhoeiros* –en maio, ao inicio da campaña, para despedir os *lugres*, os barcos bacallaeiros, camiño de Terra Nova. Tamén en adiviñas e cantigas:

- (1) *Qual é coisa, qual é ela...*
Compra-se cru,
faz-se cozido
e vende-se cru. [RESPOSTA: bacalhau]
- (2) ANA RITA, PIROLITA
Ana Rita, pirolita,
bacalhau, sardinha frita.
Quantas patas tem o gato?
Um, dois, três, quatro.
- (3) Ó MARIA, COTOVIA
Ó Maria Cotovia,
fecha a porta,
já é dia.
Vem aí
o bicho mau
que te papa

motivar a súa denominación (algo así como pemento no *bacalhau à Espanhola* ou manteiga no *bacalhau à Parisiense*). Trataríase, polo tanto, de formas cosmopolitas coas que os portugueses buscan enriquecer o seu patrimonio gastronómico relacionado co bacallau, ademais das receitas nacionais e rexionais, que denotan tamén certa busca de xustificación: “Aquí tamén se come como no estranxeiro” ou “No estranxeiro tamén se come bacallau”.

*o bacalhau.
Tapa a tua chaminé
com a ponta
do teu pé.
Tapa também
a janela
com a colcha
amarela.
E assim
o bicho mau
não te papa
o bacalhau.*

Na música atopamos, por mencionar só algún exemplo, desde o tema “O bacalhau quer alho” do intérprete Saúl, pasando polo popular “Bacalhau à portuguesa”, de Quim Barreiros, coñecido intérprete que ano tras ano percorre Portugal de norte a sur en xiras que congregan multitudes, ata un fado, “O fadinho do bacalhau”, da autoría de Ary dos Santos, cantado por Paulo de Carvalho e Carlos do Carmo, entre outros, e moi versionado.

No cancionero popular, António Thomaz Pires, de Elvas, no seu *Cancioneiro Popular Político* (1891), refírese ao bacallau nunha alusión ao *Remechido*⁹ algarvio da guerrilla miguelista:

(4) *Isto é bem bom.
Está menos mau,
tudo Remechido
sabe a bacalhau.*

Augusto Pires de Lima, no *Cancioneiro de Vila Real* (1928), recolle a seguinte estrofa:

(5) *Ó Castedo, Ó Castedo.
Estás assente num calhau,
Mataram minha mulher
com bolos de bacalhau*

Tamén no *Cancioneiro da Serra d’Arga* (1982) de Artur Coutinho encontramos a estrofa:

(6) *A mulher para ser boa,
tem que ter pernas de pau,
a barriga de manteiga
as mamas de bacalhau.*

Na literatura, o bacallau ocupa un espazo nas obras de escritores como Aquilino Ribeiro ou Eça de Queirós, quen satirizou sobre a asociación entre bacallau e relixiosidade na súa coñecida obra *A Reliquia* (Sobral; Rodrigues 2013: 631), e, non obstante, nunha

⁹ Sobrenome polo que se coñece a José Joaquim de Sousa Rei, (1797-1838), guerrilleiro portugués natural do Algarve.

carta dirixida ao tamén escritor Oliveira Martin, afirmaba: “Em quase tudo sou francês, excepto no justo amor pelo bacalhau de cebolada” (Coelho 2007: 86).

No cine aparece en títulos como “Bacalhau”, película brasileira, de 1979, que é unha parodia de “Tiburón”, de Steven Spielberg, estreada no mesmo ano.

Na economía, no comercio e no turismo está representado en marcas como “Riberalves” e “Sr Bacalhau”, nos comercios tradicionais, nas coñecidas como *mercearias*, tan típicas como a *Casa Oriental do Porto*, ou en establecementos gourmet como a *Casa Portuguesa do Pastel de Bacalhau*, en Lisboa. Existe incluso o *Museu do Bacalhau* en Ílhavo¹⁰, na ría de Aveiro, a *Rota do Bacalhau* ou o *Festival do Bacalhau*.

O bacallau está así mesmo presente na diáspora portuguesa, é dicir, naqueles lugares do mundo nos que hai emigrantes portugueses, para os que o bacallau é un alimento icónico, alén de ter como punto de encontro as *Academias do Bacalhau*, que promoven a convivencia entre os portugueses que viven no estranxeiro.

Ten cabida ata no humor, onde resulta curiosa a gran cantidade de chistes existentes sobre o bacallau. Sirvan os seguintes como exemplo:

(7) *Porque é que a água do mar é salgada?*

[RESPOSTA: Porque tem bacalhau de molho]

(8) *Bacalhau com cerveja (receita premiada)*

Ingredientes:

-bacalhau
-espinafre
-azeite
-alho
-cebola
-batatas
-sal
-cerveja
-mulher

Modo de preparação:

*Ponha a mulher na cozinha com todos os ingredientes (menos a cerveja, claro!!!) e feche a porta. Tome umas cervejinhas e assista ao resumo dos jogos da 1ª Liga e quando ouvir – ‘PRÁ MESA!!!’, o prato está pronto a comer!
É uma delícia e praticamente não dá trabalho nenhum. Bom apetite!*

¹⁰ Cidade coñecida como a “*capital do bacalhau*”, onde ten tamén a súa sede a *Confraria Gastronómica do Bacalhau*, cuxos obxectivos son: divulgar menús confeccionados a base de bacallau para dinamizar as diversas maneiras de cociñalo e de dar a coñecer a historia da pesca do bacallau.

E obviamente a súa presenza chegou tamén á lingua, especialmente ao *calão* e á fraseoloxía. *Calão*, segundo a definición que atopamos no *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*, da Academia das Ciências de Lisboa (2001), é:

1. Linguagem especial usada por grupos marginais, por criminosos, reclusos..., caracterizada pelo uso frequente de termos grosseiros e obscenos; gíria de marginais. (...) 2. Conjunto de vocábulos e expressões destes grupos, utilizado, pela expressividade, por pessoas de outros meios.

Así, en *calão*, segundo o *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas*, de Guilherme Augusto Simões, *bacalhau* é unha das denominacións que recibe o sexo feminino; é tamén un apertón de mans; algo inconexo, sen pés nin cabeza; alguén moi delgado; alguén ordinario ou unhas orellas excesivamente grandes e separadas do cranio, *bacalhaus*. Do mesmo xeito que no *Dicionário de calão do mundo do crime* encontramos que *bacalhau* pode ser tamén unha inxección de droga, un xute.

En canto á fraseoloxía, como veremos máis adiante, é posible documentar en portugués un corpus considerable de UFS co bacallau entre os seus compoñentes, feito que espertou a nosa curiosidade e que nos levou a interesarnos nelas.

Podemos afirmar, polo tanto, que se establece, sen dúbida, unha identificación clara entre o bacallau e Portugal, de xeito que este produto se pode considerar un verdadeiro “marcador nacional”, tal e como o arroz no Xapón, a paella en España, o whisky en Escocia, a pizza en Italia, etc., e, así mesmo, un alimento icónico para a diáspora portuguesa, mediante as *Academias do Bacalhau*, que promoven a convivencia entre os portugueses que viven no estranxeiro. Fóra de Portugal, pensar en bacallau equivale a pensar nos portugueses. En certos países nos que a emigración portuguesa está máis concentrada, “o bacalhau identifica o portugués” (Consiglieri; Abel 1999: 88)¹¹. Tamén Sobral e Rodrigues explican esta identificación do bacallau co sentimento de pertenza nacional e co ser portugués, como se se debese ao seu papel multisecular na vida cotiá “enquanto identificação que confere segurança ontológica, no contexto transnacional” (2013: 642). Se a nación foi definida como colectividade que pode verse, oírse ou idealizarse, segundo estes autores, tamén pode inxerirse e degustarse a través das comidas que identificamos con ela.

3. Corpus de fraseoloxía portuguesa do bacallau

3.1. Corpus completo

Co compoñente *bacalhau* documentamos en portugués unha gran cantidade de UFS, posto que o corpus completo da fraseoloxía construída co lexema *bacalhau* o constitúen, en primeiro lugar, todas as denominacións das receitas elaboradas con este produto, que, como sinalamos, representan un total de máis de mil: *bacalhau à Bras*, *bacalhau à Zé do Pipó*, *bacalhau com natas*, *bacalhau com todos*, *bacalhau de Espívia*, *bacalhau albardado*, *pataniscas de bacalhau*, *pastéis de bacalhau*, *bacalhau com trufas*, *bacalhau à Russa*,

¹¹ É de sobra coñecido que en Francia os portugueses son coñecidos coloquialmente como “bacalhaus”.

bacalhau à Maître d'hôtel com mariscos, bacalhau à Nossa Moda, bacalhau com grão, açorda de bacalhau, bacalhau à Provinciana, bacalhau de Cebolada, bacalhau escondido, trouxinhas de bacalhau, salada de línguas de bacalhau, pãezinhos de bacalhau, sonhos de bacalhau, caldeirada de bacalhau, bacalhau à Bom Vivant, bacalhau à Padre António das Caldas, bacalhau à Moda da Tia Ernestina, bacalhau com batatas a murro, bacalhau com presunto e azeitonas, bacalhau da Consoada, bacalhau em bolos enfolados, bacalhau no borralho, arroz de bacalhau no forno, almôndegas de bacalhau, bacalhau a-Ver-O-Mar, agulhas de bacalhau, barbatana de bacalhau enrolada à Moda do Norte, bacalhau aveludado, canja de bacalhau, desfeita de bacalhau, croquetes de bacalhau, empadão de bacalhau à Minhota, bacalhau económico, fantasias de bacalhau, bacalhau irresistível, lombinhos de bacalhau, bacalhau real, bacalhau rapidinho, bacalhau verde, etc.

Ademais, tamén o compoñen as vinte e unha UFS que documentamos co lexema *bacalhau* como compoñente: *apertar o bacalhau; bacalhau de porta de venda; Bacalhau é comer de negro e negro é comer de onça; Bacalhau quer alho; cheirar a bacalhau; Dá cá um bacalhau; dar um bacalhau/uma bacalhauzada; dar/estar/ficar/morrer em águas de bacalhau; estar com bacalhau; estender o bacalhau; gordo como rabo de bacalhau; magro como um bacalhau sueco; meter o bacalhau em; No dia de S. Silvestre, não comas bacalhau que é peste; No dia de S. Silvestre, não comas bacalhau nem no alho nem na reste; Para quem é, bacalhau basta/Bacalhau basta; pesar bacalhau; prometer bacalhau a pataco; salvar-se em águas de bacalhau; seco como um bacalhau; ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda.*

A estas consideramos conveniente sumar as locucións *o fiel amigo, de molho, estar/ficar de molho e pôr de molho*, que, malia non conter o lexema *bacalhau* entre os seus compoñentes, sen dúbida o teñen como referente, dado que se relacionan claramente co produto. A primeira delas, por ser un alimento que ao longo da historia acompañou sempre aos portugueses, aos máis pobres, aos que habitaban no interior do país, naqueles lugares máis afastados da costa, onde non penetraba o peixe por mor da súa rápida deterioración, conque o bacallau salgado e seco xunto á sardiña salgada e o polbo seco era dos poucos produtos do mar que chegaban. Así mesmo, era o alimento que non podrecía nas longas viaxes marítimas nas que se embarcaron os portugueses do século XVI, de aí a súa consideración de alimento máis fiel e omnipresente na mesa dos portugueses. As restantes están relacionadas co proceso de transformación ao que na gastronomía portuguesa se somete ao bacallau para proceder ao seu consumo.

Podemos concluír, polo tanto, que o corpus de UFS co lexema *bacalhau* como compoñente ou referente inclúe en portugués unhas 1.025 unidades, número que nos parece significativo por si mesmo e moi relevante se o comparamos co español, lingua na que o corpus é verdadeiramente reducido, a pesar de se tratar dun país que figura tamén entre os grandes consumidores mundiais deste produto: *música bacalao/bacalata; la ruta del bacalao; cortar el bacalao; aprieta bacalao, que está caro el pescao; te conozco, bacalao, aunque vengas disfrazao; tanta carne y yo comiendo bacalao; bacalao al Pil Pil; bacalao encebollado; brandada de bacalao; buñuelos de bacalao; bacalao dorado; bacalao a*

la Teja; pimientos de piquillo rellenos de bacalao e algunhas outras denominacións de receitas e elaboracións que, en ningún caso, acadan as cifras do portugués.

3.2. Corpus de traballo

As dimensións do corpus de UFS con *bacalhau*, xunto á diversidade das unidades que o compoñen –como máis adiante trataremos– levounos a abordar o seu estudo de xeito fragmentado, motivo polo cal nos centramos neste traballo na análise das vinte e cinco unidades que recolleemos no cadro que ofrecemos a continuación, e pospoñemos para futuros traballos a análise das restantes.

Así, para a composición do noso corpus de traballo foron consultados os principais dicionarios de fraseoloxía portuguesa, así como glosarios, traballos teóricos, *sites* sobre fraseoloxía, etc. Estas obras, cando son citadas como fontes, aparecen identificadas como:

(S) – Simões, Guilherme Augusto (1993): *Dicionário de expressões populares portuguesas*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.

(J) – Jorge, Guilhermina; Jorge, Suzete (1997): *Dar à língua. Da comunicação às expressões idiomáticas*. Lisboa: Cosmos.

(N-91) – Neves, Orlando (1991): *Dicionário de frases feitas*. Porto: Lello & Irmão Editores.

(N-92) – Neves, Orlando (1992): *Dicionário das origens das frases feitas*. Porto: Lello & Irmão Editores.

(N-99) – Neves, Orlando (1999): *Dicionário de expressões correntes*. Lisboa: Notícias.

(N-01) – Neves, Orlando; Santos, Carlos (2001): *Dicionário do palavrão e de outras inconveniências*. Lisboa: Notícias.

(DCMC) – Gomes, Paulo Jorge (1993): *Dicionário de calão do mundo do crime*. Lisboa: Escola Superior da Polícia.

(CN) – Campos Neves, Isabel; Costa Pinho, Teresa (1996): *Provérbios e dizeres populares. Português-Inglês*. Coimbra: Gráfica de Coimbra Lda.

(R-99) – Ruivinho Brazão, José (coord.) (1999): *Os provérbios estão vivos no Algarve*. Lisboa: Notícias.

(R-04) – Ruivinho Brazão, J. (2004): *Os provérbios estão vivos em Portugal*. Lisboa: Notícias.

(NS) – Santos, António (1990): *Novos dicionários de expressões idiomáticas*. Lisboa: Sá da Costa.

(B) – Babelite: [<http://www.babelite.org/>].

(CST) – Casota-Expressões idiomáticas: [<http://www.casota.org/expressions/index.html>].

(HM) – <https://dotempodaoutrasenhora.blogspot.com.es/2012/12/academia-do-bacalhau.html>

(M) – Machado, José Pedro (1996 = 2005 3ª edic.): *O Grande Livro dos Provérbios*. Lisboa: Notícias.

(MC) – Marques da Costa, José Ricardo (1999 = 2004 2ª edc.): *O Livro dos Provérbios Portugueses*. Lisboa: Editorial Presença.

(MO) – Moreira, António (1996 = 2003 5ª edic.): *Provérbios Portugueses*. Lisboa: Notícias.

(C) – Carvalho, Sérgio Luís de (2014): *Nas bocas do mundo. Uma viagem pela história das expressões portuguesas*. Lisboa: Planeta.

(GP) – [<http://www.gastronomias.com/proverbios.htm>].

- *apertar o bacalhau*: ‘saudar a alguén estreitándolle a man, cun apertón de mans’ (NS)
- *bacalhau de porta de venda*: ‘persoa moi delgada’ (NS)
- *Bacalhau é comer de negro e negro é comer de onça* (GP) (Brasil)
- *Bacalhau quer alho* (MO)
- *cheirar a bacalhau*: ‘ulir alguén mal por falta de hixiene’ (HM)
- *Dá cá um bacalhau!*: utilízase para saudar a alguén estreitándolle a man (B)
- *dar um bacalhau/uma bacalhauzada*: ‘saudar a alguén estreitándolle a man, cun apertón de mans’ (NS)
- *dar/ficar/morrer em águas de bacalhau*: ‘fracasar, acabar mal unha cousa’ (NS)
- *de molho*: ‘somerxido en agua; afastado temporalmente, inactivo, enfermo’ (NS)
- *estar com bacalhau*: ‘estar baixo os efectos dalgunha droga’ (DCMC)
- *estar/ficar de molho*: ‘estar enfermo, na cama’ (NS)
- *estender o bacalhau*: ‘ofrecer alguén a man para saudar a outra persoa’ (NS)
- *gordo como rabo de bacalhau*: ‘persoa moi grosa’ (N-91)
- *magro como um bacalhau sueco*: ‘persoa moi delgada’ (N-91)
- *meter o bacalhau em*: ‘golpear alguén a outra persoa; falar alguén mal doutra persoa; censurar’ (NS)
- *No dia de São Silvestre, não comas bacalhau que é peste* (MO)
- *No dia de São Silvestre, não comas bacalhau nem no alho nem na reste* (MO)
- *o fiel amigo*: ‘o bacallau seco’ (NS)
- *Para quem é bacalhau basta/Bacalhau basta*: utilízase para dicir que para determinada persoa calquera cousa serve, non é preciso esforzarse demasiado (B)
- *pesar bacalhau*: ‘cabecear de sono; durmir unha pequena sesta’ (NS)
- *pôr de molho*: ‘colocar algo en líquido para que amoleza, desalgue etc.; pospoñer alguén a súa opinión sobre algunha cousa, noticia, etc., ata poder comprobar a súa autenticidade, validez ou veracidade’ (NS)
- *prometer bacalhau a pataco*: ‘facer unha promesa populista e demagóxica, que se sabe que é imposible cumprir’ (C)
- *salvar-se em águas de bacalhau*: ‘escapar por pouco’ (NS)
- *seco como um bacalhau*: ‘persoa fría, distante’ (NS)
- *ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda*: ‘ser unha persoa moi coñecida e buscada por todos’ (S)

4. Fraseoloxía do bacallau

4.1. Clasificación

Para a clasificación das UFS do noso corpus partimos da caracterización proposta por Corpas Pastor (1996: 20), quen considera que se trata de:

(...) unidades léxicas formadas por máis de dos palabras gráficas en su límite inferior; cuyo límite superior se sitúa en el nivel de la oración compuesta. Dichas unidades se caracterizan por su alta frecuencia de uso, y de coaparición de sus elementos integrantes; por su institucionalización, entendida en términos de fijación y de especialización semántica; por su idiomatización y variación potenciales; así como por el grado en el cual se dan todos estos aspectos en los distintos tipos.

Esta autora traballa cunha concepción da fraseoloxía bastante ampla, na que distingue tres grandes bloques de estruturas¹²:




Figura 1: Clasificación das unidades fraseolóxicas

A primeira esfera comprende as colocacións, UFS que, desde o punto de vista do sistema da lingua, son sintagmas libres, xerados a partir de regras, pero que presentan certo grao de restrición combinatoria determinada polo uso. A segunda está integrada polas locucións, UFS do sistema da lingua, que presentan como trazos definitorios a fixación interna, a unidade de significado e a fixación externa pasemática. Funcionan, polo xeral, como elementos oracionais. A autora establece unha taxonomía composta por locucións nominais, adxectivas, adverbiais, verbais, prepositivas, conxuntivas e

¹² Corpas Pastor (1996:50-212) ofrece unha descrición exhaustiva desta proposta de clasificación.

clausais, segundo desempeñen as funcións dun sintagma nominal, as funcións oracionais de atribución ou predicación, as funcións dun sintagma adverbial ou dun predicado, funcionen como núcleo dun sintagma prepositivo, realicen funcións coordinantes ou subordinantes ou estean formadas por varios sintagmas, un deles necesariamente verbal. A terceira esfera comprende os enunciados fraseolóxicos, isto é, enunciados completos que constitúen actos de fala e que presentan fixación interna e externa. Dentro destes, a autora distingue entre paremias e fórmulas rutineiras. As primeiras, con significado referencial e autonomía textual; as segundas, sen autonomía textual e cun significado social, expresivo ou discursivo.

No corpus de UFS portuguesas con *bacalhau*, sen dúbida as máis produtivas son as pertencentes á Esfera I –colocacións–, integrada, entre outras moitas, por *bacalhau aveludado, canja de bacalhau, desfeita de bacalhau, croquetes de bacalhau, empadão de bacalhau à Minhota, bacalhau económico*... O seu elevado número, así como a súa gran diversidade, froito da creatividade do pobo portugués, levounos a pospor o seu estudo para futuros traballos.

Desta maneira, no presente traballo centramos a nosa análise nas UFS que integran as esferas II e III, segundo a clasificación de Corpas Pastor. Pertencen á Esfera II –locucións– un total de dezanove (19): *apertar o bacalhau, bacalhau de porta de venda, cheirar a bacalhau, dar um bacalhau/uma bacalhauzada, dar/ficar/morrer em águas de bacalhau, de molho, estar com bacalhau, estar/ficar de molho, estender o bacalhau, gordo como rabo de bacalhau, magro como um bacalhau sueco, meter o bacalhau em, o fiel amigo, pesar bacalhau, pôr de molho, prometer bacalhau a pataco, salvar-se em águas de bacalhau, seco como um bacalhau, ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda*. Á súa vez, na Esfera III –enunciados fraseolóxicos– documentamos seis (6): *Bacalhau quer alho; Dá cá um bacalhau!; No dia de São Silvestre, não comas bacalhau que é peste; No dia de São Silvestre, não comas bacalhau nem no alho nem na reste; Para quem é bacalhau basta/Bacalhau basta; Bacalhau é comer de negro e negro é comer de onça*.

No caso das locucións, o predominio das verbais é evidente, trece (13): *cheirar a bacalhau, apertar o bacalhau, dar um bacalhau/uma bacalhauzada, dar/ficar/morrer em águas de bacalhau, estar com bacalhau, estar/ficar de molho, estender o bacalhau, meter o bacalhau em, pesar bacalhau, pôr de molho, prometer bacalhau a pataco, salvar-se em águas de bacalhau, ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda*. A estas séguenlles as adxectivas, con tres (3) –*gordo como rabo de bacalhau, magro como um bacalhau sueco, seco como um bacalhau*–, as nominais, dúas (2) –*bacalhau de porta de venda, o fiel amigo*– e as adverbiais, unha (1), *de molho*.

Dentro dos enunciados fraseolóxicos, distinguimos paremias, tres (3) –*No dia de São Silvestre, não comas bacalhau que é peste; No dia de São Silvestre, não comas bacalhau nem no alho nem na reste; Bacalhau é comer de negro e negro é comer de onça*– e fórmulas rutineiras, tamén tres (3) –*Dá cá um bacalhau!; Para quem é bacalhau basta/Bacalhau basta; Bacalhau quer alho*. Neste último conxunto, a primeira fórmula é unha

fórmula ritual de carácter psicosocial, utilizada para saudar a alguén con quen nos unen lazos de amizade. Os outros dous exemplos cremos que integrarian o grupo de fórmulas que Corpas Pastor (1996) denomina “miscelánea”, pois carecen de verbo performativo que traduza a súa forza ilocucionaria e atópanse certamente bastante próximas ás paremias, invitando, no primeiro caso, a non malgastar esforzos ou medios cunha persoa, e suxerindo un aderezo, no segundo.

4.2. Fixación morfosintáctica e variación

A fixación, entendida como o carácter invariable ou inmodificable das UFS (García-Page 2008: 217), é probablemente a característica definitoria máis aceptada pola maioría dos estudosos da fraseoloxía¹³. Moí vinculada á consolidación definitiva dun sintagma libre como UF atópase a institucionalización, é dicir, o referendo social, o recoñecemento dos falantes, que fan súa a expresión, de modo que se pode afirmar que esta característica é a responsable de que un sintagma libre en orixe se establezca, se fixe como UF.

En todas as UFS que conforman o noso corpus o seu carácter fixo e institucionalizado está fóra de dúbida. Con todo, é posible constatar algúns exemplos de variación que, en principio, poderían parecer contraditorios con ese carácter invariable que acabamos de atribuírlles e que, non obstante, non fan máis que pór de manifesto o vencello incuestionable entre fixación e variación. Para García-Page, tal contradición non existe, posto que as variacións que consenten algunhas UFS “han de estar fraseolóxicamente previstas, codificadas, fijadas de antemano, la variación (autorizada) es, pues, predecible” (2008: 217). É dicir, a propia variación tamén está, dalgún xeito, institucionalizada e a manipulación arbitraria adoita ser de vida efémera.

Falamos así de variante fraseolóxica cando:

(...) las modulaciones formales que presenta una misma expresión fija están codificadas o institucionalizadas; las variaciones lúdicas o estructuras desautomatizadas no constituyen variantes, salvo en el caso de que, con el tiempo, su uso se generalice y sean sancionadas por la comunidad. (2008: 219)

No caso das UFS do portugués co *bacalhau* como compoñente ou como referente, encontramos as seguintes variantes cuxa natureza diversa interesa analizar: *dar/estar/ficar/morrer em águas de bacalhau*, *dar um bacalhau/uma bacalhauzada*, *estar/ficar de molho* e *Para quem é, bacalhau basta/Bacalhau basta*.

Para a nosa análise basearémonos na proposta de clasificación de variantes¹⁴ que fai García-Page (2008), quen distingue as seguintes variantes institucionalizadas en función da análise lingüística á que corresponde a variación: fónicas, gráficas, morfolóxicas, gramaticais, sintácticas e léxicas.

¹³ Casares Sánchez (1960), Zuluaga Ospina (1980), Wotjak (2000), Tristán Pérez (1988), Corpas Pastor (1996), Rúa Gurillo (1995), Forment Fernández (1999), Álvarez de la Granja (2002), Iñesta Mena e Pamiés Bertrán (2002), Mejri (2003), entre outros.

¹⁴ Outras propostas de clasificación das variantes podemos atopalas en Forment Fernández (1999, 2000), Dawes (1998), Álvarez de la Granja (1999, 2002), García-Page (1999, 2001), Burger (2000).

Así, en *dar/estar/ficar/morrer em águas de bacalhau* identificamos claramente variantes léxicas conseguidas mediante un mecanismo de conmutación, un dos máis produtivos na formación de variantes. Neste caso concreto, o intercambio efectúase entre unidades léxicas case sinónimas –dar, ficar, morrer, co sentido de ‘acabar, concluír’–. O mesmo sucede en *estar/ficar de molho –estar, ficar–* e en *dar um bacalhau/uma bacalhauzada –bacalhau, bacalhauzada–*, se ben, neste último, a relación que existe entre os elementos conmutables non é de sinonimia senón de pertenza ao mesmo campo léxico, no que *bacalhauzada*, ao igual que *bacalhoadada*, segundo podemos ver no *Dicionário da Academia das Ciências* na súa terceira acepción, é ‘aperto de mão’, polo que pode ser considerada unha intensificación respecto a *bacalhau* como ‘aperto de mão’ tamén na definición ofrecida por este mesmo dicionario na súa cuarta acepción. Cómpre sinalar que a variante léxica, neste caso, implica tamén unha variante morfolóxica e gramatical –um/uma–. Por outro lado, a locución *dar um bacalhau* debemos poñela en relación co enunciado fraseolóxico *Dá cá um bacalhau!*, que non constitúe unha variante, senón unha UF diferente, un enunciado fraseolóxico. Noutras palabras, estamos ante unha transformación froito da propia evolución histórica da unidade, e resulta bastante probable que fose o enunciado fraseolóxico o que estivese na orixe da locución verbal.

Nas UFS *Para quem é, bacalhau basta* e *Bacalhau basta* documentamos un exemplo do que García-Page (2008: 238) denomina “abreviatura fraseolóxica¹⁵”, un tipo de variante que fai referencia á versión curta ou reducida dun enunciado fraseolóxico sen que iso implique nin unha alteración do seu significado nin do seu uso. Nos exemplos concretos que nos ocupan, a abreviatura obtense mediante a subtracción das unidades léxicas que constitúen a primeira parte do enunciado fraseolóxico.

No caso das unidades *ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda* e *bacalhau de porta de venda*, poderíamos pensar nun principio que se trata de variantes da mesma UF –a segunda sería a versión curta ou abreviada. Porén, constatamos que a versión curta implica un cambio de significado, o que nos permite afirmar que estamos ante dúas UFS distintas.

4.3. Aspectos semánticos

O feito de que a voz *bacalhau* presente un escaso grao de idiomaticidade –xa que non é exclusiva das UFS documentadas e pode recoñecerse o seu significado na maior parte delas– fai posible tratar de abordar a identificación dos mecanismos semánticos que motivaron a súa creación.

Non obstante, para a análise semántica convén ter presentes os varios significados de *bacalhau* en portugués:

¹⁵ O propio García-Page aprofunda na caracterización e descrición da abreviatura fraseolóxica en traballos como por exemplo (1999, 2001).

ba·ca·lhau (origem duvidosa)
substantivo masculino
1. [Ictiologia] Peixe gadídeo que se cria especialmente nos mares do Norte.
2. Esse peixe usado na alimentación (ex.: <i>bacalhau à gomes de sá</i>).
3. Azorrague com que, no Brasil, eram fustigados os escravos.
4. [Jogos] Antigo jogo de rapazes.
5. [Informal] Pessoa muito magra.
6. [Informal] Cumprimento feito com um aperto de mão (ex.: <i>venha daí um bacalhau, amigo</i>). = PASSOU-BEM
adjectivo de dois géneros e substantivo de dois géneros
7. [Brasil, Depreciativo] [Desporto] Relativo ao Clube de Regatas Vasco da Gama ou o que é seu jogador ou adepto. = VASCAINO
bacalhaus substantivo masculino plural
8. [Vestuário] Conjunto de tiras, geralmente de renda ou de cambraia, que se usavam pendentes sobre o peito da batina.
9. [Vestuário] Grandes colarinhos pendentes.

Figura 2: Aceptións de bacalhau no Dicionário Priberam da Língua Portuguesa

bacalhau [bakɐˈlɐw]. *s. m.* (Do neerl. *babehau*, pelo fr. *cabillaud*, com metátese das duas primeiras sílabas). 1. *Zool.* Peixe teleosteo da família dos gadídeos (*Gadus morhua*, Lin.), habitualmente pescado nas águas frias dos mares do Norte, cuja carne, seca e salgada, é muito usada na alimentação. O bacalhau é um peixe muito usado na cozinha tradicional portuguesa, em especial em datas festivas como o Natal. *Canas*, línguas de +; *peca do +*; *posta de +*. **bacalhau de lastro**, aquele que é de inferior qualidade, transportado no porão das embarcações. **óleo* de fígado de bacalhau**. 2. *Cul.* Prato que tem o bacalhau como ingrediente principal. + *assado*, *cozido*; + *com grão*, *com natas*, *com todos*; + *na brasa*, *no forno*; *patêis*, *pataniscas de +*. **bacalhau à biscoinha**, o que é preparado com azeite, batatas e pimentões. **bolo* de bacalhau**. 3. *Fam.* Pessoa magra e esguia. **bacalhau de porta de venda**, *Bras.*, pessoa extraordinariamente magra. 4. *Fam.* Aperto de mão. «Florêncio Távares até me deu um beijo, ele que me enviou, desde pequeno, a si apertar a mão, bacalhau e mais

nada, dizia» (M. ALFEGRE, *Alma*, p. 61). 5. *pl.* Colarinhos altos, largos e muito engomados que se usavam pendentes sobre o peito. 6. *pl.* Tiras de tenda ou de cambraia branca que se usavam pendentes ao pescoço sobre o peito. 7. Tipo de madeira de pinho. 8. *Bras.* Chicote de couro cru torcido, com que se açoitavam os escravos. *Aplicação do bacalhau*. 9. *Bras.* Pedaco de madeira ou de chapa metálica, usado como remendo para vedar um buraco ou uma fresta, ou para tapar um veio de água. **apertar o bacalhau**, *Fam.*, cumprimentar alguém com um aperto de mão. *alguma coisa dar em águas de bacalhau*, o m. que *ficar em águas de bacalhau*. **estender o bacalhau a alguém**, *Fam.*, estender a mão para cumprimentar alguém. *alguma coisa ficar em águas de bacalhau*, *Fam.*, não ter o desenvolvimento, as consequências, os resultados esperados; frustrar-se. **para quem é, bacalhau basta!**, *Fam.*, frase exclamativa com que se indica que qualquer coisa serve, sendo desnecessários o esmero ou o cuidado, visto o destinatário não merecer apreço ou atenção.

Figura 3: Aceptións de bacalhau no Dicionário da Academia das Ciências de Lisboa

Arrear o tirante Deixar cair o cordão falso usado na burla.	B
Arrecadado Preso.	Bacalhau Injecção de droga. <i>Chuto</i> .
Arrefecer Matar.	Bacalhau (Estar com) Estar sob o efeito de droga.
Arrego Negócio.	Badaio <i>Chuto</i> .
Arribatos Acima de. Em cima de.	Bad-trip Má viagem; síndrome psicótico com delírios e alucinações angustiantes provocadas pelo LSD.
Arrolar Ressonar.	Bafinho <i>Chinesa</i> .
Assoprar Denunciar.	Bafo Forma de consumir heroína, a qual é inspirada, via oral, ao ser queimada sobre uma folha de papel prata/alumínio.
Atacar Prostituir-se.	Baguines Em baixo ou abaixo de.
Atracar Meter conversa com quem se quer burlar.	Balázio <i>Chuto</i> .
Atroços Atrás de. Ir ou estar atrás de.	
Atrombar Comer à custa dos outros.	

Figura 4: Aceptións de bacalhau no Dicionário de Calão do mundo do crime

Polo que respecta ás UFS que estamos analizando, en xeral, trátase de metáforas transparentes, con referentes coñecidos, aínda que o seu grao de idiomaticidade é variable¹⁶. Así, se por idiomaticidade entendemos o significado denotativo figurativo ou translaticio, fronte ao significado denotativo literal (Corpas Pastor, 1996: 27), resulta obvio que en UFS como *bacalhau de porta de venda*, *o fiel amigo*, *morrer/dar/ficar em águas de bacalhau*, *estar com bacalhau*, *meter o bacalhau*, *pesar bacalhau*, *prometer bacalhau a pataco* ou *salvar-se em águas de bacalhau* o grao de idiomaticidade é maior que o que atopamos, por exemplo, en *cheirar a bacalhau*, *seco como um bacalhau*, *ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda*, *magro como um bacalhau sueco* ou *gordo como rabo de bacalhau*, de aí que sexa máis complicado desentrañar a súa motivación. A medio camiño entre un e outro grupo atópanse as UFS *apertar o bacalhau*, *Dá cá um bacalhau!*, *dar um bacalhau/uma bacalhauzada* e *estender o bacalhau*, nas que non se reconece o significado de *bacalhau* como peixe utilizado para a alimentación humana, senón que a acepción que subxace é a de ‘saudar a alguén’, dado que a súa motivación parte da identificación do *bacalhau* como o *fiel amigo*, pois, como explicamos previamente, este é un alimento que nunca faltou na mesa dos portugueses, mesmo na dos máis pobres, de aí a súa identificación co amigo máis fiel e por tanto coa amizade. É preciso coñecer esta asociación para desentrañar a motivación deste grupo de UFS que fai referencia a saudar unha persoa mediante un apertón de mans.

No conxunto das UFS nas que o referente non é o saúdo, senón o peixe de extraordinarias propiedades e posibilidades culinarias, encontramos algunhas locucións adxectivas –*gordo como rabo de bacalhau*, *magro como um bacalhau sueco* e *seco como um bacalhau*–, que son estruturas comparativas estereotipadas. Nelas a comparación constitúe un mecanismo de intensificación, equivalente ao superlativo, ben sintético –coa terminación sufixal -ísimo/a–, ben analítico –co adverbio *muito*. Agora ben, nos casos concretos que nos ocupan, a intensificación non se consegue só por medios gramaticais, senón que, como apunta Codita (2014), se logra tamén mediante estratexias inferenciais ou presuposicionais. É dicir, o bacallau constitúe o representante extralingüístico do grao máximo de sequidade, de delgadeza e tamén, paradoxalmente, de gordura –en referencia a esa parte máis avultada e grosa que é o rabo–, de aí o seu valor superlativo. O valor cultural do bacallau compartido polos membros da mesma sociedade é o que permite afirmar que nestas unidades se produce intensificación.

Características similares encontramos na UF *ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda*, novamente unha comparación estereotipada de valor superlativo, se ben, neste caso, a fixación se produciu integrando o verbo *ser*, o que deu orixe a unha locución verbal. Este verbo, cremos, non contribúe en nada ao sentido idiomático da unidade, xa que a carga metafórica segue residindo no substantivo *bacalhau* e non no verbo que o acompaña. A imaxe que subxace na unidade é a das tendas tradicionais portuguesas, as *mercearias*, nas que aínda hoxe é habitual ver o bacallau seco colgado no exterior, como reclamo para a clientela, que forma parte do imaxinario común portugués. Un referente

¹⁶ Traballos específicos sobre a idiomaticidade podemos atopalos en González Rey (1998), García Page (1997, 2000), Copras Pastor (1996).

máis afastado, e polo tanto menos recoñecible nesta unidade, podería ser, como apunta Nobre (2012), o costume –consecuencia da instrumentalización do bacallau por parte da Igrexa– de distribuír este produto como donativo na porta das igrexas e conventos nas épocas festivas do calendario litúrxico, o que contribuíu á popularidade do alimento entre os máis humildes. Esta práctica explicaría así mesmo a unidade *bacalhau de porta de venda*, co sentido de ‘moi delgado’, xa que seguramente o produto que se distribuíu non se correspondería coas partes máis nobres e de mellor calidade do bacallau, senón coas máis fracas e de peor calidade, o que explica a asociación coa delgadeza. Este mesmo referente é probable que estea na orixe da UF *Para quem é, bacalhau basta* e a súa variante *Bacalhau basta*, pois en efecto a xerarquía eclesiástica consideraría máis que suficiente este alimento para os mendigos e persoas de orixe humilde que se achegarían a recibilo, significado que se xeneralizaría con posterioridade e que chegou ata os nosos días cristalizado nestas dúas UFS. A consideración do bacallau como comida de pobres, evidente nestas UFS, podería atopar o seu referente no antigo costume portugués, que só puidemos constatar verbalmente, de dar como alimento ao servizo, ás empregadas domésticas, patacas cocidas na auga da cocción do bacallau. Aquí podería estar tamén a orixe da unidade *salvar-se em águas de bacalhau*, pois certamente este alimento suporía unha verdadeira salvación no día a día destas mulleres. Do mesmo xeito, na UF *Bacalhau é comer de negro e negro é comer de onça*, con ese desprezo evidente cara á comida das persoas de cor, encontramos de novo a asociación entre o bacallau e a comida de pobres, neste caso, os negros.

De novo, en relación coa instrumentalización do bacallau, tamén a política utilizou o bacallau para crear climas favorables ou desfavorables a diversas actuacións, como xa sinalamos, xa que este produto estaba no punto de mira de políticas interesadas. E isto é o que sucede na unidade *prometer bacalhau a pataco*, pois, segundo documenta Carvalho (2014: 186), durante a Primeira República correu insistentemente o rumor de que os republicanos baixarían os prezos, para que todos os portugueses tivesen acceso aos bens de consumo máis esenciais, entre os cales se atopaba o bacallau, que sería vendido “a pataco”, moeda de pouco valor.

Unha análise interesante é a que permite o grupo de UFS relacionadas co proceso de transformación ao que se somete o bacallau na gastronomía portuguesa. Referímonos a unidades como *pesar bacalhau*, que fai referencia á pesada do produto para proceder á súa venda, actividade presentada como aburrida e monótona, ata o punto de producir somnolencia, ou *cheirar a bacalhau*, na que atopamos a asociación do forte olor característico do bacallau salgado e seco co mal cheiro corporal. Facendo alusión á práctica habitual á que se somete o bacallau seco, o desalgado, meténdoo de mollo en auga durante algún tempo, documentamos unidades como *de molho, pôr de molho, estar/ficar de molho*, nun claro exemplo de ampliación semántica, desde o simple ‘somerxido nun líquido’ ata ‘coa opinión sobre algunha cousa en suspense ata poder comprobar a súa veracidade, validez’, para chegar a ‘inactivo, temporalmente afastado’ e ‘enfermo, na cama’, que aparece como terceira acepción. Tamén en relación coa práctica de colocar o bacallau de mollo para o seu desalgado podería estar a unidade *dar/estar/ficar/morrer em águas de bacalhau*.

En relación co modo de cociñar o bacallau podemos analizar a unidade Bacalhau quer alho, posto que o bacallau cocido e aliñado con alho, pirixel e aceite é unhas das receitas máis habituais na cociña portuguesa¹⁷.

Nas unidades *No dia de S. Silvestre, não comas bacalhau que é peste* e *No dia de S. Silvestre, não comas bacalhau nem no alho nem na reste*, subxacen en cambio algunhas indicacións respecto a comer bacallau. Desde a Idade Media, o calendario cristián determinaba xaxún obrigatorio nas principais festas católicas, entre as que estaba o Nadal. Como o xaxún implicaba non comer ningún tipo de carne –que significaba pecado e luxuria nun día de purificación como é a véspera do Nadal–, os portugueses foron introducindo o bacallau, que foi adquirindo o seu lugar como alimento alternativo á carne, ao ser tamén un produto barato. Así, na *Ceia de Natal*, o día vinte e catro de decembro, a tradición manda comer bacallau –con patacas e col cocidas, regado con aceite–, pois, aínda que o xaxún no Nadal xa desapareceu, o costume persiste, e a carne queda reservada para a comida do día vinte e cinco e días posteriores, de aí que na cea de Noitevella, o día trinta e un de decembro –día de San Silvestre, celebración do paso dun ano ao outro– non se coma bacallau, xa que a obriga cristiá xa non o prescribía, polo que era habitual comer carne de diferentes tipos. Esa preferencia da carne nesa data concreta explica a consideración do bacallau como “peste” que atopamos nas nosas dúas UFS, unidades que están en clara relación con outro coñecido refrán portugués que testemuña isto mesmo: *No dia de S. Silvestre, quem tem carne que lhe preste*, no que documentamos fosilizado o costume portugués de ofrecer bacallau aos máis pobres e necesitados o día vinte e catro de decembro e carne o día trinta e un.

Finalmente, na unidade *meter o bacalhau em...*, co sentido de golpear unha persoa ou falar mal dela, o referente non é o peixe, senón un tipo de fusta ou látego, como puidemos comprobar anteriormente nas definicións de *bacalhau* procedentes de diversos dicionarios. A ampliación metafórica produciuse a partir dun látego coa empuñadura de madeira da que sobresaían cinco tiras de coiro retorcidas ou con nós, que era utilizado no Brasil para azoutar os escravos, como castigo, e cuxa forma, cando se enarboraba para a súa utilización, se semellaría bastante á do bacallau seco. Así, como en *estar com bacalhau*, o referente tampouco é o apreciado peixe, senón, neste caso, unha inxección de droga, un xute, como viamos no *Dicionário de calão do mundo do crime*, que explica o sentido desta UF como ‘estar baixo os efectos dalgunha droga’.

En canto á valoración das UF analizadas, podemos diferenciar unha connotación positiva e unha negativa do lexema *bacalhau*. Como positivas identificamos as seguintes: *apertar o bacalhau*, *Dá cá um bacalhau*, *dar um bacalhau/uma bacalhauzada*, *estender o bacalhau*, *o fiel amigo*, directamente relacionadas coa amizade, ás que hai que engadir *salvar-se em*

¹⁷ Encontramos estes elementos no *Enterro do Bacalhau*, representación teatral que consiste nun cortexo fúnebre co bacallau como reo, realizado o sábado de Pascua para celebrar o fin das privacións, na cal ao bacallau o acompañan como testemuñas o alho, o aceite e o pirixel. Trátase dunha festa popular pagá, realizada cada catro anos, que consiste nunha protesta contra a prohibición do consumo de carne durante a Coresma, pero que admitía excepcións para todos aqueles que comprasen a bula, indulto que estaba ao alcance dos máis ricos, feito polo que o resto debía recorrer ao bacallau por ser o peixe máis barato. [http://www.cm-leiria.pt/frontoffice/pages/617?news_id=2114].

águas de bacalhau, co bacallau como alimento salvador para o servizo doméstico e *ser mais conhecido que bacalhau em porta de venda*, pola popularidade do produto. Como negativas, *Bacalhau é comida de negro e negro é comida de onça*, *bacalhau de porta de venda*, *cheirar a bacalhau*, *dar/ficar/morrer em águas de bacalhau*, *de molho*, *estar/ficar de molho*, *magro como um bacalhau sueco*, *meter o bacalhau em...*, *Para quem é, bacalhau basta/Bacalhau basta*, *pôr de molho*, *prometer bacalhau a patato*, *seco como um bacalhau*, *estar com bacalhau*, relacionadas neste caso coa antiga consideración do bacallau como alimento tradicionalmente de pobres. No caso concreto da UF *Bacalhau é comida de negro e negro é comida de onça*, a connotación negativa é bastante máis forte, posto que, ao se tratar dun fraseoloxismo brasileiro, os negros son os escravos. Tamén son negativas as relacionadas con características derivadas do proceso de transformación ao que é sometido Portugal, amais das referencias ao látego usado no Brasil para castigar os escravos e á inxección de droga. Nas restantes unidades non evidenciamos unha connotación específica, xa que aparece o bacallau nos seus diversos modos de preparación, venda e hábitos de consumo. Visto isto, sinalamos que, malia a súa orixe humilde, o valor positivo da voz *bacalhau* na fraseoloxía portuguesa é o dominante.

5. Conclusións

Podemos afirmar que as UFS que integran a voz *bacalhau* son moi numerosas no portugués actual, fronte aos escasos exemplos que atopamos noutras linguas como o castelán. Tendo en conta a perspectiva histórica, o bacallau na cultura portuguesa ten un valor importantísimo, como vimos, cuxo simbolismo está documentado xa nos séculos XIII e XIV. Certos alimentos convértense en familiares para a maioría, como sucedeu co bacallau para os portugueses e con certos adubos moi utilizados na elaboración dos pratos nos que o bacallau é o ingrediente principal: aceite, allo... Segundo Hage (2010: 418 ápd Sobral; Rodrigues 2013: 623), esa familiaridade posúe unha dimensión corporal, construída mediante experiencias sensoriais simultáneas –olfactivas, visuais, gustativas– e culturais, que enraízan e fan que a comida se poida considerar unha manifestación da especificidade dun determinado grupo social, revelada pola aceptación ou exaltación de certos alimentos e pola repugnancia fronte a outros. A dita familiaridade adquirese na infancia, dun modo inconsciente, a través da socialización lenta, formando a base de identificacións duradeiras, da memoria, da nostalxia, onde un alimento pode desencadear “metonimias imaxinadas” que remiten ao todo que é a terra natal.

De aí que non sorprenda a presenza do bacallau nos máis diversos ámbitos da cultura portuguesa, así como na lingua e na fraseoloxía.

Na lingua portuguesa, a voz *bacalhau* ofrece, como vimos, un semantismo amplo que transcende o propio peixe e integra desde un ‘estreitar as mans’ a unha ‘inxección de droga’, pasando por outros significados como os de ‘persoa moi delgada’, ‘orellas de soplillo’ ou ‘látego’, e revela asociacións inusitadas e unha gran capacidade metafórica.

No caso da fraseoloxía, en canto que alimento fundamental e emblemático na tradición portuguesa, o bacallau gañou a súa presenza en diferentes tipos de UFS, cuxa análise

pon de manifesto a súa gran produtividade, a súa capacidade de variación, así como os procesos histórico-culturais relacionados co bacallau que están na orixe de boa parte destas unidades e que ao longo dos séculos quedaron fosilizados e perpetuados nelas, ademais dos mecanismos de asociación e metaforización que se fundamentan nas imaxes dun alimento –como é o bacallau salgado e seco–, cuxa identificación con Portugal e cos portugueses é un feito incuestionable.

6. Bibliografía

- ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA (2001): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*. Lisboa: Verbo.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (1999): "Variación e sinonimia nas unidades fraseolóxicas. Caracterización xeral e propostas de tratamento lexicográfico", en *Cadernos de Lingua*, 19; 43-63.
- (2000): "Transgresións da fixación fraseolóxica", en ENGLEBERT, Annick; PIERRARD, Michel; ROSIER, Laurence e RAEMDONCK, Dan Van (eds.): *Actes du XXII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, 6, Tubinga: Max Niemeyer Verlag; 19-26.
- BURGER, Harald (2000): "La variación en fraseología", en PAMIÉS BERTRAN, Antonio; LUQUE DURÁN, Juan de Dios (eds.): *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas*. Granada: Granada Lingvistica; 105-118.
- CARVALHO, Sérgio Luís de (2014): *Nas bocas do mundo. Uma viagem pela história das expressões portuguesas*. Lisboa: Planeta.
- CODITA, Viorika (2014): "Fraseología culinaria: algunos apuntes histórico-diacrónicos", en EBERENZ, Rolf. (ed.): *Discursos hispánicos sobre alimentación y culinaria. Aproximaciones literarias y lingüísticas*. Madrid: Visor Libros; 313-340.
- COELHO, Carlos (2007): *Portugal genial*. Lisboa: Bertrand Editora.
- CONSIGLIERI, Carlos; ABEL, Marília (1998): *O bacalhau na vida e na cultura dos portugueses*. Lisboa: Academia do bacalhau.
- (1999): *Bacalhau em Português*. Sintra: Colares Editora.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CASARES SÁNCHEZ, Julio (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*, Madrid: CSIC, 1969, anejo 52 de RFE.
- COUTINHO, Artur (1982): *Cancioneiro da Serra d'Arga*. Viana do Castelo: Edição do Autor.
- DAWES, Elisabeth (1998): «Les variantes de la locution dans le système», en RUFFINO, Giovanni (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale de Linguistica e Filologia Romanza*, vol. 3, Tubinga: Max Niemeyer, 201-211.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2005): *Figurative Language: cross-cultural and cross linguistic perspectives*. London: Ed. Elsevier.
- FORMENT FERNÁNDEZ, María del Mar (1999): *Fijación y uso de algunas expresiones fraseológicas del español*. [Tese de doutoramento]. Barcelona, Universitat de Barcelona.
- (2000): «Variación fraseológica y didáctica del español», en *Frecuencia L*, 13; 64-67.

- GARCÍA BENITO, Ana Belén (2006): *Diccionario de Expresiones Idiomáticas español-portugués* [2ª edición ampliada e mellorada]. Mérida: Gabinete de Iniciativas Transfronterizas-Junta de Extremadura.
- (2007): “¿Es la fraseología un hueso duro de roer desde el punto de vista de la traducción?”, en BAIGORRI JALÓN, Jesús; GONZÁLEZ SALVADOR, Ana (eds.): *Entre lenguas: Traducir e interpretar*. Cuacos de Yuste (Cáceres): Fundación Academia Europea de Yuste; 75-96.
- (2010): “Na periferia da fraseología: estudo contrastivo dos enunciados fraseolóxicos do portugués e do espanhol e a sua exploração nas aulas de PLE”, en MARÇALO, Mª João (ed.): *Língua Portuguesa: ultrapassar fronteiras, juntar culturas*. Évora: Universidade de Évora. Disponible en [<http://www.simelp2009.uevora.pt/pdf/slg49/01.pdf>]. [Data de consulta: 12/11/2016]
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1997): «La doble idiomática de las expresiones fijas», en *HJ*, 18: 2; 257-273.
- (1999): «Variantes morfológicas y unidades fraseológicas», en *Paremia*, 8; 225-230.
- (2000): «Expresiones fijas idiomáticas, semiidiomáticas y libres», en *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O.*, 3; 95-109.
- (2001): «¿Son las expresiones fijas expresiones fijas?», en *Moenia*, 7; 165-197.
- (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.
- GARRIDO, Álvaro (2001): *A pesca do bacalhau. História e memória*. Lisboa: Notícias.
- (2004): *O Estado Novo e a campanha do bacalhau*. Lisboa: Círculo de Leitores.
- (2011): *A epopéia do bacalhau*. Lisboa: Clube dos Coleccionadores de Correio.
- GONZÁLEZ REY, María Isabel (1998): “La idiomática en las unidades fraseológicas”, en WOTJAK, Gerd, (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español*. Frankfurt/Madrid: Vervuert/Iberoamericana; 57-73.
- IÑESTA MENA, Eva; PAMIÉS BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada: Granada Lingvistica.
- GOMES, Paulo Jorge (1993): *Dicionário de calão do mundo do crime*. Lisboa: Escola Superior da Polícia.
- JORGE, Guilhermina (2001): “Algumas reflexões em torno das expressões idiomáticas enquanto elementos que participam na construção de uma identidade cultural”, en *Polifonia*, 4; 215-222.
- (2005): “Periplo pola fraseoloxía portuguesa: abordaxe lexicográfica”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 7; 119-133.
- JORGE, Guilhermina; JORGE, Suzete (1997): *Dar à língua. Da comunicação às expressões idiomáticas*. Lisboa: Cosmos.
- KURLANSKI, Mark (2000): *O Bacalhau - Biografia do Peixe que Mudou o Mundo*. Lisboa: Terramar.
- LIMA, Augusto de (1928): *Cancioneiro popular de Vila Real*. Porto: Maranaus.
- MACHADO, José Pedro (1996 = 2005 3ª ed.): *O Grande Livro dos Provérbios*. Lisboa: Notícias.

- MARQUES DA COSTA, José Ricardo (1999 = 2004 2ª ed.): *O Livro dos Provérbios Portugueses*. Lisboa: Editorial Presença.
- MEJRI, Salah (2003): "Le figement lexical", en *CLex*, 82: 1; 23-34.
- MOLEIRO, Margarida (2008): "O julgamento do bacalhau: a cíclica viagem de condenado a salvador", en *Nova Augusta*, 20; 235-273.
- MOREIRA, António (1996 = 2003 5ª ed.): *Provérbios Portugueses*. Lisboa: Notícias.
- MOUTINHO, Mário (1985): *História da pesca do bacalhau: por uma antropologia do "fiel amigo"*. Lisboa: Imprensa Universitária-Editorial Estampa.
- NEVES, Isabel; PINHO, M. Teresa (1996): *Provérbios e dizeres populares. Português-Inglês*. Coimbra: Gráfica de Coimbra Lda.
- NEVES, Orlando (1991): *Dicionário de frases feitas*. Porto: Lello & Irmão Editores.
- (1992): *Dicionário das origens das frases feitas*. Porto: Lello & Irmão Editores.
- (1999): *Dicionário de expressões correntes*. Lisboa: Notícias.
- NEVES, Orlando; SANTOS, Carlos (2001): *Dicionário do palavrão e de outras inconveniências*. Lisboa: Notícias.
- NOBRE, João José (7 de xuño de 2012): "O bacalhau na alimentação e na cultura do povo português". Blog *História Maximus*. Recuperado de [<http://historiamaximus.blogspot.com.es/2012/06/o-bacalhau-na-alimentacao-e-cultura-do.html>].
- PALMER, Gary (2000): *Linguística cultural*. Madrid: Alianza.
- PIRES, António Thomaz (1891): *Cancioneiro popular político. Trovas recolhidas da tradição oral portuguesa. Collecção precedida de uma carta do Exmo. Sr. Oliveira Martins*. Collecção Correio Elvense. Elvas: Typ. Progresso.
- RAMOS, David (2009): *Sabores da Lusofonia...com selos*. Lisboa: Clube do Colecionador dos Correios.
- RUÍZ GURILLO, Leonor (1995): *El español coloquial y su fraseología: los sintagmas prepositivos fraseológicos y su incidencia funcional*. [Tese de doutoramento]. Valencia: Universidad de Valencia.
- RUIVINHO BRAZÃO, José (2004): *Os provérbios estão vivos em Portugal*. Lisboa: Notícias.
- RUIVINHO BRAZÃO, José (coord.) (1999): *Os provérbios estão vivos no Algarve*. Lisboa: Notícias.
- SANTOS, António (1990): *Novos dicionários de expressões idiomáticas*. Lisboa: Sá da Costa.
- SIMÕES, Guilherme Augusto (1993): *Dicionário de expressões populares portuguesas*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- SOBRAL, José Manuel (2001): *A pesca do bacalhau: História e memória*. Lisboa: Notícias.
- (2007): "Nacionalismo, culinária e classe: a cozinha portuguesa da obscuridade à consagração (séculos XIX e XX)", en *Ruris*, 1 (2); 13-52.
- (2008): "Cozinha, nacionalismo e cosmopolitismo em Porgugal (séculos XIX e XX), en VILLAVERDE CABRAL, Manuel; WALL, Karin; ABOIM, Sofia; CARREIRA DA SILVA, Filipe (orgs.): *Itinerários: a investigação nos 25 anos do ICS*. Lisboa: Imprensa das Ciências Sociais; 99-123.

- (2014): "The country, the nation and the region in the representations of Portuguese food and cuisine", en WEST, Harry; SOBRAL, José Manuel (orgs.): *Food between the country and the city: Ethnographies of a Changing Global Foodscape*. Londres: Bloomsbury Academic; 145-160.
- SOBRAL, José Manuel; RODRIGUES, Patricia (2013): "O 'fiel amigo': o bacalhau e a identidade portuguesa", en *Etnográfica*, vol. 17, (3); 619-649. Disponible en [<http://etnografica.revues.org/3255>] [Data de consulta: 06.11.2016].
- TRISTÁ PÉREZ, Antonia María (1988): *Fraseología y contexto*. La Habana: Editorial de Ciencias Sociales.
- WOTJAK, Gerd (2000): "No hay que estarse con los brazos cruzados. Algunas reflexiones acerca del significado de expresiones idiomáticas del español actual", en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las lenguas de Europa. Estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Editorial Comares; 185-196.
- (2010): "Schmeckt die Wurst auch ohne Brot? Deutsche phraseologismen mit Lebensmittelbezeichnungem / Kulinarismen sowie (mehr oder weniger feste) Wortverbindungen zum Ausdruck von ungenügender bzw. übermäßiger Ernährung", en KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.): *Europhras 2008. Beiträge zur internationalen Phraseologiekonferenz vom 13-16.8.2008*. Helsinki: Helsingin Yliopisto; 113-123.
- ZULUAGA OSPINA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt/Berna: Peter D. Lang Verlag.

Webgrafia

- Babelite-Dicionário multilingue de expressões idiomáticas: [<http://www.babelite.org/>] [Data de consulta: 05/10/2016]
- Casota-Expressões idiomáticas: [<http://www.casota.org/expressions/index.html>] [Data de consulta: 10/09/2016]
- Dicionário aberto de calão e expressões idiomáticas: [<http://natura.di.uminho.pt/jj/pln/calao/dicionario.pdf>] [Data de consulta: 26/09/2016]
- Dicionário Priberam da Língua Portuguesa: [<http://www.priberam.pt/dlpo/>] [Data de consulta: 16/11/2016]
- Discurso do Bacalhau, proferido por Hernani Matos, 1 de dezembro de 2012 no XII aniversário da Academia do Bacalhau de Estremoz: [<https://dotempodaoutrasenhora.blogspot.com.es/2012/12/academia-do-bacalhau.html>] [Data de consulta: 14/11/2016]
- Enterro do Bacalahau: [http://www.cm-leiria.pt/frontoffice/pages/617?news_id=2114] [Data de consulta: 29/09/2016]
- Mil motivos para orgulho nacional: [http://www.dn.pt/DNMultimedia/DOCS+PDFS/Mil_coisas_de_Portugal.html] [Data de consulta: 23/09/2016]
- Câmara Municipal de Leiria: [http://www.cm-leiria.pt/frontoffice/pages/617?news_id=2114] [Data de consulta: 25/09/2016].

***Alles, was da kreucht und fleucht*: os fraseoloxismos alemáns con elementos únicos, entre sincronía e diacronía¹**

Marek Laskowski

Zielona Góra

Resumo: Neste artigo presentamos algunhas propiedades dos fraseoloxismos da lingua alemá con compoñentes únicos. Toda lingua conta cun inventario de regras determinado que rexe o modo de combinar palabras para expresar ideas e sentimentos. As unidades fraseolóxicas conteñen con certa frecuencia compoñentes únicos, mais con menor frecuencia ca as combinacións fraseolóxicas, por exemplo, *alles, was da kreucht und fleucht, das Hasenpanier ergreifen, jmdm. Eselbrücke bauen, etwas aus dem Effeff kennen, am Hungertuch nagen*. As características semánticas das unidades fraseolóxicas con formadores de ligazón fraseolóxica veñen determinadas en primeiro lugar pola función aglutinadora das unidades fraseolóxicas. Esta función aglutinadora dos fraseoloxismos que xurdiron como resultado de diferentes procesos intralingüísticos que se produciron na evolución das linguas e que foron determinados por factores sociais da vida das persoas define a súa capacidade para reproducir información e experiencias de relevancia social, e, en consecuencia, para conservar e transferir distintos coñecementos da historia, da xeografía, da economía, da cultura e da vida cotiá das persoas mediante compoñentes nacionais-culturais da semántica das unidades fraseolóxicas.

Palabras clave: fraseoloxía, fraseoloxismo, constituintes ligados fraseoloxicamente, elementos únicos, palabras diacríticas, sincronía, diacronía

Abstract: In this article, we presented some properties of idioms with unique components in German. Each language has a certain set of rules that govern way words are put together to express facts, ideas, and feelings. Phraseological units contain the unique component rather often but less commonly than phraseological combinations. For example, alles, was da kreucht und fleucht – all creatures great and small, das Hasenpanier ergreifen – to tail off, jmdm. die Eselbrücke bauen – to prompt somebody, etwas aus dem Effeff kennen – to know sth backwards (inside), am Hungertuch nagen – to be starving (on the breadline). The semantic features of phraseological units with the phraseologically linked formative are determined primarily by the cumulative function of phraseological units. The cumulative function of phraseologisms which emerged as a result of various intralingual processes of the language development and were determined by social factors of the life of people, defines their ability to fix, preserve, transfer and thus reproduce the socially significant information

¹ Data de recepción: 06.01.2016. Data de aceptación: 21.06.2016.
Tradución do texto orixinal en alemán realizada por Patricia Buján Otero.

and experience, and, as a result, various knowledge from history, geography, economy, culture and everyday life of the people, which comprises the national-cultural component of the semantics of phraseological units.

Keywords: *phraseological units, phraseology, phraseologically linked formative, synchrony, diachrony*

1. Introducción e obxectivos

Este traballo constitúe un intento de investigar unha área restrinxida do inventario fraseolóxico da lingua alemá actual, en concreto, os fraseoloxismos (no sucesivo, FR) con constituíntes ligados fraseoloxicamente (compoñentes únicos, *Unikalia*, unidades ligadas fraseoloxicamente, palabras diacríticas, palabras idiomáticas) (cfr. Dobrovól'skij (1979; 1988; 1989), Fleischer (1989), Dobrovól'skij/Piirainen (1994a; 1994b; 1994c), Mellado Blanco (1998), Häcki-Buhofer (2002a; 2002b), Sailer (2004), Sailer/Trawiński (2006).

Perséguese dous obxectivos principais: clasificar os FR con compoñentes únicos, así como explicar os constituíntes únicos presentes nas construcións fraseolóxicas e ilustralos con material actual.

A contribución dos distintos compoñentes ao efecto final da figuratividade dos FR metafóricos pode ser máis importante ca o significado fraseolóxico global (cfr. Burger 2008: 90-114, Fleischer 1997: 225, 240). Segundo Riesel (1970: 310), entendemos a plasticidade no sentido de claridade e evidencia. A claridade plástica ou gráfica e a comprensibilidade das palabras e das combinacións de palabras relaciónanse con axuda de situacións claras e circunstancias reais rexistradas e facilmente comprensibles, por exemplo, *Öl ins Feuer gießen* ('botar aceite ao lume', "facer algo que empeore unha situación, botar leña ao lume")². En cambio, a figuratividade obtense a partir de comparacións, tropos, metáforas, metonimia e expresión do FR, por exemplo, *Maulaffen feilhalten*³ (cfr. tamén Burger 2007: 92-93).

É evidente que os fenómenos culturais xeran determinadas formas lingüísticas, mais a cultura está sometida a fortes cambios, máis ca a lingua, polo que en todas as linguas —dende o punto de vista do determinismo cultural— se atopan numerosos arcaísmos. En consecuencia, algúns elementos conservan as súas posibilidades semántico-asociativas dende hai séculos.

² Unicamente se traduce literalmente ou se indica o significado do fraseo alemán cando se considera relevante para a comprensión do texto. [N. da t.]

³ Ben que a orixe deste FR é discutida, Röhrich explica que o substantivo *Maulaffen* remite ás pezas de madeira que sostían as teas con que alumeaban os interiores os pobos do norte de Europa durante a Idade Media. Estas pezas (que máis tarde se farían de ferro) tallábanse con forma de cabeza humana e boca rectangular á que se fixaba a tea (fonte: Röhrich, Lutz (1991): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Freiburg: Herder). O fraseoloxismo alemán *Maulaffen feilhalten* significa "quedar mirando sen reaccionar, coa boca aberta". [N. da t.]

2. Terminoloxía

Os fraseoloxismos, tamén denominados frasemas e unidades fraseolóxicas, conforman o obxecto da fraseoloxía. Trátase de grupos fixos de palabras que se caracterizan por determinadas propiedades. O concepto FR refírese a aquelas expresións que están formadas por máis dunha palabra (polilexicalidade), que presentan certa estabilidade sintáctica (fixación) e que poden ser irregulares no plano semántico ou, noutras palabras, de significado non-composicional (idiomaticidade) (Burger 2007: 11-15). Estas propiedades están presentes nos distintos FR en maior ou menor grao. Enténdese por combinacións usuais de palabras (Steyer 2013) aqueles FR que son reproducidos reiteradamente polos falantes dunha comunidade cunha forma e significado determinados, de maior ou menor fixación (reproducibilidade) (*cfr.* Steyer 2013). Non se trata unicamente de elementos do sistema de signos, do lexicón mental, senón tamén de portadores da cultura, pois algúns FR transmiten na súa base figurativa feitos con carga cultural ou mesmo específicos dunha cultura concreta. Os FR con elementos únicos conteñen ideas e formas lingüísticas legadas que presentan combinacións únicas de diferentes restricións lingüísticas. Polo tanto, pódese asumir, con certeza, que a semántica dun FR non sempre é deducible do significado dos seus compoñentes; en certo modo, atópase fóra do eido regrado da gramática. En virtude desta categorización, os FR teñen a posibilidade de ampliar o vocabulario dende o punto de vista sincrónico e diacrónico, así como de designar a realidade. Un aspecto fundamental para o tema aquí abordado é a estabilidade fraseolóxica, que acentúa os aspectos seguintes: a ocorrencia de palabras ligadas fraseoloxicamente, as anomalías sintácticas, morfolóxicas e flexivas, a estabilidade dos compoñentes non-idiomáticos, por exemplo, *Freud und Leid* (“penas e alegrías”), *etw. frei Haus liefern* (“enviar algo franco domicilio”), *vor Ort sein* (“estar in situ”), *an den Bettelstab kommen* (‘chegar á vara do mendigo’, “arruinarse”), *eine Scharte auswetzen* (‘eliminar as melas do gume, afiar’, “emendar un erro”), *abhanden kommen* (‘irse fóra das mans’, “perderse, extraviarse”).

3. Sobre a especificidade dos necrotismos

Nos necrotismos que, en principio, unicamente se manifestan na estrutura de unións fraseolóxicas de palabras e que seguen a ser frecuentes, apréciase unha relación estreita entre o grao máximo de figuratividade e o grao máximo de idiomaticidade e plasticidade. Porén, cómpre ter en conta que a comprensión do significado fraseolóxico global por parte dun falante contemporáneo non está ligada ao coñecemento histórico da súa etimoloxía. Os compoñentes necróticos funcionan no lexicón mental independentemente do illamento léxico. Aquí tórnase manifesto que a contradición inmanente no concepto da imaxe é atribuíble a toda unha tradición investigadora: son sobre todo os FR con compoñentes únicos os que se citan como exemplos de imaxes especialmente plásticas e expresivas. Malia que no uso lingüístico actual non teñen ningún tipo de significado libre e que, en consecuencia, non son plásticos no mesmo sentido que o son outras palabras, podemos sinalar atributos reais, existentes e característicos destes compoñentes que están estreitamente ligados a eles, como nos FR *alles, was da kreucht und fleucht*; *jmdn. unter seine Fittiche nehmen*, *etwas aus dem Effeff beherrschen/können/verstehen*,

am Hungertuch nagen, in der Tretmühle, doppelt gemoppelt, gang und gäbe, fröhliche Urständ feiern, etwas auf dem Kerbholz haben, Maulaffen feilhalten. Por unha banda, os elementos que conforman os compostos que, á súa vez, son os compoñentes únicos dos fraseoloxismos, forman parte do vocabulario activo da lingua alemá contemporánea e evocan as imaxes correspondentes (nos anteriores FR atopamos os compostos *Hungertuch*, *Tretmühle*, *Kerbholz* e *Maulaffen* que, respectivamente, podemos descompor en *Hunger* e *Tuch* —'fame' e 'pano'—, *treten* e *Mühle* —'pisar' e 'muíño'—, *kerben* e *Holz* —'entallar' e 'madeira'—, *Maul* e *Affe* —'boca' e 'mono'—). Segundo Feyaerts (1994) e Dobrovol'skij/Piirainen (1994), tamén o compoñente único *Hehl* no FR *keinen Hehl aus etwas machen* ("non disimular algo") pode evocar unha imaxe concreta, pois pódese relacionar co verbo *verhehlen* ("ocultar, agochar"). Por exemplo:

(1) *Diese Wegzehrung war dem Geistlichen dann doch etwas peinlich, obwohl der Konditorensohn sonst eigentlich aus seiner Schwäche für Süßigkeiten keinen Hehl macht.* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.goettinger-tageblatt.de>, 05/01/2011)

(2) *Auch daß ein Unglück selten allein kommt, mußte der junge Mann an sich erfahren. Die Mutter verhehlte ihm nicht, in welchem Zustande sich Toni befinde. Gustav geriet außer sich vor Zorn.* (<http://www.dwds.de>, Polenz, Wilhelm von: *Der Büttnerbauer*. Berlin, 1895)

No entanto, por outra banda, non poden brindar unha base para a metaforización dispoñible común a todos os falantes da lingua en cuestión. En realidade, retemos na memoria con maior facilidade aquilo que é inusual ca o usual, como por exemplo, as palabras *Fettnäpfchen*, *Scherflein*, un fenómeno que non é exclusivamente lingüístico. Por exemplo:

(3) *Sie alle haben ihr Scherflein beigetragen zum prestigeträchtigen Gastspiel; auf den besten Plätzen der Ministerpräsident Stanislaw Tillich (hat zwar nix gezahlt, ist aber katholisch) und die Vertreter diverser Großsponsoren, etwas weiter am Rand diejenigen, die bereit waren, 250 Euro für eine Karte zu zahlen.* (<http://www.dwds.de>, *Die Zeit*, 26/04/2012)

Xa que logo, os FR con compoñentes únicos son con frecuencia tan ilustrativos coma os que teñen compoñentes usuais. Disto derívanse consecuencias de gran repercusión para a comprensión e a utilización, que se basean na interpretación, ben que aínda cómpre integrar a cuestión da idea de imaxe.

Tanto a posición periférica dos FR fronte á estratificación da lingua, coma a irregularidade dos procesos de formación fraseolóxica dificultan a descrición das súas características lingüístico-estruturais, en particular con respecto á teoría fraseolóxica xeral.

4. Fraseoloxismos con constituíntes ligados fraseoloxicamente

A seguir procuramos describir os FR con constituíntes ligados fraseoloxicamente (no sucesivo, CLF), establecer a tipoloxía dos FR con compoñentes únicos (ou palabras diacríticas) e ilustrar os CLF das construcións fraseolóxicas. Para isto cumprirá abordar en detalle o carácter dos CLF, centrándonos particularmente na súa natureza semántico-estrutural.

4.1 Os constituíntes ligados fraseoloxicamente como fenómenos lingüísticos

O fenómeno dos CLF constitúe un feito lingüístico complexo. Dado que, conforme se desprende claramente da literatura especializada, non existe unanimidade de opinión no que atinxe ao carácter dos compoñentes únicos, constátase tamén unha discrepancia terminolóxica á hora de describir e designar os constituíntes. Neste estudo emprégase a terminoloxía proposta en alemán por Dobrovol'skij (*phraseologisch gebundene Formative*, “constituíntes ligados fraseoloxicamente”, CLF) e pártese da súa definición. Considérase un CLF aquel elemento léxico que só se emprega como elemento constitutivo dun FR, por exemplo, *Reißaus* en *Reißaus nehmen*, *Bärendienst* en *jmdm. einen Bärendienst erweisen*, *klipp* en *klipp und klar* etcétera (cfr. Dobrovol'skij 1984, Dobrovol'skij 1989, Fleischer 1989, Häcki-Buhofer 2002a, 2002b, Naumann 1987, Melčuk/Reuter 1984, Šmelov 1981, Soehn 2003). Así, por exemplo, Amosova (1963) postula a partir de material da lingua inglesa un grupo de FR que conteñen os denominados necrotismos ou elementos necróticos. A autora inclúe entre eles non só os CLF, senón tamén os homónimos léxicos. O concepto do necrotismo baséase nas relacións semántico-paradigmáticas que existen entre un constituínte fraseolóxico e as demais palabras, obviando por completo a súa estrutura. Por este motivo, o emprego deste termo para os CLF alemáns non é en absoluto recomendable dada a heteroxeneidade das relacións semántico-paradigmáticas que se dan entre un CLF e outras palabras. Isto prodúcese precisamente pola estrutura complexa dalgúns FR que conteñen CLF. Así, por exemplo, as construcións de compostos ligadas fraseoloxicamente non se sitúan fóra dos paradigmas semánticos, por exemplo, *den Drehwurm haben*, onde o substantivo *Drehwurm* establece unha relación semántico-paradigmática tanto co verbo *haben* (‘ter’) coma co substantivo *Wurm* (‘verme’), igual que *Kohldampf schieben* e moitos outros FR.

Encontramos un enfoque semellante para este problema en Kunin (1986), quen sinala que para determinar os CLF cómpre ter en conta tanto o constituínte coma o significado (vid. Dobrovol'skij 1988: 87). Tamén se consideran CLF os derivados de topónimos antigos, por exemplo, *der gordische Knoten* (“un nó gordiano”). Trátase neste caso de constituíntes ligados fraseoloxicamente porque non son os substantivos (que dado o caso se poderían dar de forma illada), senón os CLF que se derivan deses substantivos e que atopamos dentro do FR. Considéranse CLF formais tamén aquelas palabras que nos dicionarios aparecen marcadas con indicacións do tipo “emprégase só na construción [...]” ou “só en combinación con [...]”. Tamén se empregan como CLF toda unha serie de estranxeirismos e mesmo cadeas de varias palabras noutras linguas: *etwas ad absurdum führen* (‘levar algo *ad absurdum*, ao absurdo’), *etwas ad acta legen* (‘gardar algo *ad acta*’, “dar algo por despachado”), *etwas in petto haben* (‘ter algo *in petto*’, “ter algo preparado”). No alemán, case todos estes estranxeirismos son de orixe latina ou francesa (cfr. Fleischer 1982: 58). Para determinar o carácter dos CLF resulta de especial relevancia a definición de Schippan (1992: 81): “Alle die Formative sind phraseologisch gebunden, deren Bedeutung nur in festen Kontexten realisiert werden kann”⁴. Isto determina tamén

⁴ Tradución da cita: “Considérase que están ligados fraseoloxicamente todos aqueles constituíntes cuxo significado só se pode producir en contextos concretos”. [N. da t.]

a selección dos criterios dos FR que contan con constituíntes únicos (*cfr.* tamén Donalies 2009: 78, Sailer 2004: 195, Fleischer 1982: 46).

Considéranse compoñentes únicos ou palabras diacríticas só aquelas palabras cuxos formativos nunca se empregan —ou só en contadas excepcións— na actualidade de forma illada, é dicir, fóra das unidades fraseolóxicas. Por este motivo, os CLF tenden unha ponte entre os aspectos sincrónicos e diacrónicos da lingua. Donalies (2009: 78) considera que “[man] solchen Leichen [Nekrotismen] neues Leben einhauchen kann. Dann wandeln wir die ausgestorbenen Relikte zu Lebendigem. So sagen wir zum Beispiel *jemandem den Rang ablaufen* (jmdn. übertreffen)”. Segundo explica Olschansky (2004: 120) con total claridade, esta locución verbal expresábase orixinariamente como *jemandem den Rank ablaufen* onde *Rank* significa “volta do camiño”; polo tanto, a locución significaba “saírlle a alguén ao paso, ao camiño; esperar a alguén no camiño”. Debido ao renacer de *Rang* (“rango”), agora lemos *jemandem den Rang ablaufen* co significado “discutirlle a alguén a súa posición ou rango nunha xerarquía” (*cfr.* Eismann 2003). A locución verbal *etwas aufs Tapet bringen* co significado de “tematizar algo” é problemática dende o punto de vista intralingüístico e interlingüístico, porque o termo *das Tapet* (referido á peza de pano groso, polo xeral de cor verde, co que se cobren as mesas de negociación) xa non é de uso común no alemán actual. Con isto, os autores arriba mencionados contribuíron de forma fundamental á análise dos problemas da fraseoloxía alemá. Á hora de decidir sobre o status do compoñente cómpre ter en conta se, dados distintos significados, se trata dun caso de polisemia ou de homonimia; neste último caso habería pois que partir de dúas palabras distintas. Por exemplo, en alemán a palabra *Kegel* emprégase libremente, mais non se pode afirmar se os seus formativos se han de relacionar ou non cos da construción *mit Kind und Kegel* (“con toda a familia”). Se aplicamos o criterio da homonimia, daquela cómpre explicalos como formativos únicos (*cfr.* Fleischer 1982: 46). Un compoñente pode converterse en compoñente único polo feito de caer en desuso como palabra autónoma. Así, por exemplo, o dicionario monolingüe *Wörterbuch der deutschen Gegenwartssprache* marca a palabra composta *Präsentierteller* como palabra en desuso co significado “fonte sobre a que se entrega algo, especialmente tarxetas de visita” (*vid.* <http://www.dwds.de>), e especifica ademais que hoxe en día se emprega na expresión *wie auf dem Präsentierteller sitzen* (aplicado a persoas, “estar exposto á vista de todos; ser o centro de todas as miradas”). A decisión de se esta palabra composta ten o status de constituínte único depende de se se considera ou non como elemento do léxico estándar actual. Un constituínte tamén se pode considerar único se como lexema único libre está estreitamente ligado a un uso especializado co que no uso coloquial non se establece ningunha relación. Se non, quen había relacionar o composto antes sinalado no FR *den Drehwurm haben* co termo específico da zooloxía *Drehwurm* que designa a larva dun tipo especial de tenia que provoca a doenza coñecida como cenurose ou teo? Do contrario, non se falaría de compoñente único (*cfr.* Fleischer 1982: 45).

O motivo da interpretación do carácter arcaico dos FR con constituíntes ligados fraseoloxicamente reside na confusión entre dous niveis: o nivel do propio formativo ligado e o nivel do FR no seu conxunto (*cfr.* Dobrovol’skij/Piirainen 1994: 63).

Os constituíntes únicos están ligados a unha única construción (mesmo a dúas ou tres, por exemplo, o termo *Betracht* en *etw. in Betracht ziehen, außer Betracht lassen, außer Betracht bleiben*), mais, en calquera caso, non se empregan como unidades léxicas con autonomía sintáctica. Como xa se indicou, denominamos “necrotismos” aqueles compoñentes únicos que xa non presentan ningún tipo de vínculo dentro do vocabulario da lingua actual. Este sería o caso, por exemplo, do substantivo *Urständ* en *fröhliche Urständ feiern*, ou dos adxectivos *gang und gäbe* (Fleischer 1997: 43). Resta por constatar que, ademais das anomalías léxica e morfolóxica, tamén a anomalía sintáctica dos FR é un trazo da súa estabilidade. As anomalías sintácticas prodúcense, por unha banda, na unión sintáctica dos compoñentes dun FR; por outra, nas restricións de transformación coñecida como “defectividade transformacional” (Fleischer 1997: 47). Deste xeito, as “anomalías superficiais” residen no feito de que mantiveran no enlace fixo do FR as posibilidades de construción máis antigas que xa non son usuais fóra do FR.

- a) Uso non-flexionado do adxectivo atributivo ou do participio con función de adxectivo, por exemplo, *eitel Freude/Glück, frei Haus, frei Gelass, gut Holz, [ein] politisch' Lied, [ein] garstig' Lied*, etcétera.
- a) Xenitivo adverbial ou construción de xenitivo como obxecto, por exemplo, *guten Glaubens, guter Hoffnung sein, des Todes sein*, etcétera.
- b) Anteposición do xenitivo atributivo, por exemplo, *auf des Messers Schneide stehen, in (des) Teufels Küche kommen, aus aller Herren Länder*, etcétera.
- c) Outras anomalías de rección, por exemplo, *jmdn. Lügen strafen, ins Haus stehen, den Wald vor lauter Bäumen nicht sehen, nahe ans Wasser gebaut haben*, etcétera.
- d) Irregularidades no uso do artigo, por exemplo, *vor Ort, auf Draht, Hals über Kopf, eines Nachts*, etcétera.
- e) Casos especiais no uso dos pronomes, sobre todo do pronome neutro *es* sen referencia a un compoñente do contexto, por exemplo, *es leicht/schwer/gut/schlecht haben, es jmdm. ordentlich tüchtig/feste geben*, etcétera (cfr. Fleischer 1997: 48-49).
- f) Anomalías no emprego das preposicións e similares, por exemplo, *jmd./etwas ist nicht (so ganz) ohne, Bescheidenheit ist eine Zier, doch weiter kommt man ohne ihr*, etcétera.
- g) Formación do dativo co sufixo -e, por exemplo, *wie aus einem Munde, in aller Munde sein, zu Buche schlagen*. Cómpre sinalar que non hai consenso sobre a inclusión destes frasemas entre os CLF.

Segundo Hallsteinsdóttir (2001: 277), os compoñentes únicos “[werden] durch die Festigkeit in Phraseologismen konserviert und tragen zugleich zur Festigkeit des jeweiligen Phraseologismus bei”⁵. Xa non presentan interpretación autónoma e, en caso de emprego illado, mantense o significado fraseolóxico (cfr. Keil 1997: 96). Do estudo empírico de Hallsteinsdóttir (2001: 278) derivase claramente que, polo xeral, a unión fraseolóxica

⁵ Tradución da cita: “consérvanse debido a súa fixación nos fraseoloxismos e, ao mesmo tempo, contribúen á fixación do fraseoloxismo en cuestión”. [N. da t.]

de compoñentes únicos non é intuitiva, inconsciente, para os falantes. No entanto, non se considera que un elemento único illado estea exento de significado, senón que se lle asigna unha interpretación que se concibe como significado literal. Burger (2007: 94) confirma isto do xeito seguinte:

*Wenn man Versuchspersonen auffordert zu sagen, was sie sich unter Hungertuch, Treitmühle, Kerbholz, Maulaffen vorstellen, werden sie ohne weiteres in der Lage sein, konkrete Merkmale zu nennen, die sie mit diesen Worten assoziieren.*⁶

Un FR pode conservar nos seus estadios lingüísticos máis antigos compoñentes fosilizados e non-flexibles (cfr. Fleischer 1997: 47). Os FR do tipo *in aller Munde sein* constitúen, en certo modo, o último bastión da flexión arcaica do dativo. Están suxeitos a unha restrición morfolóxica en diferente medida: o dativo é *Munde* e non se pode formar, de xeito análogo ao constituínte en unións libres, sen a desinencia (-e) (*in aller *Mund sein*). En cambio, *die Gelegenheit beim Schopf packen/fassen* sería, por exemplo, unha variante absolutamente viable para *die Gelegenheit beim Schopfe packen* en (4) *Doch um diese Chance beim Schopfe zu packen, brauche er dringend 11 000 Euro*. (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.otz.de>, 2011-01-19), pero só *sich am eigenen Schopf/Zopf/sich an den eigenen Haaren aus dem Sumpf ziehen* en: *Die Wirtschaft soll sich mit Wachstum sozusagen selbst an den Haaren aus dem Sumpf ziehen* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.net-news-global.de>, 2011-01-13); ou en:

(5) *Europäische und kanadische Unternehmer möchten die immer wichtiger werdende ökonomische Drehscheibe für den karibischen Raum unter sich aufteilen, ehe eines Tages die Amerikaner wieder auf den Plan treten. Viele Geschäftsleute bewundern, mit welcher Disziplin sich das Land nach dem Zusammenbruch des kommunistischen Ostblocks am eigenen Schopf ohne fremde Hilfe aus dem Abwärtsstrudel gezogen hat.* (<http://www.dwds.de>, *Die Zeit*, 20/05/1999)

Segundo Hallsteinsdóttir (2001: 283), os constituíntes únicos poden:

*[...] nur dann als solche erkannt werden, wenn sie schon – im Phraseologismus – bekannt sind, d.h. der Phraseologismus muss dann, als die einzig mögliche sprachliche Umgebung, geläufig sein. Sonst wird die unikale Komponente als ein normales noch nicht gelerntes Wort eingeordnet, das dann allerdings durch die Unbekanntheit zu Verstehensschwierigkeiten führen kann [...], die wiederum durch das Heranziehen von Kontextinformationen als Basis für logische Schlussfolgerungen überwunden werden können.*⁷

⁶ Tradución da cita: “Cando se lles pide aos suxeitos de proba que digan que entenden por *Hungertuch*, *Treitmühle*, *Kerbholz*, *Maulaffen*, son quen de mencionar características concretas que asocian con estas palabras”. [N. da t.]

⁷ Tradución da cita: “ser recoñecidos como tales cando xa son coñecidos (no fraseoloxismo), é dicir, o fraseoloxismo, en tanto que única contorna lingüística posible, debe ser común. Do contrario, considerarase que o compoñente único é unha palabra normal pero descoñecida que, debido a este descoñecemento, pode dar lugar a dificultades de comprensión [...] que, por súa vez, se poden emendar botando man de información contextual que se utiliza como base para tirar deducións lóxicas”. [N. da t.]

4.2 Problemas de delimitación

Dentro dos FR con CLF existen algúns casos límite. Isto débese a que non sempre se pode contestar con rotundidade se un ou outro constituínte se emprega hoxe en día de forma libre. Este problema está ligado, en definitiva, ao concepto da lingua alemá actual, en cuxa evolución desempeñan un papel importante tanto a sincronía coma a diacronía. Non é difícil imaxinar contextos en que por motivos estilísticos ou doutra índole se poida empregar un constituínte inusual ou arcaico. Trátase, polo xeral, de arcaísmos ou historismos que están fóra de uso. Estas palabras pertencen á periferia máis extrema do sistema lingüístico, mais non se pode excluír por completo o seu uso libre. Atendendo a estas posibilidades, inclúense os FR que conteñen este tipo de constituíntes. Entre os FR deste grupo cóntanse aqueles casos límite de combinacións fraseolóxicas de palabras, como *sein Dezem bekommen*, *Posto fassen*, *in Harnisch geraten*, *sich in Positur setzen* etcétera. Por exemplo:

(6) *Vor 44 Jahren erstattete Konrad Adenauer den Alliierten Hochkommissaren auf dem Petersberg Vollzugsmeldung über die Bildung der ersten Bundesregierung. Die Kommissare standen vizeköniglich auf einem Teppich, Adenauer sollte demütig davor Posto fassen. Er scherte sich jedoch nicht um das Protokoll der Sieger, sondern trat, selbstbewußt und souverän, auf das gute Stück.* (www.dwds.de, *Die Zeit*, 29/10/1993)

Entre os casos límite de ligazón fraseolóxica dos constituíntes, en concreto, do morfema básico, inclúense os constituíntes principais dos FR seguintes: *die Posaunen Jerichos*, *Lethe trinken*, *seit Olims Zeiten*, *Knecht Ruprecht* etcétera. Por exemplo:

(7) *Auch auf ihr lag der schwere Druck der Zeit; auch die » National-Zeitung der Deutschen « wünschte am Neujahrstage dem Kaiser und seinem tapfern Heere Heil und Segen und Preußen einen » Trunk aus Lethes Quelle «* (www.dwds.de, Goldfriedrich, Johann, "Geschichte des Deutschen Buchhandels vom Beginn der Fremdherrschaft bis zur Reform des Börsenvereins im neuen Deutschen Reiche", en: Mark Lehmstedt (ed.), *Geschichte des deutschen Buchwesens*, Berlin: Directmedia Publ. 2000, 3931-5015)

Os compoñentes básicos destes FR son, xeneticamente, nomes propios que raramente se empregan de forma libre. Significativamente máis frecuentes son nomes propios como *Adam*, *Jacob*, *Abraham*, que atopamos como compoñentes básicos en FR como *seit Adams Zeiten* ('dende os tempos de Adán'), *der wahre Jacob* ('o auténtico Xacobo'), *in Abrahams Schoß ruhen* ('descansar no colo de Abraham'). Por exemplo:

(8) *Das folgt halt wie aufs A das B. Ein Häusel baun mit fremdem Geld , Wer also haust, um den ists so bestellt. Das ist seit Adams Zeit der Lauf , Ist nit erst kürzlich kommen auf . Zum Schluß aber tät ers in d , Schuh schieben Dem, so er Haufen Geldes schuldig blieben.* (www.dwds.de, Hofmannsthal, Hugo von, *Jedermann*, Berlin: S. Fischer 1911, 91986)

Aínda máis complexa sería a delimitación nos FR *Kotzebues Werke studieren* ('estudar as obras de Kotzebue'), *das Ei des Kolumbus* ('o ovo de Colón') etcétera.

Isto ilustra as dificultades que xorden á hora de distinguir os distintos tipos. Entre os casos límite encóntranse tamén os FR do tipo *aus dem Effeff* e *bis zum Tezett*. Por exemplo:

(9) *Der 47jährige gelernte Dreher Heinz Herzlieb, der seit über zwanzig Jahren Lehrlinge ausbildet, sein Fach aus dem Effeff beherrscht, vermittelt nicht nur Wissen über Zerspanungsmaschinen.* (www.dwds.de, *Neues Deutschland*, 01/09/1987)

Os seus constituintes básicos derivanse das letras F, T e Z, e presentan a correspondente variante ortográfica (*ff* e *tz*, respectivamente). Dado que a compoñente ortográfica é secundaria, estes elementos considéranse aquí formacións particulares que non están suxeitas a ningunha análise morfolóxica e que non contan con equivalentes entre os lexemas libres, é dicir, están ligados fraseoloxicamente como constituintes no seu conxunto. A maioría destes FR poden aparecer en moitos textos, polo que non son tan inusuais como se supón. O seu potencial de produción textual desenvólvese no ámbito da *parole*, da fala. Entendemos por posibilidades para a produción de textos aquelas propiedades semántico-estruturais do FR como elemento do sistema lingüístico que posibilitan a súa aparición nos textos. Porén, isto non significa que estas capacidades se dean realmente na *parole* e que o FR en cuestión se empregue realmente en todos os textos nos que podería empregarse potencialmente. Non existe, polo tanto, unha relación 1:1 entre o potencial de produción textual e a frecuencia de uso (*cfr.* Dobrovol'skij/Piirainen 1994a: 75).

Citamos a seguir algúns exemplos de uso destes fraseoloxismos extraídos da novela *Kindheitsmuster* de Christa Wolf:

(10) *Bruno Jordan hat gewusst, wer das in seinem Laden stand. Er wusste: der Mann hat mich auf dem Kieker.*

(11) *Bruno Jordan kam als Kavalier gekleidet, in Frack und Klack.*

(12) *Dir ist jetzt klar, warum du sechszwanzig Jahre nicht erpicht gewesen bist hierzukommen.*

O carácter claramente coloquial destes FR garante o seu funcionamento no discurso informal e na literatura popular, converténdose así nun compoñente fixo do sistema fraseolóxico da lingua alemá actual. Similar é o caso de FR como, por exemplo, *jdm. die Leviten lesen, klipp und klar*. Por exemplo:

(13) *Am frühen Morgen zwischen 8 und 9 Uhr legten sich die Jungen und Mädchen der 4a der Grundschule Borgeln gemeinsam mit der Polizei auf die Lauer, um Rasern die Leviten zu lesen.* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.soester-anzeiger.de>, 24/01/2011)

4.3 Tipoloxía e explicación das combinacións fraseolóxicas de palabras con compoñentes únicos

Os compoñentes únicos están presentes en diferentes tipos de fraseoloxismos. A orixe de tales FR está intimamente ligada ás súas fontes extralingüísticas. Así, por exemplo, os FR como *aus der Arche Noah* ('da arca de Noé'), *zur Salzsäule erstarren* ('converterse en estatua de sal'), *im Schweiß seines Angesichts* ('co suor da súa fronte') caracterízanse polo seu carácter bíblico e denominanse "biblismos". Por outra banda, todos eles están marcados pola presenza de elementos arcaicos entre os seus compoñentes. Así, por exemplo, *Arche* é un arcaísmo léxico; *Salzsäule*, un composto arcaico, e *Schweiß*, unha flexión de dativo arcaica. A xénese dos FR con CLF comporta, así mesmo, problemas de definición e delimitación. Os FR con CLF non conforman en absoluto un grupo homoxéneo, senón altamente heteroxéneo tanto dende o punto de vista estrutural coma semántico. É posible clasificalos atendendo tanto á xenética, é dicir, en relación á súa forma interna, coma atendendo ao criterio da sincronía, é dicir, dende o punto de vista do funcionamento do FR en cuestión na lingua actual. Na análise conforme ao criterio da sincronía, trátase en realidade de determinar correctamente o inventario de FR con CLF segundo a súa función en tanto que unidades lingüísticas. A necesidade de analizar os FR con CLF atendendo tamén á xenética derívase da propia esencia do fenómeno: a ligazón fraseolóxica dos constituíntes é o resultado de complexos procesos intralingüísticos dos que se pode facer un seguimento. No entanto, polo xeral non se traza un límite unívoco entre os aspectos xenético e sincrónico, e chégase á conclusión de que ambos os fenómenos son relevantes. Isto non exclúe, porén, que no sistema lingüístico existan elementos arcaicos que se poidan empregar libremente na *parole*. Por veces, resulta moi complexo diferenciar entre os arcaísmos libres e os arcaísmos ligados fraseoloxicamente. Cando un elemento arcaico ocorre libremente, pertence á periferia do sistema léxico da lingua e, polo xeral, está en proceso de desaparición. A miúdo, o seu ámbito de uso pode chegar a estar tan limitado que un arcaísmo ou historismo deste tipo se pode concibir con todo o dereito como CLF. Con todo, os arcaísmos ou historismos que se atopan no límite entre formas libres e CLF trátanse como FR con CLF. Non é casualidade nin que a maioría dos FR con elementos arcaicos conteñan CLF entre os seus constituíntes nin que a maioría dos FR con CLF se teñan producido como consecuencia de procesos de arcaización (*vid.* Dobrovol'skij 1979: 52).

Os FR con CLF presentan un grao de idiomaticidade moi elevado. Esta é unha categoría lingüística importante, especialmente para o estudo dos FR atendendo ao seu funcionamento na lingua. O grao de idiomaticidade determina até certo punto a frecuencia de uso do FR. Fleischer constata que os FR con CLF presentan un comportamento moi variado no que respecta ao grao de idiomaticidade, ben que con frecuencia tamén mostran un alto nivel de estabilidade (*vid.* Fleischer 1982: 48). Os exemplos seguintes constitúen un bo exemplo da viveza e da presenza forte e constante das palabras diacríticas nos FR:

(14) *Zwischendrin explodieren ein paar Raumschiffe und Planeten und eigentlich alles, was durch den Kosmos kreucht und fleucht.* (fr-aktuell.de, 19/05/2005)

(15) *Betritt er ein Haus, in dem ein womöglich hochgiftiges Untier krecht, dann macht er sich darum "eigentlich wenig Gedanken".* (kn-online.de, 27/07/2005)

(16) *Seit ein paar Wochen schon erfüllt sie am Gerlingweg ihren Zweck als gefahrloser Überweg für alles, was da krecht und flecht und hoppelt.* (abendblatt.de, 04/05/2005)

En (15) observamos unha redución do FR; en (16), en cambio, unha ampliación, o que dá proba de que nestes exemplos se produce unha contravención da estabilidade.

No dicionario fraseolóxico *Duden 11* (2002: 446) lemos a respecto desta expresión: "[alles,] was da krecht und flecht (geh.): alle Lebewesen (zu Lande und in der Luft)". Este binomio conserva as antigas formas flexivas dos verbos *kriechen* e *fliegen*.

Os constituíntes ligados fraseoloxicamente pódense clasificar en diferentes grupos: substantivos: *auf Anhieb, in Betracht kommen, außer Betracht bleiben, etw. aus Daffke tun, alle Jubeljahre*; adxectivos/adverbios: *abhanden gehen, abhold sein, jdm. piepe sein, frank und frei, klipp und klar; gang und gäbe*; verbos: *wie er lebt und lebt, eine Scharte auswetzen* etcétera; estranxeirismos: *Valet sagen, ad acta legen*. Isto indica que os FR con CLF non conforman en absoluto un grupo homoxéneo, senón que son moi heteroxéneos tanto dende o punto de vista estrutural coma do semántico. Dobrovól'skij propón unha clasificación tipolóxica deste grupo. Para iso, ten en conta o carácter da determinación do FR polos seus compoñentes e a estrutura interna do CLF. Atendendo á súa estrutura, os constituíntes ligados poden ser morfemas básicos ou palabras compostas, ou ben poden caracterizarse por presentar anomalías flexivas. Os compostos cuxa raíz non se emprega libremente inclúense entre os morfemas básicos. A ligazón do constituínte pode ser de tipo léxico ou gramatical (*cf.*: Fleischer 1982: 48). O carácter binario do signo lingüístico implica que os constituíntes dun FR presenten tanto un CLF coma un significado, do que podemos concluír que a súa ligazón fraseolóxica pode estar determinada tanto pola especificidade do constituínte coma polas particularidades do seu significado. Da observación do CLF comprobamos que a ligazón fraseolóxica constitúe, en definitiva, un fenómeno semántico. Como resultado da aplicación do criterio da relación entre os significados interno e externo da locución, os FR con CLF divídense en dous grupos: (a) FR con homónimos ligados fraseoloxicamente, por exemplo, *fix und fertig*, (b) FR con significados ligados fraseoloxicamente de palabras polisémicas, por exemplo, *einen Piep haben*. Cada constituínte ten un significado, é dicir, significa algo dentro do FR. Isto non contradí a afirmación de que o FR no seu conxunto ten un significado unitario, o que no ámbito especializado se coñece como "significado fraseolóxico". Houbo outro intento de clasificar os FR con CLF conforme a criterios lingüísticos.

Denomínanse calcos fraseolóxicos aqueles FR creados por un proceso de empréstito consistente en reproducir un FR existente na lingua L1 cos medios da lingua L2 seguindo a estrutura de compoñentes do FR da L1, o que dá lugar á aparición dun novo FR na L2. A traducibilidade plena só está garantida se se trata de internacionalismos que teñen exactamente o mesmo significado na lingua orixe e na lingua meta e cuxos elementos tamén se corresponden de forma exacta ou aproximada como palabras libres. En todas

as linguas europeas existen hoxe en día calcos fraseolóxicos que se dan en diferentes linguas, por exemplo, *Kain und Abel* en alemán, *Cain and Abel* en inglés, *Kain i Avel* en ruso ou *Kain i Abel* en polaco. Outro exemplo é a locución *von Pontius zu Pilatus laufen* ('ir de Poncio a Pilato'), que existe tamén en polaco como *chodzić, biegać, odsyłać od Annasza do Kajfasza*, e que en alemán, segundo o dicionario *Duden 11* (2002: 1584), é de uso coloquial, significa "nun asunto, ter que dar moitas voltas, ir ou ser enviado dun sitio a outro", e deriva realmente da expresión *von Herodes zu Pontius Pilatus laufen* ('ir de Herodes a Poncio Pilato').

Ademais, existen FR que conteñen estranxeirismos, como por exemplo, *Fata Morgana*, *Happy End*. É cuestionable a pertenza destas locucións ao sistema fraseolóxico da lingua alemá actual. Pode acontecer que, como consecuencia de procesos fraseolóxicos intralingüísticos, se xeren FR que inclúan constituíntes noutras linguas. Porén, estes constituíntes non adoitan estar ligados fraseoloxicamente. A característica principal destes FR radica en que os seus constituíntes sufriron unha transformación semántica. Un dos posibles motivos intralingüísticos pode radicar nunha asociación errada que asentou entre os falantes e que está estreitamente ligada á ligazón fraseolóxica dos constituíntes. Influenciados por asociacións erradas xurdiron fraseoloxismos como, por exemplo, *den Amtsschimmel reiten* e *Maulaffen feilhalten*.

O grupo dos FR que teñen a súa orixe na hiperbolización do contido metafórico é relativamente reducido e, para o uso actual da lingua, pouco relevante. Inclúense neste grupo os FR do tipo *homerisches Gelächter*, *einen Heidenlärm machen* etcétera.

Os FR con constituíntes xerados por procesos de derivación a partir de lexemas libres conforman o seguinte grupo da clasificación. Aquí analízanse FR que inclúan constituíntes ligados que xurdiron da unión de lexemas libres. Este proceso pódese observar de forma especialmente clara no exemplo do FR *jmdm. den Garaus machen* ("darlle a alguén o seu merecido; acabar con alguén"), cuxo constituínte substantivo *Garaus* naceu da substantivación do grupo de palabras *gar aus* ("totalmente concluído"). Outro exemplo: a partir da forma do imperativo do verbo *ausreißen* (*reiß aus!*, "fuxe!") formouse o constituínte básico do FR *Reißaus nehmen* ("liscar, fuxir, apelar aos pés, fuxir coma un lóstrego") (Dobrovol'skij 1979: 56). A clasificación proposta por Dobrovol'skij, que se basea nun método de análise complexo e que ten en conta tanto a estrutura coma a semántica do FR, parte do concepto da determinación fraseolóxica. Por determinación fraseolóxica enténdense as relacións sintáctico-semánticas entre dous membros en que un dos membros é especificado (determinado) polo outro. A determinación designa unha dependencia unilateral e require un funtivo constante ou obrigatorio e un funtivo variable ou facultativo. Como primeiro paso formúlase a cuestión de se esta determinación ten carácter recíproco. O primeiro paso prodúcese no nivel do FR. A continuación, analízase o constituínte determinante (o constituínte básico) atendendo á esencia da determinación, que pode ser de natureza léxica ou gramatical. A determinación léxica pódese producir, ben porque o constituínte básico contén un morfema básico ligado fraseoloxicamente, ben porque é a construción dun composto de palabras ligada fraseoloxicamente.

Establecéronse así catro grupos. O primeiro grupo está formado polos FR que teñen nos seus constituíntes morfemas básicos ligados fraseoloxicamente. A este tipo pertencen FR como, por exemplo, *ohne Fehl sein, frank und frei, klipp und klar* etcétera. Inclúense aquí 142 FR, que corresponden ao 26 % dos 547 FR rexistrados por Dobrovol'skij (1979). No segundo grupo estúdanse os FR con construción dun composto de palabras ligadas fraseoloxicamente. Deste tipo son construcións como, por exemplo, *Fersengeld geben, einer Sache habhaft werden*. Este tipo de FR conforma o grupo de meirande representación na lingua alemá, en concreto, 349 FR, é dicir, o 63,8 %. O terceiro grupo está formado por FR cuxos constituíntes presentan anomalías morfolóxicas ou sintácticas internas. A este grupo pertencen, sobre todo, as construcións coa desinencia de dativo e no singular dos substantivos de xénero masculino e neutro. Este tipo constitúe un caso especial e inclúe 46 FR, é dicir, o 8,4 %. Conforme ao algoritmo, o cuarto grupo está formado por FR con constituíntes con CLF con determinación recíproca. Este último tipo inclúe case exclusivamente binomios: *Hinz und Kunz, weder gicks noch gacks, Lug und Trug*. Está moi pouco representado. Dobrovol'skij inclúe no seu material 10 unidades, é dicir, aprox. 1,8 %.

Aquí obsérvase a gran relevancia que ten a categoría da determinación para os FR estudados. Contémplase como criterio para a clasificación dos FR. O principio da determinación na fraseoloxía baséase na predicibilidade dun ou varios elementos por outro ou outros, por exemplo, *(wie) auf dem Präsentierteller sitzen (wie auf sitzen: distribución fraseolóxica do constituínte; dem Präsentierteller: cómpre determinar a súa presenza en base á determinación)*. O segundo constituínte predí con absoluta seguridade o primeiro, mentres que o primeiro elemento admite un gran número de substantivos, por exemplo, neste caso: *wie auf Nadeln sitzen, wie ein Affe auf dem Schleifstein sitzen*.

LUG $\longleftrightarrow$ TRUG

A presenza da palabra *Lug* (“mentira”) predí con total seguridade a palabra *Trug* (“engano, fraude”). O primeiro e o segundo compoñente predinse mutuamente. Cada un destes CLF está en condicións de predicir a súa distribución directa cunha alta probabilidade. Isto comprobouse atendendo á determinación unilateral. No caso da determinación recíproca, ambos os constituíntes básicos presentan esta propiedade, é dicir, predinse mutuamente. Dobrovol'skij e Piirainen (1994) elaboraron unha lista de FR con CLF vivos no alemán actual. Porén, na lista composta por estes autores pódese apreciar unha disonancia. Cos seguintes exemplos quero corroborar a miña tese de que os FR con palabras diacríticas combinan perfectamente aspectos sincrónicos e diacrónicos da lingua e que destacan os procesos de evolución continuos da lingua, así como a viveza de formas anticuadas, necróticas. A vitalidade e mobilidade destas formas arcaicas quedan reflectidas na súa dinámica comunicativa, por exemplo:

(17) *Keine Ahnung, wie viele Bilder er gemalt hat in seinem Leben, 1616 schätzt er aufs Geratewohl.* (fr-aktuell.de, 21/01/2005)

(18) *Die Vereine müssten ihren Sponsoren Paroli bieten und sich eine Einmischung in sportliche Fragen verbieten.* (archiv.tagesspiegel.de, 09/01/2005)

O compoñente do FR con CLF pode producirse tamén de forma illada fóra do FR, por exemplo, *Abschaum der Menschheit; dieser Kerl ist Abschaum; Pike (von der Pike auf dienen/lernen/etw. erlernen); Trübsal (Trübsal blasen)*. Segundo Stumpf (2014), só o 5 % aparece nesta forma (*Abschaum der Menschheit*). Neste caso, xa non sería un CLF, senón un lexema autónomo que se desprende da unión fraseolóxica.

(19) *Er sieht sich dabei gerne als den faulen Abschaum der Gesellschaft, in der es zum Prinzip geworden ist, dass sich niemand um den andern kümmert.* (berlinonline.de, 29/05/2005)

(20) *Die zwei Frankfurter kennen das Geschäft von der Pike auf.* (fr-aktuell.de, 11/01/2005)

(21) *Torschütze war Mannschaftsführer Marco Schabacker, der Schnelsens Torwart Florian Ludwig mit einem Schuß mit der „Pike“ aus elf Metern überraschte.* (abendblatt.de, 15/02/2005)

(22) *Hin und wieder hallen Schüsse durch die umliegenden Gassen, beweisen Soldaten, dass sie mit Pike und Muskete fachmännisch umzugehen wissen.* (archiv.tagesspiegel.de, 14/11/2005)

(23) *Wer glaubt, dass der Regierende Bürgermeister im neuen Jahr Trübsal bläst und seine Reiselust verliert, der irrt.* (archiv.tagesspiegel.de, 09/01/2005)

(24) *Bei all dem gefühlten Trübsal im Land.* (welt.de, 12/02/2005)

(25) *Viel Zeit für Trübsal bleibt den zu Saisonbeginn auf sieben Positionen veränderten Friedrichshafenern nicht.* (fr-aktuell.de, 29/03/2005)

(26) *Trotzdem versanken sie nicht in Trübsal, so die Forscher, sondern seien im Schnitt genauso glücklich wie die Gesunden.* (welt.de, 30/03/2005)

(27) *Die Zeit der Trübsal und der Heimlichkeit scheint überstanden.* (spiegel.de, 29/05/2005)

Con frecuencia tamén se producen outras modificacións dos FR con palabras diacríticas, tal como ilustran os exemplos seguintes, por exemplo,

(28) *Gesucht wird der Name einer jungen französischen Schauspielerin, die mit Fug und Recht zu den schönsten Frauen der Welt gezählt werden darf und muss.* (fr-aktuell.de, 04/01/2005)

(29) *Um es mit den Worten des Ex-Gladbacher Fußballlehrers Holger Fach auszudrücken: „Das kann man ohne Fug und Recht sagen!“* (fr-aktuell.de, 08/01/2005)

(30) *Nun kann man mit Fug behaupten, daß sich seit dem 10. August 1862 wenig im Städtchen geändert hat, denn nicht nur die Sommersonne und das Grün, sondern auch Spielkasino, Trinkhalle und “;Conversations”;-Haus stehen wunderschön am alten Platz.* (faz.net, 26/07/2005)

(31) *Aber ich kann mit Recht und Fug behaupten, dass ich da war!* (ngz-online.de, 14/02/2006)

(32) *„Ob mit einer Zertifizierungswelle mehr Sicherheit geschaffen wird, darf mit Fug und recht bezweifelt werden“, sagte Hauptgeschäftsführungsmitglied Carsten Kreklau.* (handelsblatt.com, 04/08/2006)

(33) *Die Dementis sind nicht minder heftig: Alles erstunken und erlogen, lässt der Profi verbreiten.* (merkur-online.de, 22/07/2006)

(34) *Also, fassen wir mal zusammen, da werden unter hanebüchenen Beschuldigungen die modernsten Krieger der Welt auf einen militärischen Zwergstaat losgelassen und hinterher stellt sich alles von Anfang an als erlogen und erstunken raus.* (focus.msn.de, 10/09/2006)

5. Conclusións

Co presente traballo pretendeuse tirarlles utilidade aos fraseoloxismos do alemán con elementos únicos ou palabras diacríticas dende o punto de vista sincrónico e diacrónico da lingua. Constatouse que esta tarefa só é posible en parte dada a falta de corpus electrónicos de fiabilidade filolóxica que recollan os estadios máis antigos do alemán, así como a variación diversa dos rexistros históricos sumada á singularidade da súa transmisión. Concorro co punto de vista de Stumpf (2014), quen relativiza a hipótese dicotómica que prevaleceu até a actualidade. Segundo isto, a ligazón fraseolóxica debería ser contemplada como unha propiedade gradual. Esta característica permítenos ilustrar e explicar a categoría dos CLF como unha clase prototípica.

A distinción dos FR con CLF como grupo particular dentro da fraseoloxía alemá é de gran relevancia para o ensino do alemán como lingua estranxeira, pois conteñen palabras totalmente descoñecidas para o estranxeiro por non se empregaren libremente. Isto comporta en primeira liña enormes dificultades, non só para a comprensión, senón tamén, sobre todo, para a produción. A pescuda dos FR con CLF demostrou que moitos deles son usuais na actualidade e que dispoñen dun elevado potencial e poder de creación textual. Do carácter binario do signo lingüístico resultou a necesidade de diferenciar entre, por unha banda, os constituíntes ligados fraseoloxicamente e, pola outra, os significados ligados fraseoloxicamente. A aplicación do método estrutural-semántico permitiu atopar criterios para efectuar unha subdivisión máis profunda dos FR con CLF, a saber, o criterio da determinación, da estrutura de formación de palabras do CLF, da relación semántica entre os significados interno e externo da expresión. A aplicación do criterio da determinación dos FR con CLF brinda a oportunidade de determinar nalgúns casos os principais constituíntes do FR, o que contribúe a completar o rexistro lexicográfico do repertorio fraseolóxico da lingua alemá actual. A aplicación deste criterio axuda a abranguer as regularidades da estrutura interna dos FR e contribúe a revelar o seu status lingüístico. Os FR con este tipo de constituíntes son capaces de adaptarse a diferentes estruturas oracionais, así como a necesidades comunicativas diverxentes, actuando así como compoñentes produtivos na conformación do texto. Neste aspecto tamén observamos

o seu importante potencial comunicativo e de enlace entre sincronía e diacronía léxicas. En consecuencia, tenderá a aumentar o ámbito dos FR que xa non son transparentes e constituirá un auténtico reto de sistematización para o traballo lexicográfico.

6. Bibliografía

- AMOSOVA, Natalija N. (1963): *Osnovy anglijskoj frazeologii*. Leningrad: Nauka.
- BURGER, Harald (2007): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag.
- (2008): "Das idiomatische „Bild“ und seine Modifikationen durch materielle Bilder – theoretische und empirische Aspekte", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač, 90-113.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (1979): *Phraseologisch gebundene lexikalische Elemente der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: Enzyklopädie.
- (1988): *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik*. Leipzig: Enzyklopädie.
- (1989): "Formal gebundene phraseologische Konstituenten: Klassifikationsgrundlagen und theoretische Analyse", en *Beiträge zur Erforschung der deutschen Sprache* 9, 57-78.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (1994a): "Phraseologisch gebundene Formative. Auf dem Präsentierteller oder auf dem Abstellgleis?", en *Zeitschrift für Germanistik* 1, 65-77.
- (1994b): "Sprachliche Unikalia im Deutschen. Zum Phänomen phraseologisch gebundener Formative", en *Folia Linguistica* 3-4, 449-473.
- (1994c): *Symbole in Sprache und Kultur. Studien zur Phraseologie aus kultursemiotischer Perspektive*. Bochum: Brockmeyer.
- DONALIES, Elke (2009): *Basiswissen Deutsche Phraseologie*. Tübingen, Basel: A. Francke Verlag.
- DUDEN (2002): *Wörterbuch 11. Redewendungen*. Mannheim/Leipzig/Wien/Zürich: Dudenverlag.
- EISMANN, Wolfgang (2003): "Assoziation – Innere Form – Volksetymologie und Phraseologismus", en BURGER, Harald; HÄCKI-BUHOFFER, Annelies; GRÉCIANO, Gertrud (eds.): *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen*. Ascona 2001, *Zur Methodologie und Kulturspezifität der Phraseologie*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 155-168.
- FEYAERTS, Kurt (1994): "Zur lexikalisch-semanticen Komplexität der Phraseologismen mit phraseologisch gebundenen Formativen", en CHLOSTA, Christoph; GRZYBEK, Peter; PIIRAINEN, Elisabeth (eds.): *Sprachbilder zwischen Theorie und Praxis*. Bochum: Brockmeyer, 133-162.
- FLEISCHER, Wolfgang (1997/1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: Max Niemeyer Verlag.
- (1989): "Deutsche Phraseologismen mit unikalener Komponente – Struktur und Funktion", en GRÉCIANO, Gertrud (ed.): *EUROPHRAS 88. Phraséologie Contrastive. Actes*

- du Colloque International Klingenthal – Strasbourg 12-16 mai 1988*. Strasbourg: Université des Sciences Humaines, 117-126.
- HALLSTEINSDÓTTIR, Erla (2001): *Das Verstehen idiomatischer Phraseologismen in der Fremdsprache Deutsch*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.
- HÄCKI-BUHOFFER, Annelies (2002a): "Phraseologisch isolierte Wörter und Wortformen", en CRUSE, A. D. *et alii* (eds.): *Lexikologie. Ein internationales Handbuch zur Natur und Struktur von Wörtern und Wortschätzen. Band 1*. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 429-433.
- (2002b): "Unikalia im Sprachwandel: phraseologisch gebundene Wörter und ihre lexikographische Erfassung", en PIIRAINEN, Elisabeth, PIIRAINEN, Ilpo Tapani (eds.): *Phraseologie in Raum und Zeit*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 125-160.
- KEIL, Martina (1997): *Wort für Wort: Repräsentation und Verarbeitung verbaler Phraseologismen (Phraseo-Lex)*. Tübingen: Niemeyer.
- KUNIN, Aleksandr V. (1986): *Anglijskaja frazeologija*. Moskau: Vysšaja Škola.
- HOLZINGER, Herbert J. (2012): "Unikale Elemente: Apuntamentos sobre as palavras ligadas fraseologicamente do alemão actual", en *Cadernos de Fraseologia Galega* 14, 165-173. (<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg14.pdf>).
- MELČUK, Igor; REUTER, Tilman (1984): "Bemerkungen zur lexikographischen Beschreibung von Phraseologismen und zum Problem unikaler Lexeme (an Beispielen aus dem Deutschen)", en *Wiener Linguistische Gazette* 33-34, 19-34.
- MELLADO BLANCO, Carmen (1998): "Aproximación teórico-práctica a los 'elementos únicos' del alemán actual en su calidad de fósiles léxicos", en MAGALLANES LATAS, Fernando *et alii* (eds.): *Tradición e innovación en los estudios de lengua, literatura y cultura alemanas en España*. Sevilla: Kronos Universidad, 493-501.
- NAUMANN, Hans Peter (1987): "Unikale Komponenten im Schwedischen", en BURGER, Harald; ZETT, Robert (eds.): *Aktuelle Probleme der Phraseologie*. Bern/Frankfurt am Main/New York/Paris: Peter Lang, 151-168.
- OLSCHANSKY, Heike (2004): *Täuschende Wörter - Kleines Lexikon der Volksetymologien*. Stuttgart: Philipp Reclam.
- RIESEL, Elise (1970): *Der Stil der deutschen Alltagsrede*. Leipzig: Reclam.
- SAILER, Manfred (2004): "Distributionssynkrasien: Korpuslinguistische Erfassung und grammatiktheoretische Deutung", en STEYER, Katrin (ed.): *Wortverbindungen - mehr oder weniger fest*. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 194-221.
- SAILER, Manfred; TRAWIŃSKI, Beata (2006): "Die Sammlung unikaler Wörter des Deutschen. Aufbauprinzipien und erste Auswertungsergebnisse", en HÄCKI-BUHOFFER, Annelies; BURGER, Harald (eds.): *Phraseology in Motion I. Methoden und Kritik. Akten der Internationalen Tagung zur Phraseologie (Basel, 2004)*. Hohengehren: Schneider Verlag, 439-450.
- SCHIPPAN, Thea (1992): *Lexikologie der deutschen Gegenwartssprache*. Tübingen: Niemeyer.

- ŠMELOV, Dmitrij N. (1981): “Der Begriff der phraseologischen Gebundenheit. Typen der phraseologischen Einheiten”, en JAKSCHE, Harald *et alii* (eds.): *Reader zur sowjetischen Phraseologie*. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 51-62.
- SOEHN, Jan-Philipp (2003): *Von Geisterhand zu Potte gekommen – Eine HPSG-Analyse von PPs mit unikalener Komponente*. Tübingen (trabalho de fin de mestrado inédito).
- STEYER, Kathrin (2013): *Usuelle Wortverbindungen. Zentrale Muster des Sprachgebrauchs aus korpusanalytischer Sicht*. Tübingen: Narr.
- STUMPF, Sören (2014): “Mit Fug und Recht. Korpusbasierte Erkenntnisse zu phraseologisch gebundenen Formativen”, en *Sprachwissenschaft* 39, 85-114.

Outras fontes:

WOLF, Christa (2007) : *Kindheitsmuster*. Berlin: Aufbau.
[http://www.dwds.de/
wortschatz.uni-leipzig.de](http://www.dwds.de/wortschatz.uni-leipzig.de)

Recadávivas Compilations

Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 3¹

Phraseology and Paroemiology from Sebil, 3

M. ^a Victoria Cerviño Ferrín

Escola Oficial de Idiomas. Pontevedra

Resumo: Recadádiva de material fraseolóxico feita no ano 1983 por Manuel Escariz Asorey e nos anos 2014 e 2015 pola autora en Sebil, aldea do concello de Cuntis (Pontevedra).

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

Abstract: Edition of phraseological material compiled in 1983 by Manuel Escariz Asorey and in 2014 and 2015 by the author in Sebil, located in Cuntis (Pontevedra).

Keywords: Galician phraseology, fieldwork.

1. Introducción

1.1. Localización e contido desta recadádiva

Este traballo completa as dúas achegas de expresións presentadas nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14 e 15. Coma as anteriores, son expresións recollidas en Sebil, unha aldea da parroquia de Cequeril, no concello de Cuntis, da que son nativa.

Neste caso, unha boa parte delas foron recollidas por Manuel Escariz Asorey (Sebil, 14/07/1932-15/01/2003) no ano 1983, que daquela traballaba como mestre no CEIP Antonio Palacios, en Torneiros (O Porriño), e continúan usándose na actualidade.

Completo a recadádiva con outras unidades que recollín eu ao longo dos anos 2014 e 2015 e que, polo tanto, non puideron ser incluídas nas achegas anteriores².

¹ Data de recepción: 15.09.2015. Data de aceptación: 17.11.2015.

² Ademais das observacións dos correctores anónimos, quero agradecer a axuda que me prestaron miña nai, Xosefa Ferrín González, e miña irmá, Elena Cerviño Ferrín, na explicación de moitas expresións e tamén o apoio da familia de Manuel Escariz Asorey.

Todas estas unidades son coñecidas e usadas por min mesma ou na miña familia e veciñanza, aínda que unha parte delas eran de uso máis habitual nas décadas pasadas. En calquera caso, é fraseoloxía e paremioloxía viva no ano 2015.

Algunhas das frases recollidas por Manuel Escariz xa foran presentadas nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14 ou 15, nalgúns casos con lixeiras variantes (*Na carballeira / no camiño de Santa Xusta unha xente á outra busca*). Nestes casos, inclúo de novo a unidade e fago referencia ao número correspondente da revista e ao número de orde que ocupa na listaxe para ver a súa definición (CFG14, 209).

En moitos casos, trátase de ditos comúns que aparecen noutras partes do territorio, ás veces con variantes que se adaptan aos distintos costumes e formas de vida ou ás particularidades dialectais. Noutros casos, trátase de unidades moi coñecidas que non presentan ningunha particularidade con respecto ao resto do territorio, pero paréceme necesario incluílas tamén aquí porque isto nos axuda a coñecermos mellor a súa localización e frecuencia de uso e, neste caso, tamén para respectar o traballo de recolleita feito por Manuel Escariz no ano 1983. É certo que algunha das fórmulas recollidas por el non son hoxe moi habituais (*andar de gatas*), pero paréceme interesante mantelas para vermos a evolución do seu uso; e outras, que actualmente resultan moi frecuentes e comúns, non tiñan un uso tan estendido e normalizado naquela data (*entre lusco e fusco*).

Moitos dos exemplos seleccionados por Manuel Escariz para ilustrar as locucións pertencen á tradición oral de Sebil, posto que proceden das historias narradas por Xan do Rei, un personaxe real da aldea que gustaba de contar relatos inverosímiles e esaxerados dos que el era protagonista ou testemuña directa, e permanecen vivos na memoria da aldea.

Entre as súas fazañas, moitas delas relacionadas coa caza, xa que el era cazador, están a de virar un lobo co de dentro para fóra meténdolle a man pola boca e colléndolle o rabo dende o interior; darlle unha patada a un veciño, de xeito que este pasou por encima dunha casa e foi caer a unhas leiras próximas, dende onde emitiu un xemido que Xan escoitou dende o sitio onde lle dera a patada; ou saír de caza ao monte un día de festa que non tiñan nada para xantar e encargarlle á familia que o fose buscar co carro ao cabo de dúas horas e volver co carro cargado de coellos. Tamén foi testemuña dunha chea moi grande na que viu como o río arrastraba primeiro unha muller que estaba no muíño e ía co fol na cabeza e a vasoira na man e detrás pasou un carreteiro cos bois ao carro...

Tal foi o mérito deste personaxe, que deu lugar á creación da locución *Ser coma Xan do Rei*, unha fórmula local de uso moi habitual na aldea, que inclúo tamén nesta achega.

En relación con isto, unha pequena parte das expresións aquí presentadas pertencen ao ámbito da caza. E recollo tamén unha da xerga dos canteiros, que non é de uso habitual fóra deste ámbito, pero que pon de manifesto a longa tradición deste oficio na aldea.

Por último, engado tamén unha serie de expresións recollidas por Manuel, que fan referencia ao estado de debilidade xeral que lles afecta xeralmente aos nenos e que se achaca popularmente ao mal de ollo ou ao contacto con defuntos, moribundos ou

animais e que se coñece como “aire” e aos remedios para librarse del, xa que penso que describen moi ben este fenómeno.

A ordenación das unidades fraseolóxicas é alfabética e con cada unha realiceí, en primeiro lugar, unha indicación básica da súa tipoloxía, seguida dunha explicación breve do seu significado e, por último, unha exemplificación, en cursiva, do uso da expresión que figura como entrada.

1.2. Características lingüísticas desta recadádiva

O galego que se fala en Sebil sitúase no bloque occidental. Dentro del podemos destacar os seguintes trazos:

Existencia de gheada: *ghusto, ghloria*.

Seseo implosivo: *capás, rapás*.

Formas dos demostrativos neutros con e- (*esto, eso, aquilo*).

Terminación *-an* para as formas de masculino e feminino: *gran, irmán*.

Plural en *-es* para as palabras rematadas en *-l*: *ladrales*.

En canto á morfoloxía verbal, destacan as formas en *-eu* para a segunda e a terceira conxugación: *pideu, sirveu, pareu* a forma *vindes* ou o uso do verbo *caír*:

E, como particularidades dialectais de carácter léxico, son características desta zona as formas *avergonzarse, agua* ou *melro*.

Nesta recolla, cando a expresión non coincide co galego estándar, adáptoa á forma normativa e indico ao final a variante local. Fago o mesmo coas interferencias.

2. Recadádiva

Abreviaturas e símbolos:

CFG: *Cadernos de Fraseoloxía Galega*

fórm.: fórmula

IRÓN.: irónico

l.adv.: locución adverbial

l.adx.: locución adxectiva

l.s.: locución substantiva

l.v.: locución verbal

ref.: refrán

xerg.: xerga

#: forma como foi oída a expresión

1. Locucións

1. **coma o pau do galiñeiro:** *l.adx.* Véxase *Ter máis merda que o pau dun galiñeiro*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 110).
2. **unha froia:** *l.adx.* Ser alguén moi comellón. Aplícase ás persoas e aos animais. *Mira que es froia, acabas de almorzar e xa estás outra vez comendo.*
3. **ben a gusto:** *l.adv.* Como mínimo, folgadoamente. *Non tería os cinco [metros o rabo do raposo], porque eu alí o metro non o tiña, pero dous debían ser ben a gusto.*
4. **cada morte de Papa:** *l.adv.* Ocasionalmente. *Podes cruzar tranquila, pois por esta estrada pasa un coche unha vez cada morte de Papa.*
5. **coa orella detrás da porta:** *l.adv.* Con interese indiscreto polas conversas alleas. *Fala baixo, que estes están sempre coa orella detrás da porta.*
6. **coma un cura:** *l.adv.* Moi ben. Utilízase con verbos coma “comer” “papar”, “cear” ou “xantar”. *Ceguei á casa, preparou a paisana un coello, e comemos coma curas.*
7. **coma (se fose) un feixe de palla:** *l.adv.* Moi rápido. Utilízase co verbo “arder”. *Ao xuntárense as dúas [pedras] dentro, pegaron un chispazo tan forte que comezou a arder coma se fose un feixe de palla.*
8. **coma un raio:** *l.adv.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 144).
9. **é(che) capaz de (+ inf.):** *l.adv.* Posiblemente. *Cando chegaba ao portelo do Esqueiro comezáronse a poñer os pelos dereitos e dixeran para min: éche capaz de estar por aí o lobo.*
10. **en van:** *l.adv.* Inutilmente, sen nada. *A persoa que metía o neno na artesa debía chamarse María e mentres levantaba e cerraba a tapa dicía as seguintes palabras: se es de gato, vaite ao rato; se es de rato, vaite ao burato; se es de can, vaite en van e, se es de cadela, vaite a ela.*
11. **entre lusco e fusco:** *l.adv.* Entre a noite e o día. *Viña o outro día coas vacas para a casa entre lusco e fusco e, alí na Querguiza, vin un raposo.*
12. **feito unha chispa:** *l.adv.* Moi rápido. *Voume un pouco máis para diante e... unha lebre coma un cabrito subía por unhas laxes arriba feita unha chispa.*
13. **meu dito, meu feito:** *l.adv.* Efectivamente. *Dixen para min: éche capaz de estar por aí o lobo. Meu dito, meu feito, púxenme a subir o portelo e, mentres eu subía por un lado, o condenado subía polo outro.*
14. **nin pouco nin moito:** *l.adv.* Nada. *Chegamos á casa ao mediodía para xantar, pero non había moito a que botarlle man, tan só unhas codelas de pan reseso e algunhas patacas, pero a min iso non me enchía o ollo nin pouco nin moito.*
15. **coma dous luceiros:** *l.adx.* Cos ollos moi brillantes. *Ao chegar á Ponte do Ramo, na mesma ponte, vexo vir cara a min dúas luces redondas e brillantes coma dous luceiros: era o lobo.*
16. **de par en par:** *l.adx.* Completamente aberto. *Cando me levanto xa vexo o lobo cunha boca aberta cara a min, tan grande que parecía unha porta de par en par.*
17. **aire dos nenos:** *l.s.* Enfermidade que lles afecta aos nenos. Tamén chamado “enganido”. *Como os nenos estaban mal coidados, sucios, sen mudar a roupa coa frecuencia debida, era fácil*

- que collesen infeccións e moitas outras enfermidades. Hai distintas opinións sobre o que é o aire dos nenos e algunhas persoas chámanlle meigallo.*
18. **unha das túas / súas:** *l.s.* Un feito ou un dito característico ou peculiar dunha persoa. *Vin un raposo que tiña un rabo tan grande, que medía polo menos 10 metros. –Vaia, Xan, vaia, non sería tanto. – Tanto non sería, pero polo menos cinco tiñaos ben. – Nin dez, nin cinco, iso é unha das túas.*
 19. **andar ás herbas longas:** *l.v.* Perder algunha oportunidade por andar buscando unha mellor opción. *Foi un mes ás Canarias porque seica se gañaba moito e perdeu o posto na empresa onde estaba. Por andar ás herbas longas, agora está no paro.*
 20. **andar de gatas:** *l.v.* Gatear. *Os nenos estaban moi mal coidados, andaban sucios...andaban de gatas por chans pouco limpos.*
 21. **andarlle [a alguén] coa roupa das festas:** *l.v.* Darlle unha tunda a alguén, en sentido real ou figurado. *Como te sigas portando mal, cando veña teu pai, vaiche andar coa roupa das festas.*
 22. **arrearlle unha [a alguén]:** *l.v.* Darlle un golpe. *Dun brinco, púxenme ao seu lado e despois de chamarlle catro cousas, senteille o cu na presa e logo arreeille unha que o chimpei por encima do valo.*
 23. **bebelas ben:** *l.v.* Ter capacidade para soportar algunha situación desagradable. *A persoa que chamou por teléfono díxolle de todo, pero ela bébeas ben.*
 24. **botar terra por enriba do lombo:** *l.v.* Alardear. *Non botes terra por enriba do lombo que aínda non saíron todas as notas e ao mellor a praza aínda non é para ti.*
 25. **cagar para fóra:** *l.v. xerg.* Estar desnivelada unha pedra e colocarlle ese desnivel cara ao lado exterior. *Úsase na xerga dos canteiros. Esa pedra nunca che vai asentar ben, porque a que puxeches debaixo caga para fóra.*
 26. **cantar coma un merlo novo:** *l.v.* Falar de forma irreflexiva e insensata. *Non fagas caso ningún do que di, que este canta coma un merlo novo.*
 27. **chamarlle catro cousas [a alguén]:** *l.v.* Insultar. *Dun brinco, púxenme ao seu lado e, despois de chamarlle catro cousas, senteille o cu na presa e logo arreeille unha que o chimpei por encima do valo.*
 28. **dar as risas para as choras:** *l.v.* Véxase *Aforrar das risas para as choras*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15,13).
 29. **dar gloria:** *l.v.* Producir unha gran satisfacción. *Funme botar a auga á Leiriña a noite pasada, que, aínda que non está ben que o diga eu, teño aquela veiga que dá gloria vela.*
 30. **dicirlle catro cousas [a alguén]:** *l.v.* Poñerlle as cousas claras. *Non quere darme os días de vacacións que me pertencen, pero hoxe vou ir ao seu despacho para dicirlle catro cousas.*
 31. **enganchar nunha silva:** *l.v.* Entretense a falar con alguén. *Aínda teño o xantar sen facer porque enganchei nunha silva cando viña para a casa.*
 32. **estar coa historia de sempre:** *l.v.* Repetir algunha acción ou dito molesto. *Volveu aparcar ocupando as dúas prazas. Xa estamos coa historia de sempre.*
 33. **facerlle algunha graza [a unha comida]:** *l.v.* Enriquecer, darlle gusto a unha comida. *Díxennlle á miña dona: Xoana, pela unhas poucas patacas e*

- pon a pota ao lume mentres vou ata alí arriba ao monte a ver se mato un coello para facerlle algunha graza a esas patacas. # gracia*
34. **facerlle os evanxeos [a un neno]:** *l.v.* Quitarlle o aire. *A cerimonia de facer os evanxeos consiste en facer lume con ramas de oliveira, lavanda, herba luísa..., que, ao estaren verdes, fan moito fume. O señor colle nos brazos o neno encima do fume mentres reza non sei que oracións ou invocacións, que seguramente el mesmo compón. Acabada a cerimonia, lávase o neno e pónselle outra roupa lavada. Se lle saíu o aire, xa debe durmir ben esa noite.*
35. **ir buscar o pan ao niño do can:** *l.v.* Pedirlle algo a alguén cando se ten a certeza de que non nolo vai poder dar ou prestar, ben porque non o ten ou por algunha outra razón. *Seica lle vai pedir os cartos á avoa, pero a min paréceme que vai buscar o pan ao niño do can.*
36. **ir en / para Angrois:** *l.v.* Quedar sen algo, perder algunha cousa. *Non busques máis o reloxo, que ese vai en Angrois. O feito de que se use esta expresión en Sebil seguramente se deba á opacidade semántica e ao feito de localizar Angrois nun lugar moi afastado, do cal é difícil que volva algunha cousa.*
37. **lamber a becerra [a alguén]:** *l.v.* Estar moi aseada unha persoa. *Vés toda peiteada, parece que te lambeu a becerra.*
38. **mexarlle un can diante [a alguén]:** *l.v.* Véxase *Estar mexado dos cans*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 47).
39. **non caber na roupa:** *l.v.* Estar unha persoa moi contenta. *Sacou o carné á primeira e está que non cabe na roupa.*
40. **non caber o pan no corpo [a alguén]:** *l.v.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 65).
41. **non caerlle a pa do rabo [a alguén]:** *l.v.* Non supoñer un grande esforzo. *Pois aínda que me axudes a subir as cousas ao faiado non creo que che caia a pa do rabo. # caírlle*
42. **non encherlle o ollo [algo a alguén]:** *l.v.* Non gustar, non agradar algunha cousa. *Chegamos á casa ao mediodía para xantar, pero non había moito a que botarlle man, tan só unhas codelas de pan reseso e algunhas patacas, pero a min iso non me enchía o ollo, nin pouco nin moito.*
43. **non haber a que botarlle man:** *l.v.* Non haber nada. *Chegamos á casa ao mediodía para xantar, pero non había moito a que botarlle man, tan só unhas codelas de pan reseso e algunhas patacas, pero a min iso non me enchía o ollo, nin pouco nin moito.*
44. **non lle ir nunca o dedo ao cu [a alguén]:** *l.v.* Non estar nunca conforme. *Na reunión estivemos todos de acordo non sendo ela, que non lle vai nunca o dedo ao cu.*
45. **non saber de que vai a cousa:** *l.v.* Ser unha persoa inocente, sen malicia. *A el mellor non lle preguntas, que non sabe de que vai a cousa.*
46. **pasar o sol pola porta:** *l.v.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 80)
47. **pedirlle acordo ao coñecemento:** *l.v.* Reflexionar antes de actuar. *Hai que pedirlle acordo ao coñecemento, non se pode poñer un a arranxar o enchufe sen baixar antes o limitador. # conocimiento*
48. **pillalas no aire:** *l.v.* Ser perspicaz. *Funlle devolver os cartos, pois as*

súas indirectas pilleinas no aire e ben a entendín.

49. **pingar antes de asar:** *l.v.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 85).
50. **poñer a escopeta á cara:** *l.v.* xerg. Apuntar coa escopeta. Úsase no ámbito da caza. *O can pegou un brinco e saíu un coello coma un raio. Poño a escopeta á cara e...punnn, coello ao cinto.*
51. **poñerse coma unha víbora:** *l.v.* Anoxarse moito, enfurecerse. *Púxose coma unha víbora cara a min.*
52. **poñérselle os pelos dereitos / de punta [a alguén]:** *l.v.* Ter medo. *Cando chegaba ao portelo do Esqueiro comezáronseme a poñer os pelos dereitos e dixeran para min: éche capaz de estar por aí o lobo.*
53. **quedar [alguén] coma se lle desen unha patada nos dentes:** *l.v.* Levar unha decepción. *Cando souben que tamén estaba alí o meu afillado, quedei coma se me desen unha patada nos dentes, porque non levaba nada para el.*
54. **quedarlle a cabeza descansada [a alguén]:** *l.v.* Dicer ou facer algo con pouco sentido ou lóxica. *Non sei de quen foi a idea de facer aí unha ponte de madeira, pero quedoulle a cabeza descansada.*
55. **quitar o aire:** *l.v.* Curar un neno enfermo. *Outro procedemento para quitar o aire é facerlle os evanxeos ao neno. Para iso acódesse a un especialista.*
56. **saírlle o aire (a un neno):** *l.v.* Recuperar a saúde. *Se o neno durmía ben, cousa moi frecuente despois do susto e de poñelo limpo, xa lle saíra o aire.*
57. **ser coma a carabina de Ambrosio:** *l.v.* Ser pouco de fiar unha persoa. *Non*

fagas moito caso do que che di, que é coma a carabina de Ambrosio.

- Ser algún obxecto ou persoa inútil para o que se precisa. *Non fai nada ao dereito, é máis inútil que a carabina de Ambrosio.*
58. **ser coma o porco de Santo Antón:** *l.v.* Ver “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 18).
 59. **ser coma Rochil:** *l.v.* Ser moi rico. *Agora seica mercaron un piso na costa para ir pasar o verán. Non sei de onde sacan os cartos, son coma Rochil.* Deformación do nome da familia de banqueiros Rothschild.
 60. **ser coma un arado de pau:** *l.v.* Ver “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 101).
 61. **ser coma Xan do Rei:** *l.v.* Contar algunha mentira ou esaxeración. *Non se lle pode facer ningún caso, é coma Xan do Rei.*
 62. **ser cuspidio [alguén] / ser cuspidio [a alguén]:** *l.v.* Ser parecido. *É o pai cuspidio / É cuspidio ao pai.*
 63. **ser de rapar e peitear:** *l.v.* Ser unha mala persoa; non ser de fiar. *Eu a ese xa non lle conto nada, que é de rapar e peitear.* #peinar
 64. **ser dos que o rei mandou chamar:** *l.v.* Ser unha persoa de malos costumes. *Miña nai non me deixa ir con el á festa, porque di que é dos que o rei mandou chamar.*
 65. **ser mal traxada [unha persoa]:** *l.v.* Andar coa roupa sucia. *É un mal traxado, só muda a roupa cando vai ao médico.* # atraxado
 66. **ser un sangamoina / moina:** *l.v.* Ser unha persoa hipócrita. *Non che é o que parece, é un sangamoina.*
 67. **ser xente do aire:** *l.v.* Ser xente informal. *Non sei para que quedamos*

a ningunha hora, se total han chegar cando lles dea a gana. Esta é xente do aire, non se pode contar con ela.

68. **traer ao caso:** *l.v.* Mencionar algo intencionadamente nunha conversa. *Nunca se lembra de devolverme o libro que lle prestei. Mañá, se falo con ela, heillo de traer ao caso.*
69. **ter a cueira detrás da porta:** *l.v.* Ser unha persoa moi nova para facer algunha cousa. –*Mamá, eu quero ir á festa.* – *Cala, rapaz, que aínda tes a cueira detrás da porta.*
70. **ter o aire:** *l.v.* Estar débil e enferma unha persoa, especialmente os nenos. *Cando os nenos tiñan o aire, o día que se cocía o pan, metíase o meniño espido na artesa.*
71. **ter o formigo:** *l.v.* Estar inquieta unha persoa. *Este neno non para, parece que ten o formigo.*
72. **tíralas coma barro ás paredes:**

l.v. Ser unha persoa franca. *A min gústame moito escoitalo porque as tira coma barro ás paredes e déixate pensando.*

73. **ver a compañía:** *l.v.* Estar desamañada unha persoa. *E ti de onde vés así? Parece que viches a compañía.*
74. **ver o lobo:** *l.v.* Ver “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15,122).
75. **ver tanto cos ollos abertos coma con eles cerrados:** *l.v.* Estar moi escuro. *Viña a outra noite de Cequeril, da casa do señor cura, e tanto se vía cos ollos abertos coma con eles cerrados.*
76. **vir con parvadas:** *l.v.* Dicir cousas de pouco valor ou importancia para quen as escoita. –*Non tería os cinco [metros o rabo do raposo], porque eu alí o metro non o tiña, pero dous debían ser ben a gusto.* – *Nin dez, nin cinco, nin dous, non me veñas con parvadas.*

2. Fórmulas

77. **(nome de animal) + ao cinto:** *fórm.* *xerg.* Emprégase no ámbito da caza, para indicar que se cazou algún animal. *O can pegou un brinco e saíu un coello como un raio. Poño a escopeta á cara e...punnn, coello ao cinto.*
78. **Andan os ladróns tras dos que rouban:** *fórm.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 160).
79. **Anque non está ben que o diga eu:** *fórm.* Expresión para indicar modestia. *Funme botar a auga á Leiriña a noite pasada, que, anque non está ben o diga eu, teño aquela veiga que dá gloria vela.*
80. **De burro morto, cebada ao rabo:** *fórm.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 155).
81. **Deus che dea un home que non che caiba na cama / grande coma unha**

viga: *fórm.* *IRÓN.* Fórmula para expresarlle agradecemento a unha muller. *Moitas grazas pola túa axuda, Deus che dea un home que non che caiba na cama.* #Dios

82. **Escapa / Aparta, lixo, que aí vai morriñada:** *fórm.* Úsase como resposta a alguén que menospreza outra persoa, cando se considera que esta ten as mesmas calidades. –*Boh! Sae de aí, xa o fago eu, que ti non entendes de mecánica.* –*Ahá! Aparta lixo que aí vai morriñada.*
83. **Ir o muíño atrás do gran:** *fórm.* Emprégase para expresar que un feito é pouco habitual. Tamén se usa en forma negativa para indicar que é necesario poñer os medios para conseguir as cousas. *Pois, se queres aprobar, terás*

que estudar un pouco, que o muiño non vai atrás do gran.

84. **Mal de costas e peor de barriga:** *fórm.* Úsase cando se está nunha situación complicada e da que é difícil saír con calquera decisión que se tome. *Non sei que facer porque, se lle digo a verdade, vaíse enfadar e, se non llo digo, vai seguir facendo o parvo; así que, mal de costas e peor de barriga.*
85. **Non nacer tan apurado/a [alguén]:** *fórm.* Expresión que se usa para acalmar a alguén. Dise cando alguén ten apuro por facer algo e intenta meterlles prisa aos demais. *Xa imos agora, espera un pouco, que non naciches tan apurado.*
86. **O demo que lle / che / vos ate a cabeza:** *fórm.* Expresión que manifesta sorpresa ou repulsa por algo que non se entende, ou para o que non se ve xustificación. *Pero vós como metestes a pintura no conxelador? Ai, o demo que vos ate a cabeza!*
87. **O peor é o máis malo:** *fórm.* Úsase para expresar a existencia dalgunha dificultade, xeralmente coñecida polo interlocutor, para levar a cabo unha acción. *Esta era boa ocasión para ir a Suíza visitar a miña irmá, pero o peor é o máis malo.* (o prezo da viaxe).
88. **O medo garda as uvas / a viña:** *fórm.* Expresión para indicar que é bo ter precaución. *Non participou na protesta por se acaso o vía o xefe, é que o medo garda a viña.*
89. **O meu can pillou unha mosca. (Cando pillaré outra!)** *fórm.* Véxase *O meu can pillou unha mosca (e se a pillou comeuna)*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 202).
90. **Para quen non quere nada teño eu bastante:** *fórm.* Véxase “Fraseoloxía

e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 210).

91. **Pedidos de burro non chegan ao ceo:** *fórm.* Expresión para indicar que os malos desexos non se cumpren, ou que non se lle debe dar importancia ao que alguén di. *Pois se pensa que es unha enchufada e que non merecias o posto, peor para el. Ti non fagas caso ningún do que di, que pedidos de burro non chegan ao ceo.*
92. **Pouco mal e ben xemido:** *fórm.* Díselles a quen se queixa con moita frecuencia e sen motivo. *Non fai máis que queixarse, pero non fai nada por mellorar. Ese o que ten é pouco mal e ben xemido.*
93. **Predicar non é dar trigo:** *fórm.* Úsase cando alguén dá consellos, pero non axuda a levarlos á práctica ou cando di unha cousa, pero actúa doutra maneira. *Dixo que había maneiras de evitar os incendios, pero, agora que goberna el, segue ardendo coma antes, é que predicar non é dar trigo.*
94. **Quen non me pariu, miña nai non é:** *fórm.* Úsase para indicar que non se confía nas supostas boas intencións ou consellos dunha persoa que aparentemente quere axudar, ou cando unha persoa non admite a autoridade doutra para darlle ordes ou consellos. *E quen é el para darme consellos!? Eu xa farei o que me pareza; quen non me pariu, miña nai non é.* # pareu
95. **Quen falou xa non está aquí:** *fórm.* Dío unha persoa para retractarse de algo que acaba de dicir e que non é ben acollido. *-Pois eu, sendo ti, iría a esa viaxe, non sei porque non vas. -Polo que non vou sabereino eu! -Nada, nada, desculpa, quen falou xa non está aquí.*

96. **Quen ten rabo non senta:** *fórm.* Expresión que se usa para indicar que non se pode un descoidar, que hai que manter a atención. *Na noite de San Xoán quita el mesmo a cancela para que non lla leven os rapaces. Quen ten rabo non senta.* # non se senta
97. **Santos á forza, non se fan:** *fórm.* Non se pode obrigar a alguén a facer algo contra a súa vontade. *Pois, se non quere ir á Universidade, déixao; santos á forza, non se fan.*
98. **Santo que estás no canizo, bota castañas abaixo:** *fórm.* Pídeselle a quen ten máis que comparta cos que menos teñen. *Pois eu vexo ben que a xente dos países pobres veña para aquí, como antes fomos nós. Santo que estás no canizo, bota castañas abaixo.*
99. **Tanto non sería / será:** *fórm.* Expresión que se usa cando alguén di unha esaxeración, coa intención de atenuala. *Vin un raposo que tiña un rabo tan grande, que medía polo menos 10 metros. –Vaia, Xan, vaia, non sería tanto. – Tanto non sería, pero polo menos cinco tiñaos ben.*
100. **Xa non chove como chovía:** *fórm.* Úsase para indicar que alguén que se atopaba nunha situación favorable deixa de o estar ao mudar determinadas circunstancias que o favorecían. *Cando estaban os seus no concello traballaba todo o ano, pero agora cambiou a cousa, xa non chove como chovía.*
101. **Xesús, María e Xosé! Canto máis vai, peor é:** *fórm.* Expresión de sorpresa ou asombro cando alguén di ou fai algo esaxerado, sen sentido ou pouco habitual. Xeralmente acompáñase facendo o sinal da cruz. *–Pediulle á familia que o fose buscar co carro e que levasen os ladrais para traer os*

coellos para xantar. – Xesús, María e Xosé! Canto máis vai, peor é.

3. Refráns

102. **A brétema en San Xoán tolle o viño e non dá pan:** *ref.* A néboa no mes de xuño é prexudicial para o desenvolvemento das uvas e do gran. *Este non vai ser ano de viño, a brétema en San Xoán tolle o viño e non dá pan.*
103. **Arde a casa? Quentarse aos cangos:** *ref.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 199).
104. **Besta vella, paso novo...:** *ref.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 201).
105. **Cada cousa no seu tempo e os nabos en Advento:** *ref.* Úsase para expresar que sempre hai un momento apropiado para algo e convén ter paciencia e agardar ese momento, ou aproveitalo antes de que pase. *Cando era nova non quixo ter fillos e agora anda cun tratamento a ver se aínda pode telos, pero cada cousa no seu tempo e os nabos en Advento.* # Adviento
106. **Coas bragas enxoiadas non se pillan as troitas:** *ref.* Para conseguir o que se quere, hai que esforzarse. *Non pensarás que che van traer o traballo á casa? Pois anda, que coas bragas enxoiadas non se pillan as troitas.*
107. **Con bicos e apertas non se fan os meniños, pero cos bicos son os principios:** *ref.* Expresión para indicar que é necesario poñer os medios, se se quere conseguir algo. *Se non probas, nunca vas saber se o dás feito. Con bicos e apertas non se fan os meniños, pero cos bicos son os principios.*
108. **Desde que o burro vai no po: xo, burro, xo:** *ref.* Dise cando xa é tarde para avisar de algo, cando un aviso ou consello chega tarde. *Si, agora*

sabiádelo todos, pero antes ninguén me avisou. Desde que o burro vai no po: xo, burro, xo.

109. **Desde que o sol se pon, pouco día queda:** *ref.* Úsase para indicar que xa queda pouco tempo para facer algunha cousa, especialmente tendo en conta a idade das persoas. *-Pero se non aprendiches antes, aínda podes facelo agora. -Agora tenche mala traza, desde que o sol se pon, pouco día queda.*

110. **Deus dão na eira e María tólleo na maseira:** *ref.* De pouco serve ter algo moi bo, de moi boa calidade, se non se sabe aproveitar ben. *Coas boas paredes que ten a casa e quérelas recebar! Deus dão na eira e María tólleo na maseira #Dios*

111. **Entre o fento e a folla, veña o demo e escolla** *ref.* Resalta a dificultade de elixir entre dúas opcións de escaso valor. *Deume a elixir entre os dous horarios, pero a verdade é que... entre o fento e a folla, veña o demo e escolla.* Tanto o fento coma a folla son elementos pouco apreciados á hora de facer esterco.

112. **Fun á casa allea e avergonceime e vin á miña e remedieime:** *ref.* Úsase cando se lle pide axuda a alguén que non a presta e acaba arranzándose un ben sen esa axuda. *Xa tiña a masa feita para a empanada, pero as cebolas non me valeron e a veciña tampouco mas puido prestar, que lle facían falta a ela. Así que, ao final, fixen unha pizza ben rica. Mira ti, fun á casa allea e avergonceime e vin á miña e remedieime.*

113. **Na carballeira de Santa Xusta unha xente á outra busca:** *ref.* Véxase *No camiño de Santa Xusta unha xente á outra busca*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 209).

114. **Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu:** *ref.* Quen coñece a dureza dalgunha situación pola que pasou adoita mostrarse máis esixente e altivo coas persoas que están na mesma situación. *-Parece mentira, seus tíos sempre o acolleron coma un fillo e agora que lles embargan a casa non é capaz de mirar por eles. -Sempre foi así, xa sabes: non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu. # pideu, sirveu*

115. **O demo, para facelas, cobre unha manta e, para descubrilas, toca unha gaita:** *ref.* As malas accións fanse ocultamente, pero descóbreense moi doadamente. *Ti asesórate ben antes de facer a declaración, que xa sabes que o demo, para facelas, cobre unha manta e, para descubrilas, toca unha gaita.*

116. **O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo:** *ref.* Cando alguén presta algo, especialmente diñeiro, é pouco probable que o recupere; polo tanto, é mellor que ocupe o seu lugar con outra cousa. *-Presteille a cafeteira o día da festa e aínda non ma devolveu. -Eu iría comprando outra. O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo.*

117. **O que fai o fillo na muller allea, perde o fillo e mais a feitura:** *ref.* Refírese ao pouco proveito que se saca de traballar para outra persoa. *Gastaron unha chea de cartos na casa dos sogros e agora velle unha irmá para a casa e eles teñen que marchar. O que fai o fillo na muller allea, perde o fillo e mais a feitura.*

118. **O que o seu cu pon a consellos, uns dinlle que é branco e outros dinlle que é negro:** *ref.* Cada persoa debe tomar as súas propias decisións. *-Pois aínda non sei como vou facer, porque*

no traballo dinme que me compensa alugar un piso e meus pais pensan que é mellor que viaxe todos os días. -Normal, o que o seu cu pon a consellos, uns dinlle que é branco e outros dinlle que é negro. # blanco

119. O que queira mel, polo San Miguel; e o que queira abellas, polas candeas:

ref. O San Miguel é a mellor época para recoller o mel. Xeralmente, a primeira parte úsase en sentido literal, pero tamén se pode usar en sentido figurado para indicar que sempre hai un momento apropiado para algo e convén ter paciencia e agardar ese momento; nese caso emprégase o refrán completo. *-Eu non sei de onde veñen estes tomates, que non saben a nada. -É que este non é tempo de tomates. O que queira mel, polo San Miguel; e o que queira abellas, polas candeas.*

120. O traballo feito non corre présa:

ref. É mellor ir adiantando o traballo cando hai tempo que ter que facelo logo con apuro. *Xa sei que quedara de traerche os libros para a semana, pero, como o traballo feito non corre présa, xa chos traio hoxe. #prisa*

121. Onde non vexas burro / corpo, non poñas carga; onde vexas orellas, dálle cebada:

ref. Non se lle pode encargar a alguén un traballo que se ve que non vai poder facer. *A culpa foi túa por pedirlle a el que cho arranxase. Onde non vexas burro, non poñas carga...*

122. Ovella que berra, bocado que perde:

ref. Dise cando alguén perde a oportunidade de facer algunha cousa por estar falando e non prestar atención. *-Eh! Que eu tamén quería outro viño. -Pois estiveras atenta cando preguntaron; ovella que berra, bocado que perde.*

123. Puxécheste detrás da silveira e pasouche a sementeira:

ref. Dise cando alguén perde a oportunidade de facer algunha cousa por non estar atento. *-Xa se me coou outro, pero que pasa? Non me ven, ou que? -Pois agora tes que esperar que volva cambiar o semáforo, puxécheste detrás da silveira e pasouche a sementeira.*

124. Tanto ben lle fai o demo a súa nai que lle quita os ollos:

ref. Ás veces, por querer facer ben, acábase facendo mal. *Fixenlle tantos remedios á planta para quitarlle o pulgón, que me acabou secando. Ás veces, tanto ben lle fai o demo a súa nai, que lle quita os ollos.*

125. Tanto ten Xan coma seu irmán:

ref. Expresión para manifestar a inutilidade de elixir entre varias opcións, cando todas se consideran igual de malas. *Eu non vou votar a ninguén, que son todos iguais, tanto ten Xan coma seu irmán.*

126. Tras de maio vén San Xoán:

ref. Úsase para expresar que todo muda e pode pasarse de estar nunha boa situación a que esta empeore, ou ao contrario. *Si, el tivo que pechar a tenda porque non tiña clientes, pero ti non fales moito, que tras de maio vén San Xoán.*

127. Vale máis o que o sol / a seca deixa que o que a auga cría:

ref. Úsase como resposta cando alguén se queixa porque non chove, pois, aínda que a chuvia é necesaria para obter unha boa colleita; se chove moito no verán, pérdense os froitos; en cambio, coa seca, aínda que algúns se perdan, os que se logran son mellores. *-Este verán veu moi seco, non sei se apañarei tomate ningún. -Non ha ter dúbida, vale máis o que a seca deixa que o que a auga cría. #agua*

Hai cousas que parecen lousas. Unha nova achega á fraseoloxía do Cachafeiro (Forcarei)¹

Ramón Anxo Martíns Seixo
Escola Oficial de Idiomas de Vigo

Resumo: Edición de 542 locucións, fórmulas e refráns recollidos no Cachafeiro (Forcarei) entre 2005 e 2017.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía, traballo de campo.

Abstract: Edition of 542 locutions, formulae and proverbs collected in O Cachafeiro (Forcarei) between 2005 and 2017.

Keywords: Galician Phraseology, Paroemiology, fieldwork.

1. Introducción

Nesta recolla reúno as unidades fraseolóxicas que fun ouvindo e anotando de 2005 a 2017 na aldea do Cachafeiro, pertencente ao concello de Forcarei, na Terra de Montes. Son exclusivamente fraseoloxismos ouvidos espontaneamente e en contextos reais.

O traballo desenvolveuse en tres fases. Na primeira fun anotando en calquera retallo de papel que tivese á man aquilo que me parecía unha unidade fraseolóxica e, sempre que me foi posible, o exemplo concreto. Eses apuntamentos funos pasando para un caderno e enchín unhas 75 páxinas. Na segunda fase, xa en 2015, comecei a decidir a maneira de presentar as expresións, as definicións, e a facer os exemplos que me faltaban. Por último, en 2017, reunín aquelas unidades sobre as que tiña dúbidas para llelas preguntar a cinco dos meus informantes. Os seus nomes son Áurea Barreiro, Jaime López, Arsenia Barreiro, Juan López e Margarita López. Debo dicir que as máis das expresións que inclúo nesta recadádiva, con diferenza, ouvinllas a estas cinco persoas e mais a Gil Cabana, xa falecido.

¹ Data de recepción: 22.12.2016. Data de aceptación: 08.05.2017.

O galego do Cachafeiro pertence ao bloque central, do que podemos destacar os trazos seguintes: a) plural dos nomes acabados en *-n*: *ladrós, cas, ruís*; b) terminación *-ao* en palabras como *irmao, verao* ou *chao*; c) ditongo *oi* en palabras como *moito, escoitar, loita, troita, noite, oito* ou *coiro*; d) existencia de gheada (*logho*); e) ausencia total de seseo (*cinco, nariz*) e f) formas verbais *colliches, vendiches*. Por outra parte, ten tamén algunhas formas coincidentes coas do bloque occidental, en concreto a terminación *-án* para o feminino en palabras como *irmán* ou *lan* ou o pronome persoal tónico de segunda persoa *ti*. Finalmente, tamén son características desta fala as formas acabadas en *-eu* na terceira persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos acabados en *-ir* (*subeu, parteu*) ou o verbo *caír*.

En relación co aspecto anterior, respecto nos lemas as características do galego do Cachafeiro sempre que sexan variantes dialectais. Se corrixo algunha palabra, indico ao final da entrada a unidade fraseolóxica (de aquí en diante UF) tal como a ouvín. Nos exemplos utilizo as mesmas variantes ca nos lemas e alén diso procuro empregar outros trazos propios da fala deste lugar. En concreto as variantes dialectais que inclúo neste traballo son as seguintes: *agua, caír* por *caer*, *cas* por *cans*, *chao* por *chan*, *dou* por *deu*, *esto, eso, aquilo, irmán* por *irmá, irmao* por *irmán*, *lan* por *la*, *mañán* por *mañá*, *mao* por *man*, *mazán* por *mazá*, *pareu* por *pariu*, *pideu* por *pediu*, *saeu* por *saíu*, *sirveu* por *serviu*, *verao* por *verán* e *veu* (verbo *ver*) por *viu*.

Sobre o uso das conxuncións comparativas e da segunda forma do artigo, cómpre dicir que xeneralizo as solucións *coma* e *ca*, no primeiro caso, e non represento ese alomorfo do artigo (que é o habitual), no segundo, xa que, en ambos os casos, o seu uso polos meus informantes non é uniforme. Só manteño a segunda forma do artigo despois do signo # cando se trata de casos en que non se contempla a súa representación nunca na escrita (*Dio-lo faga mellor, pouca-las gracias*).

Debo facer agora unhas aclaracións sobre varios dos tipos de unidade fraseolóxica que recollo na epígrafe 2.2.2. (Locucións adxectivas e comparacións). No caso de que unha locución adxectiva teña tamén uso adverbial, recollo tamén ese uso nesta epígrafe e inclúo unha entrada remisiva en 2.2.4. (Locucións adverbiais).

Aínda que as comparacións estereotipadas en xeral teñen dúas variantes principais, que poderíamos presentar no lema (*máis pesado ca o chumbo / pesado coma o chumbo*), a primeira de desigualdade e a segunda de igualdade, só consigno a forma que ouvín, que é case sempre a segunda. En ocasións recollo tamén outra variante no lema [(*cabezudo*) *coma unha mula / (cabezudo) igual ca unha mula*]. Normalmente o adxectivo das comparacións pódese elidir e, cando me consta que é posible iso, póño entre parénteses, como en (*duro*) *coma un corno*. Con todo, hai veces que non teño claro que se poida facer (*feo coma un corno, rico coma un porco*).

Por outra parte, nas comparacións o habitual é que, se o referente está en singular e co artigo indefinido, se se trata dun substantivo contable, faga o plural sen o dito artigo (*duro coma un corno*; plural: *duros coma cornos*). De todas as maneiras, sería posible tamén que o referente estivese en singular. Se no referente aparece un substantivo non contable ou

colectivo, mantense na forma en singular (*branco coma a neve*, plural: *brancos coma a neve*; *seres coma a xente*, plural: *serdes coma a xente*). Cando a comparación en singular se usa co referente en plural, este mantense tamén cando se fai o plural (*máis vello ca os meus zocos*; plural: *máis vellos ca os meus zocos*).

No caso das locucións adverbiais que se poden usar en diminutivo, non inclúo esta variante no lema, senón despois da definición e entre corchetes. En realidade trátase dun só caso: *ao calado*.

Con respecto á indicación da frecuencia das locucións e as fórmulas –non dos refráns–, establezo catro posibilidades:

- a) UF sen asterisco: ouvina só unha vez e non é completamente segura nalgún dos aspectos;
- b) UF cun asterisco (*): ouvina poucas veces mais é totalmente segura;
- c) UF con dous asteriscos (**): é bastante frecuente e
- d) UF con tres asteriscos (***): é moi frecuente.

Esta cuestión refírese á maior ou menor frecuencia de uso das expresións por parte dos meus informantes do Cachafeiro, non do galego en xeral. Para este punto contei coa axuda de Margarita López e, por tanto, trátase dunha apreciación persoal nosa.

Quixera, por último, agradecerlles aos meus informantes as súas inestimables axuda e amabilidade xa que, con certeza, este traballo non existiría sen eles. Os nomes e anos de nacemento dos principais son os seguintes: Áurea Barreiro Rivas (1929), Jaime López Varela (1930), Arsenia Barreiro Rivas (1927), Gil Cabana Carballo (1930-2012), Alfonso Barreiro Rivas (1925), Lola Vilar Penas (1932), Delfina López Varela (1921), Julia López Fernández (1943), Juan López Barreiro (1952), Margarita López Barreiro (1962) e Teresa Fernández Sieiro (1961). Son todos eles do Cachafeiro ou dalgún lugar próximo coa excepción de Gil Cabana, natural dunha aldea de Monterroso, aínda que viviu máis ou menos desde os 28 ou 29 anos no lugar. Considero este último dato pertinente pois algunha das expresións por el empregadas é posible que non o sexa polos máis, como indico nalgún lugar destas páxinas.

2. Recadádiva

2.1. Abreviaturas e símbolos empregados

COL. = coloquial.

comp. = expresión comparativa.

EUF. = eufemismo.

fig. = figurado.

fórm. = fórmula.

HUM. = humorístico.

l.adv. = locución adverbial.

l.adx. = locución adxectiva.

l.pron. = locución pronominal.

l.s. = locución substantiva.

l.v. = locución verbal.

PEX. = pexorativo.

ref. = refrán.

[u.c.] = unha cousa (suxeito de cousa).

[u.p.] = unha persoa (suxeito de persoa).

VULG. = vulgar.

* = unidade fraseolóxica algo frecuente.

** = unidade fraseolóxica bastante frecuente .

*** = unidade fraseolóxica moi frecuente.

> = remite a onde aparece a explicación.

= forma como foi ouvida a UF².

2.2. Locucións

2.2.1. Locucións substantivas²

1. **a carreiriña dun can** ** *l.s.* Unha distancia máis ben curta. *Desde aquí hai a carreiriña dun can.*
2. **a quinta virxe** *l.s.* COL. Un lugar moi afastado. *Había tanta xente na praia que tiveron que ir deixar o coche á quinta virxe.* # a quinta virghe.
3. **a raia de tres pedras** ** *l.s.* Xogo que consiste en poñer en liña, antes ca o rival, tres pedras ou fichas nun taboleiro cadrado en que cada lado ten tres puntos (un en cada extremo e outro no medio) mais outro no centro do cadrado. *De pequenos xogabamos moito á raia de tres pedras no chao.*
4. **agua chilra** ** *l.s.* COL. Bebida de pouca calidade, xeralmente pouco mesta ou con pouca substancia. [Dise do café, do caldo, da sopa...]. *Esta*

agua chilra non hai quen a beba. #
agua chilre/chilra

5. **bo peixe** *** *l.s.* COL. Persoa coa que hai que ter coidado, persoa mala ou pouco de fiar. *Meu avó disque era un bo peixe.* / *Bos peixes eses dous.*
6. **burra de panda / burro de panda** *l.s.* COL. Persoa da que se pode abusar. *Pensan que eu son unha burra de panda mais voules demostrar eu que non é así.*
7. **cara de can** *** *l.s.* COL. Expresión ou xesto de desgusto, hostilidade ou reprobación. *Botamos a sortes e tocoulle a ela. Se me tocasse a min, poñía cara de can.*
8. **cara de leite callado** ** *l.s.* COL. Cara moi pálida. *Que cara de leite callado tes!*
9. **cerna dura** ** *l.s.* Cousa moi dura; persoa que está dura, que está sa e forte. *Esa muller é cerna dura; ti sabes os anos que ten?* [Nota: a cerna é a

² Ás veces despois deste signo inclúo unha variante (*agua chilra/chilre*) ou o verbo co que foi ouvida a UF.

- parte interior e máis dura do tronco dunha árbore].
10. **cu aberto** *** *l.s.* COL. Persoa que deixa a porta aberta. *Este é un cu aberto, non hai maneira de que cerre a porta.*
 11. **espírito de contradición** ** *l.s.* Persoa que defende sempre o contrario dos outros. *Ti es un espírito de contradición, non se pode falar contigo.*
 12. **fame de can** *** *l.s.* COL. Fame grande. *Con este réxime teño unha fame de can.*
 13. **frío de can** *** *l.s.* COL. Frío intenso. *Pasamos un frío de can.*
 14. **mala hora** ** *l.s.* Momento desafortunado. *Dille que ela non debería ter en conta o que eu lle dixen nunha mala hora.*
 15. **mala lingua** ** *l.s.* Persoa que ten por costume murmurar ou calumniar. *Non lles hai que facer caso ás malas linguas.* # mala lingua.
 16. **mundos e moreas** *** *l.s.* COL. Moitas cousas, gran cantidade [de algo], [xeralmente riquezas ou cousas de valor ou importancia. Úsase con verbos como *facer, ofrecer, prometer, querer* ou *ter* e, a miúdo, ironicamente]. *Prometen mundos e moreas.*
 17. **ninguén que vai para ningures** *** *l.s.* COL. PEX. Persoa sen importancia, persoa insignificante. *Ese é un ningúen que vai para ningures, non lle fagades caso.* # ninguién que vai pra ningures.
 18. **o cabo do mundo** *** *l.s.* COL. Un lugar moi afastado. *Vós dicide que sodes do cabo do mundo.*
 19. **o ollo do paxariño** ** *l.s.* COL. O mellor sitio, un sitio privilexiado. *É normal que haxa tanta xente nesta zona, é o ollo do paxariño.*
 20. **oído de tuberculoso** * *l.s.* COL. Oído moi bo. *Non lle fai falta ningunha ir ao otorrinolaringólogo, ten oído de tuberculoso.*
 21. **óso malo de roer** *** *l.s.* COL. Cousa difícil, traballosa ou molesta; persoa difícil, complicada por algún motivo. *Temos aí un óso malo de roer.*
 22. **Piro Chosco** *** *l.s.* COL. O sono [Dise sobre todo falando cos nenos pequenos cando comezan a topelear]. *Vai para a cama que xa che está vindo o Piro Chosco.*
 23. **roupa vella** ** *l.s.* Comida en que se utilizan para a súa elaboración restos doutras. *Cos restos do xantar vou facer roupa vella.*
 24. **santo remedio** *** *l.s.* COL. Medida, decisión ou solución moi eficaz. *Fixen o que me dixeches e foi santo remedio.*
 25. **sopas de cabalo cansado** *** *l.s.* Pan mollado en viño (xeralmente tinto). *Vou facer unhas sopas de cabalo cansado que hai tempo que non as como.*
 26. **un mundo** ** *l.s.* COL. Gran cantidade, gran número. *Pasa por aquí un mundo de xente. / Non vai ser fácil encontrar a receita: alí hai un mundo de papeis.*
 27. **un nada e todo** *** *l.s.* Unha chisca, unha porción moi pequena [de algo]. *Ao bacallau quiteille un nada e todo.*
 28. **un ollo da cara** *** *l.s.* COL. Un prezo moi alto. *Custoulle un ollo da cara. / Sáelles por un ollo da cara.*
 29. **unha chea** *** *l.s.* Gran cantidade [de algo]. *Chamou Maruxa unha chea de veces. / Deus que os pareu, teñen unha chea de negocios!*
 30. **xustiza de carballeira** ** *l.s.* COL. Resolución dun asunto ou vinganza con violencia física. *Tantas lle fixeron que acabou facendo xustiza de carballeira.* # xusticia de carballeira.

2.2.2. Locucións adxectivas e comparacións

31. **á boa fe** ** 1. *l.adx.* Ben intencionado, sen malicia. *A miña avoa era moi boa, moi á boa fe.* 2. *l.adv.* Con boa intención, sen malicia. *Partiron á boa fe e foilles mellor.*
32. **a campo** ** *l.adx.* Sen cultivar, sen labrar [unha terra, un terreo etc.]. *Deixaron as terras a campo e dá mágoa velas.*
33. **a chupe** *** 1. *l.adx.* Vertical, en pendente, inclinado, empinado. – *Tendes que ter coidado nesa costa onda a Fonte da Pena que podedes escorregar.* – *É a chupe.* / *Esas esqueiras están moi a chupe.* 2. *l.adv.* Verticalmente, en pendente. *Para chegar á súa casa hai que subir a chupe durante media hora.*
34. **a monte** *** *l.adx.* 1. Sen cultivar [unha terra, un terreo etc.]. *Ten esa veiga a monte.* 2. Sen educación, sen disciplina [unha persoa]. *Este rapaz está a monte, a ver se o educades.*
35. **a pé** *** 1. *l.adx.* Levantado, sen estar deitado. *Cando chegamos era noite pecha mais aínda estaban a pé.* / *Inda andades a pé a estas horas?* 2. *l.adv.* Andando, camiñando. *Imos a pé a Forcarei? Só se tarda media hora.*
36. **á xaneira** *** *l.adx.* COL. [Úsase con verbos como *andar* e *estar*]. 1. En celo [Dise, xeralmente, dos gatos e doutros animais]. *Andan á xaneira as raposas.* 2. Por extensión, con desexo sexual [as persoas]. *Ese anda sempre á xaneira.*
37. **agarrado dos cartos** *l.adx.* COL. Apegado en exceso ao diñeiro, remiso a dar e gastar. *A ela quérolle, pero agarradiña dos cartos ben che é.*
38. **agudo coma un pemento** *** *comp.* COL. Moi agudo, moi espelido. *A rapaza que atende a túa tía é aguda coma un pemento.* # agudo coma un pimiento.
39. **(agudo) coma unha chispa** *** *comp.* COL. Moi agudo. *É coma unha chispa.*
40. **ata os ollos** ** *l.adx.* COL. Cheo, saturado, farto. *El, de capital, está ata os ollos.* # asta os ollos.
41. **(borracho) coma unha xota** ** *comp.* COL. Moi bébedo. *Beberon moito: viñan todos coma xotas.*
42. **(branco) coma a neve** *** *comp.* Moi branco. *Aí onde nace a agua hai uns coios brancos coma a neve.* # blancos (?) coma a neve.
43. **(cabezudo)³ coma unha mula** *** / **(cabezudo) igual ca unha mula** *** *comp.* COL. Moi obstinado, moi teimoso. *Vós tamén sodes cabezudos!, sodes igual ca mulas!* # terco coma unha mula / tercos igual ca mulas.
44. **(cego) coma as toupas** *** *comp.* COL. Completamente cego ou con pouca vista. – *Non vexo nada ben, teño que ir ao oculista.* – *E logo o teu irmao? O teu irmao está tamén coma as toupas.*
45. **co rabo entre as pernas** *** *l.adx.* COL. Avergñado, humillado [Úsase con verbos como *fuxir*, *irse*, *saír* etc.]. *Se perden van co rabo entre as pernas.*
46. **coa boca aberta** *** *l.adx.* COL. Abraiado, sorprendido, admirado. [Utilízase sobre todo con verbos *deixar* ou *quedar*]. *Quedaron coa boca aberta.* / *Todos escoitaban coa boca aberta.*
47. **coa lingua na boca** *** *l.adx.* Con

³ Esta UF ouvina, como indico, co castelanismo “terco –a”, mais inclúo aquí o adxectivo “cabezudo –a” pois é unha palabra de uso bastante corrente no Cachafeiro. Na vila próxima de Cerdedo o que ouvín foi “testudo –a”.

- apetito, con gana de comer. *Que? Vindes coa lingua na boca? / Xa estamos coa lingua na boca.* # estar/vir coa lingua na boca.
48. **coma a xente** *** 1. *l.adx.* Correcto, de bo comportamento, razoable. *A ver se vos ensinan a ser coma a xente.* 2. *l.adv.* Da maneira correcta ou axeitada, de xeito razoable, ben. *E ti non podes falar coma a xente? Non podes dicir as cousas doutra maneira?*
49. **coma se cantara un carro** *** COL. 1. *l.adx.* Indiferente, totalmente inútil. *Se eu llo digo é coma se cantara un carro.* 2. *l.adv.* Con total indiferenza, sen prestar atención, sen facer caso. *El oe coma se cantara un carro os consellos que lle dás e despois segue facendo o que quere.*
50. **coma un rebolo** ** *comp.* COL. Moi gordo. *Ela está coma un rebolo.* # estar coma un rebolo.
51. **coma un reloxo** *** 1. *l.adx.* Saciado, farto de comer e beber ben. [Úsase con verbos como *estar*, *ir* ou *quedar*]. *Hoxe quedei coma un reloxo.* 2. *l.adv.* Ben de saúde, sen problemas. *—Como estaba a túa tía? —Estaba coma un reloxo.* # coma un reló.
52. **como da agua ao viño** *** *l.adx.* Moi diferentes. *Os dous son como da agua ao viño.*
53. **contento coma un parrulo** * *comp.* COL. Moi contento. *Viña contento coma un parrulo.*
54. **cunha mao adiante e outra atrás** *** *l.adx.* COL. Sen diñeiro, sen posesións, sen recursos. *Veu cunha mao adiante e outra atrás.*
55. **cunha perna encima doutra** *** *l.adx.* COL. Sen facer nada, sen traballar. *—Mamá, que fas? —Estou cunha perna encima doutra.*
56. **das polainas** ** *l.adx.* COL. [A persoa] mencionada; [a persoa] a que me refiro. [Xeralmente ten un valor despectivo ou humorístico]. *E o médico das polainas ¿non o mandou irse sen lle mandar facer unhas análises? / Pois foivos o tal das polainas, si, o mesmiño que presumía tanto.* # o tal das polainas⁴.
57. **de balde** *** 1. *l.adx.* Gratuito. *Os billetes son de balde.* 2. *l.adv.* Gratuitamente, sen cobrar ou sen pagar. *Tenlle que pagar que a rapaza non lle vai de balde. / Non tivo que pagar, saeulle de balde.*
58. **de bo ano** ** *l.adx.* COL. Con aspecto saudable, con aspecto de ben alimentado, gordo. *A cara tena de bo ano.*
59. **de bo xacer** * *l.adx.* [Persoa] de boa condición, moi bo, fácil de contentar. *El é de bo xacer.*
60. **de carallo** *** 1. *l.adx.* VULG. Moi bo, excelente, impresionante; moi grande. *O chalé era de carallo. / Ten unha galbana de carallo.* 2. *l.adv.* Moi ben, estupendamente; moito. *A casa quedou de carallo. / Esta vez penso que me pasei de carallo, non tiña que dicir o que dixer.*
61. **de cedo** *** *l.adx.* Temperán, que madurece antes do habitual nos outros. [Dise de froitos ou vexetais]. *Estas mazáns de cedo son moi sabedeiras.*
62. **de ferro** *** *l.adx.* Duro, forte, resistente. *Sempre me esperta cando estou a durmir, el pensa que son de ferro.*
63. **de moito pistón** ** *l.adx.* COL. Moi grande, impresionante, tremendo. *Esta xente non hai quen cha entenda, é unha tarabela de moito pistón.*

⁴ Dos dous usos que aparecen nos exemplos (como complemento dun substantivo e como complemento do identificador “o tal”), só ouvín o segundo.

64. **de punta** * *l.adx.* COL. Con actitude hostil, de mal talante, de mala vontade. *Non te poñas tanto de punta que xa debías estar cocido; estás canso de saber como é a xente.* # poñerse de punta.
65. **de tarde** *** *l.adx.* Serodio, que se dá ou madurece tarde [Dise de froitos ou vexetais]. *O millo de tarde xa está abondo grande.*
66. **(delgado) coma un fideo** *** *comp.* COL. Moi delgado. *A filla está coma un fideo.*
67. **(delgado) coma unha espadela** *** *comp.* COL. Moi delgado. *Esa rapaza está coma unha espadela.* [Nota: unha espadela é un utensilio de madeira, con forma de coitelo, empregado para espadellar o liño, ou sexa, tirarlle a casca batendo nel].
68. **dereito coma un fio** *** *comp.* COL. Moi dereito. *Desde alí vas dereito coma un fio.*
69. **do aire** ** *l.adx.* COL. [Persoa] pouco seria, pouco cumpridora, que muda logo de opinión, de pouco siso. [Úsase adoito con substantivos como *xente*]. *Tes un veciño un pouco do aire. / Xa che dicía eu que son xente do aire.* # xente do aire.
70. **do carallo** *** *l.adx.* VULG. Moi ruín, pésimo, desprezable. *—Agora ten tres días que non traballa. —Ese tamén é un negocio do carallo. / Pasei unha noite do carallo. / É un papán do carallo.*
71. **dun tempo** *** *l.adx.* Da mesma idade. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *Todos somos dun tempo.*
72. **(duro) coma un corno** * *comp.* COL. Moi duro, de moita dureza. *Este anaco de pan está duro coma un corno / Os kiwis están duros coma cornos.*
73. **duro coma un garrufo** * *comp.* COL. [Persoa] Moi dura, moi forte. *Está duro coma un garrufo, inda habemos de ir antes todos nós.*
74. **(duro) coma un penedo** *** *comp.* COL. Moi duro, de moita dureza. *Este pexego está coma un penedo.*
75. **en bolina** *** *l.adx.* COL. Apurado, atarefado. *Cos preparativos para aquel banquete andabamos todos en bolina.*
76. **esfolado coma un cazón** * *comp.* COL. Moi esfolado. *Acabei co cu esfolado coma un cazón de tanta bicicleta.* [Nota: o cazón (*Galeorhinus galeus*) é un peixe mariño de esqueleto cartilaxinoso e pel áspera e grosa que, ás veces, despois de seca, servía de lixa. A UF se cadra vén de que este peixe case sempre se presenta nas peixarías esfolado].
77. **(falso) coma unha mula** *** *comp.* COL. Moi falso, moi traidor. *Este coche é falso coma unha mula.*
78. **feo coma un corno** *** *comp.* COL. Moi feo. *O rapaz é feo coma un corno, mais a ela gústalle.*
79. **fino coma a lan de gato** *** *comp.* COL. **1.** Moi agudo ou vivo; moi astuto. [Ás veces en sentido irónico]. *O Cachote é fino coma lan de gato. 2.* Moi fino, moi esixente. [Ás veces en sentido irónico]. *Non che come de todo, é fino coma a lan de gato.*
80. **(grande) coma a roda dun carro** ** *comp.* COL. Moi grande [dito especialmente de certas cousas: empanadas, roscas, moletes etc.]. *A médica doume un medicamento coma a roda dun carro.* # coma a roda dun carro.
81. **(limpo) coma un coral** *** *comp.* COL. Moi limpo. *As patacas estaban limpas coma corais. / Ten a casa coma un coral. / A pintura da parede da sala*

- está descascada, mais o resto da casa está coma un coral.*
82. **(listo) coma a pólvora** ** *comp.* COL. Moi agudo. *A rapaza é coma a pólvora.* # é coma a pólvora. [Nota: nesta UF equipárase a agudeza dunha persoa coa rapidez da pólvora].
83. **máis pesado ca o chumbo** ** *comp.* COL. Moi aborrecido, moi pesado ou molesto. *Anda, pesado, que es máis pesado ca o chumbo.* # máis pesado ca o plomo.
84. **máis teso ca un garabullo** *** *comp.* COL. 1. Moi dereito, moi estarricado, moi teso. *Sempre foi máis teso ca un garabullo e os fillos saen a el.* 2. Cheo de presunción ou vaidade; moi orgulloso. *Anda máis teso ca un garabullo co novo posto na empresa.*
85. **máis vello ca os meus zocos** *** *comp.* COL. Moi vello. –“*A saia da Carolina*” é unha canción moderna. – *Non, ho, é máis vella ca os meus zocos!*
86. **malo coma a sarna** *** *comp.* COL. Moi malo. *Son malos coma a sarna.*
87. **(mollado) coma un pito** *** *comp.* COL. Moi mollado, empapado. *Ídesvos poñer coma pitos.*
88. **na cerna** ** *l.adx.* Moi duro, moi san e forte. *A túa cuñada xa ten máis de 90 anos mais estache na cerna.* [Véxase a nota da UF número 9].
89. **negro coma o acibeche** *** *comp.* COL. Moi negro; moi escuro. *É negro coma o acibeche.*
90. **nos biosbardos** *** *l.adx.* COL. Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Hoxe andas nos biosbardos.*
91. **novo do trinque** *** *l.adx.* COL. Novo de todo. *Ten uns zapatos que comprou hai 15 anos novos do trinque.*
92. **para poñer nas orellas** ** *l.adx.* COL. Pequeno, escaso, curto [Aplicase xeralmente ás pezas de roupa ou ao calzado]. *Estes zapatos son pra poñer nas orellas.*
93. **para sacramentos** ** *l.adx.* COL. En mal estado físico, con pouca saúde. *Levou tal soba que se puxo para sacramentos.*
94. **pequeno coma un coucho** * *comp.* COL. Moi pequeno, moi baixo. *Veume visitar a médica. Doume un abrazo. É pequeniña coma un coucho, esa muller.* [Nota: coucho é un sinónimo de noz]. # Esta UF ouvinlla a Gil Cabana.
95. **que mete medo** *** COL. 1. *l.adx.* [Cando modifica un substantivo]. Moi bo, excelente, impresionante; moi grande. *Tiñan un sabor que metía medo. / Dá cada voz naquela casa que mete medo. / Tes unha nugalla que mete medo.* 2. *l.adv.* [Cando modifica un verbo]. Moito; moi ben, estupendamente. *Ao fritir o chourizo en viño, salta que mete medo. / A comida sabía que metía medo.* 3. *l.adv.* [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *Ese home é aburrido que mete medo. / Daquela erguíame cedo que metía medo.*
96. **que nin o demo** *** COL. 1. *l.adx.* [Cando modifica un substantivo]. Moi grande, impresionante, tremendo. *Teño unha gripe que nin o demo!* 2. *l.adv.* [Cando modifica un verbo]. Moito, tremendamente. *Os ourizos hai que os coller con coidado que pican que nin o demo.* 3. *l.adv.* [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *Era unha troita grande que nin o demo. / Onte veu tarde que nin o demo.*
97. **que nindiós** *** COL. 1. *l.adx.* [Cando

modifica un substantivo]. Moi grande, impresionante, tremendo. *Boteille unha rifa que nindiós. / Os rapaces facían un ruído que nindiós. 2. l.adv.* [Cando modifica un verbo]. Moito, tremendamente. *Apértao que nindiós. / Durante o sono roncaba que nindiós. 3. l.adv.* [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *O fulano píxose desagradable que nindiós. / O lugar estaba lonxe que nindiós.*

98. **quente coma o caldo** *** *comp.* COL. Moi quente. *Esta cociña está quente coma o caldo.*
99. **(quente) coma un rixón** *** *comp.* COL. Ben quente. *Estaba na cama quentiña coma un rixón.* [Nota: un rixón é un anaco pequeno de touciño que se consome adoito na *torta de rixós* ou quente logo de pasado pola tixola para que solte parte da graxa].
100. **retorcido coma os cornos dun carneiro** * *comp.* COL. Moi retorcido. *Esa é retorcida coma os cornos dun carneiro.*
101. **rico coma un porco** *** *comp.* COL. PEX. Moi rico. [Dise como crítica]. *Ese fulano está rico coma un porco.*
102. **rubio coma unha guinda** ** *comp.* COL. Moi rubio, moi encarnado. *Estás rubia coma unha guinda.*
103. **(san) coma un buxo** *** *comp.* COL. Moi san, forte, con boa saúde. *—Eu non tomo ningún medicamento. —Ti estás coma un buxo. # sano/sana coma un buxo.*
104. **(torto) coma unha abeaca** * *comp.* COL. Moi torto [xeralmente dise das pernas]. *Ten as pernas tortas coma abeacas.* [Nota: chámase abeaca a cada unha das dúas pezas curvas do arado, de madeira ou ferro, colocadas

atrás e de ambos os lados da rella e que serven para revirar e estender a terra levantada].

105. **(verde) coma o allo** *** / **(verde) coma un allo** *** *comp.* COL. Moi verde, sen madurar [vexetal]. *Esta pera está verde coma os allos.*

2.2.3. Locucións verbais

106. **abrir** [u.p.] **a boca** *** *l.v.* COL. Vender moi caro, pedir moito diñeiro. *—Por que non colledes a casa aquela en alugueiro? —Porque o dono abre a boca que mete medo.*
107. **abrir** [u.p.] **os ollos** *** *l.v.* Estar atenta e vixilante; darse conta da realidade. *Ti es o que tes que abrir os ollos.*
108. **abrir** [u.p.] **os ollos** [a alguén] *** *l.v.* Desenganar [alguén], facer ver a realidade [a alguén]. *Non lle abras os ollos, non lle expliques nada.*
109. **abrir** [u.p.] **(unha) canteira** ** *l.v.* COL. Comezar a falar dun asunto diferente. *Non lle preguntou máis nada porque se lle pregunta abre canteira.*
110. **aburrir** [u.p.] **a un santo** *** *l.v.* COL. Ser moi aborrecida, facer perder a calma, desesperar [alguén]. *Están sempre falando do mesmo. Aburren a un santo!*
111. **afogar** [u.p.] **nun vaso de agua** *** *l.v.* COL. Dar moita importancia a un pequeno problema, aflixirse ou preocuparse por un motivo insignificante. *Púxose a chorar e díxenlle eu: mira, non afogues nun vaso de agua. # non te afogues nun vaso de agua.*
112. **andar** [u.p.] **atrás** [de alguén] **coma un can** *** *l.v.* COL. Seguir constantemente [alguén]. *O problema teno el que anda atrás miña coma un can.*
113. **andar** [u.p.] **con panxoliñas** ** *l.v.* COL. Proceder con precaución e

- coidado para non ofender nin molestar. *A rapaza que os coida non che anda con panxoliñas, ponos a andar logo.*
114. **andar** [u.p.] **de ventre** *** l.v. EUF. Defecar. *Levo uns días sen andar de ventre.*
115. **apertar** [u.p.] **as caravillas** [a alguén] *** l.v. COL. Poñerse severa ou rigorosa [con alguén], presionar [alguén para obter algo del]. *A eses hai que lles apertar as caravillas un pouco. # apretar as caravillas.*
116. **apertar** [u.p.] **o cinto** *** l.v. COL. Facer economías, reducir o gasto. *A nós vainos custar menos apertar o cinto. # apretar o cinto.*
117. **arder** [u.c.] **nun candil** ** l.v. COL. Ser de calidade, boa, eficaz. [Dise sobre todo de bebidas e comidas]. *Fixemos unha sopa que arde nun candil. / Este viño arde nun candil.*
118. **armar** [u.p.] **ao merlo** * l.v. COL. Argallar algo, enredar. *Xogan o Barça e o Sevilla a Supercopa e eso que o Sevilla perdeu a final da copa. Ti mira como lle arman ao merlo.*
119. **beber** [u.p.] **coma unha draga** * l.v. COL. Beber moito. *O meu avó bebía viño coma unha draga e chegou aos 90 e tantos anos.*
120. **botalas** [u.p.] **fervendo** [a alguén] ** l.v. COL. Falar claramente, dicir as cousas directamente, sen rodeos. *El non anda con panxoliñas, el bóttallas fervendo, por eso a el non lle conta nada e a min si.*
121. **botar** [u.p.] **as contas sen o taberneiro** *** l.v. COL. Planear sen medir as dificultades; crear falsas expectativas. *—Que prognósticos máis optimistas fai ese político! —El bota as contas sen o taberneiro. # botar a(s) conta(s) sen o taberneiro.*
122. **botar** [u.p.] **de conta** [algo] *** l.v. Imaxinar, supoñer. *El bota de conta que non vai ganar nada con eso.*
123. **botar** [u.p.] **lume** *** l.v. COL. Estar furiosa. [Úsase moito na construción **estar que bota lume**]. *Cando lle dixeron aquilo, botaba lume. / Meu pai está que bota lume.*
124. **botar** [u.p.] **mao a** [algo ou alguén] *** l.v. Recorrer a [algo ou alguén]. *Non hai a que botar mao para comer.*
125. **botar** [u.p.] **mao de** [algo ou alguén] *** l.v. Coidar de, ocuparse de [alguén ou algo]. *Temos que botar mao del que está moi delgado.*
126. **botar** [u.p.] **por alto** ** l.v. COL. Ser soberbia. *Non botes por alto, hai que ser un pouco máis humilde.*
127. **botar** [u.p.] **por largo** ** / **tirar** [u.p.] **por largo** ** l.v. COL. Gastar sen reparo. *Estaban habituados a tirar por largo e agora non poden, claro.*
128. **botar** [u.p.] **soberbias** *** l.v. COL. Vangloriarse, alardear; falar mal doutros ou facer críticas doutros que poden chegar a facer dela ou que poden volveirse contra ela. *—Eu eso nunca o faría; é imposible que me pase a min algo así nunca na vida. —Si, bota soberbias, bota.*
129. **botar** [u.p.] **terra** [a algo] *** l.v. Facer que non se volva falar [de algo], facer que se esqueza, encubrir ou esconder [algo]. *Sempre acaban botándolle terra a asuntos deses.*
130. **botarse** [u.p. a alguén] **coma un can** *** l.v. COL. Poñerse moi alporizada [con alguén]; tentar agredir, atacar ou bater [a alguén]. *Botábase a eles coma un can. / Que mal lles sentou aos xornalistas o que lles dixo: botáronse a el coma cas.*
131. **caber** [u.c.] **na cabeza** [a alguén]

- *** *l.v.* COL. Poder comprender [esa cousa]; poder imaxinar [esa cousa]. *Non me cabe na cabeza que dixese eso.*
132. **cagar** [u.p.] **por ela** *** *l.v.* VULG. Ter moito medo. *Non están afeitos a esas acciós e cagan por eles.*
133. **caír** [u.p.] **da burra** *** *l.v.* COL. Recoñecer estar equivocada; rectificar; darse conta, comprender. *Por máis que lle explicamos como é a cousa, non cae da burra.*
134. **caír** [u.p.] **de pé** *** *l.v.* COL. Ter moita sorte. *Non deberían queixarse, eles en España caíron de pé.*
135. **caíren as aves do ceo** ** *l.v.* COL. Ir moita calor, quentar moito o sol. *Non saíades agora con este testeiro que caen as aves do ceo.*
136. **caíren as soberbias** [a alguén] *** *l.v.* COL. Incorrer en algo que antes criticara noutros, ocorrerlle algunha cousa de que alardeara que non lle sucedería. *– Tanto presumir que estaba coma un buxo e mirao agora. – A ese caíronlle as soberbias. / – Estou certo que a min eso non me vai pasar nunca; nin tolo. – Non botes soberbias que che poden caír.*
137. **caíren os ollos** [a alguén por algo] ** *l.v.* COL. Ollar [u.p.] con desexo [algo], agoar, devecar [por algo]. *Cáenche os ollos cada vez que miras.*
138. **calar** [u.p.] **a boca** *** *l.v.* COL. 1. Non falar. *En casos así é preferible calar a boca.* 2. Deixar de falar. *Cala a boca que cada un limpa o seu.* # calar/ calarse a boca.
139. **calar** [u.p.] **coma un afogado** ** *l.v.* COL. Ficar calada, non falar por precaución, discreción, temor ou timidez. *O teu pai cando lle botei na cara aquilo calou coma un afogado porque el sabía que eu tiña razón.*
140. **calcar** [u.p.] **ao carro** * / **cargar** [u.p.] **ao carro** *** *l.v.* COL. Beber alcol en exceso. *Gústalle este viño. Sabes por que? Porque lle carga ao carro e non lle fai mal.*
141. **cambiar** [u.p.] [dalgunha cousa] **coma de camisa** ** *l.v.* Mudar frecuentemente [desa cousa]. *Cámbianlles de nome como de camisa.*
142. **cambiar** [u.p.] **de tocata** *** *l.v.* COL. Modificar un hábito. *– Cambiei de tocata. – E logo? – Porque trouxen outras froitas.*
143. **cambiar** [u.p.] **os ollos polo rabo** *** *l.v.* COL. Saír perdendo [nun troco, nunha escolla], facer un mal negocio. *A de antes era moito mellor. Non che parece que cambiou os ollos polo rabo?*
144. **campar** [u.p.] **coma un perico** *l.v.* COL. Sentarlle ben a roupa. *Con aquel traxe campaba coma un perico.* [Nota: un perico é un carneiro].
- cargar** [u.p.] **ao carro** > 140
145. **cerrar** [u.p.] **a boca** [a alguén] *** / **tapar** [u.p.] **a boca** [a alguén] *** *l.v.* COL. Dicir algo que faga calar [alguén]; dicir algo que deixa sen argumentos [alguén]. *Gardo estes recortes para despois cerrarlles a boca a algúns.*
146. **cerrar** [u.p.] **de mao** [con alguén] ** *l.v.* COL. Entenderse [con alguén], poñerse de acordo [con alguén], ser cómplice [de alguén]. *Estiveron ben na entrevista que lles fixeron, parece que cerran de mao bastante ben.*
147. **cerrar** [u.p.] **os ollos** *** *l.v.* COL. Durmir. [Úsase máis en construcións negativas]. *Non cerrei os ollos en toda a noite.*
148. **cerrar** [u.p.] **unha chousa** ** *l.v.* Dar unha volta, facer unha camiñada, xeralmente grande, sen regresar polos

- mesmos sitios. *Hoxe cerramos unha boa chousa*. [Nota: unha chousa, no Cachafeiro, é un terreo de monte cercado].
149. **chamar** [u.p.] **aos pés señores** *
l.v. COL. Saír correndo, fuxir. *Non debe estar tan mal en Venezuela, se non chamáballes aos pés señores*. # chamarlle aos pés señores.
150. **chamar o demo as vacas** [a alguén] **
l.v. COL. [Dise cando alguén se mete en problemas]. *Pásanlle unhas cousas que parece que o demo lle chama as vacas*.
151. **chegar** [a alguén] **a agua ao pescozo** ***
l.v. COL. Pasar un grande apuro. *Cando lle chegue a agua ao pescozo xa o fará*.
152. **chegar** [u.c.] **ao vivo** [a alguén] ***
l.v. Afectar moito, provocar un fondo sentimento [a alguén]. *Cando lle chega ao vivo, reacciona*.
153. **coller** [u.p.] **as monteiras** [a alguén] **
l.v. COL. Perder o respecto, deixar de temer; dominar [alguén]. *Tenche collidas as monteiras*. / *Ten coidado que non che collan as monteiras os rapaces*.
154. **coller** [u.p.] **de corno** [alguén] ***
l.v. COL. Comezar a sentir manía [por alguén]. *Como diga eso xa a collen de corno*.
155. **coller** [u.p.] **o tempero** [a algo] **
l.v. Saber como funciona. *Xa lle collemos o tempero a este forno*.
156. **comer** [u.p.] **a alma** [a alguén] ***
l.v. COL. Rifar [a alguén], intimidar, insistir [en algo] tentando convencer [alguén]. *Todo o día coméndome a alma*. É un cabezudo.
157. **comer** [u.p.] **a suor** [a alguén] ***
l.v. COL. Aproveitarse do traballo de alguén pagándolle pouco ou menos do que merece. *Non lle quero comer a suor: voulle pagar ao obreiro o que merece*. # comer o sudor a alguén.
158. **comer** [u.p.] **coma un ladrón** l.v.
COL. Comer moi rápido, ás présas. *Aquel día, despois do traballo, comemos coma ladrós e viñémonos*. # comemos coma ladrós.
159. **comer** [u.p.] **coma un lobo** ***
l.v. COL. Comer moito. –*Que tal comes?* –*Coma un lobo*.
160. **comer** [u.c.] **con un á mesa** **
l.v. COL. Ser un gasto importante. *O coche come con un á mesa: tes que o arranxar, pagar o imposto municipal, as revisiós, a gasolina...* / *A gasolina come con un á mesa*.
161. **comer** [u.p.] **lume** ***
l.v. COL. Aguantar unha situación que non agrada, reprimir a rabia ou a indignación. –*Aquela canción tiña contido social*. –*Tiña ¿e logo?* *Cando foi aquela canción comeron ben lume*. / *O Antón Losada debe comer máis lume...*!
162. **comer** [u.p.] **máis cos ollos ca coa boca** ***
l.v. COL. Pensar que vai comer máis do que realmente consegue comer. *Vós comedes máis cos ollos ca coa boca*.
163. **comer** [u.p.] **na cabeza dun tiñoso** [algo] ***
l.v. COL. Saberlle moito [un alimento], gustar moito [dun alimento]. *Os spaghetti ti cómelos na cabeza dun tiñoso*.
164. **comer o demo** [alguén] *** / **levar o demo** [alguén] ***
l.v. COL. Desesperarse, consumirse, estar intranquilo. *O dono sempre enriba dos empregados e a ela cómea o demo que anden a mandar nela*. / *Á tía nai lévaa o demo co asunto ese dos teléfonos*. / *Ti sabes o que é unha persoa como o teu tío que non dorme de noite?* *Eso lévaa o demo*.

165. **contar** [u.p.] **o conto** ** l.v. COL. Vivir para o contar, continuar viva [despois de ter estado en perigo de morte]. *Sufrín moito no hospital, mais o importante é contar o conto. / Agora moito falas, mais a verdade é que case non contas o conto, salvácheste de milagre.*
166. **coñecer** [u.p.] **coma a palma da mao** [alguén ou algo] *** l.v. COL. Coñecer perfectamente. *El coñece esa parte da cidade coma a palma da mao. #* *conocer coma a palma da mao.*
167. **cortar coma unha lanceta** ** l.v. COL. Cortar moito. *Este coitelo corta coma unha lanceta.* [Nota: unha lanceta é un instrumento de cirurxía que corta moi ben].
168. **dar a camisa para a lavadura** [a alguén] *** l.v. COL. Seren maiores as ganancias ca as perdas, seren maiores os beneficios ca os prexuízos, compensarlle un gasto [a alguén]. *Ten que ir dúas veces ao día ao Grove e co que lle pagan imos ver se lle dá a camisa prá lavadura. / Agora aos que traballan páganlles moi pouco, non lles dá a camisa prá lavadura.* [Nota: se lavar unha camisa custa máis ca a propia camisa, non compensa o gasto]
169. **dar** [u.p.] **á lingua** *** l.v. COL. Falar, conversar; falar moito, normalmente cando se fai de maneira insubstancial. *—Pasóuseme. —Claro, estás aí a darlle á lingua e non pensas en máis nada. #* *darlle á lingua.*
170. **dar** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] *** / **valer** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] *** l.v. COL. Ser [a alguén] de grande axuda [u.c./u.p.], servir [a alguén] de moito. *Daquela o Celta era o mellor cliente que tiña. Encargábanme moitos traxes. Déronme a vida. / Estar alí o* *meu irmao valeulle a vida ao meu sobriño.*
171. **dar** [u.p.] **a volta no xugo** l.v. COL. Mudar de idea, volver atrás [en algo]. *Cando cheguei alí dei a volta no xugo e vinme.* [Nota: cando o carro vai traseiro, ás veces a vaca ou o boi que está xunguido fai un movemento para se ceibar, iso é, en sentido recto, “dar a volta no xugo”].
172. **dar** [u.p.] **alas** [a alguén] ** l.v. Alentar, animar [alguén] a facer algunha cousa. *En vez de prohibirlllo danlle alas.*
173. **dar** [u.p.] **de ollo** [a alguén] ** l.v. Facer un sinal cun ollo pedindo complicidade. *Cando mo dixo, doume de ollo.*
174. **dar** [u.p.] **máis voltas ca a nora dun muíño** l.v. COL. Ser moi inqueda, non poder estar quieta; andar dun sitio para outro. *Dás máis voltas ca a nora dun muíño. #* *dar máis voltas ca a nora (ou noria?) dun muíño.*
175. **dar** [u.p.] **na cabeza** [a alguén] ** l.v. COL. Causar molestia ou desgusto [a alguén]. *Eso faino para vos dar na cabeza.*
176. **dar** [u.c./u.p.] **na vista** * l.v. COL. Chamar a atención, notarse moito a presenza [de alguén ou dalgunha cousa]. *Tivérono que cambiar, daba moito na vista.*
177. **dar** [u.p.] **nos fociños** [a alguén] ** l.v. COL. Amolar, molestar, contrariar [alguén]. *É para darlles nos fociños aos veciños. #* *dar nos fuciños a alguén.*
178. **dar o corpo** [algo a alguén] *** l.v. COL. Presentir [algo]. *Non sei por que me dá o corpo que teu pai marchou de aquí para facer algo na cociña.*
179. **dar** [u.p.] **o peito** * l.v. COL. Afrontar unha responsabilidade, implicarse. *O*

- teu pai dou o peito durante os anos que lle durou o cargo.*
180. **dar** [u.p.] **pancada** ** *l.v.* COL. Facer algo, traballar; non ser preguiceira. [Úsase máis en construcións negativas como “non dar pancada” ou “sen dar pancada”]. *Teñen cartos en todos os sitios, eses non dan pancada.*
181. **dar** [u.p.] **polo pau** [a alguén] *** *l.v.* COL. Satisfacer [alguén]. *Si, ti ben que lle dabas polo pau.*
182. **dar** [u.p.] **un xeito** [a algo] * *l.v.* COL. Facer razoablemente ben [algunha cousa, xeralmente un labor ou unha actividade]. *Quedouche ben, décheslle un xeito.*
183. **dar** [u.p.] **unha volta ao inferno** [por non facer algo] ** *l.v.* COL. Ser moi preguiceira, facer o que sexa [para non facer determinada outra cousa]. *Por non te vestires dás unha volta ao inferno, meu fillo!*
184. **dar** [u.p.] **xeito** [a algo] ** *l.v.* Facer con habilidade [algo], facer ben [algo], mostrar moi boa disposición e calidades [para realizar algo]. *Pódeo facer ela. Ela dálle xeito.*
185. **deitarse** [u.p.] **no rego** *** *l.v.* COL. Renderse, darse por vencida, non ser capaz de facer ou de acabar algo. *Ese empezou a traballar con moito entusiasmo mais ao final deitouse no rego. / Dixo que me ía axudar mais na metade do labor deitouse no rego. / No rego non se pode un deitar.*
186. **dicir** [u.p.] **amén** [a algo] ** *l.v.* COL. Concordar [en algo], consentir [algo]. *El sempre lle di amén a todo.*
187. **doer a cabeza** [a alguén] * *l.v.* COL. Preocupar [algo a alguén]. *Dóeme a cabeza se quedades aquí no hospital a durmir de noite. / Dóeme a cabeza se caio e me manco.*
188. **durar** [u.p.] **tanto coma as pedras** *l.v.* COL. Durar moito. *Ese inda que dure tanto coma as pedras, ten diñeiro.*
189. **durmir** [u.p.] **coma unha pedra** *** *l.v.* COL. Durmir profundamente. *Os rapaces? Dormen coma pedras.*
190. **durmir** [u.p.] **nos dentes dunha grade** * *l.v.* COL. Durmir en calquera sitio. *Este rapaz dorme nos dentes dunha grade.* [Nota: a grade é un instrumento de labranza en forma de grella grande, de madeira ou de ferro, con dentes na parte interior, co que se achanda a terra e se desfán os terróns despois de labrada. Como é lóxico, non é cómodo durmir sobre os dentes dunha grade.]
191. **encher** [u.p./u.c.] **o ollo** [a alguén] *** *l.v.* COL. Gustar [de alguén ou dalgunha cousa], satisfacer [esa persoa ou cousa] [a alguén]. *Non hai un que che encha o ollo. / –A min as pandeireteiras non me enchen o ollo! –Pois ti o perdes.*
192. **enganchar** [u.p.] **nunha silva** *** *l.v.* COL. Deterse a falar con outra persoa un bo espazo de tempo ao se atopar por casualidade con ela. *Como tardaches! Enganchaches nunha silva?*
193. **esperar** [u.p.] **por zapatos de defunto** ** *l.v.* COL. Contar con algo que non vai ocorrer, que é difícil que ocorra ou que vai tardar moito, esperar inutilmente por algo ou por alguén. *A túa nai estaba esperando por quen a ía levar en coche pero ía tardar e díxenlle: non esperes por zapatos de defunto. / –Se me deixan toda a herdanza a min... –Non esperes por zapatos de defunto. # non esperar por zapatos de difunto.*
194. **estalar unha castaña na boca** [a alguén] *** *l.v.* COL. Ter un contratempo, non saíren as cousas como esperaba, levar

- unha decepción, unha desilusión. *Ao PP estaloulle unha castaña na boca ao ter que gobernar coa crise.*
195. **estar** [u.p.] **dun día para outro** *** *l.v.* COL. Ser inminente, estar a punto de suceder algo [xeralmente unha morte ou un parto]. *O veciño está dun día para outro. Non creo que saia do hospital.*
196. **estar** [u.p.] **na horta e non ver** [u.p.] **as verzas** *** *l.v.* COL. Estar moi despistada, non se dar conta de algo moi evidente. *Non sei como non te das conta, estás na horta e non ves as verzas.*
197. **estirar** [u.p.] **o pé máis ca a manta** *** *l.v.* COL. Gastar ou facer algo por riba das propias posibilidades ou forzas. *Eu non faría eses gastos, non se debe estirar o pé máis ca a manta.*
198. **facér** [u.p.] **a ida do corvo** ** *l.v.* COL. Irse e non volver. *Eso non é certo, o seu home nunca lle fixo a ida do corvo.*
199. **facér** [u.p.] **bo** [de alguén] *** *l.v.* Conseguir dobregar ou educar [alguén], conseguir que [alguén] abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase normalmente en construcións negativas]. *Non hai quen faga bo del.*
200. **facér** [u.p.] **boca** * *l.v.* COL. Tomar algún petisco como aperitivo para acompañar a bebida ou para estimular o apetito. *Imos comer uns anacos de xamón e de queixo para facer boca.*
201. **facér** [u.p.] **de corpo** ** *l.v.* EUF. Defecar. *Só me levantaba para facer de corpo.*
202. **facér** [u.p.] **e acontecer** [u.p.] *** *l.v.* COL. Facer moito. [Úsase xeralmente en sentido irónico]. *Como era de esquerda, acusárono de que facía e acontecía e era todo mentira.*
203. **facér** [u.p.] **pola vida** *** *l.v.* COL. Traballar, procurar medios de subsistencia. *Pois ala, voume facer pola miña vida.*
204. **facér** [u.p.] **torres no aire** *** *l.v.* COL. Facer proxectos fantásticos, irrealizables ou con poucas posibilidades de se realizaren. *Non fagas torres no aire que eso é moi improbable.*
205. **facér** [u.p. de alguén] **un pandeiro** *** *l.v.* COL. Facer [con alguén] o que quere, dominar completamente [alguén], abusar [de alguén]. *Fan de vós un pandeiro e vós deixádevos manipular.*
206. **facér** [u.p.] **unha saia** [a alguén] ** *l.v.* COL. Rexoubar [de alguén], criticar [alguén]. *Débenme facer unha saia cando están alí todos...*
207. **faceren** [dúas ou máis persoas] **un pan coma queixo** *** *l.v.* COL. Conxeniaren, dárense ben [dúas ou máis persoas de características parecidas (ás veces en sentido negativo, especialmente se é para faceren trasnadas)]. *Eses dous comentaristas, Sabina e Millás, fan un pan coma queixo.*
208. **falar** [u.p.] **ao caso** *** *l.v.* Dicir as cousas oportunas conforme a unha determinada circunstancia. *A situación del é diferente porque, a pesar dos seus moitos anos, rexe ben e fala ao caso.*
209. **faltar unha cocedura** [a alguén] ** *l.v.* COL. Ser inmaturo ou facer ou dicir cousas que se consideran pouco sensatas. *A ese fáltalle unha cocedura.*
210. **ganar** [u.p.] **a cebada** * *l.v.* COL. Envorcallarse [unha cabalaría polo chan. Humoristicamente, tamén as persoas]. *—Esta é a foto de cando escorreguei e caín na lama, alá na Seara do Courel. —Fuches a ganhar a cebada.*

211. **haber fume na igrexa** ** *l.v.* COL. Ser unha ocasión moi especial. *Esa camisa é pra cando hai fume na igrexa. / Que deixe unha das dúas pezas pra cando haxa fume na igrexa.* # haber fume na igrexa/igreja. [Nota: esta UF talvez teña que ver co uso do incenso nas misas solemnes en ocasións ou festas importantes].
212. **haber que ir ao libro** *** / **ter** [u.p.] **que ir ao libro** *** *l.v.* COL. [Dise do que é moi difícil ou custa moito esforzo]. *Esta pastilla pra rompela...! Hai que ir ao libro. / Pra o tirar da cama tes que ir ao libro.*
213. **ir a agua polo seu rego** [a alguén] *** *l.v.* COL. Írenlle as cousas como quere, sérenlle as circunstancias favorables. *Está enfadado porque no traballo non lle vai a agua polo seu rego.*
214. **ir** [u.p.] **ao vulto** [a alguén] ** *l.v.* COL. Procurar [alguén] con intencións hostís. *Quíxolle ir ao vulto á criada e meteuse nunha boa lea. / Téñenlle que ir ao vulto á empresa que fixo a fraude, non aos clientes.*
215. **ir** [u.p.] **das mirras para as encollas** ** *l.v.* COL. Ir facéndose vella. *Eu xa che vou das mirras prás encollas.*
216. **ir** [u.p.] **indo** *** *l.v.* COL. Ir [a alguén] regular, nin moi ben nin moi mal [na vida, na saúde...]. *—Que tal che vai? —Imos indo.*
217. **ir** [u.p.] **para o monte Meao** ** *l.v.* COL. Morrer. *Ten coidado que, como non te coides, vas ir pró monte Meao.* [Nota: no monte Meao está o cemiterio municipal de Forcarei].
218. **ir** [u.p.] **para o outro mundo** ** *l.v.* Morrer. *Estiven moi enferma, estiven a punto de ir para o outro mundo. / El vai para o outro mundo se me fai eso.*
219. **írense** [varias persoas] **ás maos** ** *l.v.* COL. Agredírense mutuamente, pelexaren. *Coma eses que saen nos faladoiros da televisión que ás veces se van ás maos.*
220. **levantar** [u.c.] **o espiñazo** [a alguén] * *l.v.* COL. Dar ánimo, dar forzas, levantar [a alguén] os ánimos. *A esa amiga túa levántanlle agora o espiñazo os millós da herdanza da nai.*
221. **levar** [u.p.] **a contra** [a alguén] *** *l.v.* COL. Opoñerse ou dicir o contrario do que di [alguén]. *Non esteades a levarlle sempre a contra.*
- levar o demo** [alguén] > 164
222. **mallar** [u.p. en alguén] **coma no polbo** * *l.v.* COL. Baterlle, dar [a alguén] unha malleira. *Mallaron neles coma no polbo.* # mallar en alguén coma no pulpo.
223. **mandar** [u.c.] **carallo** *** *l.v.* VULG. Ser sorprendente [xeralmente por ser moi boa, magnífica, extraordinaria]. *Está unha churrascadiña ao lume que vai mandar carallo. / Onte mandou carallo: vento, chuvia...*
224. **matar** [u.p.] **a cabeza** ** *l.v.* COL. Pensar moito, esforzarse mentalmente. *Non mates moito a cabeza coa comida que nós comemos de todo.*
225. **matar** [u.p.] **dun tiro dous pombos** ** *l.v.* COL. Resolver ao mesmo tempo dous problemas. *Se tes que a visitar, vai o venres que vas ir coa túa tía ao hospital. Matas cun tiro dous pombos.* # matar cun tiro dous pombos / matar dun tiro dous pombos.
226. **mentir** [u.p.] **máis que falar** [u.p.] ** *l.v.* COL. Mentir moito. *Non os aturo, eses que saen na tele menten máis que falan.* # minten máis ca falan.
227. **mesturar** [u.p.] **papas con verzas** ** *l.v.* COL. Confundir ou mesturar cousas ou feitos moi diferentes. *Non*

- mesturedes papas con verzas, eso non ten nada que ver.* # *mesturar/mezclar papas con verzas.*
228. **meter** [u.p.] **a mao** [a/en algo] ** *l.v.* COL. EUF. Roubar. *O empregado da gasoleira metía a mao.*
229. **meter** [u.c.] **medo** *** *l.v.* COL. Causar moito asombro, provocar unha forte impresión. [Úsase sobre todo en exclamacións; ás veces ironicamente]. *Mete medo o desvergonzado que é! / Que frío ía! Metía medo! / –O que aprendemos con el! –Mete medo!*
230. **meter** [u.p.] **no cu** [algo a alguén] *** *l.v.* VULG. Contar [a alguén algo que pasou ou que lle contaron, xeralmente segredos]. *Ten que ter coidado co que fala coa compañeira que ten no traballo, que é unha cuza e logo llo vai meter no cu ao xefe.*
231. **meter** [u.p.] **os cas na bouza** ** *l.v.* COL. Provocar discordia, encerrar unhas persoas contra outras para que discutan ou se enfronten. *–Ti metes os cas na bouza. –Pra que collan un pouco de fría.*
232. **meterse** [u.p.] **en garavanzadas** *** *l.v.* COL. Implicarse en asuntos ou situacións complicadas. *A ti non che interesa meterte en garavanzadas.*
233. **mexar** [u.p.] **de risa** *** *l.v.* VULG. Rir moito. *Se lles dis eso mexan de risa.*
234. **mirar** [u.p.] **para os biosbardos** *** *l.v.* COL. Estar distraída, estar despistada ou abstraída. *Cae moi a miúdo. Debe andar mirando prós biosbardos.*
235. **mover** [u.p.] **unha palla** *** *l.v.* COL. Facer algo, tomar algunha iniciativa, facer un mínimo esforzo. [Úsase máis en construcións negativas como “non mover unha palla” ou “sen mover unha palla”]. *Non move unha palla, todo llo hai que facer.*
236. **non atar** [u.p.] **nin desatar** [u.p.] *** *l.v.* COL. Non decidirse, dubidar; ser persoa indecisa. *É moi pouco decidido, non dá atado nin desatado.*
237. **non calar** [u.p.] **nin debaixo da agua** ** *l.v.* COL. Falar en exceso. *Non o aturo, non cala nin debaixo da agua.*
238. **non dar** [u.p.] **a pé nin a mao** ** *l.v.* COL. Non se poder mover; estar morta ou como morta. *–Ese indixente que dorme ao pé dese comercio está sempre a durmir cando pasamos, sexa a hora que sexa. Non sei de que vivirá porque non se ve que pida esmola. –Xa non dá a pé nin a mao.*
239. **non dar** [u.p.] **feito** *** *l.v.* Estar moi atarefada, non conseguir resolver, atender ou terminar a tarefa. *Méteste en tantas leas que non vas dar feito.*
240. **non dar** [u.p.] **nin ter** [u.p.] ** *l.v.* COL. Non poder máis de cansazo. *Despois de tantas horas de traballo eu xa non daba nin tiña.*
241. **non estar** [u.c.] **na folla dun fento** *** *l.v.* COL. Non se encontrar en calquera sitio. [Úsase para ponderar o valor dunha cousa, sobre todo do diñeiro]. *Son 15.000 euros, 15.000 euros non che están na folla dun fento.*
242. **non estar** [u.p.] **soa** * *l.v.* COL. Estar bébeda. *Ese vénche do bar e eu sei que non che está só.* # non estar sola.
243. **non haber (máis) para onde ir** [con respecto a alguén ou a algo] *** *l.v.* COL. Ser insuperable, ser o grao máis alto de algo (calidade, avaricia, fachenda, mal humor...). *Peor ca ese político xa non hai para onde ir.* # xa non hai pr'onde ir.
244. **non haber que facer** [a algo] *** *l.v.*

- Non haber remedio. *Non te molestes, non hai que lle facer.*
245. **non ir** [u.p.] **no carro** [de alguén] **á misa** ** l.v. COL. Non lle resultar simpática ou non lle parecer de fiar [unha persoa a alguén]; non lle gustar [unha cousa a alguén]. –*Esa muller non vai no meu carro á misa. –Con esas ideas que ten... / Este viño comigo non vai á misa.*
246. **non ir** [u.p.] **pola toca, ir** [u.p.] **pola leva** l.v. COL. Non morrer cando lle correspondería por idade senón por outra circunstancia. *Era bastante nova mais xa se sabe que a cousa non vai pola toca, vai pola leva.*
247. **non llas cocer o corpo** [a alguén] ** l.v. COL. Estar intranquilo; ter que reaccionar por non poder aguantar a impaciencia ou por non admitir ou tolerar algo. *Non llas cocía o corpo e non se puido reprimir.*
248. **non pararen os cas atados** *** l.v. COL. Ir moito frío. *Que frío vai! Non paran os cas atados. # non paran os cas atados / non paran os cas atados á porta.*
249. **non pasar un día** [por alguén] *** l.v. Non presentar síntomas de envellecemento, estar ben conservado. *Non pasa un día por el.*
250. **non pedir** [u.c.] **pan** [a alguén] * l.v. COL. Non supoñer un gasto. [Dise de cousas que poden ser útiles e non hai problema en telas porque non ocasionan gasto ningún]. *Ese rapaz quere que lle vendamos a moto. Barata, claro, mais a min a moto non me pide pan ningún.*
251. **non pillar** [u.p.] **nin nas curvas** [alguén] *** l.v. COL. Ser moi difícil ver ou encontrar alguén. *Esta muller nunca está na casa, non se pilla nin nas curvas. / Non hai maneira de os ver, non se pillan nin nas curvas estes meus netos.*
252. **non pillar** [u.p.] **noutra fiada de lan** [alguén] l.v. COL. Non lle volver facer o mesmo a alguén nalgún asunto por estar esa persoa escarmentada. *Xa lle ten pasado eso varias veces e a ela non a pilla noutra fiada de lan. / A min non me pillan noutra fiada de lan.*
253. **non poder** [u.p.] **(nin) cunha galiña polo rabo** ** l.v. COL. Estar moi débil, moi cansa ou con moi pouco ánimo. *Desde que lle deron ese tratamento engordou e non pode nin cunha galiña... polo rabo.*
254. **non saber** [u.p.] **da misa amén** *** l.v. COL. Estar mal informada, descoñecer algo determinado. *Vós do que pasou na guerra non sabedes da misa amén.*
255. **non se mover unha folla** *** l.v. Haber calma completa, sen vento, sen brisa. *Que bo día está, agora si que non se move unha folla.*
256. **non ser** [u.p.] **ben** *** l.v. COL. EUF. Non ser moi asisada; non estar ben da cabeza, non ser normal, ser atrasada. *Ese home non é ben; ti sabes o que lle dixo ao fillo? / Os que fumades non sodes ben.*
257. **non ser** [u.c.] **ollo de santo (nin compás de carpinteiro)** ** l.v. COL. Non ser tan importante como para ter que acadar a perfección. *Non fai falta que te esmeres tanto, non é ollo de santo.*
258. **non ter** [u.c.] **dúbida** ** / **ter** [u.c.] **boa dúbida** ** l.v. COL. Non estar mal, non haber queixa, servir ben; non estar nada mal. –*Paramos en Agolada e compramos un queixo e pan. Comemos pan e queixo todo o día. –Ten boa dúbida.* 2. Non ter importancia.

- Arrédate da parede que te van furar.*
–*Non ten dúbida, non me furan.* # non ter duda / ter boa duda.
259. **non ter** [u.p.] **nin cera en orellas** *** l.v. COL. Non ter nada, ser moi pobre. *Ese non ten nin cera en orellas.*
260. **non ter** [u.p.] **papas na lingua** *** l.v. COL. Falar con claridade e sen medo, dicir o que pensa sen rodeos. *Esa muller non che ten papas na lingua.* # non ter papas na lingua.
261. **non ter** [u.p.] **parada** *** l.v. COL. Non poder estar quieta ou tranquila; non ter sosego, tranquilidade, descanso. –*Xa se foron, xa non están.* –*Estes rapaces non teñen parada.*
262. **non ter** [u.c.] **traza** *** / **non ter** [u.c.] **traza nin xeito** ** / **non ter** [u.c.] **xeito nin dereito** ** l.v. COL. Non ter razón aparente, non ter lóxica ou sentido, ser defectuosa, non ter amaño, ser de difícil solución. *Puxéronnos un viño que aquilo non tiña traza. / Os seus fillos non teñen traza nin xeito. / Esta vida non ten xeito nin dereito.*
263. **non valer unha peseta falsa** * l.v. COL. Non valer nada. *Ese non vale unha peseta falsa.*
264. **non ver** [u.p.] **cousa ao paso** * l.v. COL. Resultarlle a alguén estraña ou sorprendente unha cousa. *Pasei un frío... Que barbaridade! Non vin cousa ao paso!*
265. **oír** [u.p.] **cantar carros** *** l.v. COL. Non entender ben unha cousa, interpretar mal unha información, un rumor... –*En Cataluña houbo comunismo na época da República.* –*Ti oíches cantar carros...*
266. **papear** [a alguén] **o cu coma un figo maduro** ** l.v. COL. Ter medo. *Ten medo de que Obama ataque Venezuela. Papéalle o cu coma un figo maduro.*
267. **para alá ir** [u.p./u.c.] ** l.v. COL. Ser pouco máis ou menos, ser case o mesmo [ca a persoa ou cousa mencionada]. [Úsase xeralmente en presente]. *O teu irmao é moi traballador e ti pra alá vas.*
268. **parecer** [u.c.] **a casa das canizas** l.v. COL. Haber moitas discusións e barullo. *Esta parece a casa das canizas, a ver se baixades a voz e falades de maneira civilizada.*
269. **parecer** [u.p.] **Cachafeiro de Liñares** * l.v. COL. [Dise de alguén que leva os pantalóns curtos e estreitos]. *Pon outro pantalón, home, que parece Cachafeiro de Liñares!* [Nota: Cachafeiro de Liñares foi un veciño do lugar].
270. **parecer** [u.c.] **un muíño** ** l.v. COL. Estar [un lugar] todo desordenado. *O teu cuarto parece un muíño. En canto non o arranxes un pouco non saes hoxe.*
271. **pasar** [u.p.] **as de Cristo** *** l.v. COL. Estar en situación difícil e comprometida. *Desta vez no hospital pasei as de Cristo.*
272. **pasar** [u.p.] **do risco** *** l.v. COL. Excederse. *Creo que está pasando do risco.*
273. **pasar** [u.p.] **máis frío ca un can de perdices** l.v. COL. Pasar moito frío. *Pasei máis frío ca un can de perdices.*
274. **pasar** [u.c. a alguén] **por vez** ** l.v. COL. Pasar [u.c.] por outra sen que o sexa, valer [u.c.] por outra, conformarse cunha cousa. *Dixo que non lle pasaba por vez non ir a Forcarei. / De comida para hoxe só teño esto, pero pásame por vez. / Para facer spaghetti, esta salsa de tomate pode pasar por vez, mais é mellor a outra.*
275. **pegar** [u.p.] **no sono** ** l.v. Adormecer.

- Non daba pegado no sono e tiven que tomar unha pastilla.*
276. **pegar** [u.c.] **un tiro** [a alguén] *** l.v. Non gustar nada [a alguén]. *A ese o traballo pégalle un tiro.*
277. **pensar** [u.p.] **na morte da becerra** ** l.v. COL. Estar abstraída, estar despistada, non prestar atención ao que a rodea. *Pra que riades un pouco téñovos que falar; se non, estades a pensar na morte da becerra.*
278. **perder** [u.c.] **o medo** ** l.v. COL. Poñerse [un alimento, xeralmente líquido] morno. *Deixa que perda o medo a agua e despois bótalle o mel.*
279. **perder** [u.p.] **os pés a correr** * l.v. COL. Correr moito. *Esperade, esperade aí! Perdían os pés a correr.*
280. **perdoar** [u.p.] **o mal que facer** [u.c. a alguén] **polo ben que saber** [u.c. a alguén] ** l.v. [Dise cando comemos ou bebemos algo de que gustamos moito inda que saibamos que non nos fai ben]. *–Non deberían comer así. – Eles perdóanlle o mal que lles fai polo ben que lles sabe. # perdónalle o mal que lle fai / perdónanlle o mal que lle fai polo ben que lle sabe.*
281. **pintar** [u.p.] **a cana verde** ** l.v. COL. Facer ou producir unha desorde, un altercado, unha lea, armar moito barullo. *Cando veu Angela Merkel a Compostela houbo manifestaciós en contra e a policía bateu a torto e a dereito. Pintaron a cana verde.*
282. **pisar** [u.p.] **a cola** [a alguén] * l.v. COL. Afectar en algo que produce [a alguén] desgusto; provocar [alguén], procurar o xeito de molestar [alguén]. *Se lles pisan a cola arrepoñense.*
283. **plantar** [u.p.] **salgueiros** ** l.v. COL. Entremeterse, querer impoñer a súa opinión, querer mandar. *Díxolle ela: mira, non veñas aquí plantando salgueiros. E non necesitamos esas obras, a casa está ben como está.*
284. **poñer** [u.p.] **a andar** [alguén] *** l.v. COL. Amoestar severamente [alguén]. *Ela non anda con panxoliñas, ponos a andar logo.*
285. **poñer** [u.p.] **o carro diante dos bois** *** l.v. COL. Facer unha acción antes ca outra que, por lóxica, debería facerse primeiro, anticiparse a feitos que aínda non ocorreron. *Non me poñades o carro diante dos bois!*
286. **poñer** [u.p.] **o cu ás azoutas** ** l.v. COL. Aguantar, afrontar as adversidades con resignación. *–Vou ser operada en Montecelo dentro de 15 días. –Hai que poñer o cu ás azoutas.*
287. **poñer** [u.p.] **os cornos** [a alguén] *** l.v. COL. Ser infiel [ao seu compañeiro ou compañeira]. *Todos sabían que a muller lle poñía os cornos.*
288. **poñerse** [u.p.] **alto** [con alguén] ** l.v. COL. Ensoberbecerse, poñerse arrogante. *Non hai que poñerse alto cos policías porque podes acabar cunha boa multa.*
289. **presumir** [u.p.] **coma un rato enriba dun queixo** ** l.v. COL. Presumir moito. *Ese presume coma un rato enriba dun queixo.*
290. **quedar** [u.p.] **coma o can que almorza mal** ** l.v. COL. Ficar insatisfeita. *Despois das eleccións quedaron coma o can que almorza mal.*
291. **quedar un burato** [a alguén] * l.v. COL. Ter aínda apetito. *Aínda me queda un burato, vou comer un pouco máis.*
292. **queimar o bolso** [a alguén] * l.v. COL. Ser un gastador. *Quéimalle o bolso, non hai maneira de que se conteña. # quéimalle o bolsillo.*

293. **queimar o quente queimar o frío** [a alguén] ** l.v. COL. Non se decidir, dudar. *Non sabe se ir á cea cos pais ou cos sogros, quéimalle o quente quéimalle o frío.*
294. **quitarlle** [u.p.] **ao prato** ** l.v. COL. Botar menos comida, non comer de máis. *O que hai é que lle quitar ao prato, eso é o efectivo de verdade. # quitarlle ao plato.*
295. **rascar** [u.p.] **o carallo** *** l.v. VULG. Non facer nada útil, estar ocioso [un home]. *Estades aquí rascando o carallo, ¿por que non vindes axudarnos?*
296. **recachar** [u.p.] **as mazarocas** * l.v. COL. Morrer. *—A ver se che dan a xubilación para cobrarmos. —Despois recacho as mazarocas e fodíche.*
297. **revirar** [u.p.] **a chaqueta** ** l.v. COL. Mudar de opinión, de bando etc., por interese propio. *O fillo? Revirou a chaqueta completamente.*
298. **romper** [u.p.] **a cabeza** *** l.v. COL. Pensar con insistencia, facer un esforzo mental; aflixirse, agoniarse. *O concello tamén non quere romper a cabeza con quen é o dono das veigas.*
299. **saber** [u.p.] **o leite que dá** [alguén ou algo] ** l.v. COL. Coñecer ben [alguén ou algunha cousa]. *O hospital xa sabes o leite que dá. / Ti lévala para a casa e verás o leite que dá. / Teñen bochas nas maos; saben o leite que dá o prado.*
300. **saír a porca capada** [a alguén] * l.v. COL. Saír [a alguén] mal algo que esperaba que lle saíse ben, levar un desengano, unha decepción. *Con esa reforma pódelles saír a porca capada. # saír a porca capada a alguén.*
301. **saír** [u.p.] **dun souto e meterse** [u.p.] **noutro** ** l.v. COL. Saír dunha situación negativa e meterse noutra igual ou peor. *Agora ten outro mozo, mais non sei se non será saír dun souto e meterse noutro. # saír dun souto e meterse noutro.*
302. **sangrar** [u.p.] **coma un porco** *** l.v. COL. Sangrar con profusión. *O fulano sangraba coma un porco.*
303. **ser** [u.p.] **boa para (ir) buscar a morte** *** l.v. COL. IRÓN. Ser moi lenta, tardar moito, en especial en volver de facer unha encomenda. *—Este rapaz... —É bo para buscar a morte.*
304. **ser** [u.c.] **coma quen bate en ferro frío** *** / **ser** [u.c.] **coma quen maza en ferro frío** *** l.v. COL. Insistir inutilmente, sen resultado. *Xa llo propuxemos mais é coma quen bate en ferro frío.*
305. **ser** [u.p.] **coma unha lapa** *** l.v. COL. Acompañar insistentemente alguén, non se separar importunamente de alguén. *Aquela muller era coma unha lapa, non saía de encima.*
306. **ser** [u.p.] **de Madrid** * l.v. COL. [Dise das persoas que deixan a porta aberta]. *Sodes de Madrid, malo raio vos parta!*
307. **ser mellor facer** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] * / **valer máis comprar** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] * l.v. COL. [Dise de quen come moito]. *É mellor facerche un traxe ca manterte. # é millor facerche un traxe que manterte / vale máis comprarche un traxe que manterte.*
308. **ser** [u.c.] **o deus de** [alguén] ** l.v. COL. Gustar moito de [esa cousa, xeralmente unha actividade], ter moita ilusión por [esa cousa]. *As flores, o traballo no campo e esas cousas todas son o seu deus. / Todo o seu deus era cantar. # ser [u.c.] o dios de [alguén].*
309. **ser** [u.p.] **uña e carne** [con outra persoa] *** / **seren** [dúas persoas] **uña e carne** *** l.v. COL. Estar moi

- unida por vínculos de amizade con outra persoa; seren [dúas persoas] moi amigas. *Era uña e carne con Carlos. / Eses dous antes eran uña e carne.*
310. **ser** [u.p.] **xente** ** l.v. COL. Comportarse de maneira correcta, sensata, responsable. *Ti non es xente. / Hai que o ensinar a ser xente.*
- seren** [dúas persoas] **uña e carne** > 309
311. **soltar** [u.p.] **o cartó** ** l.v. COL. Gastar diñeiro. *Tivo que soltar o cartó.*
312. **suar coma un porco** *** l.v. COL. Suar moito. *Apañando as patacas suei coma un porco.* # sudar como un porco.
- tapar** [u.p.] **a boca** [a alguén] > 145
313. **ter** [u.p.] **a carne no espeto** ** l.v. COL. Ter persoas da familia relacionadas co asunto de que se está a falar ou que se está a criticar. –*Nós temos unha nora que ten experiencia en ser explotada por empresarios da hostalaría na zona de Sanxenxo, así que sabemos de que falamos. – Tes razón, cando un ten a carne no espeto...*
314. **ter** [u.p.] **a lingua na boca** ** l.v. COL. Ter apetito. *Imos cear que ti xa tes a lingua na boca.* # ter a lingua na boca.
315. **ter** [u.p.] **amarrado polo beche** [alguén] * l.v. COL. Ter no seu poder, ter á súa mercé, poder obrigalo ao que queira. *Teñen a xente amarrada polo beche. Eso é caciquismo.* [Nota: o beche é o conxunto de pelos alongados que teñen as cabras e os bodes na queixada].
316. **ter** [u.c.] **bo mal** ** l.v. COL. Non estar nada mal, non haber queixa. *Que non se queixen, se traballan os dous, teñen bo mal.*
- ter** [u.c.] **boa dúbida** > 258
317. **ter** [u.p.] **boa saia** *** / **ter** [u.p.] **unha saia (que [lle] arrastra)** *** l.v. COL. Ser egoísta ou aproveitada, facer o que lle convén en cada momento. *Ten unha saia...! / Tes boa saia!*
318. **ter** [u.p.] **de ollo** [alguén ou algo] ** l.v. 1. Vixiar [alguén ou algunha cousa] de preto, observar, controlar os movementos [de alguén]. *Ti tena de ollo.* 2. Sentir antipatía por [alguén]. *Eles a min téñenme de ollo.*
319. **ter** [u.p.] **no papo** [algo] * l.v. COL. Pensar [esa cousa]. *O que se altera di o que ten no papo.*
320. **ter** [u.p.] **o sangue mesturado coa merda** ** l.v. VULG. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquila, excesivamente pasiva ou calmosa. *Non sei como aguantou aquilo; ese debe ter o sangue mesturado coa merda!* # ter o sangue mesturado coa merda.
321. **ter** [u.p.] **o teo** l.v. COL. Non ter un comportamento normal, darlle unha arroutada, non parar quieto. *Tes o teo, a ver se te calmas un pouco.*
- ter** [u.p.] **que ir ao libro** > 212
322. **ter** [u.c./u.p.] **que ver** [con alguén ou algo] *** / **teren** [varias cousas ou persoas] **que ver** *** l.v. Estaren relacionadas. *Eso non ten que ver co que eu digo. / Aínda que se parezan moito, non teñen nada que ver.*
323. **ter** [u.p.] **un medo** [a alguén ou a algo] **coma ao lume** ** l.v. COL. Ter moito medo [a alguén ou a algunha cousa]. *Tenlle un medo a ese home coma ao lume.*
324. **ter** [u.p.] **unha forza coma un macho** l.v. COL. Ter moita forza. *Ese fulano ten unha forza coma un macho.*
325. **ter** [u.p.] **unha leira en Toledo** ** l.v. COL. Ter algún defecto, non ser de fiar. *Todos temos unha leira en Toledo.*

- ter** [u.p.] **unha saia (que [lle] arrastra)** > 317
- teren** [varias cousas ou persoas] **que ver** > 322
326. **tirar** [u.p.] **a pedra e esconder a mao** ** l.v. COL. Facer unha acción condenable e non se responsabilizar dela. *Sempre fan igual, tiran a pedra e esconden a mao.*
327. **tirar** [u.p.] **polas pulgas** [a alguén] ** l.v. COL. Provocar, procurar irritar [alguén]. *Se me tira polas pulgas vaime oír.*
- tirar** [u.p.] **por largo** > 127
328. **tocar** [u.p./u.c.] **o nabo** [a alguén] *** l.v. VULG. Amolar [alguén], importunar [alguén]. *As pernas teñen gana de nos tocar o nabo. / Non me toques o nabo! –dixo ela.*
329. **traballar** [u.p.] **coma un burro** *** / **traballar** [u.p.] **coma unha burra** *** l.v. COL. Traballar moito. *Esa muller traballa coma unha burra. / Hoxe traballei coma un burro.*
330. **traballar** [u.p.] **para quentar o corpo** * l.v. COL. Traballar ou esforzarse inutilmente ou sen recibir en troco un beneficio. *Xa estou farta de traballar pra quentar o corpo. Que non contem máis comigo.*
331. **traer** [u.p.] **ao rego** [alguén] ** l.v. COL. Convencer [u.p. alguén], conseguir que [alguén] faga caso, que teña un comportamento acorde co que desexa. *A ver ela se a trae ao rego, porque eu non fun capaz.*
332. **valer** [u.c.] **a pena** [a alguén] *** l.v. Compensar o esforzo, o traballo, o sacrificio que custa. *Non vale a pena discutir por unha cousa así. / Xa non lle vale a pena poñer a dentadura.*
- valer** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] > 170
- valer máis comprar** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] > 307
333. **ver** [u.p.] **a Deus polo cu dunha agulla** ** / **ver** [u.p.] **a Deus por un burato** ** l.v. COL. Sentir unha dor aguda e forte. *Bótaslle limón a unha ferida e ves a Deus polo cu dunha agulla. # ver a Dios polo cu dunha agulla / ver a Dios por un burato.*
334. **ver** [u.p.] **o cu á curuxa** *** l.ver. COL. Pasar por unha situación mala de verdade; presentir un perigo ou unha dificultade, coller medo. *Veulle o cu á curuxa e xa non pensa igual.*
335. **ver o demo** [alguén] *** l.v. COL. [Dise cando as cousas saen mal ou alguén ten un comportamento estraño. Úsase moito na formas seguintes: **nin que me/te... vira o demo, parece que me/te... veu o demo e seica me/te... veu o demo**]. *Sabes o que me pasou? Nin que me vira o demo! Ao almorzar case me desmaio.*
336. **ver** [u.p.] **o lixo no ollo dos outros e non ver** [u.p.] **no seu a viga** ** l.v. Reparar nos pequenos defectos dos máis e non se dar conta dos grandes defectos propios. –*Critica as amigas por cousas que ela mesma acostuma facer aínda peor. –Ela ve o lixo no ollo dos outros e non ve no seu a viga.*
337. **ver** [u.p.] **o lobo** *** l.v. COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeiteado ou de punta ou ten aspecto de ter sufrido unha forte conmoción. Úsase moito na formas seguintes: **parece que viches/veu... o lobo e seica viches/veu... o lobo**]. *Vaia cabelos teño, parece que vin o lobo. / Aquel rapaz parece que veu o lobo.*
338. **ver unha meiga** [alguén] ** l.v. COL. [Dise cando as cousas saen mal ou alguén ten un comportamento estraño. Úsase moito na formas seguintes: **nin que me/te... vira unha meiga, parece que me/te... veu unha meiga e seica**

- me/te... veu unha meiga**]. Desde que me pasou aquilo veume unha meiga.
339. **verse** [u.p.] **e desexarse** [u.p.] [para algo] ** l.v. COL. Ter moita dificultade [para facer esa cousa]. *Este ano pra organizar a festa voume ver e desexar.* # voume ver e desear.
340. **verse** [u.p.] **negra** [para facer algo] *** l.v. COL. Ter moita dificultade [para facer esa cousa]. *Rompín unhas costelas e pra me deitar vinme negra.*
341. **vir** [u.p.] **ao rego** *** l.v. COL. Transixir, atender a razóns [despois de moita insistencia ou moitos razoamentos por parte doutra]. *Téntao convencer ti, a ver se vén ao rego.*
342. **zampar** [u.p.] **unha patada** [a alguén] * l.v. COL. Dicar algo ofensivo ou agresivo, revelando ingratitude ou inxustiza. *Cando lle dixen aquilo zampoume unha patada.*
- 2.2.4. Locucións adverbiais**
- á boa fe** 2 > 31
343. **a cachón** ** l.adv. Formando burbullas, con forza. [Úsase co verbo *ferver*]. *A pota ferve a cachón, báixalle o lume.*
344. **á carreira** ** l.adv. Correndo, con rapidez. *Saeu á carreira.* / *Andan á carreira, non teñen tempo.*
345. **a chorro** ** l.adv. Formando chorro, de modo abundante. *Outras veces sangra polo nariz a chorro pero desta vez foron só unhas pingas.*
- a chupe** 2 > 33
346. **a contragusto** ** l.adv. Contra a vontade ou o desexo propio ou doutra persoa. *Ao final foi alí, mais a contragusto.*
347. **a darlle co pé** ** l.adv. COL. En abundancia, en moita cantidade. *Este ano hai amorias a darlle co pé.*
348. **a darlle co zoco** ** l.adv. COL. En abundancia, en moita cantidade. *A ameixeira daba ameixas a darlle co zoco.* / *Hai aí viseiras a darlle co zoco.* # a darlle co zoco / pra darlle co zoco.
349. **a eito** ** l.adv. Seguido, sen deixar nada atrás e sen escoller. *Colle as talladas a eito, non as escollas.*
350. **a embute** *** l.adv. COL. En gran cantidade, con abundancia. *Non entran moscas.* – *Hai moscas a embute.*
351. **a escachar** ** l.adv. COL. En cantidade, con abundancia. *Dálle viño a escachar.*
352. **a esgalla** ** l.adv. COL. En gran cantidade, con moita abundancia. *Ala! Chuvia a esgalla!* / *–Queres máis lentellas? –A min xa me botou a rapaza a esgalla.* / *A cociña ten cartós a esgalla.* # a ergalla.
353. **a fume de carozo** ** l.adv. COL. Con moita rapidez. *Se fas como che eu digo, as claras soben a fume de carozo.*
354. **a mantido** *** l.adv. Con dereito ás comidas [traballando para alguén por unha retribución]. *Traballaban a mantido: pagábanlles unha cantidade e dábanlles a comida.*
355. **a montón** * / **a montós** *** l.adv. COL. En gran cantidade, abundantemente. *Antes no fútbol había goleadas a montós.* / *Disque este ano colleron na noceira da súa veciña nocés a montón.* / *Díxolle cousas desas a montón.*
356. **á noitiña** *** l.adv. Ao anoitecer, nas primeiras horas da noite, despois do solpor e antes de que sexa noite pecha. *Á noitiña collín un sacho pequeno e sachei todo.*
357. **a papo cheo** l.adv. Profundamente. [Úsase co verbo *dormir*]. *Cando chegaches el durmía a papo cheo.*
- a pé** 2 > 35
358. **a pé firme** ** l.adv. De pé e sen se

- mover. *O que non me senta ben é estar a pé firme mais si andar un pouco. / Funme de alí porque non aguantaba a pé firme.*
359. **á pioca** ** *l.adv.* COL. Sen medios de subsistencia, na pobreza, na indixencia, en estado miserable e lastimoso. [Usase con verbos como *andar, casar, deixar, morrer* ou *vivir*]. *Que queres? Que morra alá á pioca?*
360. **a rastro** *** *l.adv.* Arrastrando ou arrastrándose. *Anda moi a rastro cos pés.*
361. **á recueira** ** *l.adv.* Para atrás, recuando (en sentido recto ou figurado). *Tirou á recueira o vehículo. / Van á recueira, están vendendo as súas propiedades.*
362. **a rego cheo** ** *l.adv.* COL. En abundancia, con fartura, sen taxa. *Poñían polbo a rego cheo.*
363. **a rentes** *** *l.adv.* Moi preto, rozando ou case rozando unha superficie. *Non me gusta cando se afeitan así a rentes que lles brilla a cabeza.*
364. **a repelo** ** *l.adv.* A desgusto, contra a propia vontade. *Está no hospital a repelo.*
365. **a rolos** ** *l.adv.* Dando voltas sobre si mesmo, rodando. *Está redondo coma unha pelota; ese, se quere, chega á Ponte a rolos.*
366. **a seco** *** *l.adv.* Sen dereito ás comidas, mais si a beber viño [traballando para alguén por unha retribución]. *Eses prefiren vir a seco.*
367. **a tal hora** *** *l.adv.* Neste momento. *A tía foi coller o avión ao Porto. A tal hora está en Venezuela.*
368. **á tardiña** *** *l.adv.* Nas últimas horas da tarde, cando comeza a poñerse o sol. *Tendes que ir á tardiña.*
369. **a todo dar** *** *l.adv.* COL. Coa máxima intensidade. *Aquel casamento foi a todo dar. / Ela tocou aí o tambor a todo dar.*
370. **a uña de cabalo** *** *l.adv.* COL. Ás présas. *Eu tiña que ir polo neno a uña de cabalo.*
371. **á usma** ** *l.adv.* En actitude de osmar, tratando de saber ou de se informar dos asuntos alleos, de maneira indiscreta ou só por curiosidade. *O meu neto sempre está á usma nas conversas dos adultos. / Ela estaba á usma para ver se mo dicía ela. # (estar) á urma.*
372. **a varrer** ** *l.adv.* COL. En abundancia, en gran cantidade. *Puxeron xamón e queixo a varrer.*
373. **a vulto** *** *l.adv.* Sen medir nin calcular con exactitude, de modo aproximado. *Fixo os chourizos así a vulto e botoulles tanto picante que non se comían.*
374. **a xeito** ** / **ao xeito** ** *l.adv.* Adecuadamente, oportunamente, apropiadamente, ben. *Heillo de dicir un día que me veña a xeito.*
375. **á xunta** ** *l.adv.* Ao mesmo tempo. *Metéronse tres á xunta e, claro, ao cárcere todos!*
376. **ao calado** ** *l.adv.* Secretamente, ocultamente; sen chamar a atención. [Tamén se di **ao caladiño**]. *Facía as cousas sempre ao caladiño, non era boa persoa. / Andan así ao calado.*
377. **ao conto** *** *l.adv.* COL. De conversa. En especial cando se trata de falar dos demais ou de saber das vidas alleas. [Úsase con verbos como *andar, estar, ir* e *quedar*]. *Quedan na casa do teu tío ao conto. / Está ao conto no adro da capela.*
378. **ao dereito** ** *l.adv.* Directamente. *Vós ides ao dereito prá cama.*
379. **ao lombo** *** *l.adv.* 1. Sobre o lombo.

Tiven que levar eu ao lombo as cousas todas. 2. fig. Ao cargo [de alguén], baixo a responsabilidade [de alguén]. Fomos cear fóra e a conta foime a min ao lombo. / Caeulle ao lombo o cego.

380.ao rabo *** *l.adv.* COL. Detrás, seguindo continuamente [alguén]. *Vén aí co fillo ao rabo. / Sempre anda con el ao rabo.*

381.ao remanso * / **en remanso *** *l.adv.* Dando rodeos, dando curvas, en zigzag. [Úsase con verbos como *baixar* ou *subir*]. *A Delfina di que sobe as costas en remanso que así as sobe mellor. / Ela está mellor ca min: eu esa costa téñoa que subir ao remanso.*

ao xeito > 374

382.aos pértegos ** *l.adv.* COL. A divertirse. *Andas aos pértegos pola noite e despois pasas o día na cama. # andar aos pértagos/pértegos.*

383.ás escuras * *l.adv.* Sen luz ningunha. *Por que estades ás escuras?*

384.ás leguas ** *l.adv.* De xeito claro e evidente, moi ben. [Úsase con verbos como *coñecer*, *ver* ou *notar*]. *Que ese home ten unha incapacidade vese ás leguas.*

385.ás veces *** *l.adv.* Nalgunhas ocasións. *—E comes ben? —Ás veces.*

386.ata as orellas ** *l.adv.* COL. Completamente, totalmente. *Ese equipo está empeñado ata as orellas. # asta as orellas.*

387.coa lingua pequena ** *l.adv.* COL. [Úsase xeralmente con verbos de lingua: *comentar*, *dicir*, *falar*...]. **1.** En voz baixa; para si. *Coa miña lingua pequena dicía eu: “que ben o fixeron”.* **2.** Sen sinceridade, sen convicción. *El díó coa lingua pequena mais non pensa así. # coa lingua pequena.*

388.coma a chuvía * *l.adv.* En abundancia.

Nesta aldea os homes morreron coma a chuvía. / Este ano hai mazáns coma a chuvía. # coma a lluvia/chuvia.

389.coma a pólvora ** *l.adv.* COL. Con moita rapidez. *Fuches buscar agua da Fonte da Pena e viñeches coma a pólvora.*

coma a xente 2 > 48

390.coma con ovos ** *l.adv.* COL. Con moito coidado, con moita delicadeza, con precaución. [Úsase con verbos como *andar* ou *traer*]. *Hai que andar con ela coma con ovos.*

391.coma Deus ** *l.adv.* COL. Moi ben. *Non te queixes, ti estás coma Deus. # estar coma Dios.*

392.coma o can e o gato *** *l.adv.* COL. Moi mal, con enfrontamentos ou pelexas constantes. [Úsase xeralmente con verbos como *andar*, *estar*, *levarse*...]. *Eses irmaos lévanse coma o can e o gato.*

393.coma o carallo ** *l.adv.* VULG. Mal. *Este centro funciona coma o carallo. / Como estou? Estou coma o carallo. E logo por que che parece que estou nesta cama deste hospital?*

394.coma o demo * / máis ca o demo ***** *l.adv.* COL. Moi + adxectivo ou adverbio. *Este televisor funciona mal coma o demo. / O pan está duro coma o demo. / Ese veterano político xa pasou por todo, está el máis cocido ca o demo. # coma o demo / máis ca o demo/ demonio.*

395.coma o unto ás verzas ** *l.adv.* COL. Moi ben. [Úsase con verbos como *estar* ou *ir*]. *O peiteado estalle coma unto ás verzas.*

coma se cantara un carro 2 > 49

396.coma terra *** *l.adv.* COL. En abundancia, en cantidade. *Ese fulano ten diñeiro coma terra.*

397. **coma un fogo** ** / **coma un foguete** ** *l.adv.* COL. Con rapidez, a toda présa. [Adoita usarse con verbos de movemento como *andar*, *fixir*, *sair* ou *vir*]. *Ao que comeron o polbo veu coma un fogo*. # *correr/vir coma un fuego*; *marchar coma un cohete*.
398. **coma un rei nunha cesta** ** *l.adv.* COL. Moi ben, moi comodamente, á vontade. [Úsase con verbos como *encontrarse*, *estar* ou *ir*]. *Que ben estás, estás coma un rei nunha cesta*.
- coma un reloxo** 2 > 51
399. **coma un trinquete** ** / **coma unha trinqueta** ** *l.adv.* COL. Perfectamente, moi ben, forte, san, espelido. [Úsase sobre todo co verbo *andar*]. *Só pasou unha semana da caída e ti andas coma un trinquete*. / *A nena xa anda coma unha trinqueta*.
400. **coma unha chispa** *** *l.adv.* COL. Con moita rapidez, velozmente. *Fun ao baño correndo coma unha chispa*.
- coma unha trinqueta** > 399
401. **da noite para a mañán** ** *l.adv.* En moi curto espazo de tempo. *Díxonolo da noite prá mañán e pra nós foi unha sorpresa moi grande*.
- de balde** 2 > 57
- de carallo** 2 > 60
402. **de concello** * *l.adv.* COL. A conversar. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *Levan toda a tarde aí de concello*.
403. **de fociños** *** *l.adv.* COL. De fronte; de fronte e boca abaixo; dando coa cara [contra algo, caendo, levando un golpe]. *A ver se vai caír de fociños na veiga*. # *de fuciños*.
404. **de ganchete** *** *l.adv.* [Collido(s)] do brazo, dobrado a modo de ganchito. *Ía de ganchete co marido*.
405. **de golpe** *** *l.adv.* De modo súbito ou brusco. *As persianas, se as deixas caír de golpe, estráganse*.
406. **de marabilla** ** *l.adv.* Moi ben. *Na casa estaba de marabilla*.
407. **de mollo** ** *l.adv.* [Úsase con verbos como *deixar*, *estar* ou *poñer*]. Dentro de auga ou doutro líquido [para que amoleza, para lle tirar o sal etc.]. *As fabas, ou sexa, as ervellas, como as denominamos aquí, déixalas de mollo*. / *Antes de saíres ponas de mollo*.
408. **de par en par** *** *l.adv.* De todo [Úsase con *abrir* ou *aberto* e xeralmente referido a portas ou xanelas]. *A ventá está aberta de par en par*.
409. **de propio intento** ** *l.adv.* De propósito, de maneira intencionada. *Veu de propio intento de Madrid para a festa*. / *Fomos a Salamanca de propio intento para comprar a campá*.
410. **de punta a cabo** ** *l.adv.* Do comezo ao fin, dun extremo ao outro, por completo. *Aquí hai corrupción de punta a cabo*.
411. **de rabo a orella** ** *l.adv.* COL. Con todo o corpo estendido no sentido lonxitudinal. [Úsase con verbos como *deitarse*, *estarricarse* ou *estenderse*]. *Na cama estou mellor porque podo deitarme de rabo a orella*. / *Velaí a tes tombada de rabo a orella no sofá todo o día*. # *deitarme de rabo a orella*.
412. **de raio** *** *l.adv.* COL. 1. [Cando modifica un verbo] Moito. *O radiador queceu de raio*. 2. [Cando modifica un adxectivo]. Moi + adxectivo. *O home era feo de raio*.
413. **de rebolo** ** *l.adv.* Arrebolándoo, lanzándoo. [Úsase con verbos como *botar*, *lanzar* ou *guindar*]. *Vouche mandar esto de rebolo*.
414. **dous días nun verao** * / **tres días**

nun verao ** *l.adv.* COL. Un espazo de tempo moi breve. –*A filla da Paca botou mozo.* –*Si, dous días nun verao, xa verás ti o que lle dura.* / –*Moceou con el mais foi pouco tempo.* –*Tres días nun verao.* # dous/tres días nun vrao.

en remanso > 381

415.**en tempo** *** *l.adv.* Con tempo suficiente. *O que hai é que andar en tempo.* / *Imos nós en tempo, pra axudar a facer a comida, que son moitos convidados.*

416.**fóra de tempo** ** *l.adv.* Fóra do momento que lle corresponde; fóra de sazón. *As noces son coma as laranxas, están fóra de tempo.*

417.**ida por volta** ** *l.adv.* COL. Sen se demorar moito. *Vou ida por volta, así que non chegarei tarde.*

máis ca o demo > 394

418.**mal coma un can** ** *l.adv.* COL. Moi mal. *Hoxe estou regular, onte estiven mal coma un can.*

419.**na brasa** * *l.adv.* COL. Con velocidade, con prisa. *El anda sempre na brasa.*

420.**na fura dianteira** *** *l.adv.* COL. [Úsase con verbos como *estar* e *ir*]. **1.** De primeiro, diante. *Vino na manifestación. Ía na fura dianteira.* / *No autobús eu ía na fura dianteira, nos primeiros asentos.* **2.** Ben vestido, elegante; cheo de orgullo. *Hoxe vai na fura dianteira, debe ir a algún acto importante.* **3.** Destacando, facéndose notar. *Esa política famosa agora está sempre na fura dianteira: sae moito nos medios de comunicación.* [Nota: as furas da cabezalla do carro son uns buratos que ten na parte anterior para meter a chavella, peza esta que se usa para suxeitar o carro ao xugo cos bois ou vacas por medio dunha correa (o loro). A locución alude a cando a

chavella se pon na fura dianteira].

421.**na punta da póla** *** *l.adv.* COL. Destacando, chamando a atención, nos primeiros lugares. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *Esa política agora xa non sae tanto nos medios de comunicación, está escondida. Antes estaba na punta da póla continuamente.*

422.**nin pola veiga da porta** ** *l.adv.* COL. Absolutamente por nada, de maneira ningunha. [Úsase en frases negativas con diferentes verbos, como *dar*, *deixar*, *facer* etc.]. *Un restaurante eu non o collería nin pola veiga da porta, ¿ti sabes o traballo que dá?* [Nota: a veiga que está ao pé da casa é a máis valiosa]

423.**no aire** * *l.adv.* Con rapidez, no instante, ao momento. –*Aí andan outra vez os das motos.* –*Deus os aparte, que vén un deses tolos e chimpanos para o burato no aire.*

424.**no medio da merenda** ** *l.adv.* COL. No medio dun acontecemento (xeralmente unha lea ou conflito). *Veuse no medio da merenda e só pasaba por alí.* / *Tes que estar aquí, no medio da merenda.*

425.**no seo da manta** ** *l.adv.* COL. Sen facer algo, sen se expoñer a algo, sen se implicar en algo. [Úsase xeralmente co verbo *quedar*]. *Tiñamos todos que axudar na obra pero el, coma sempre, quedou no seo da manta.*

426.**nun dicir Xesús** ** *l.adv.* COL. No instante, en moi breve espazo de tempo. *Púxoo nun dicir Xesús.* # nun dicir Jesús.

427.**nun voo** * *l.adv.* Moi rapidamente. COL. *A roupa con este tempo seca nun voo.* # nun vuelo.

428.**nunha carreira** ** *l.adv.* COL.

En moi pouco tempo, enseguida.
Facemos a comida nunha carreira.
/ Os encrucillados eu fãgoos nunha carreira.

429. **onde non pasou Cristo** ** *l.adv.* COL. Nun lugar remoto. *Ten unha casa en Grobas, onde non pasou Cristo.*

430. **para máis carallo** *** *l.adv.* VULG. [Introduce con énfase unha cousa ou acción que se engade a outra que se expresa]. *Xa iamos con atraso e pra máis carallo avariáusenos o vehículo polo camiño.*

431. **pelo a pelo** * *l.adv.* COL. Unha cousa por outra, sen ter que pagar máis nada. [Úsase co verbo *cambiar*]. *Se mo quere cambiar, eu cámbiollo pelo a pelo.*

432. **pola mao del/dela** ** / **pola súa mao** ** *l.adv.* 1. Coas propias mans. *Xa come pola mao del. / A rapaza rompeume aquela figura que fixera eu pola miña mao, mais eso pódelle pasar a calquera.* 2. Por si mesmo, por propia iniciativa. *Busquei ser operada pola miña mao.*

433. **pola raíz** ** *l.adv.* Completamente; definitivamente. *Aquí hai que cortar pola raíz, non se pode consentir nada deso.*

pola súa mao > 432

434. **pola vella** ** *l.adv.* En cantidade, con abundancia. *Esta vez trouxemos ovos da aldea pola vella.*

435. **pola vida** ** *l.adv.* Moito [Úsase con verbos como *querer*]. *El quéreme pola vida, seino moi ben.*

436. **por lei dereita** ** *l.adv.* Por lóxica; en xustiza, segundo a estrita aplicación das normas. *Por lei dereita eu teño que ir antes ca ti, que son máis vella, son a túa nai. / A casa, por lei dereita, ten que ir para a filla.*

437. **por xunto** ** *l.adv.* En conxunto, na

totalidade, dunha soa vez, ao mesmo tempo. *—Nunca gastei diñeiro nos dentes. —Pois agora valo gastar por xunto.*

438. **que Deus a bota** ** *l.adv.* COL. Moito, en abundancia. [Úsase co verbo *chover*]. *Non puidemos saír fóra, chovía que Deus a botaba.* # chovía que Dios a botaba.

que mete medo 2, 3 > 95

que nin o demo 2, 3 > 96

que nindíós 2, 3 > 97

439. **se cadra** *** *l.adv.* [Indica dúbida ou posibilidade. Utilízase co verbo en indicativo]. *Se cadra non é este un bo momento para llo dicir.*

tres días nun verao > 414

440. **volta non volta** ** *l.adv.* COL. Continuamente, repetidamente. *Volta non volta, veña a falar de enfermidades.*

441. **vou non vou** ** *l.adv.* COL. Con indecisión, con dúbida ou en situación de inminente mudanza. *Eu estaba así, vou non vou, para ser operada.*

2.2.5. Locucións pronominais

442. **alma nacida** * *l.pron.* Ninguén. *Non hai alma nacida que non lle guste o polo da casa.*

443. **nin un chavo** * *l.pron.* COL. Nada absolutamente. [Úsase, xeralmente en oracións negativas, con verbos como *quedar*, *ter* ou *valer*]. *Non lle deron nin un chavo.*

444. **todo María Santísima** ** *l.pron.* COL. Todos, todo o mundo. *Convidou ao casamento dos netos a todo María Santísima.*

445. **un can** *** *l.pron.* COL. Nada absolutamente. [Úsase, xeralmente en oracións negativas, con verbos como *quedar*, *ter*, *valer* etc.]. *Toda esa xente que non valía un can*

son os que se fixeron ricos. / Esa presentadora non me gusta nada: non vale un can.

446. **Xan e Pedro** ** *l.pron.* COL. Uns e outros, todos, calquera. *Vas a Pontevedra e topas con Xan e con Pedro.*

2.3. Fórmulas

447. **A fame voando** ** *fórm.* COL. [Dise para expresar compaixón ou para criticar o que di ou fai alguén]. *Ten trece anos e di que vai saír co seu noivo. A fame voando! / –Eso non é cocido nin é nada. –A fame voando.*

448. **A madre que te/o... pareu!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *A madre que a pareu! Sabes o que me dixo?*

449. **Á noite María toma a roca** * *fórm.* COL. [Dise como crítica cando alguén acorda facer algo a última hora]. *Tiveches todo o día e poste agora a facelo, á noite María toma a roca!*

450. **A parteira que te/o... apañou!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto, reproche ou rexeitamento]. *Se os rebentadores da manifestación do 25 de setembro de 2012 eran policías, a parteira que os apañou! / Explicáballe e non me entendía. Dixen eu: a parteira que te apañou!*

451. **Agora si que (a) foi!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto ou desaprobación ante algo que se considera absurdo]. *Agora si que che foi, ou sexa que, segundo ti, os que fixeron todo foron eles; nós non axudamos nada!*

452. **Agora xa foi** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar que algo xa non ten remedio]. *Vaia, pois agora xa foi. Para outra vez lembrareime de poñer as castañas a*

menos lume para que non se queimen.

453. **(Aínda) bo é/foi...** ** *fórm.* [Úsase para indicar que algo non resultou tan negativo ou prexudicial como podería ter sido]. [Pode ir seguida dunha oración introducida pola conxunción “que”]. *–Avaríouse a televisión e só se ve esa cadea, que é a que nós vemos. –Inda bo é. / Bo foi que levabamos con que taparnos. / –Como estades? –Imos e bo é!*

454. **Arre carallo!** *** *fórm.* VULG. [Úsase para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Arre carallo, a ese pra o tirar da cama tes que ir ao libro!*

455. **Arre demo!** *** *fórm.* COL. [Úsase para expresar admiración ou sorpresa]. *Arre demo! O que tal fala esa muller!*

456. **Ata outra hora** ** *fórm.* [Dise para se despedir]. *Ben, amigos, ata outra hora. # asta outra hora.*

457. **Ata vernos** * *fórm.* [Dise para se despedir]. *–Xa me é tarde, adeus. – Pois ala, ata vernos. # asta vernos.*

458. **Como di o outro** *** / **Como din alí** ** / **Como dixo o outro** *** *fórm.* COL. [Úsase cando se vai citar un dito ou proverbio ou para acompañar algo que se dá por consabido]. *–Di que lle vai emprestar ela o diñeiro. –Como dixo o outro: ti que non podes lévame ao lombo. / Como din alí: o que ten pau fai achas.*

459. **De vello/a, gaiteiro/a** ** *fórm.* COL. [Utilízase para expresar que unha persoa maior fai cousas que non son propias da súa idade ou que alguén xa non ten idade para algunha cousa]. *Estou facendo unha cortina, agora de vella gaiteira.*

460. **Deixa andar o can coa roca** ** *fórm.* COL. [Úsase para expresar que se debe deixar que as cousas sigan o

- seu curso]. *Ti tranquilo, deixa andar o can coa roca.* # deixa andar o can coa roda/roca.
461. **Deus o/os... descanse ** / Deus o/os... teña no descanso * fóm.** [Dise cando se menciona unha persoa morta]. *Veu o irmao, que tamén morreu, Deus o descanse...* # Dio-la teña no descanso / Dio-lo descanse.
462. **Deus o faga mellor *** fóm.** [Dise para expresar o desexo de que algo mencionado (polo que fala ou por outro) non suceda]. *–E se lles pasou algo polo camiño? –Deus o faga mellor!* # Dio-lo faga mellor!
463. **Deus o pague *** fóm.** [Dise para mostrar agradecemento]. *Deus o pague, nena, mais non tiñas que me traer nada. / O xantar estaba moi bo. Deus o pague.* # Dio-lo pague.
- Deus o/os... teña no descanso > 461**
464. **Deus que te/o... fixo! *** / Deus que te/o... pareu *** fóm.** COL. [Dise para expresar desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *Deus que vos fixo! Non podíades estar calados? / Deus que os pareu, teñen unha chea de negocios.* # Dios que te/o... fixo! / Dios que te/o... pareu.
465. **Dígocho/dígovolo eu! *** fóm.** [Dise para mostrar enfaticamente conformidade ou acordo]. *–Se chovese un pouco non facía mal. –Muller, dígocho eu! / –En Agolada compramos unhas barras de pan e comémolas con queixo. Non é mala cousa. –Ben bo é, dígocho eu!*
466. **E ao carallo *** fóm.** VULG. [Dise como conclusión para dar énfase a algo que se dixo]. *Non hai maneira e ao carallo.*
467. **É bo milagre! ** fóm.** COL. IRÓN. [Expresa que algo non estraña ou non sorprende (normalmente como resposta a algo)]. *–Hoxe dóenme as costas. –Éche bo milagre, levás todo o día a traballar...! # é bo milagre!*
468. **E logo (?) *** fóm.** 1. [Úsase para afirmar unha cousa de modo patente. Equivale a “claro que si”, “sen dúbida”, “con certeza”. Existe tamén a variante “e logo non!”]. *–Aquela canción tiña contido social. –Tiña, ¿e logo? / –Ti tamén queres participar? –Quero, je logo non!* 2. [Úsase para engadir énfase nunha interrogación, ao principio da frase]. *–Non vexo nada ben, teño que ir ao oculista. –E logo o teu irmao? O teu irmao está tamén coma as toupas.* 3. [Úsase para preguntar pola razón ou causa de algo. Equivale a “¿por que?”]. *–Ao final non vou convosco ao cine. –E logo?*
469. **Era boa! *** fóm.** COL. [Expresa rexeitamento ou negación ante algo que se considera inadmisíble]. *Traballar para eles sen cobrar? Érache boa!*
470. **Escapa o gato! * fóm.** COL. [Dise para que se peche a porta porque entra frío]. *Escapa o gato!*
471. **Este mundo é un bandallo, chove nel igual ca fóra! * fóm.** COL. [Úsase para se queixar por algo]. *–Hai tanta corrupción! –Este mundo é un bandallo, chove nel igual ca fóra.*
472. **Falar ben non custa un carallo * fóm.** COL. HUM. [Dise cando se oe algunha palabra groseira]. [Tamén se di **fala/falade ben que non custa un carallo**]. *Non fales así, home, que falar ben non custa un carallo.* # falar ben non costa un carallo.
473. **Hai cousas que parecen lousas ** fóm.** COL. [Dise de algo que parece sorprendente, de algo que produce

admiración]. *Agora saboréoo máis. Como é máis caro...! Haiche cousas que parecen lousas! / Pasou case nove meses grávida e non o sabía, só o soubo cando dou á luz. Haiche cousas que parecen lousas!*

474. **Madia levas/leva...!** *fórm.* 1. ** [Dise de quen ten ou tivo boa sorte. (Nesta acepción úsase en diferentes tempos e persoas)]. *Aquí madia levades que se ve a televisión. | Madia levastes que tamén vos fixeron rir.* 2. * [Dise para expresar acordo e que hai razóns para que sexa así. (Nesta acepción úsase exclusivamente na forma “madia leva”).] *Estás aburrido. Madia leva, toda a tarde sen saíres da casa!* [Nota: o uso da segunda acepción é de Gil Cabana, natural do concello de Monterroso].

475. **Máis se perdeu na guerra de Cuba** ** *fórm.* COL. [Dise cando se quere tirar importancia a algunha perda]. *Non te preocupes por eso que máis se perdeu na guerra de Cuba.*

476. **Manda carallo!** *** / **Manda nabo!** *** *fórm.* VULG. [Dise para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Mándache nabo! E eso que son irmaos.*

477. **Manda forza!** * *fórm.* COL. [Dise para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Mándache forza! Que cousas temos que oír!*

Manda nabo! > 476

478. **Morra Marta, morra farta** ** *fórm.* COL. [Dise para xustificar comer en exceso ou do que non se debe]. *Esta torta de queixo está deliciosa. Non debería comela mais morra Marta, morra farta!*

479. **Nin tanto acá nin tanto alá** *** / **Nin tanto alá nin tanto acá** *** *fórm.* [Dise para expresar que non se debe esaxerar, equivale a “nin excederse nin ficar

curto”]. *Tampouco estou de acordo con eso, nin tanto acá nin tanto alá.*

480. **Non era sen tempo** ** *fórm.* [Dise para expresar que unha cousa xa debería ter ocorrido antes]. [Tamén se di **Non é sen tempo** e **Non foi sen tempo**]. *Xa chegamos e xa non era sen tempo.*

481. **Non sexa o demo (que + ORACIÓN)** *** *fórm.* COL. [Expresa precaución ou temor de que algo suceda]. *Tes que ter coidado con esas ferramentas non sexa o demo que te firas.* # non sea o demo que.

482. **Non teñas medo!** *** *fórm.* COL. [Úsase para asegurar que non sucederá unha determinada cousa. Equivale a “non te preocupes que iso non vai acontecer” ou “nin imaxines que iso aconteza”]. *–O mellor que se pode facer co licor é non bebelo. –Pois non o beba. –Non teñas medo! / Ti cres que din unha palabra en galego a toda esa xente que pasa polo hospital? Non teñas medo! / –Papá, vas ter que comprar un computador e poñerte ao día. –Non teñas medo!*

483. **Outra vaca no millo!** *** / **Outra vaca no trigo!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo do que non gustamos, co que non estamos de acordo ou que coidamos non ser certo]. [Tamén se di **Outra vaca mais no millo!**, **Outra vaca vai no millo!**, **Outra vaca mais no trigo!** e **Outra vaca vai no trigo!**]. *–Séntate, que estás aí a... –Outra vaca máis no millo! / –Pucho Boedo fíxose famoso desde que morreu. –Outra vaca no trigo! # outra vaca máis no millo / outra vaca no trigo / outra vaca vai no trigo / outra vaca máis no trigo.*

484. **Paciencia, ratos, que arden muíños!**
* *fórm.* COL. [Dise para tranquilizar ou consolar alguén ante un contratempo ou unha pequena "traxedia". Tamén cando alguén é moi impaciente ou nos está apurando]. *Paciencia, ratos, que arden muíños! A ver se para outra ocasión pode ser!* # pacencia, ratos, que arden molinos!
485. **Pés de puta!** ** *fórm.* VULG. [Dise para expresar a rapidez con que alguén foxe de algo ou alguén, xeralmente dun perigo]. –*Xa estás boa?* –*No hospital dixéronme se quedaba no cuarto e eu "¡pés de puta!"* # pés/pies de puta.
486. **Polo carallo!** ** *fórm.* VULG. [Expresa desconformidade, oposición a algo ou negación con desprezo]. *Ir eu ali? Polo carallo!*
487. **Poucas as grazas** ** *fórm.* COL. [Expresa que algún feito non é para admirarse ou non é de estrañar, senón que é o normal ou natural, que hai razóns para que sexa así]. –*Ti es un bo cliente, que sempre compras do seu queixo.* –*Home, poucas as grazas, é un veciño meu.* # pouca-las gracias.
488. **(Que) tumba e (que) taramba** * *fórm.* COL. [Dise para abreviar palabras ditas por outra persoa que non se queren repetir]. *Dicía que non volvería e que tumba e que taramba.*
489. **Que (che/vos...) vaia ben!** *** *fórm.* [Dise para se despedir de alguén]. –*Ala, pois ata logo.* –*Que vaia ben!*
490. **Quen (me/che...) dera (+ OD)!** *** *fórm.* [Dise para expresar o desexo de ter ou de que suceda a cousa que se expresa]. –*Ti cociñas moi ben.* –*Quen me dera! Eu son só un principiante.* / *Quen lle dera a ela cociñar como ti o fas.*
491. **Se comes así mañán, non morres hoxe** * *fórm.* COL. HUM. [Díselle a alguén que está a comer unha comida abundante]. *Vaia almorzo! Se comes así mañán, non morres hoxe.*
492. **Se estas son guerras, veñan balas**
fórm. COL. [Dise cando unha cousa estivo moi ben, cando unha cousa gustou moito, en especial unha comida]. *Vaia xantar comemos hoxe. Como dicía o meu sogro, se estas son guerras, veñan balas.*
493. **Tal para cal alpargata e media** ** *fórm.* COL. [Dise para se referir a dúas persoas que son parecidas. Xeralmente en sentido pexorativo]. –*Eses sempre xuntos.* –*Tal para cal alpargata e media.*
494. **Tarde piaches/piastes** ** *fórm.* COL. [Dise cando alguén se lembrou tarde de algo ou cando xa é tarde para algo]. *Tarde piaches, agora xa non pode ser.*
495. **Ti, que non podes, lévame ao lombo**
** *fórm.* COL. [Dise para criticar a quen, podendo menos ca outro, quere axudalo]. –*Di que lle vai emprestar ela o diñeiro.* –*Como dixo o outro: ti, que non podes, lévame ao lombo.*
496. **To, demo, to!** ** *fórm.* COL. [Dise para expresar desaprobación, desacordo ou incredulidade]. –*Xa é tarde; vamos prá cama.* –*To, demo, to!*
497. **Tócallo o carallo!** ** / **Tócallo o nabo!** ** *fórm.* VULG. [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Tócallo o nabo! A que chegamos!*
498. **Tócallo o sacho!** ** *fórm.* VULG. [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Tócallo o sacho! Se non o vexo non o creo!* [Nota: debe de ser un eufemismo de "tócallo o carallo!"]
499. **Vai boa!** *** *fórm.* COL. [Úsase para expresar que hai moita diferenza entre o que se di e o que realmente é ou para dar máis énfase a unha valoración]. 1. *Na política si que retrocedemos. Vai*

boa! / Ela con el ten moita relación, ¡vaiche boa! 2. [Úsase para expresar que hai moito tempo que ocorreu algunha cousa]. –Xa oístes o cuco este ano? –Vai boa que oín eu o cuco.

500. **Xa que estás mollado vai ás verzas** ** *fórm.* COL. [Dise en situacións en que unha persoa quere que outra faga un labor ou traballo que podía facer ela]. –*Non podo ir que estou en pixama. Vai ti. –Ai, claro, teño que ir eu, xa que estás mollada vai ás verzas.*

2.4. Refrás

501. **A comer e a rañar todo o mal é empezar / O comer e o rañar todo o mal é empezar** *ref.* O máis difícil é o comezo.
502. **A fermosura vai nos ollos de quen a mira** *ref.* A fermosura é algo subxectivo. # a hermosura vai nos ollos de quen a mira.
503. **A leña de salgueiro arde no regueiro** *ref.* A leña de salgueiro arde moi ben.
504. **A onde irás, boi, que non ares, á cortadoría** *ref.* Onde queira que vaías con certeza que terás que traballar e moito, como en todos os sitios. # A onde irás, boi, que non ares, á cortadoría / A onde vas, boi, que non ares, á cortadoría.
505. **Á vellez todo se arrima, menos a fermosura / Á vellez vén todo... menos a fermosura / Todo se arrima á vellez menos a fermosura** *ref.* Cando se é vello todo son achaques e doenzas. # á vellez todo se arrima, méno-la hermosura / á vellez vén todo... menos a hermosura / todo se arrima á vellez méno-la hermosura
506. **Arde a casa, quentémonos aos cangos** *ref.* Ante unha situación negativa ou pouco vantaxosa cómpre aproveitar e tirar algo positivo.

507. **Ás femias velas ir e aos machos velos vir** *ref.* Para saber se son bos, ás femias cómpre velas por atrás e aos machos por diante. Pódese aplicar tamén ás persoas.
508. **Burra grande ande ou non ande** *ref.* A aparencia é importante, aínda que, en realidade, non sirva para moito.
509. **Cada can lambe o seu rabo** *ref.* Cada persoa debe resolver os seus problemas.
510. **Cada un sabe as goteiras da súa casa** *ref.* Cada persoa coñece os problemas que ten. # Cada un sabe as goteras de su casa.
511. **Cambiarás de muíño pero non de ladroeiro** *ref.* Aínda que vaías a outro vendedor ou comprador todos falan e miden igual, todos se aproveitan.
512. **Cando non hai pan aprovéitanse as faragullas** *ref.* Hai que se conformar co que hai.
513. **Castañas e landras, ano de rebandas** *ref.* Un ano de castañas e de landras é un bo ano. [Nota: unha rebanda é unha porción delgada, xeralmente de grosor uniforme, que se obtén cortando unha cousa dun lado ao outro. Aquí probablemente se refire a unha rebanda de pan e por extensión á fartura].
514. **De balde andan os cas e levan pedradas** *ref.* Ninguén fai nada de balde.
515. **En todas as partes hai roedores de cañotos** *ref.* En todas as partes existen problemas ou cousas negativas. # en tódolos sitios hai roedores de cañotos / en tódalas partes hai roedores de cañotos.
516. **Guedellos de lan, se non chove hoxe chove mañán** *ref.* Cando no ceo hai nubes que parecen ovellas sen rapar, é sinal de que vai chover.

517. **Hai que alzar cando vai vento** *ref.* Cómpre aproveitar as ocasións cando se presentan.
518. **Marzo marzán cara de can** *ref.* Alude ao mal tempo deste mes.
519. **Non hai palleiro sen palla** *ref.* Quen está gordo é porque come.
520. **Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu** *ref.* Acostuma acontecer que quen pasa dunha posición baixa a unha superior é máis esixente cos de abaixo.
521. **Nos niños do pasado non hai paxaros este ano** *ref.* As cousas do pasado xa non teñen vixencia.
522. **Nubes pra Lugo, agua no puño** *ref.* Se hai nubes para o nordés é sinal de que vai chover.
- O comer e o rañar todo o mal é empezar** > 501
523. **O que ben fai a cama ben se deita nela** *ref.* O que procura as cousas, tenas ben.
524. **O que boa espera, boa lle vén** *ref.* Hai que ser optimistas.
525. **O que cose sen dedal cose pouco e mal** *ref.* É preciso usarmos os utensilios adecuados para cada labor.
526. **O que ha de comer o demo poñerllo á porta** *ref.* As cousas difíciles ou desagradables é mellor facelas o antes posible.
527. **O que non forra leña non forra cousa que teña** *ref.* A leña supón un gasto importante.
528. **O que non ten cabeza escusa sombreiro** *ref.* Á persoa que ten pouco sentido, escusas dicirlle algo porque non che vai facer caso.
529. **O que perde a noite perde o día / Quen perde a noite perde o día** *ref.* Quen non dorme pola noite, de día non anda ben.
530. **O que ten fillos non rebenta coa chea (ou de cheo)** *ref.* Ao ter fillos non se pode ter todo o que un quere, xa que hai que repartir con eles.
531. **O que ten pau fai achas** *ref.* Quen ten reservas soluciona os problemas.
532. **O que todo quere todo perde** *ref.* Non debemos ser excesivamente ambiciosos.
533. **O traballo non mata pero amata** *ref.* O traballo en por si non mata mais deteriora a saúde.
534. **Ovos sen sal cen anos fan mal** *ref.* Aos ovos hai que lles botar sal.
535. **Polo pan baila o can** *ref.* Cando alguén fai algo é porque espera tirar un beneficio. *Cando fai eso é porque espera ganar algo: polo pan baila o can.*
536. **Pouco prato e moito zapato** *ref.* Cómpre moderarse ao comer e camiñar, pois son dúas cousas boas para a saúde. # pouco plato e moito zapato.
537. **Quen fala mal dos seus a súa lingua enlixa** *ref.* Non se debe falar mal da familia. # quen fala mal dos seus a súa lingua enlixa.
- Quen perde a noite perde o día** > 529
538. **Rubio prá beira do mar, vellas a asollar** *ref.* Se hai roibéns para o oeste, o día seguinte irá bo día e as mulleres poderanse poñer ao sol.
539. **Segundo é o carro, tales fumeiros leva** *ref.* Alude á correspondencia entre unha persoa e algo dela. –*Ván casar; queres ver a foto da noiva?* –*Non fai falta, segundo é o carro, tales fumeiros leva.* # según é o carro, tales fumeiros leva.
- Todo se arrima á vellez menos a fermosura** > 505
540. **Un cura non cae dun castiñeiro embaixo** *ref.* As cousas só lles ocorren

ás persoas que están en situación de que lles pasen, ás que se arriscan. —*Pois ao meu fillo nunca lle pasou unha cousa así. —Claro, un cura non che cae dun castiñeiro embaixo.*

541. **Un non quere, dous non pelexan ref.**

Para dúas persoas rifaren teñen que querer as dúas.

542. **Unha vez non son veces ref.** Ás veces pódese facer unha excepción. —*Vou eu ir andando a Forcarei? —Unha vez non son veces.*


3. Apéndice

A seguir consigno as unidades fraseolóxicas que non incluín por diferentes motivos, xeralmente por escaseza de información nalgún dos aspectos: *(ir) á parte; (morrer a xente) a pasto; a sin güeso; a troche moche; agarrarse a un clavo ardendo; andar no mundo por andar; arrancar pelos dunha perna e plantalos noutra; atar cas con longanizas; (ser un) bo punto; botar de falta algo/alguén; burro coma unha porta; caír do ceo; cenar coma o porco de san Antonio; chiárenlle os oídos a alguén; (estamos) como las rosas; (estar) como tres cun zapato; correr (as) sete cañadas; cos pés na terra; dar patadas contra o aguillón; dar patadas contra o escañil; de min a ti; de volta e media; escupir alto; fabas contadas; facerlle a capa a alguén; facerlle as beiras a alguén; ir por mal camiño; lances do oficio; levantar a ala; levar nas narices; lombos de burro; máis burro que unha porta; medrar coma a espuma; meter a cabeza debaixo da ala; nin arre nin xo; nin rabo de gaita; non dar boa espiña; non hai can que o roia; pasalas putas; poñer a venda antes da herida; pra pouca saúde, ningunha; que dous pés para un banco!; redondo coma unha pelota; ser coma a pescadilla que morde a cola; son contos do arco da vella; ter callo; ter mao; ter que o roer; teso coma unha vela; ver o mundo todo; vir coma potes; xiarlle na cabeza; xogar na punta dun toxo.*

Recensiones

Reviews

BÁRDOSI, Vilmos (2015): *Szólások, közmondások eredete. Frazeológiai etimológiai szótár*. Budapest: Tinta Könyvkiadó. ISBN 978 963 409 008 3; 746 páxs.



O 27 de maio de 2015 presentouse en Budapest este dicionario fraseolóxico etimolóxico -DFE de aquí en diante- de Vilmos Bárdosi, publicado por Tinta Könyvkiadó, que se especializa na edición de obras lexicográficas. O autor non é descoñecido para os lectores de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, onde apareceron dous artigos do profesor húngaro (Bárdosi 2009 e 2012) e dous manuais seus foron salientados. No número 6 da revista falei das solucións fraseográficas do *Magyar szólástár*, un dicionario fraseolóxico extenso (Bárdosi 2003). No número 14 do CFG X. Ferro tratou o *Diccionario fraseolóxico temático francés-español*, redactado por Bárdosi e González Rey (Ferro 2012), unha análise que retomei no número seguinte (Morvay 2013).

O DFE explica baixo lemas ordenados alfabeticamente en artigos independentes a orixe de 1800 expresións idiomáticas e refráns húngaros. No caso doutras 778 formas, hai unha remisión ao lema baixo o que se encontra documentada a etimoloxía do fraseoloxismo en cuestión. En total, temos, pois, información sobre a orixe de máis de 2500 unidades fraseolóxicas entre as que Bárdosi recolle excepcionalmente tamén sentenzas que os húngaros utilizamos preferentemente nun idioma estranxeiro, como por ex.: *Extra Hungariam non est vita, et se est vita, non est ita* (148). Trátase dun caudal importante xa que, segundo as estimacións de especialistas, o número dos frasemas¹ que se usan realmente en linguas cunha tradición literaria desenvolvida é entre cinco mil e quince mil. Baránov e Dobrovol'skij falan de dez mil expresións (Baránov / Dobrovol'skij 2009: 415) e no mencionado *Magyar szólástár* constan unhas catorce mil. Para poder documentar a orixe do material fraseolóxico reunido, o autor realizou un traballo de Sísifo: ademais de verificar a opinión dos máis importantes autores sobre a súa etimoloxía, baleirou todos

¹ Por motivos estilísticos para falar de todo tipo de combinacións de palabras estables emprego indistintamente o termo frasma, preferido polo autor e fraseoloxismo, denominación da miña preferencia.

os números dos 109 anos das revistas *Magyar Nyelv* e os 142 anos de *Magyar Nyelvr.* As fontes consultadas por Bárdosi son ao redor de 500 publicacións en papel e máis dun centenar de enderezos de Internet (583-627). Pero isto foi só o comezo: aínda faltaba realizar o tratamento fraseográfico axeitado de todas as unidades. Bárdosi, empregando solucións coñecidas do *Magyar szólástár* e do *Diccionario fraseológico temático francés-español*, logrou crear unha obra con informacións múltiples resumidas na introdución. As máis importantes abreviacións e signos aparecen tamén na parte inferior de cada páxina e, ademais, temos senllos cadros no anverso da garda anterior (“Instrucións para o uso”) e no reverso da garda posterior (*A szólások, szólásmondások, szállóigék, közmondások eredet szerinti áttekint táblázata* – “Cadro sinóptico das expresións idiomáticas, ditos, frases célebres, proverbios segundo a súa orixe”).

En canto á súa etimoloxía, segundo Bárdosi, un 60% dos 2500 fraseoloxismos reunidos pertence a unha das seguintes subcategorías: unha parte importante do material fraseolóxico é de orixe bíblica, literaria, histórica ou vén dos devanditos sabios da antigüidade, da mitoloxía grecorromana e da relixión. Este gran grupo adóitase denominar como fraseoloxía cultural, fronte á fraseoloxía natural, un grupo nutrido que comprende expresións que nacen da observación da natureza, da flora e a fauna, do mundo que nos rodea, do comportamento dos animais e dos humanos etc. Os fraseoloxismos formados por un cambio semántico representan un grupo heteroxéneo. Tamén hai moitas unidades que teñen a súa orixe en supersticións, en crenzas populares. Outras tantas veñen prestadas, calcadas de idiomas estranxeiros; no caso do húngaro, principalmente do alemán. Por último queda o grupo das combinacións de palabras estables de orixe incerta. Hai que dicir que entre as categorías de fraseoloxía cultural e natural non hai unha separación infranqueable. Existen frases que poden pertencer a ambos os dous grupos: poden ter orixe natural e aparecer tamén en fontes antigas. Un bo exemplo deste tipo de frases representa unha locución adverbial que se usa en moitos idiomas co significado ‘enteiramente, totalmente’. En español temos: *de pies a cabeza*; en catalán: *de cap a peus*; en éuscaro: *burutik behatzetara* ‘da cabeza ata os dedos dos pés’ e en polaco *od stóp do glów* ‘da planta dos pés ata as cabezas’ (en plural pola rima) etc. O DFE non recolle o equivalente húngaro *tetőtől talpig* ‘do curuto ata a planta do pé’ e, en consecuencia, non documenta a existencia da forma latina *a planta pedis usque ad verticem* que consta xa na Biblia (Hadrovics 1995: 265, punto 252, 2). Coa axuda dos índices podemos localizar no DFE unha afirmación de Marx e Engels que, moi especialmente na tradución húngara, semella aludir a este dito: “*Sie [die Dialektik] steht bei ihm [Hegel] auf dem Kopf. Mann muß sie umstülpen. [A dialektika Hegelnél a fejetetején áll. Talpára kell állítani ‘A dialéctica de Hegel descansa sobre o curuto da cabeza. Hai que colocala sobre a planta do pé’]*” (páx. 160). Bárdosi comenta tamén fraseoloxismos que segundo el, a pesar das aparencias, non son do grupo da fraseoloxía natural. Por ex. a propósito da etimoloxía da locución *a kákán is csomót keres* (‘buscalle tres pés ao gato’; literalmente: ‘buscar nós no xunco’) opina que este dito non podería nacer da observación destas plantas, xa que a maioría das súas variedades si que teñen nós no seu talo e, por iso, considera que esta expresión ten a súa orixe no dito latino *in scirpo nodum quaeris*.

O DFE dispón dun índice detallado que enumera os frasemas recollidos ordenados segundo a súa orixe nunha morea de subcategorías (*Eredet szerinti mutató*, 694-744, información que aparece resumida tamén na páxina 693 e no reverso da garda posterior). Ademais destes, o dicionario dispón doutros índices que son dunha grande axuda para o usuario de fala maxiar, pero non só. Temos un índice onomástico (*Névmutató* 631-657); outro de todo o material fraseolóxico ordenado alfabeticamente segundo o seu primeiro elemento (*Betrendes frasemamutató*, 658-692) e, finalmente, o mencionado índice das etimoloxías, seguido polo “Índice bíblico” (*Bibliai mutató*, 745-746)². Un grande atractivo do DFE son os equivalentes en diferentes idiomas que aparecen ao final dos artigos detrás do signo dun pequeno círculo baleiro (). Sen querer ser un dicionario plurilingüe de fraseoloxía e paremioloxía comparada, como o de Gyula Paczolay (Paczolay 2002), Bárdosi reproduce exemplos de 21 idiomas en total (do alemán, checo, croata, danés, eslovaco, esloveno, finés, francés, grego, holandés, inglés, italiano, latín, polaco, portugués, romanés, ruso, serbio, sueco e turco), sempre e cando o significado, os elementos constitutivos e as imaxes contidas nestas unidades coincidan cos do fraseoloxismo húngaro en cuestión. Por exemplo, no caso do proverbio *Nincsen (a) füst tz nélkül* (‘Non hai fume sen lume’), acompañado por unha definición e a combinación de palabras latina da cal puido nacer este proverbio. O autor cita equivalentes en oito linguas máis, sen aspirar a ser exhaustivo como Paczolay que o documenta en 54 linguas. Iso si, ás veces con paremias anticuadas, caídas en desuso hai moito tempo (véxase Morvay 2010 e 2011b). Os equivalentes que proveñen de diferentes idiomas, citados por Bárdosi, foron revisados atentamente. Na páxina 11 o autor menciona os nomes dos colegas que de xeito desinteresado o axudaron na verificación da exactitude dos datos: J. Bańcerowski (polaco e ruso); Gy. Dorogman (español); D. Dziewońska (polaco); Zs. Fábíán (italiano); L. Nagy (romanés); F. Pál (portugués).

A revisión da corrección de todos os exemplos que aparecen no DFE supera as forzas e coñecementos de idiomas dunha soa persoa, pero para ter unha idea ao respecto repasei os centenares de equivalentes polacos citados e quedei marabillado. Descontando algunhas faltas cometidas na división de palabras, culpa do corrector automático: *korzyść* (en vez de *ko-rzyść*, p. 95), *doświadczenie* (*doś-wiad-czenie*, 197), *sprawi-edliwych* (*spra-wiedliwych*, 240), *na wi-elką stopę* (*na wiel-ką stopę*, 321), só atopei os seguintes erros: *szara eminencia* (en vez de *szara eminencja*, 141); *ti nie uciecze* (*to nie uciecze*, 281); *jeźli* (*jeśli*, 246); *zroumiały dla wszystkich* (*zrozumiały*, 365); *ujiekają szczury* (*uciekają*, 420); *sprzedawać / siać / skrobać / strugać pietruszke* (*sprzedawać / siać / skrobać / strugać pietru szkę*, 426); *sypać piaskiem* (*sypać piaskiem*, 435). Se un quere ser maximalista, poderíase lamentar de que as locucións verbais polacas ás veces se documentan co verbo en infinitivo e outras na forma de 3ª persoa singular do presente de indicativo; por ex.: *dolewa oliwy do ognia* (páx. 393) e *bierze nogi za pas* (382). Penso que esixir a unificación destes exemplos xa sería demasiado, igual que sería esaxerado reclamar a ordenación de todos os frasemas documentados nun índice segundo o seu

² Trátase dunha obra cen por cen *user-friendly*-accesible (‘felhasználóbarát’ na nosa lingua) que, como vexo en Internet, se traduce cunha fórmula pouco exacta: doado de usar.

significado, baixo conceptos semánticos correspondentes, como o fixo o autor co material fraseolóxico contido no *Magyar szólástár* (410-618) que, en liñas xerais, coincide co do DFE. Grazas a este índice puiden encontrar que as expresións húngaras se poden relacionar coas acepcións: *túloz, túlzás, túlzó, túlzott* ('esaxerar, esaxeración, esaxerado, excesivo'). Agora só tería que saber se neste contexto se pode dicir que 'requirir isto xa sería pasarse da raia', ou sería necesario atopar un equivalente fraseolóxico galego máis axeitado. Pero isto xa é fariña doutra muiñada. En resumidas contas: a pesar de todo trátase dunha obra elaborada con moito esmero, paciencia e dedicación. Se non sabes que o profesor Bárdosi ten cargos e obrigas importantes na Universidade Eötvös Loránd de Budapest diría que este dicionario é un verdadeiro traballo beneditino. De paso, noto que esta locución nominal non se arraigou na nosa lingua a pesar de que os bieitos se estableceron en Hungría xa no ano 996. Por conseguinte, o DFE non recolle a sentenza latina *Ora et labora* usada por exemplo, en polaco ata en expresións humorísticas modificadas: *ora et labora i wygldasz jak zmora* ou *Módl se i pracuj a garb ci sam wyronie*. ('*Ora et labora* e parecerás un fantasma'; 'Reza e traballa e a xiba crecerache por si soa' - respectivamente).

Aprendín moito co DFE, entre outros termos novos como o *jelentésmozzanatok* que por fin coa axuda do autor traducín como "cambios semánticos" e a denominación *etnosztereotip nyelvi klisé*, ou sexa "etnoestereotipia", coa que se refire a uns frasemas que atribúen características negativas a certos pobos e nacións. As protestas contra o uso destes ditos son frecuentes ultimamente. Bárdosi acompaña sempre os exemplos deste tipo coa marca correspondente, pero cun criterio acertado non os exclúe da obra. (Véxase ao respecto tamén Morvay 1998). Aquí menciono só un fraseoloxismo que significa 'atragoarse': *cigányútra ment a falat* (literalmente 'o bocado foise ao camiño xitano', 92-93). En polaco dicíase: *polecia w ydowsk dziur* ('caeu no burato xudeu'), pero seguramente se trata dunha forma completamente esquecida, xa que non a encontro documentada en Internet. Nalgúns casos, o fraseólogo húngaro menciona tamén a forma modificada dunha coñecida frase célebre. No artigo dedicado á sentenza *leben und leben lassen*, en húngaro: *élni és élni hagyni* ('vivir e deixar vivir', páx. 131-132) o autor cita a versión humorística *félni és félni hagyni* 'ter medo e deixar que teña medo'. Boto de menos a forma macarrónica que se usa frecuentemente: *leben... és lében hagyni* ('vivir... e abandonar en apuros'). E xa que falamos de modificacións humorísticas, cito a dunha expresión española non recollida no DFE. Á locución húngara *visszafelé sül o (terv, szándék)*, que se traduciría como 'sae ao contrario do que quixo obter' (o proxecto, a intención) (páxs. 136-137), correspóndelle a española '*salir el tilo por la culata*' que, cunha broma xa bastante feita, se adoita modificar en '*salir el culo por la tirata*'.

Nunha entrevista concedida o día da presentación³, Bárdosi prometeu continuar a recollida de materiais para unha eventual edición ampliada. Para rematar, permítome sinalar algúns fragmentos que, ao meu xuízo, valería a pena ampliar ou engadir. Na entrevista, o fraseólogo húngaro explicou, entre outros, que non tiña intención de examinar expresións de significado transparente e como un dos exemplos para ilustrar

³ Véxase: [<http://cultura.hu/szub-kultura/a-nyelv-rejtetten-mindenre-emlekszik/>].

este fenómeno citou o proverbio *A lónak négy lába van, mégis megbotlik* (literalmente: ‘o cabalo ten catro patas e a pesar disto tropeza’). O autor non toma en consideración que hai equivalentes de construción formal idéntica ou similar en linguas moi diferentes. En alemán temos: *Auch das beste Pferd stolpert einmal*; en polaco: *koń ma cztery nogi i też się potknie*; en romanés: *tot calul se poticnește*; en croata: *i dobar konj posrne* e en catalán: *Tot bon cavall s’ensopega*. Seguramente se trata -como en moitos outros casos- de equivalentes de grao de vitalidade diferente, pero, a pesar de todo, estas coincidencias fan sospeitar da existencia dunha fonte común. Esta suposición queda confirmada polo feito de que Litovkina no seu *Magyar közmondástár* (‘Paremioteca húngara’), publicada igualmente por *Tinta Könyvkiadó*, como orixe deste proverbio sinala unha paremia latina (*Errat interdum quadrupes*) e outras tres de forma similar (Litovkina 2005, 395-396). A propósito da comparación popular *bámul, mint borjú az új kapura* (literalmente: ‘mirar atónito como becerro á porta nova), Bárdosi, seguindo a Röhrich, ofrece só unha forma francesa moderna *être là comme une vache qui regarde passer le train*, sen mencionar os datos latinos facilitados por Gábor O. Nagy (*vacca ad novam portam; sicut vitulus ad novam portam*) e as variantes empregadas en dialectos húngaros (1993: 85-86). Nunha conferencia realizada no coloquio internacional *Estudis comparatius de fraseologia i de paremiologia en les llengües d’Europa* completei o cadro con unidades coñecidas en diferentes idiomas europeos que aquí reproduzo sen citar o significado literal de cada unha delas. En alemán temos *etwas ansehen wie die Kuh das neue Tor* o *dastehen wie der Ochs vorm Berg*; en eslovaco e checo dise *pozerať ako teľa na nové vráta* e *koukat jako tele na nová vrata* respectivamente; en croata temos *blenuti kao tele u šarena vrata*, en esloveno *gledati kot tele v nova* e en polaco *patrzeć jak wół na malowane wrota*. En ruso o animal en cuestión é un aña: *смотреть, как баран на новые ворота* (*smotret’*, *kak baran na novyje vorota*; véxase Morvay 2011b: 269-270).

Poderían facerse observacións similares sobre o artigo dedicado á comparación *ritka, mint a fehér holló* (literalmente: ‘raro como o corvo branco’, páx. 229), no que só aparece a combinación de palabras latina que podería servir como punto de partida para formas que conteñen imaxes similares, pero frecuentemente teñen acepcións diferentes. Véxanse as miñas explicacións sobre a locución nominal rusa *белая ворона* (bielaia vorona), a alemá *weiser Rabe*, a inglesa *white crow*, a neerlandesa *witte raaf*, a polaca *biały kruk* e tamén a francesa *merle blanc* e a española *mirlo blanco* (Morvay 2011a: 395). O proverbio *a fuldokló a szalmaszálba is kapaszkodik* (178) tamén aparece en linguas moi diferentes, cun significado idéntico baseado nunha imaxe moi similar (‘o que afoga agárrase ata a unha palla’). Este feito permite supoñer que as paremias seguintes veñen dalgunha fonte común non precisada no DFE. En alemán temos: *sich (wie ein Ertrinkender) an einen Strohalm klammern*; en inglés: *a drowning man will clutch at a straw*; en croata: *utopljenik se hvata za slamku*; en esloveno: *loviti se za slamico, loviti se za vsako bilko* e en ruso: *утопающий и за соломинку хватается* (*utopaiujixi i za solominku hvateitsa*). En español ao lado de *el que se ahoga se agarra hasta a una paja* existe tamén a forma *el que se ahoga se agarra a un clavo ardiendo*, á que lle corresponde a forma catalá: *agafar-se en un ferro roent* e a vasca dialectal (bilbaíno): *itotzen daudenak burdiña*

gorixari ebatuko luzkio (véxase Morvay 2010: 145). En polaco dise: *tonący brzytwy się chwyta* ('o que afoga agárrase a unha navalla de afeitar') e en francés temos unha imaxe completamente diferente: *se raccrocher aux branches*; *se raccrocher à toutes les branches*. Como equivalente latinoamericano en Internet aparece o dito: *cuando uno se está ahogando hasta de un caimán se agarra*⁴.

E para rematar: ao artigo que trata a unidade húngara *ég a keze alatt a munka* ('o traballo estase a queimar entre as mans', páx. 283), poderíase engadir a observación de que en polaco existe un frasma que contén a mesma imaxe: *robota pali się w rękach*. En ruso temos documentado (paĥora) *zopum pykax* (rabota) gorit v rukah- '(o traballo) quéimase entre as mans'. Estas combinacións de palabras teñen o mesmo significado: '(alguén) traballa rápido e ben'... que é tamén o caso do noso autor. Parece increíble que nun período relativamente curto Bárdosi puidese crear un tesouro fraseolóxico tan importante que -non esquezamos- representa só unha parte das súas publicacións e actividades. Chapeau! Le a kalappal! -aínda que esta expresión e os seus equivalentes noutros idiomas non constan no DFE. A *Szólások, közmondások eredete* ademais de ser unha obra de gran valor fraseolóxico e fraseográfico, é un libro de lectura fascinante, moi especialmente son interesantes os artigos sobre fraseoloxismos que teñen a súa orixe nas crenzas populares e na bruxaría. *Cruzo os dedos*, ou sexa, *fago votos* -no español de México diría: *hago changuitos con los dedos*- para que o autor poida cumprir a súa palabra e continuar a recollida de materiais para unha edición ampliada do seu dicionario.

Az ígéret szép szó... O prometido é débeda.

Referencias bibliográficas

- BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; Xunta de Galicia.
[http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/aspectos_teoricos_fraseoloxia.pdf]. [13.7.2015].
- BÁRDOSI, Vilmos (2003): *Magyar szólástár* ('Fraseoteca húngara'). Budapest: Tinta Kiadó.
- (2009): "Os perfís lingüísticos da *man* en francés, contrastados co húngaro, español, galego e alemán", en *Cadernos de fraseoloxía Galega* 11; 17-48.
[http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_01.pdf]. [4.7.2015].
- (2010): "Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna", en *Cadernos de fraseoloxía Galega* 12; 29-39.
[http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg12_02.pdf]. [4.7.2015].
- BÁRDOSI, Vilmos; GONZÁLEZ REY, María Isabel (2012): *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español*. Lugo: Editorial AXAC;
- BÁRDOSI, Vilmos; GÁBOR, Kiss (2010): *Szótárak, szólások, nevek vonzásában. Köszöntő könyv Fábíán Zsuzsanna tiszteletére*. Budapest: Tinta Kiadó; 139-146.

⁴ Véxase [<http://culturallanera7.blogspot.fr/2012/07/refranes-y-frases-llaneras.html>].

- FÁBIÁN, Zsuzsanna (2015): “A nyelv rejtetten mindenre emlékszik”. [http://cultura.hu/szub-kultura/a-nyelv-rejtetten-mindenre-emlekszik/]. [4.7.2015].
- MORVAY, Károly (1998): “Diccionaris, prejudicis i miracles”, en *Escola Catalana* 355; 12-13.
- (2004): “Por unha metafraseografía peninsular”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6; 169-189. [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg06_10.pdf]. [4.7.2015].
- (2006): Recensión de “A bőség kellemetes zavara - Gondolatok a Magyar közmondástárról. *Magyar Nyelvőr*”. 130. évf. 3. szám, 2006 július-szeptember, 371-377. [http://www.c3.hu/~nyelvor/period/1303/130314.pdf]. [6.7.2015].
- (2010): “Egurra bi aldiz neurtu ta behin moztu. Baszk közmondások Paczolay Gyula *European Proverbs* c. könyvében” de BÁRDOSI, Vilmos; GÁBOR, Kiss (eds): *Szótárak, szólások, nevek vonzásában. Köszöntő könyv Fábíán Zsuzsanna tiszteletére*. Budapest: Tinta Kiadó; 139-146.
- (2011): Recensión de *Aspectos teóricos da fraseoloxía* de Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovol'skij, en *Estudis Romànics* XXXIII; 390-395 [http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/253293] [4.7.2015].
- NAGY, Gábor O. (1993): *Mi fán terem*. Gondolat – Táltentum: Budapest.
- (2011a) [Recensión: ver BARÁNOV, Anatolij / DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009)].
- (2011b): “Entre ‘la feina feta’ i ‘un ja està fet’”. *Estudis comparatius de fraseologia i de paremiologia en les llengües d’Europa*” en GARGALLO GIL, José Enrique et (coords.): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell’Europa romanza*. Alessandria: Edizioni dell’Orso; 259-282.
- (2013): Recensión de *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español* de Vilmos Bárdosi e María Isabel González Rey en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15; 505-509. [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg15_19.pdf]. [4.7.2015].
- PACZOLAY, Gyula (2002): *European Proverbs*. DeProverbio.com: Hobart, Tasmania (Australia).
- RÖHRICH, Lutz (1995): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Herder: Freiburg – Basel –Wien. Vol. 1-5.
- T. LITOVKINA, Anna (2005): *Magyar közmondástár*. Budapest: Tinta Kiadó.

Károly Morvay
Universidad Eötvös Loránd de Budapest

CONCA, Maria; GUIA, Josep (2014): *La fraseologia. Principis, mètode i aplicacions*. Alzira: Edicions Bromera; ISBN 978-84-9026-281-8; 213 páxs.



Malia que se ten avanzado na autonomía da fraseoloxía como disciplina cun espazo independente da lingüística, Conca e Guia sinalan que cómpre reforzar o traballo en dúas direccións: por unha banda, establecemento dunha terminoloxía adecuada (incluíndo clasificacións e definicións precisas); doutra, concreción dunha metodoloxía de análise propia, con ferramentas básicas para quen queira abordar o estudo deste obxecto achegándose a el dende diferentes puntos de vista. Estas dúas direccións son as que toma a presente obra, concibida como un manual de fraseoloxía básico con exemplos da lingua catalá. Divídese en catro capítulos que seguen unha estrutura clara e coherente: contextualización (capítulo 1), descrición do obxecto de estudo, indicación das características e taxonomía (capítulos 2 e 3, respectivamente) e aplicacións (capítulo 4).

No primeiro capítulo os autores comezan cunha aclaración terminolóxica: apostan polo emprego do termo “frásic” (en galego, ‘frásico’, en analoxía con “lèxic”) como repertorio de unidades frásicas para diferencialo de “fraseoloxía”, cuxo uso debería segundo os autores reservarse unicamente para a disciplina. Segue unha contextualización inicial interesante e atinada en que dan conta dos inicios e da evolución dos estudos fraseolóxicos en diferentes linguas (con especial atención ao catalán), con indicación de autores e obras de referencia, tanto da fraseoloxía en xeral, como da fraseoloxía das linguas mencionadas (entre elas, o galego). Inclúen ademais información sobre o traballo das asociacións internacionais (EUROPHRAS e EURLEX), publicacións periódicas e congresos de relevancia. Con esta sección titulada “El desenvolupament de la fraseologia” conseguen xuntar dun xeito conciso e claro os principais referentes da investigación, o que lle permite a quen comeza nesta disciplina saber quen é quen e a onde recorrer.

A segunda parte organízase arredor da definición do obxecto de estudo, con indicación dos procesos de formación frásica (lexicalización, gramaticalización, metáfora, metonimia e comparación, hipérbole e ironía), das características (repetición, fixación, idiomaticidade, anomalía, institucionalización, variación e desautomatización) e das categorías (colocacións, locucións, fórmulas e paremias), así como dun último apartado dedicado ás unidades estilísticas. Podemos sinalar como relevante dentro deste xénero de manuais o feito de incluír a perspectiva cognitivista, ben que como base para a explicación da metaforización como proceso de creación fraseolóxica se tome a tipoloxía de metáforas establecida por Lakoff e Johnson en 1980 (*Metaphors we live by*). Esta tipoloxía, sen dúbida asentadora dun paradigma multidisciplinar e de gran produtividade na investigación fraseolóxica nas últimas décadas, queda hoxe en día superada por investigacións máis recentes que se enriquecen dela mais achegan un marco de referencia

máis completo, como por exemplo, a teoría dos *frames* ou a análise da participación dos compoñentes figurativo e plástico na semántica do frasema.

Na parte da clasificación, os autores seguen os criterios establecidos por Gloria Corpas en 1997 en *Manual de fraseología española*, a saber, en que nivel se produce a fixación da unidade (norma, sistema e fala), e se a unidade constitúe ou non un enunciado. Salientan a importancia da clasificación de Corpas porque, ao inserir as colocacións, permite abranguer todo o campo frásico. Isto constituíu efectivamente un fito no seu momento, mais na actualidade, após dúas décadas de consolidación da disciplina e de avances importantes na ampliación do marco teórico, gustáriame advertir que esta clasificación resulta incompleta cando queremos analizar outros fenómenos fraseolóxicos menos definidos, pero fundamentais na elaboración do discurso e cara aos que a investigación teórica está a dirixir máis a atención nos últimos anos (por exemplo, as construcións fraseolóxicas e os fraseoloxismos textuais). Considero que, sen necesidade de entrar en detalle, estes fenómenos deberían ter tamén un oco nun manual introdutorio coma este.

Dentro da explicación de cada categoría en si, salientaría como particularidade a decisión dos autores de incluír dentro das locucións verbais as construcións con verbo soporte que, segundo sinalan, presentan unha alta produtividade no catalán, nomeadamente, cos verbos *fer*, *tenir*, *anar* e *donar*, así como a relación detallada de todos os padróns sintácticos rexistrados para estes verbos e diferentes verbos predicativos.

A última sección deste apartado achega a principal novidade desta obra, a saber, as unidades estilísticas ou estilemas, é dicir, construcións de formación fraseolóxica creadas por unha autora ou autor que teñen presenza reiterada na súa obra. Esta liña de estudo ou aplicación, que na seguinte sección denominan estilometría de base fraseolóxica, é sen dúbida de considerable interese e rendibilidade para os estudos literarios, e quizais tivese até agora menos presenza nos estudos sobre escritoras e escritores en linguas románicas do que noutras linguas (por exemplo, é representativa a sección VIII de *Handbuch Phraseologie* titulada “Phraseology of literary texts and individual authors”).

O terceiro capítulo está dedicado ao estudo das unidades frásicas en contexto. Os autores critican que en xeral fose habitual estudar estas unidades de forma illada e descontextualizada, un enfoque que, ao seu ver, comportaba certas limitacións. Non é claro se os autores se refiren aquí en concreto á fraseoloxía da lingua catalá ou á fraseoloxía en xeral. En todo caso, a crítica é correcta, mais cómpre apuntar que o cambio de perspectiva está perfectamente instaurado dende hai anos na disciplina. Ademais de analizar as funcións das UF relacionadas co contexto (por unha banda, a función fraseolóxica inherente; por outra, a súa función discursiva), os autores propoñen un método de extracción fraseolóxica de textos e de posterior análise das unidades que segue o método tradicional de extracción terminolóxica, nomeadamente, un enfoque indutivo a partir dun corpus textual de volume abranguible por quen investiga, método para o que resulta fundamental contar xa con competencia ou sensibilidade fraseolóxica. Denominan este procedemento “método de concordancias frásicas” e nel distinguen as fases localización, identificación, validación, clasificación e interpretación. Completan

a explicación do procedemento con senllas seccións dedicadas ás diferentes formas de insercións das unidades frásicas nos textos, ás técnicas de localización e ás diferenzas entre pares concretos de categorías (colocacións *versus* locucións, locucións *versus* fórmulas etc.). Na sección 6 que pecha o capítulo achegan un exemplo práctico da aplicación do antedito método para a obtención dun corpus frásico, neste caso, partindo dun texto literario en lingua catalá do século XV, *Espill*.

Ben que o capítulo anterior remataba co mencionado exemplo de aplicación práctica, o cuarto capítulo está dedicado especificamente ás aplicacións da fraseoloxía, onde os autores se centran na análise do discurso, no ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, na comparación interlingüística (incluíndo fraseografía e tradución) e na caracterización estilística.

Após unha breve conclusión, a bibliografía que pecha a obra semella limitarse á relación das referencias bibliográficas do manual, co que perde a oportunidade de servir de referencia para quen se inicia na disciplina. En todo caso, basta botar man da contextualización inicial para dar con autorías e obras esenciais.

Os autores conseguiron con esta obra crear un manual óptimo para introducirse na disciplina, tanto pola explicación dos conceptos básicos e a súa terminoloxía, coma pola excelente exposición nas primeiras páxinas do seu desenvolvemento histórico e estado actual. Neste sentido, considero que resulta especialmente axeitado para alumnado universitario de áreas centradas no estudo de linguas (Tradución e Interpretación, primeiros cursos de Lingüística), así como para investigadores doutros eidos da humanística, da arte e das ciencias sociais sen coñecementos previos da materia. Porén, mesmo con este fin introdutorio, o feito de que os exemplos de obras do século XV —malia que acertados e ilustrativos— teñan un peso meirande sobre os exemplos contemporáneos corre o risco de crear certo afastamento na recepción e de reducir o valor didáctico para o leigo lector ou falante de calquera lingua románica, e mesmo de restrinxir o grupo destinatario a aquelas persoas que estean familiarizadas con esa variante histórica.

Patricia Buján Otero

Conde Tarrío, Germán et al. (eds.) (2015): *Enfoques actuales para la traducción fraseológica y paremiológica: ámbitos, recursos y modalidades*. Madrid: Instituto Cervantes; 256 páxs. ISBN 978-84-608-1507-5



A obra sobre a que realizamos a recensión é un estudo das unidades fraseolóxicas (de agora en diante UF) dende unha perspectiva tradutolóxica. Nela colaboran os grupos de investigación fraseolóxica e paremiolóxica de catro universidades españolas: PHRASEONET (Universidade de Santiago de Compostela), FRASYTRAM (Universitat d'Alacant), PAREFRAS (Universidad Complutense de Madrid) e FRASEMIA (Universidad de Murcia).

O libro contén 16 artigos en que os/as especialistas abordan distintos aspectos relacionados co proceso de tradución, interpretación e comprensión de textos que conteñen UF. Aprécianse, entre eles, tres bloques temáticos diferenciados: as contribucións que tratan características e aspectos relacionados co proceso de tradución e comprensión de textos que conteñen UF,

os dedicados ás fontes de información e os que estudan casos precisos de tradución fraseolóxica en obras concretas ou en determinados tipos textuais.

No primeiro dos bloques atopamos os seguintes artigos:

Da man de **M^a Ángeles Solano Rodríguez** analízanse 14 marcadores discursivos fraseolóxico-pragmáticos do francés actual, a través dos que os falantes manifestan a súa actitude ou a súa valoración persoal sobre as mensaxes dos interlocutores, e contrástase a súa correspondencia conversacional e expresiva con UF do español actual. Para a análise destes marcadores discursivos consideráronse catro variables relevantes: o rexistro lingüístico, a modalidade expresiva, a entoación e as situacións prototípicas de uso real. Nesta contribución reflexiónase sobre a complicada tarefa do tradutor para ofrecer unha correspondencia fraseolóxica entre linguas, posto que non sempre se conseguen reproducir todos os matices semánticos, expresivos e connotativos do marcador discursivo fraseolóxico orixinal.

Pablo Zamora Muñoz analiza o cambio de perspectiva e a repercusión que supón a aplicación da gramática de construcións e da gramática do discurso ós estudos fraseolóxicos; concretamente a un subgrupo de UF pragmáticas: os esquemas sintácticos fraseolóxico-pragmáticos. O autor estuda un conxunto de mostras textuais extraídas de películas en que se atopan este tipo de esquemas sintácticos en lingua italiana coa correspondente dobraxe en castelán. Zamora Muñoz explica que o estudo destas unidades dende un enfoque construcionista permite ampliar a gama de esquemas fraseolóxicos e darlle un cambio de perspectiva ó concepto de fixación.

Laura Esteban-Segura leva a cabo un estudo sincrónico das colocacións inglesas equivalentes a verbos do campo semántico da visión. Esta análise, baseada en dous corpus do inglés contemporáneo (o British National Corpus e o Corpus of Contemporary American English), préstalle atención ó factor da variedade lingüística (concretamente a diatópica e a diafásica) e ten como obxectivo cotexar a aparición e a frecuencia das colocacións analizadas e configurar os seus patróns de uso. A autora observa que as colocacións adoitan usarse con “accións voluntarias” (verbos de acción), mentres que é frecuente que se empreguen verbos para “accións involuntarias” (verbos de estado). Algunhas das razóns que dá para isto son o valor intensificador da colocación e o feito de que o discurso espontáneo favorece a aparición de colocacións sobre verbos.

Ana Mansilla Pérez realiza un estudo fraseolóxico dun conxunto de unidades españolas e alemás do campo conceptual da “cantidade”, concretamente do subcampo da profusión no falar: “falar moito”. Para isto parte da lingüística cognitiva e circunscribese a tres dos modelos cognitivos propostos por Lakoff e Johnson (1980) na súa teoría da metáfora, por consideralos máis produtivos: o discurso é un líquido, as persoas son animais e a mente é unha máquina. A autora explica que estes tres modelos cognitivos poderían ser considerados universais metafóricos, por compartiren unha base experiencial común. Así e todo, comproba que existen imaxes máis produtivas nunha lingua ca noutra, motivo polo que aborda con cautela a palabra universalismo na creación metafórico-fraseolóxica.

Florentina Mena Martínez e Carmen Sánchez Manzanares levan a cabo un estudo conxunto que ten como obxectivo explorar os usos novos e orixinais que realizan os falantes a través de combinacións fraseolóxicas e as implicacións que isto ten para a tarefa tradutolóxica. Despois de diferenciar entre creatividade lingüística e creatividade fraseolóxica, de repasar as particularidades das UF e de explicar a súa potencialidade creativa, as autoras revisan as implicacións que se dan á hora de traducir os usos destas unidades. Consideran necesario partir de xeito simultáneo da identificación da unidade fraseolóxica canónica e da identificación da unidade fraseolóxica desautomatizada, para despois analizar os factores pragmáticos que proporciona a interpretación non literal da expresión, factores como a intencionalidade do falante, a aceptabilidade do oínte e o coñecemento do mundo compartido.

Ana María Rojo López desagrega os elementos que condicionan unha tradución e o impacto que as UF metafóricas teñen sobre eles. Rojo López destaca a importancia que teñen certos factores non lingüísticos como as referencias culturais, a finalidade comunicativa, o grao de compatibilidade entre proxeccións metafóricas e as inferencias resultantes destas etc. A autora conclúe que a perda da imaxe metafórica non sempre se explica pola falta de equivalencia entre os sistemas lingüísticos implicados, senón que entran en xogo estes outros aspectos.

No apartado dedicado ás fontes de información encádranse tres contribucións:

Iris C. Permy Hércules de Solás explica a tradución inversa de paremias do español ó inglés co emprego de tres refraneiros monolingües e mediante catro casos prácticos, que

aparecen ordenados segundo a súa dificultade. A autora conclúe que os refráns merecen un tratamento especialmente coidadoso ó non admitiren unha tradución libre, pois están moi vinculados ó contexto cultural en que xorden.

Evaristo Martínez Belchí trata o aproveitamento dos corpus en liña aplicados á tradución fraseolóxica. Explica que son unha ferramenta de grande utilidade para asistir o tradutor no proceso de comprensión e translación dunha UF á lingua de destino. Para iso mostra diferentes tipos de corpus textuais dispoñibles na rede, así como a súa accesibilidade e facilidade de uso, co obxectivo de facerlles a tarefa máis doada ós tradutores e investigadores.

Paula Cifuentes Férrez presenta unha guía de uso detallada de dicionarios monolingües e bilingües en liña para a tradución de distintos tipos de UF entre o inglés e o español. O estudo revela, ademais, que o tratamento da fraseoloxía nos dicionarios empregados é insuficiente, ó igual que adoita ocorrer en dicionarios bilingües convencionais (editados en papel).

Un último bloque de contidos mostra casos de tradución en obras concretas ou en determinados tipos textuais:

A contribución de **Alba M. Gálvez Vidal** e **Marta Navarro Coy** ten como obxectivo comprobar se Carmen, personaxe protagonista da obra de Miguel Delibes *Cinco horas con Mario*, conserva todos os seus trazos caracterizadores na versión traducida ó inglés ou se se perderon os matices que o autor lle deu orixinariamente a través dunha fala particular, caracterizada polo abundante uso de UF. Despois da análise das UF presentes na obra orixinal e da súa comparación con aquelas que aparecen na versión traducida, as autoras constatan que os trazos caracterizadores de Carmen se perden case na súa totalidade na tradución inglesa. Consideran que a persoa tradutora pasa por alto aspectos importantes que se poderían emendar cunha lectura máis detida e profunda da obra orixinal.

M^a Isabel González Rey analiza as características da lingua literaria co obxectivo de descubrir cales son os condicionantes que se dan no proceso tradutolóxico e distingue dous momentos clave: a fraseoloxización e a idiomatización do texto meta. O primeiro deles leva o tradutor a tomar decisións sobre o xeito de traducir a fraseoloxía do texto de orixe, mentres que o segundo implica, ademais de levar a cabo un proceso de fraseoloxización, a necesidade de respectar outros aspectos importantes da idiosincrasia da lingua de chegada, aqueles que a caracterizan como propia e particular.

Analía Cuadrado Rey presenta unha análise tradutolóxica dun corpus de UF extraídas da novela *El juguete rabioso* (1926) de Roberto Arlt e da súa versión alemá traducida por Elke Wehr en 2006. A autora ten como obxectivo identificar o procedemento empregado na tradución das UF ó alemán e ver se estas gardan fidelidade coas do documento orixinal. Analiza a tradución de 20 UF e observa que o procedemento tradutolóxico destas unidades se fixo dun xeito variado. Nuns casos mantívose a mesma forma e o mesmo significado, noutros empregouse unha UF equivalente no seu significado pero con distinta forma, e viceversa; e, noutra ocasión, emprégase unha UF de distinta forma e distinto significado.

Confirma que o caso menos usado é o da omisión, o que dá mostra da implicación do tradutor. Cuadrado Rey conclúe que a correspondencia total e absoluta das UF en todos os aspectos semánticos e comunicativo-funcionais só se dá en dous casos, polo que se acentúa a dificultade no proceso de tradución destas unidades dunha lingua a outra.

Arianna Alessandro estuda a oralidade prefabricada no eido da tradución de diálogos filmicos. Centra a súa atención no papel que desempeña a fraseoloxía na tradución audiovisual, dentro da combinación lingüística italiano-español. O seu obxectivo é coñecer a función que teñen as expresións fixas na construción da oralidade prefabricada mediante a dobraxe e a subtitulación de textos filmicos. A autora observa que existe un abundante emprego de UF no texto fonte que adoita manterse no texto meta despois da tradución; algo que reafirma o papel central destas unidades na reprodución dun discurso oral espontáneo. Engade, ademais, que o compoñente fraseolóxico recibe un grao de atención maior na dobraxe, eido en que se manifesta a oralidade prefabricada, ca na versión subtitulada, en que o contido lingüístico oral sofre a aplicación de estratexias de condensación e/ou supresión, o que afecta á transmisión das UF.

Ascensión Sierra Soriano e Vicent Satorres Calabuig indagan nas dificultades de tradución dos distintos tipos de fixación en libretos de ópera. Traballan con tres linguas: francés, español e valenciano. Mostran que, en ocasións, a proximidade entre a lingua fonte e a lingua meta facilita a descodificación das unidades fraseolóxicas, pero tamén adoita provocar falsos amigos e interferencias. Ademais, estudan as unidades creadas polo libretista no momento da composición do libreto, que se converten en unidades prefabricadas para os espectadores. Estas unidades presentan unha dificultade especial para o tradutor, posto que debe ter en conta que se fixaron dentro do libreto e adoitan gardar relación co fragmento de música que as acompaña.

Dous traballos prestan atención ás UF na tradución de textos especializados:

Elena Macías Otón estuda as UF especializadas de natureza xurídica. Aborda a tradución destas unidades en textos de Dereito constitucional redactados en francés e español. Achega diferentes recursos e estratexias de tradución que poden resolver as dificultades que xorden no proceso de busca de equivalentes. Para rematar, bosquexa unha proposta didáctica para traballar a fraseoloxía xurídica na materia de Terminoloxía dos estudos de Tradución e Interpretación.

Manuel Sevilla Muñoz analiza a tradución de UF especializadas no discurso científico-técnico entre os idiomas inglés e español. O autor revisa as técnicas de tradución e as fontes de documentación que lle parecen máis axeitadas para a tradución deste tipo de unidades. Por último, propón un procedemento que considera axeitado para a tradución de cada unha destas UF presentes nos textos científico-técnicos. Esta contribución ten como obxectivo fixar un punto de encontro entre a fraseoloxía e a terminoloxía no estudo dos procedementos e fontes de información que se poden aplicar á tradución de UF especializadas no discurso científico-técnico.

A lectura desta obra axudaralle á persoa tradutora a aclarar dúbidas sobre como localizar as correspondencias fraseolóxicas entre linguas a través dos parámetros axeitados. Ademais, poderá coñecer fontes fraseográficas e paremiolóxicas, así como outras ferramentas informáticas que gardan relación co eido da tradución.

Andrea González Pereira
Universidade de Vigo

GONZÁLEZ REY, M^a Isabel; BÁRDOSI, Vilmos, DUFAYS, Jean-Louis; SIERRA SORIANO, Ascensión; RUIZ-QUEMOUN, Fernande; SOLANO RODRÍGUEZ, M.^a Ángeles; NICOLAS, Claire (2015): *Phraséotext - Le Français Idiomatique*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela. DVD. ISBN: 978-84-16533-50-3.



As numerosas achegas fraseolóxicas que se están facendo nos últimos decenios súmase unha máis enmarcada na fraseodidáctica. Estamos ante unha obra sumamente orixinal pola súa autoría, os seus destinatarios e a súa estrutura. Realizou a obra un equipo de sete investigadores, vinculados a seis universidades europeas: María Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela); Vilmos Bárdosi (Universidade de Budapest); Jean-Louis Dufays (Universidade de Louvain-la-Neuve); Ascensión Sierra Soriano e Fernande Ruiz Quemoun (Universidade de Alacante); M.^a Ángeles Solano Rodríguez

(Universidade de Murcia) e Claire Nicolas (Universidade Complutense de Madrid). Este equipo, dirixido por M^a Isabel González Rey, por ser membros ou colaboradores do grupo de investigación FRASEONET con sede na Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu o proxecto I+D+i Fraseotext con referencia FF1200-15092, proxecto que deu lugar a esta achega.

O traballo conxunto, levado a cabo durante tres anos por un elenco de fraseólogos, deu como resultado un novo método para o ensino/aprendizaxe das unidades fraseolóxicas na clase de FLE.

O método está destinado a un amplo número de estudantes, pois vai dirixido á aprendizaxe das UF en todos os niveis de lingua segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: A1, A2, B1, B2, C1 e C2.

Editado en DVD, o método contén:

- Un corpus textual

- O dicionario PHRASÉOTEXT
- Actividades didácticas
- Unha guía para o docente ou o autodidacta

O corpus textual contén unha antoloxía de textos literarios francófonos, presentados en versión escrita e en audio. A finalidade desta selección é dar a oportunidade de observar, analizar e aprender o emprego das UF en contexto. Para iso, selecciónanse 18 textos, que pertencen a xéneros moi variados: novela, poesía, teatro, conto, canción, debuxos animados. Os autores elixidos son relevantes para o estudo das UF: Samuel Beckett, Georges Brassens, Anna Gavalda, Marie-Christine Hendricks, Hergé, Eugène Ionesco, Amin Maslouf, Irène Némirovsky, Amélie Nothomb, Daniel Pennac, Georges Pérec, Jacques Prévert, Eric-Emmanuel Schmitt, Sempé et Goscinny, Marguerite Yourcenar. Deste xeito, pódese conseguir unha visión bastante completa sobre a presenza das UF no texto literario.

O dicionario rexistra as UF extraídas dos textos literarios, 400 en total. Pódese acceder a elas por distintas vías: por orde alfabética, palabra clave, concepto ou nivel do MCERL, de xeito que se pode estudar a súa forma, sentido e estrutura gramatical.


As actividades didácticas deseñadas atópanse agrupadas por niveis de linguas, polo que existen seis grupos, un para cada nivel do MCERL. As detalladas explicacións de cada unha delas destinadas ao docente ou ao estudante autodidacta constitúen unha perfecta guía para aplicar con éxito as actividades na ensino/aprendizaxe de FLE.

O material achegado resulta de grande interese para o ensino/aprendizaxe das UF porque non se limita a presentar unha serie de actividades didácticas, senón que se fundamenta nunha investigación previa dende unha perspectiva fraseográfica e, o que resulta de suma importancia para a comprensión do sentido das UF, tendo en conta o seu emprego en contextos auténticos non recreados.

Esperemos que este magnífico equipo de investigadores continúe o seu traballo co obxecto de achegar actividades didácticas baseadas, non só noutro tipo de textos, senón tamén no discurso oral. Sen ningunha dúbida, os resultados permitirán facer avances considerables na fraseodidáctica.

Julia Sevilla Muñoz
Universidad Complutense de Madrid

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2015): *Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá. ISBN 978-84-16133-73-4; 360 páxs.



“Fraseógrafo, todavía no hay camino, se va haciendo camino al andar”. Con este enunciado, evocador dos versos de Antonio Machado, pecha Inmaculada Penadés Martínez o seu libro *Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica*, que rende homenaxe no seu subtítulo, a través dun novo proceso desautomatizador, á obra xa clásica de Haensch, Wolf, Ettinger e Werner, publicada en 1982, *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*.

E, efectivamente, este novo libro de Inmaculada Penadés, editado pola Universidade de Alcalá, fai camiño na fraseografía do español, ou mellor, afonda no camiño que xa outros iniciaran, moi en especial Olímpio de Oliveira Silva (2007) e Mellado; Buján;

Herrero; Iglesias; Mansilla (2010), como a propia Penadés sinala (p. 67). O mesmo que Haensch *et alii*, a autora do libro que recensionamos ofrece unha guía práctica para calquera interesado na elaboración dun diccionario fraseolóxico, guía sustentada tanto na reflexión teórica como na experiencia da autora como fraseógrafa, o cal é un importante aval para as propostas lexicográficas ofrecidas.

A reflexión teórica recollida en *Para un diccionario de locuciones* non xorde *ex novo*, posto que Penadés Martínez é autora de numerosos traballos de corte teórico sobre fraseoloxía, de entre os que destacamos, pola súa relevancia e pola súa proximidade no tempo, *Gramática y semántica de las locuciones* (2012), libro que xa foi comentado nas páxinas de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (Álvarez de la Granja 2013). No que respecta á experiencia fraseográfica de carácter práctico, cómpre citar os tres dicionarios de locucións elaborados por Penadés no ámbito do ensino do español como lingua estranxeira: un diccionario de locucións verbais (2002), outro de locucións adverbais (2005) e un terceiro de locucións nominais, adxectivas e pronominais (2008). Así mesmo, xa fóra do ámbito do ELE, a autora está preparando un *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual* (DILEA), que serve de materia prima para moitos dos aspectos comentados no libro. De feito, Penadés ilustra decontino as súas propostas con entradas lexicográficas correspondentes a esta obra en preparación.

Segundo sinala a autora (p. 15), o libro está dirixido aos novos investigadores que se internan no ámbito da fraseoloxía e da lexicografía, aos autores de dicionarios fraseolóxicos sen formación nas disciplinas anteriormente citadas, ás editoriais interesadas no tema e aos lexicógrafos e fraseógrafos. De feito, aínda que a obra se concibe como unha ferramenta para a elaboración de dicionarios fraseolóxicos (máis en concreto de

dicionarios semasiolóxicos de locucións), moitas das cuestións que se formulan e moitas das propostas que se ofrecen son de aplicabilidade tamén ao tratamento das unidades fraseolóxicas nos dicionarios xerais.

O volume ábrese cunha introdución en que se explica a xénese da obra, os seus obxectivos e o seu contido e onde se xustifican algunhas das decisións tomadas á hora da súa elaboración. O libro péchase coas conclusións, coa bibliografía dividida en tres bloques (estudos, dicionarios e fontes do DILEA) e cun índice das locucións citadas ordenadas alfabeticamente.

O corpo central da obra constitúeno tres capítulos. No primeiro, “Las disciplinas lingüísticas implicadas”, a autora, situándose no marco da investigación sobre o español, fai un repaso ás tres disciplinas directamente vinculadas coa confección dun dicionario fraseolóxico: a fraseoloxía, a lexicografía e a fraseografía. Ademais de presentar a evolución de cada unha delas na tradición lingüística española, Penadés ofrece información moi útil para todo aquel que estea interesado en formarse no ámbito fraseolóxico e no lexicográfico, posto que para ambos os campos proporciona datos sobre a presenza de titulacións e materias específicas nas universidades españolas, así como sobre grupos de investigación, eventos, manuais e revistas especializadas.

Así mesmo, neste capítulo Penadés volve sobre a cuestión terminolóxica e sobre a delimitación do obxecto de estudo da fraseoloxía, aínda que, como se pode deducir do título do libro, o traballo se centra, como xa indicamos, na elaboración dun dicionario de locucións. Quedan fóra da análise, pois, os distintos tipos de paremias, as fórmulas e as colocacións.

O segundo capítulo, o máis breve, leva por título “Pasos previos a la redacción de un diccionario de locuciones” e nel abórdanse tres aspectos inescusables na elaboración dun dicionario, sexa do tipo que sexa: a delimitación do tipo de usuario para o que se concibe a obra e a determinación da finalidade desta; as fontes (primarias e metalingüísticas) que se van empregar para a súa confección e, en terceiro lugar, a selección, a partir das fontes e tendo en conta a finalidade e o tipo de usuario, das expresións que conformarán a nomenclatura do dicionario.

O terceiro capítulo, “La redacción del diccionario de locuciones”, é, como cabía esperar, o máis extenso do libro. Nel a autora introduce todas aquelas cuestións sobre as que o fraseógrafo debe tomar unha decisión á hora de redactar o seu dicionario, presenta de maneira crítica as diversas posibilidades de tratamento, ilustradas sempre que é posible cos dicionarios de español publicados ata a actualidade (especialmente cos fraseolóxicos, pero non só) e, na maior parte dos casos, toma partido por unha ou outra solución. As cuestións citadas aparecen organizadas en tres apartados dedicados, por esta orde, á macroestrutura, á microestrutura e a “Otras partes del diccionario”. Neste último apartado abórdase de maneira breve a posibilidade de incluír na obra lexicográfica outros compoñentes amais do dicionario semasiolóxico, concretamente un dicionario de locucións sinónimas e antónimas e un dicionario de organización onomasiolóxica.

No apartado centrado na análise da macroestrutura, a autora estuda as dúas cuestións fundamentais neste aspecto da confección dos dicionarios (téñase en conta que a selección da nomenclatura xa foi tratada no segundo capítulo): a ordenación das locucións e a súa lematización, entendida esta como a selección da palabra clave organizadora das locucións incluídas no dicionario, a cal pode facerse seguindo un criterio semántico, estrutural, categorial ou mediante unha combinación destes dous últimos.

Por razóns obvias, é á microestrutura das entradas do dicionario ao que a autora dedica máis espazo no libro. No apartado correspondente (3.2), Penadés aborda os diferentes elementos que deben ser tidos en conta á hora de construír a entrada lexicográfica dunha locución: o propio lema, a variación, a información categorial, a marcación diasistemática (especialmente diafásica e diafrecuentativa), as marcas de transición semántica, a estrutura actancial, a definición, o establecemento e ordenación de acepcións, os exemplos e outro tipo de informacións recollidas habitualmente como observacións ou datos adicionais.

O lector do libro encontrará para cada subapartado unha reflexión sobre o interese e o valor da información, diferentes propostas de tratamento e unha visión crítica destas e do tratamento nos dicionarios publicados ata o de agora. Nós faremos aquí simplemente unha selección de tres cuestións sobre as que nos gustaría chamar a atención:

En primeiro lugar, retomando as propostas formuladas nun traballo previo (Penadés Martínez 2013), a autora ofrece en 3.2.3 seis criterios para a marcación diafásica das locucións (con tres marcas: formal, informal e vulgar): 1) a imaxe portada polas expresións, 2) a existencia ou non de ameaza á imaxe pública, 3) a propia marcación das unidades léxicas que conforman as locucións, 4) a relación entre as expresións eufemísticas e as correspondentes disfemísticas, 5) a percepción do falante e do lexicógrafo sobre o tipo de situacións en que se enuncian as locucións e 6) a tendencia destas a apareceren en determinado tipo de texto. Máis alá de que, se cadra, sería preciso establecer algún tipo de xerarquización dos criterios (a propia autora ofrece nas pp. 255-256 algúns exemplos de expresións nos que o criterio 6 entra en contradición e prevalece sobre os criterios 1 e 2), o que nos interesa destacar é a existencia mesma dunha proposta de sistematización deste tipo de información. Tal sistematización é absolutamente necesaria para evitar as incoherencias que con frecuencia encontramos no marco dun mesmo dicionario ou na confrontación de varios dicionarios entre si, tal e como a autora ilustra profusamente para a lexicografía do español.

En segundo lugar, interéranos salientar a proposta relativa á información sobre a estrutura actancial das locucións (3.2.5). Como Penadés sinala, é moi frecuente a incoherencia dentro dunha mesma obra lexicográfica á hora de presentar os elementos cos que se combina unha locución: ás veces tal información figura no lema (3.2.1), outras veces na definición, en ocasións está ausente ou preséntase de maneira parcial etc. A autora propón dedicar unha parte do artigo lexicográfico das entradas a ofrecer información sobre o número e a natureza semántica dos actantes, presentada entre corchetes. Velaquí un exemplo para unha locución verbal (p. 194):

consultar con la almohada. tr. [alguien, algo]

Penadés rexeita a inclusión dos datos valenciais, ou das preposicións rexidas, no lema, apelando ao paralelismo coas unidades monolexicais, cuxos lemas non inclúen información actancial nin de réxime:

en los diccionarios de locuciones, la práctica lexicográfica conducente a establecer el lema de estas unidades fraseológicas no se ha regido por la consideración de que se corresponden con las palabras y se comportan como ellas, lo cual ha derivado en la determinación de unas formas canónicas de las locuciones que no responden a su verdadera naturaleza (p. 112).

Esta insistencia da autora no paralelismo entre as unidades pluriverbais e as unidades monolexicais, que xa fora obxecto de atención en Penadés Martínez (2012), parécenos fundamental, porque nos permite soste a necesidade dun tratamento lexicográfico máis completo e máis adecuado das unidades fraseolóxicas. Nos dicionarios xerais, pero tamén nos fraseolóxicos, faltan con frecuencia nas locucións marcas diasistemáticas, información paradigmática ou clasificación gramatical e a heteroxeneidade e incoherencia na presentación da información que se ofrece é moi habitual, tal como mostra Penadés ao longo do libro para o ámbito do español. Pero se as locucións son unidades léxicas, con significados, funcións e usos do mesmo tipo dos que encontramos nas unidades monolexicais, parece lóxico que o usuario do dicionario teña sobre unhas e outras as mesmas inquedanzas e as mesmas necesidades, de xeito que a información ofrecida e a maneira de presentar esa información debe ser similar para ambas.

Con todo, existe unha especificidade das unidades fraseolóxicas que non atopa equivalente nas unidades monoverbais ou só moi parcialmente. Referímonos á variación, que tamén é obxecto de análise desde o punto de vista lexicográfico na obra que estamos comentando (3.2.1.1 e 3.2.3.1). Efectivamente, unha boa parte das unidades fraseolóxicas, e daquela, das locucións, presentan variación: as variantes, segundo Penadés e de acordo con outros autores, serían expresións que comparten o mesmo significado e ao tempo posúen identidade formal parcial (p. 176)⁵. Por exemplo, *abrir la caja de los truenos* e *destapar la caja de los truenos* (p. 134) ou *irse a la mierda* e *irse al garete* (p. 177) serían variantes. Na primeira parella teríamos un exemplo de variación non marcada, por posuíren ambas as locucións a mesma marcación diasistemática, e na segunda de variación marcada, por pertenceren unha e outra a distintos rexistros de lingua. A autora propón tamén un tratamento sistemático das variantes: todas terían a súa entrada no dicionario no lugar que alfabeticamente lles corresponde, pero só habería un artigo lexicográfico completo para a primeira delas de acordo coa ordenación alfabética; as restantes remitirían a esta,

⁵ Sería interesante, na nosa opinión, que a autora afondara na interpretación da variación (fronte á sinonimia). Apelar á coincidencia formal conduce a considerar variantes as expresións *abrir la boca* (A) e *abrir los labios* (B), posto que posúen identidade formal parcial e significan o mesmo ('falar') e, por idéntico motivo, a considerar variantes *abrir los labios* e *despegar los labios* (C). No entanto, non poderían interpretarse como variantes *abrir la boca* e *despegar los labios*, con idéntico significado, pero sen coincidencia formal. Agora ben, parece que a variación debería cumprir a propiedade transitiva (se A é variante de B e B é variante de C, entón A e C tamén deben ser variantes entre si). Por tal motivo, noutro lugar (Álvarez de la Granja 2008), e baseándonos en estudos doutros autores, apelamos á coincidencia ou proximidade na imaxe para definir a variación.

aínda que incluírían información propia (como os exemplos ou a información diafásica específica). Malia que a autora non o propón explicitamente, coidamos que, desde unha perspectiva codificadora sería interesante que na entrada da variante definidora se ofrecese información sobre as restantes variantes existentes. Somos conscientes, no entanto, de que este tratamento complicaría, quizais en exceso, algunhas das entradas do dicionario.

Unha vez máis a formulación dunha proposta concreta de tratamento lexicográfico das locucións, neste caso en relación coas variantes, debe ser moi benvida, posto que nos encontramos ante outro aspecto lexicográfico que, en xeral, non se resolve satisfactoriamente nos dicionarios, ben sexa pola incoherencia á hora de presentar a información, ben sexa pola complexidade dalgúns lemas que intentan integrar diferentes variantes nunha presentación única.

Convidamos a todo aquel que se estea enfrontando ao complexo labor de tratar lexicograficamente as unidades fraseolóxicas a mergullarse nas páxinas de *Para un diccionario de locuciones. De la lingüística teórica a la fraseografía práctica*, posto que de seguro atopará outras propostas e reflexións críticas que lle serán de enorme axuda. Ao inicio deste traballo comentabamos que o título do monográfico que recensionamos se inspiraba no libro xa clásico *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Jaime Bernal Leongómez (1983: 159) afirmaba o seguinte sobre esta obra:

[...] a medida que la obra va discurriendo ante los ojos del lector, y es otro de sus grandes aciertos, se desnudan las falacias de algunos diccionarios conocidos hasta la fecha. Con ánimo desprevenido se proponen las enmiendas que han de llevarse a cabo sin dejar de reconocer los puntos a favor que tales lexicones ofrecen. Cualquiera obra lexicográfica, trabajada de acuerdo con los principios teóricos y prácticos esbozados y desarrollados metodológicamente en el libro, habrá de culminar en un diccionario valioso, útil y ajustado a las exigencias de la vida moderna y en el cual subyacerá, como hilo conductor, un contenido altamente riguroso y científico.

Cremos que as palabras de Bernal sobre o traballo de Haensch *et alii* son aplicables en toda a súa extensión ao libro de Penadés Martínez, que, sen dúbida, se converterá nun clásico na fraseografía do español.

Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2008): “As variantes funcionais das locucións verbais”, en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Peter Lang; 33-51.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2013): “Recensión a Gramática y semántica de las locuciones de Inmaculada Penadés Martínez”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15; 526-529.
- BERNAL LEONGÓMEZ, Jaime (1983): “Recensión a La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica de Günther Haensch et alii”, en *Thesaurus XXXVIII*/1; 159-164.

- HAENSCH, Günther; WOLF, Lothar; ETTINGER, Stefan; WERNER, Reinhold (1982): *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Madrid: Gredos.
- MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Berlín: Frank & Timme.
- OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2002): *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2008): *Diccionario de locuciones nominales, adjetivas y pronominales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.
- (2013): “La imagen subyacente a las locuciones como criterio de marcación diafásica” en OLZA, Inés; MANERO RICHARD, Elvira (eds.): *Fraseopragmática*. Berlín: Frank & Timme; 23-47.

María Álvarez de la Granja
Instituto da Língua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

